ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

FRANCISCO JAVIER
NOYA MÉNDEZ

Tese de doutoramento

ANÁLISE E DIAGNOSE DO ESTADO ACTUAL DOS CONXUNTOS HISTÓRICOS NO CAMIÑO FRANCÉS EN GALICIA. UNHA PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA SUPRAMUNICIPAL.

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

ANÁLISE E DIAGNOSE DO ESTADO ACTUAL DOS CONXUNTOS HISTÓRICOS NO CAMIÑO FRANCÉS EN GALICIA. UNHA PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA SUPRAMUNICIPAL.

Francisco Javier Noya Méndez

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2023

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DEL DIRECTOR/TUTOR DE LA TESIS

D./Dña. **Rubén Camilo Lois González**

En condición de: **Tutor/a y director/a**

Título de la tesis: **ANÁLISE E DIAGNOSE DO ESTADO ACTUAL DOS CONXUNTOS HISTÓRICOS NO CAMIÑO FRANCÉS EN GALICIA. UNHA PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA SUPRAMUNICIPAL.**

INFORMA:

Que la presente tesis, se corresponde con el trabajo realizado por D/Dña **Francisco Javier Noya Méndez**, bajo mi dirección/tutorización, y autorizo su presentación, considerando que reúne los requisitos exigidos en el Reglamento de Estudios de Doctorado de la USC, y que como director/tutor de esta no incurre en las causas de abstención establecidas en la Ley 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **17 de maio de 2023**

Firma electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DEL AUTOR/A DE LA TESIS

D./Dña. **Francisco Javier Noya Méndez**

Título de la tesis: **ANÁLISE E DIAGNOSE DO ESTADO ACTUAL DOS CONXUNTOS HISTÓRICOS NO CAMIÑO FRANCÉS EN GALICIA. UNHA PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA SUPRAMUNICIPAL.**

Presento mi tesis, siguiendo el procedimiento adecuado al Reglamento y declaro que:

1) La tesis abarca los resultados de la elaboración de mi trabajo.
2) De ser el caso, en la tesis se hace referencia a las colaboraciones que tuvo este trabajo.
3) Confirmo que la tesis no incurre en ningún tipo de plagio de otros autores ni de trabajos presentados por mí para la obtención de otros títulos.
4) La tesis es la versión definitiva presentada para su defensa y coincide la versión impresa con la presentada en formato electrónico.

Y me comprometo a presentar el Compromiso Documental de Supervisión en el caso que el original no esté depositado en la Escuela.

En **Santiago de Compostela**, **17 de maio de 2023**.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS.

Aos meus pais Seve e Nely, ao meu irmán Seve e a prima Tamara, ao resto da familia.

A Mónica e a Chimi.

A Patri e a Paula.

Ao resto de amigas e amigos.

A Fátima Souto pola axuda coa corrección lingüística.

Ao titor e director da tese Rubén Lois, polo apoio e a axuda necesaria para acadar o obxectivo deste traballo en tempos difíciles.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE XERAL.

CAPÍTULO I 1
1. INTRODUCIÓN E ANTECEDENTES 1
1.1. Xustificación da escolla da temática de estudo 1
1.2. Delimitación xeográfica e conceptual do estudo 1
1.3. Antecedentes conceptuais e históricos 2
1.4. Importancia, pertinencia e necesidade do traballo 2
1.5. Hipótese de traballo, definición do problema de investigación 2
1.5.1. Estado actual do patrimonio cultural 2
1.5.2. Definición da hipótese da investigación 4
1.5.3. Axentes involucrados 5
1.5.4. Estado actual do patrimonio cultural, posibles causas e solucións 6
1.6. Intervención sobre o problema de investigación 9
1.6.1. O respecto e recoñecemento do patrimonio: educación e competencias 9
1.6.2. A tramitación de obras de mellora e rehabilitación 9
1.6.3. Costes da rehabilitación e rexeneración: proxectos e plans 11
1.7. Definición de obxectivos 15
1.7.1. O obxectivo principal 15
1.7.2. O obxectivo específico primeiro 15
1.7.3. O obxectivo específico segundo. 15
1.7.4. O obxectivo específico terceiro 15
2. ESTADO DA CUESTIÓN 16
2.1. Definición do ámbito físico e do alcance da investigación 16
2.2. Consideracións sobre o ámbito espacial: a rexión histórica 16
2.3. Lexislación e normativas de aplicación 18
2.3.1. Lexislación en ordenación do territorio 18
2.3.2. Lexislación en solo 18
2.3.3. Lexislación en patrimonio cultural 18
2.3.4. Lexislación en paisaxe 19
2.3.5. A rama urbanística do Dereito Administrativo 20
2.3.6. Planeamento Municipal 20
2.4. Aportes e estudos existentes: académicos, gobernamentais, etc. 21
2.5. Situación demográfica e socioeconómica da rexión 22
2.5.1. A demografía na rexión histórica 22
2.5.2. Datos económicos e produtivos 23
2.6. Exemplos de intervencións 24
2.7. Límites e lagoas no campo de investigación actual 29
2.7.1. O espazo supramunicipal e os instrumentos territoriais e urbanísticos 29

2.7.2. Arquitectura contemporánea 30
CAPÍTULO II 33
3. MARCO METODOLÓXICO. 33
3.1. Fundamento metodolóxico previo. Definición dun marco teórico multidisciplinar. 33
3.2. Recompilación de fontes e elección do sistema de citas. 33
3.3. Criterios da escolla e valorización da bibliografía de referencia. 33
3.4. Outros métodos para o estudo dos centros históricos. 33
3.5. Delimitación do ámbito de estudo. 33
3.6. Sobre o cuantitativo e o cualitativo. 34
3.7. Como avaliar, opcións e/ou metodoloxías de estudo. 34
3.8. Definición do estado actual dos centros históricos do camiño francés. 35
4. MARCO CONCEPTUAL E TEÓRICO 37
4.1. Orixe e cronoloxía dos primeiros asentamentos humanos 37
4.1.1. O antigo territorio 37
4.1.2. As antigas poboacións 37
4.2. Estrutura territorial no ámbito de estudo, evolución ata os nosos días. 41
4.2.1. O legado da Alta Idade Media e o Reino Suevo 41
4.2.2. O legado da arquitectura popular. 41
4.2.3. Construción residencial e relixiosa. 42
4.2.4. O legado político-administrativo. 43
4.2.5. Reinos cristiáns e pobos musulmáns. 45
4.2.6. A repercusión da peste, poboamento e pandemia. 46
4.3. Rutas, itinerarios e infraestruturas de transporte, repercusión no territorio. 49
4.3.1. As antigas vías de comunicación. 49
4.3.2. O actual itinerario francés. 52
4.3.3. Outros itinerarios menos coñecidos. 55
4.3.4. Infraestruturas e demografía 57
4.4. Os Itinerarios Culturais Europeos do COE. 59
4.4.1. A transmisión da cultura e os itinerarios culturais. 59
4.4.2. O primeiro itinerario cultural europeo. 61
4.5. O patrimonio arquitectónico e o camiño, concepto, evolución e regulación. 63
4.5.1. As distintas concepcións sobre o patrimonio. 63
4.5.2. O actual concepto de patrimonio. 71
4.5.3. A primeira protección e a posterior delimitación, evolución do recoñecemento e a protección dos camiños. 73
4.5.4. As delimitacións dos camiños. 77
4.6. Urbanismo e planificación urbanística, concepto e evolución. 80
4.6.1. Urbanismo e política, conceptos. 80
4.6.2. O urbanismo e a cidade, orde ou planificación. 81
4.6.3. A sociedade urbana e o poder, antecedentes históricos. 81

4.6.4. O decisivo século XX. 87
4.6.5. Referentes do planeamento urbanístico europeo. 88
4.6.6. A ordenación do rural, a gran esquecida. 89
4.7. Municipalismo e entidades locais, axentes, coordinación e participación cidadá. 90
4.7.1. O antigo municipio. 90
4.7.2. Normativa e lexislación, ámbito territorial e xerarquía. 91
4.7.3. A participación pública e a súa regulación. 92
4.8. Sostibilidade e centros históricos, desenvolvemento e turismo. 94
4.8.1. A sostibilidade e o sostible. 94
4.8.2. Evolución e tendencias. 95
4.8.3. A sustentabilidade e o urbano. 96
4.8.4. A sostibilidade dos territorios dos camiños de Santiago. 100
4.9. Entidades de poboación supramunicipais, demografía e rexións globais. 105
4.9.1. Antecedentes recentes. 105
4.9.2. Orixe conceptual das entidades complexas, as áreas metropolitanas. 106
4.9.3. Contexto local. 108
4.9.4. Contexto autonómico. 110
4.9.5. O contexto europeo. 113
4.10. O urbanismo e outras disciplinas. 115
4.10.1. Ámbito de traballo en expansión. 115
4.10.2. Urbanismo, economía e medio ambiente. 116
4.10.3. A demografía do rural e o urbano, patrimonio e identidade. 117
4.10.4. Economía, patrimonio, medio ambiente e paisaxe. 122
4.11. As paisaxes, axente aglutinante de disciplinas, cultura e patrimonio. 127
4.11.1. O concepto ambiguo de paisaxe. 127
4.11.2. A paisaxe tradicional. 128
4.11.3. Normativa e lexislación en materia de paisaxe. 128
4.11.4. Os estudos e investigacións sobre a paisaxe. 131
4.11.5. Protección e xestión administrativa da paisaxe. 132
4.11.6. Cidadanía e paisaxe, estratexias e participación. 134
CAPÍTULO III 137
5. PRESENTACIÓN DE RESULTADOS. 137
5.1. Estruturación dos resultados. 137
5.2. Consideracións sobre a mostra elixida. 137
5.3. Achega de resultados xerais. 143
5.4. Achega dos resultados específicos en fichas. 148
6. ANÁLISE DE RESULTADOS. 309
6.1. Itinerarios, asentamentos de poboación e transmisión cultural. 309
6.2. Contexto histórico da planificación urbanística e o goberno local, axentes involucrados. 309

6.3 Os valores patrimoniais dos asentamentos do poboación. 310
6.4. As rexións globais, históricas. 311
6.5. Demografía, economía e desenvolvemento rural. 311
6.6. Estado da planificación urbanística. 314
6.7. Lexislación, normativa e intervención sobre o patrimonio cultural e os núcleos rurais. 315
6.8. Estado de conservación do patrimonio arquitectónico no Camiño Francés. 317
7. DISCUSIÓN DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS FINAIS. 318
7.1. Contexto: Da hipótese de investigación cara ao obxectivo principal. 318
7.2. Discusión dos resultados. 318
7.2.1. Eficacia da normativa e lexislación urbanística. 318
7.2.2. Grao de conservación dos centros e conxuntos históricos e viabilidade futura. 319
7.2.3. Participación e intervención da cidadanía. 321
7.2.4. Os actuais e os futuros conxuntos históricos. 321
7.2.5. A planificación supramunicipal, territorial ou urbanística. 321
7.2.6. As tarefas de coordinación e colaboración inter-administrativa. 322
7.3. Conclusións e valoración final sobre o cumprimento dos obxectivos da investigación. 322
7.3.1. Valoracións relacionadas co obxectivo principal. 322
7.3.2. Valoracións relacionadas cos tres obxectivos específicos. 323
7.4. Limitacións, recomendacións e próximas investigacións: 323
8. REFERENCIAS. 325
8.1. BIBLIOGRÁFICAS. 325
8.2. ORGANISMOS OFICIAIS E OUTROS ENTES. 336
8.3. LEXISLACIÓN E NORMATIVAS. 337
8.3.1. Europeas: 337
8.3.2. Estatais: 337
8.3.3. Autonómicas. 338
8.4. OUTRAS FONTES. 341
9. ÍNDICE COMPLEMENTARIO 342
9.1. Índice de gráficos. 342
9.2. Índice de imaxes. 342
9.3. Índice de mapas e planos. 344
9.4. Índice de táboas e serie de táboas. 345

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS.

AALL	Administracións Locais.
AAPP	Administracións Públicas.
ANTE	Análise Territorial (Grupo de investigación da USC).
APLU	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia.
Ap.	Apartado.
ARI	Áreas de Rehabilitación Integral.
Art.	Artigo.
BIC	Bens de Interese Cultural.
BBDD	Bases de Datos.
BOE	Boletín Oficial del Estado.
BOP	Boletín Oficial da Provincia.
C14	Carbono 14 (Método de).
CCAA	Comunidades Autónomas.
CCPP	Comunidades de Propietarios.
CEE	Comunidade Económica Europea.
CTE	Código Técnico da Edificación.
COATAC	Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña.
COAG	Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
CPCG	Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.
CPO	Comunicacións Previas de Obra.
CSCAE	Portal de los Colegios Oficiales de Arquitectos de España.
CSIC	Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
Def.	Definición.
DOG	Diario Oficial de Galicia.
DOT	Directrices de Ordenación Territorial.
DOUE	Diario Oficial de la Unión Europea.
DPEJ	Diccionario Panhispánico del Español Jurídico (Real Academia Española).
DSNR	Delimitación de Solo de Núcleo Rural.
DSU	Delimitación de Solo Urbano.
EELL	Entidades Locais.
EEUU	Estados Unidos de América.
ESTE	Estudos Territoriais (Grupo de investigación da USC).
FAO	Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación.
IACOBUS	Proxectos e Estudos sobre o Patrimonio Cultural (Grupo de investigación da USC).
IAE	Informe de Avaliación de Edificios.
IBI	Imposto de Bens Inmobles.
ICOMOS	International Council of Monuments and Sites.
IDAE	Instituto para la Diversificación y el Ahorrro de Energía (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico).
IET	Instituto de Estudos do Territorio.
IGVS	Instituto Galego de Vivenda e Solo.
INCIPIT	Instituto de Ciencias do Patrimonio.
INEGA	Instituto Enerxético de Galicia (Xunta de Galicia).
INTERREG	Cooperación Territorial Europea.
ITE	Inspección Técnica de Edificios.
IUCN	International Union for Conservation of Nature.
GAL	Grupos e Acción Local.
GDR	Grupos de Desenvolvemento Rural.
GEI	Gases de Efecto Invernadoiro.
LSG	Lei 2/2016, do 10 de marzo, do solo de Galicia.
LASGA	Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do solo de Galicia.
MITMA	Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.
NNSS	Normas Subsidiarias e complementarias de planeamento en xeral.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NNSSPP	Normas Subsidiarias e complementarias Provinciais de planeamento.
NNSSMM	Normas Subsidiarias e complementarias Municipais de planeamento.
NNTT	Normas Técnicas de Planeamento.
SNRC	Solo de Núcleo Rural Común.
SNRT	Solo de Núcleo Rural Tradicional.
OEM	Orzamento de Execución Material.
ODM	Obxectivos de desenvolvemento do milenio.
ODS	Obxectivos de desenvolvemento sostible.
PBA	Plan Básico Autonómico.
PBM	Plan Básico Municipal.
PE	Plan Especial.
PECA	Plan Especial do Casco Antigo de Arzúa.
PE-1	Plan Especial 1 (de protección e rehabilitación da cidade histórica).
PE-1	Plan Especial do Camiño Francés no Concello do Pino.
PEPRI	Plan Especial de Protección e Reforma Interior.
PEPRICA	Plan Especial de Protección, Reforma Interior, e Conservación Artística do Conxunto Histórico de Pontevedra.
PERI	Plan Especial de Reforma Interior.
PIB	Produto Interior Bruto.
PIDESC	Pacto Internacional de Derechos Económicos, Sociales y Culturales.
POL	Plan de Ordenación do Litoral.
PTI	Plan Territorial Integrado.
PXOM	Plan Xeral de Ordenación Municipal.
RAE	Real Academia Española.
RAG	Real Academia Galega.
REXURBE	Áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.
RFSC	Marco europeo de referencia para a cidade sostible.
RLSG	Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
SIOTUGA	Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia.
SMA	Standard Metropolitan Areas.
TC	Tribunal Constitucional.
TRLSRU	"R.D.L. 7/2015, de 30 de octubre por el que se aprueba la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana".
TFUE	Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
TSXG	Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
UDC	Universidade da Coruña.
USC	Universidade de Santiago de Compostela.
VPO	Vivendas de Protección Oficial.
ZEC	Zonas especiais de Conservación.
ZEPA	Zonas de Especial Protección para as Aves.
ZER	Zona Especial de Rehabilitación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PALABRAS CHAVE.

Planificación urbanística supramunicipal, centros históricos, núcleos rurais tradicionais, patrimonio arquitectónico, plans especiais de protección.

RESUMO.

Abórdase a análise e diagnose do estado de conservación do legado patrimonial tanto cultural como arquitectónico ao longo da rexión histórica que conforma o Camiño Francés en Galicia, así como o modo no que os instrumentos de planificación territorial e urbanística, xeral ou o desenvolvemento das distintas divisións administrativas polas que discorre o primeiro itinerario cultural europeo, contribúen á súa recuperación, rehabilitación, conservación, e finalmente, á súa transmisión. Esta rexión non só posúe importantes centros históricos, senón tamén núcleos tradicionais menos coñecidos, recoñecidos e polo tanto protexidos en comparación coa enorme dimensión do centro histórico de Santiago de Compostela, quizais non comparable cos anteriores debido ao carácter eminentemente rural destes últimos, condicionados por diferentes sinerxías, pero que forman parte dunha rexión que ben merece unha planificación urbanística supramunicipal que o trate como un conxunto, coa mirada posta nos futuros conxuntos históricos e unha correcta mestura da arquitectura histórica e contemporánea.

ABSTRACT.

The analysis and diagnosis of the state of conservation of the heritage legacy, both cultural and architectural, along the historical region that makes up the French Way in Galicia, is addressed, as well as in what way the instruments of territorial and urban planning, general or the development of the different administrative divisions by which the first European cultural itinerary runs along, contribute to its recovery, rehabilitation, conservation, and finally, its transmission. This region not only has important historical centers but also less well-known, recognized and therefore protected traditional centers compared to the enormous size of the historic center of Santiago de Compostela, perhaps not comparable to previous ones due to the eminently rural character of the latter ones, conditioned by different synergies but that they are part of a global region that deserves supra-municipal urban planning that treats it as a whole with an eye on future historical ensembles and a correct mix of historical and contemporary architecture.

RESUMEN.

Se aborda el análisis y diagnóstico del estado de conservación del legado patrimonial, tanto cultural como arquitectónico, a lo largo de la región histórica que conforma el Camino Francés en Galicia, así como de qué manera los instrumentos de ordenación territorial y urbanística, general o de desarrollo de las distintas divisiones administrativas por las que discurre el primer itinerario cultural europeo, contribuyen a su recuperación, rehabilitación, conservación y finalmente a su transmisión. Esta región no sólo cuenta con importantes núcleos históricos sino también con núcleos tradicionales menos conocidos, reconocidos y por tanto protegidos frente a la enorme dimensión del casco histórico de Santiago de Compostela, quizás no comparable a los anteriores por el carácter eminentemente rural de estes últimos, condicionados por diferentes sinergias pero que forman parte de una región global que bien merece una planificación urbanística supramunicipal que lo trate como un conjunto con la mirada puesta en los futuros conjuntos históricos y en una correcta mezcla de arquitectura histórica y contemporánea.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO I

1. INTRODUCIÓN E ANTECEDENTES

1.1. Xustificación da escolla da temática de estudo

Neste apartado breve e introdutorio exponse a visión persoal do ámbito da investigación dun Arquitecto Técnico interesado polo patrimonio arquitectónico, pola arquitectura tradicional e pola xeografía. Ademais, por ser natural de Santiago de Compostela, poderase entender o aprecio e recoñecemento de todo o relacionado cos centros e conxuntos históricos non só no propio Concello de Santiago, senón en toda a comunidade, que completa as inquedanzas e o interese pola rehabilitación, pola paisaxe ou polo medio ambiente. Tratarase de combinar o coñecemento acumulado ao longo da traxectoria académica e profesional en ámbitos como a arquitectura, o urbanismo e o traballo profesional nas AALL, coas novas achegas e coñecemento adquiridos durante o desenvolvemento desta investigación, que se pode relacionar co lado máis humano da xeografía.



Mapa 1: Camiños de Santiago en Galicia.

1.2. Delimitación xeográfica e conceptual do estudo

O territorio de estudo é un ámbito espacial peculiar no que a tipoloxía lineal do camiño implica que o eido administrativo sexa maior. Con todo, a pesar de desenvolverse a partir dun itinerario lineal, pode considerarse como unha rexión ou territorio que xorde a partir das sinerxías culturais e etnográficas xeradas ao seu redor. Estas enténdense como o conxunto de poboacións, paisaxe e conxuntos de elementos con valores patrimoniais e naturais, dentro dunha delimitación que precede á consideración de BIC. Na táboa 1 defínese administrativamente o ámbito da investigación, que comprende dúas provincias, sete comarcas e doce concellos polos que discorre o itinerario.

Táboa 1: Divisións administrativas no ámbito da investigación.

PROVINCIA	COMARCA	CONCELLO
A CORUÑA	SANTIAGO	SANTIAGO DE COMPOSTELA
	ARZÚA	O PINO
		ARZÚA
	TERRA DE MELIDE	MELIDE
LUGO	A ULLOA	PALAS DE REI
		MONTERROSO
	LUGO	PORTOMARÍN
	SARRIA	PARADELA
		SARRIA
		SAMOS
		TRIACASTELA
	OS ANCARES	PEDRAFITA DO CEBREIRO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3. Antecedentes conceptuais e históricos

Tal e como se menciona no anterior apartado e como se desenvolverá noutros posteriores, a evolución histórica de todas as disciplinas e áreas de coñecemento involucradas ten moito que ver coa necesidade de coñecer e preservar o patrimonio cultural. Por iso, este tipo de estudos son indispensables para dotar de perspectiva histórica a este tipo de investigacións, que despois de centos de anos de *ensaio máis erro* chegan ata nós na súa mellor versión, de man dos nosos pais e avós, e que se deberan transmitir ás seguintes xeracións.

1.4. Importancia, pertinencia e necesidade do traballo

Enténdese que non só é pertinente, senón necesario un estudo que esboce unha planificación urbanística para medio ou longo prazo que mire máis aló do urbanismo de catro anos que o sistema político demanda. En ocasións, esta situación provoca que despois de cada lexislatura queden en suspenso os anteriores proxectos, o que supón unha perda de fondos públicos e do traballo e ilusión dalgúns e dalgunhas. Froito desta política á que a sociedade está cada vez máis resignada é a corrupción sistémica dunha "*elite extractiva*" que non só provén dos políticos, senón tamén doutros actores, sempre na esfera privada, que extraen rendas de forma desequilibrada das que se benefician só uns poucos Jiménez Schlegl, D. (2022: 6).

Na actualidade xa existe unha clara diagnose das causas da corrupción que comprendería diferentes ámbitos entre os que se atoparían: o xurídico, o académico e algúns poderes públicos, constatando algunhas propostas de solucións para esta situación, que sen embargo, requirirán dun traballo máis intenso no futuro (Vera Jurado, 2022: 15-18). As decisións derivadas do eido urbanístico afectan directamente ao patrimonio edificado que, en primeira instancia, deberá recoñecerse por unha cidadanía formada e polos responsables das AALL. Non obstante, o respecto e a protección do patrimonio cultural no só se poderá resolver dende a planificación urbanística, senón que se deberá abordar dende outros ámbitos como o educativo e o social.

Os antigos itinerarios culturais son causa e efecto ao mesmo tempo do movemento de persoas, materiais e mercadorías a través de numerosas rutas menores ata os mercados medievais, e polo tanto, sinerxías culturais e económicas ao mesmo tempo. Así pasou coas distintas relacións comerciais e militares ao longo das calzadas romanas, as peregrinacións á Meca ou á Roma, ou incluso ao longo da coñecidísima Ruta da Seda, de novo de actualidade, moitos séculos despois da súa desaparición.



Mapa 2: : Rutas da Seda, o Incenso, o Gran Tronco.

O legado destes itinerarios é importantísimo, polo que precisarase de estudos que traten a súa influencia no modo de poboar o territorio na contorna dos antigos eixos de comunicación e deberase reflexionar sobre se estas sinerxías pasadas adaptadas aos actuais tempos poden favorecer un desenvolvemento local máis aló dos condicionantes derivados da ruta relixiosa e das peregrinacións. Do mesmo modo que a Ruta da Seda xerou todas estas relacións na súa contorna inmediata, o Camiño de Santiago, así o fixo, o fai e o fará, polo que requirirá de estudo sobre a súa influencia no modo de habitar o territorio polo que discorre.

1.5. Hipótese de traballo, definición do problema de investigación

1.5.1. Estado actual do patrimonio cultural

O desinterese ou incluso a falta de aprecio polo patrimonio cultural dunha parte da cidadanía repercute directamente na degradación ou incluso na destrución deste, situación agravada pola escaseza de recursos das administracións ou a irresponsabilidade destas. Esta degradación ou perda do patrimonio sucede en distintos graos, sendo os de maior gravidade os que resultan irreparables, como a destrución de enterramentos megalíticos, castros, etc., xa sexa de forma intencionada, accidentalmente ou por

imprudencia durante o desenvolvemento de traballos forestais, de mantemento ou a reforma de edificacións, etc. Achéganse a continuación algúns exemplos de novas habituais nos xornais diarios.


Cuatro investigados por destruir una mámoa de 6.000 años en O Irixo

Tres son de una comunidad de montes y otro el operario que allanaba el terreno

REDACCIÓN

22-04-19 | 11:22

Imaxe 1: Nova do xornal *Faro de Vigo* (22/04/2019).


Denuncian el destrozo de la única mámoa con dolmen de Baleira durante una tala

Imaxe 2: Nova do xornal *El Progreso* (13/07/2020).


Un pavoroso incendio destruye una joya arquitectónica en el puente de A Pasaxe

Incendio de la casa Carnicero

Imaxe 3: Nova do xornal *La Voz de Galicia* (17/07/2020).


Imaxe 4: Nova do xornal *La Voz de Galicia* (04/02/2023).

Casos como os expostos previamente suceden en todas as comunidades e cobran máis relevancia en partes do territorio con especial valor patrimonial como pode ser o proposto para este traballo, que é recoñecido pola UNESCO (1993)[1] na declaración 669bis como ben en serie Patrimonio da Humanidade. Non obstante, os promotores da iniciativa sobre a *lista vermella do patrimonio* Hispania Nostra (2020)[2] establecen poucos elementos en perigo nun ámbito que contempla exemplos de núcleos rurais tradicionais deteriorados e/ou abandonados.

Con todo, a reiteración dos casos leves que consisten no deterioro e falta de mantemento dalgúns elementos, constituirán de facto casos máis graves. Un exemplo destes último é desartellamento (e perda) do espazo do Castro de Cociñadoiro na Punta de Muros, Arteixo, onde na actualidade está o coñecido como o porto exterior da Coruña. Esta situación débese á concorrencia de varios factores que son, ademais da desaparición do castro, unha perda paisaxística de gran entidade agravada finalmente polo papel que xogaron as distintas administracións.

Como exemplo desta peculiar situación pode poñerse o contido da ficha de catalogación do ben patrimonial que data de entre os séculos IV a V a.c. Nela, como se pode observar na imaxe representase aínda a contorna de protección do desaparecido castro, baixo as instalacións do porto exterior. Se ben os traballos previos escavaron a totalidade do castro e clasificaron os achados, precísase mencionar o escurantismo sobre a localización destes, así como o aporte de datos pouco claros sobre a construción do centro de interpretación por parte da Autoridade Portuaria.


USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Declaración da UNESCO número 669bis do ano 1993, recuperado de: https://whc.unesco.org/en/list/669.

2 Hispania Nostra (2020), asociación nacida en 2007, promotora da iniciativa da "lista roja del patrimonio", que aporta datos del patrimonio en perigo a nivel estatal e autonómico, recuperado de: https://listarojapatrimonio.org/.



Imaxe 5: Emprazamento do antigo castro de Cociñadoiro s/ortofoto PNOA (PBA 2021).



Imaxe 6: Ficha do castro de Cociñadoiro (PBA 2011).

Neste último caso conclúese que o "*interese xeral*" do porto exterior[3] atópase por riba do "*interese xeral*" da cidadanía polo goce e coñecemento da súa cultura e patrimonio, dereito recoñecido na Constitución do 1978[4]. >Non obstante, trátase dun tema de índole non só cultural e social, senón tamén xurídica e política. Ademais de responsabilidade, bótase en falta a posta en práctica de medidas proactivas de valorización cultural do patrimonio e de formación e información á cidadanía, pero tamén outras medidas reactivas de disciplina urbanística, incluso en ocasións, para con outras administracións (de ser o caso).

Neste senso, as leis de patrimonio cultural de Galicia castigan as infraccións nos casos nos que non se poida estimar o valor do dano con sancións de 25.000.001 pesetas para aquelas moi graves previstas na antiga *lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia*, eda cantidade equivalente na vixente *Lei 5/2016 de 4 de maio*, que estipula unha multa de 150.001 a 1 millón de euros. No caso de que o valor do dano se poida estimar, as dúas leis establecen como pena o cuádruplo da cantidade estimada do dano ao patrimonio. Non obstante, a atenuación de penas en certas ocasións provoca que a contía efectiva da sanción finalmente sexa moito menor, mentres que o patrimonio perdido non se pode valorar economicamente (nin recuperar).

1.5.2. Definición da hipótese da investigación

En base ao exposto nos anteriores apartados, e aplicado ao estudo de caso sobre os conxuntos históricos no itinerario do Camiño Francés en Galicia, defínese a hipótese da investigación nas dúas partes que se detallan a continuación:

Primeira: Estase a perder gran parte do patrimonio que conforma a nosa identidade arquitectónica, cultural, etnográfica, etc., dentro do ámbito territorial que trata este traballo, pero tamén no resto da/s CCAA, sendo diversas as causas da súa orixe e tamén da solución.

Segunda: Enténdese que a partir de distintos medios é posible evitar esta continua perda, actuando sobre o educativo e o social, pero tamén sobre a planificación urbanística, con responsabilidade non só dos que ditan as políticas, senón tamén do resto da gobernanza.

3 Datos aportados pola autoridade portuaria en; http://www.puertocoruna.com/es/puerto-exterior/puerto/proyecto/medioambiente/centrointerpretacion/introduccion.html


4 Constitución Española de 1978, artigo 46: "*Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España y de los bienes que lo integran, cualquiera que sea su régimen jurídico y su titularidad. La ley penal sancionará los atentados contra este patrimonio*".

Dispoñible en: https://www.senado.es/web/conocersenado/normas/constitucion/detalleconstitucioncompleta/.


1.5.3. Axentes involucrados

Na actualidade, a intervención e as competencias sobre tantas áreas de coñecemento involucradas no traballo en curso, así como a difícil coordinación entre AAPP poden derivar nunha multiplicidade de entes e organismos, documentos lexislativos e normativas que nas distintas escalas administrativas convertan a intervención sobre o territorio en algo demasiado complexo e pouco resolutivo. Se ben a planificación urbanística e territorial son políticas, e polo tanto dítanse dende as distintas escalas municipais, autonómicas, estatais e europeas, os cidadáns deben procurar acadar unha maior participación nas decisións que abranguen ao territorio. Deste xeito, tanto o cidadán a modo individual como a sociedade deben estar formados e informados, e entres esta e as administracións debe existir unha responsabilidade compartida.

Neste senso, a lexislación vixente en urbanismo e patrimonio cultural contempla os dereitos dos propietarios, pero tamén os seus deberes. Polo tanto, mentres non se consegue a situación ideal que se describe no anterior parágrafo, as autoridades deberán procurar a protección do patrimonio mediante medidas reactivas xeralmente que se complementen con outras proactivas. En Galicia estas funcións compártense entre os concellos e a APLU[5], ente que ostenta as competencias en disciplina urbanística[6] segundo se regula na LSG e a través de convenios voluntarios cos municipios co fin de "*velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, e a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre*" (art. 17 do RLSG).



Mapa 3: Concellos adheridos á APLU (16/03/2021). (*)



Imaxe 7: Expedientes incoados pola APLU (2021).

(*) Fonte: Elaboración a partir de datos de: https://axenciaurbanistica.xunta.gal/gl/concellos/concellos-adheridos.

As competencias en materia de patrimonio cultural osténtanse pola propia comunidade autónoma segundo a *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* e están representadas na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura, Educación e Universidade). Dentro do contido desta lei establécese un papel especial para diversos actores ou entes, entre os que se atopa a Igrexa Católica que representa ao mesmo tempo o dobre papel de *propietaria* e, a partir da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, de *ente colaborador*.

Entre outros actores poden atoparse aqueles que se nomean como *entes consultivos* como o Consello da Cultura Galega[7], máximo órgano de asesoramento; e aqueles denominados como *órganos de consulta*, como o Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, a Comisión Mixta

[5] Axencia de protección da Legalidade Urbanística de Galicia, ente adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. https://axenciaurbanistica.xunta.gal/gl/axencia.

[6] Estas competencias compártense cos concellos, en función do establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

[7] Consello da Cultura Galega, http://consellodacultura.gal/.

Xunta de Galicia, os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, o Consello Asesor dos Camiños de Santiago ou as Comisións Técnicas de Arqueoloxía e de Etnografía. En canto aos axentes, pódense mencionar os lexisladores en ámbitos diversos como o do medio ambiente, o da paisaxe e incluso o da administración local.

1.5.4. Estado actual do patrimonio cultural, posibles causas e solucións

Dentro dos diversos factores que se poden incluír na problemática de investigación débese considerar o modo de tramitar e/ou actuar sobre os bens catalogados ou BIC en función da normativa autonómica, simplificada nos últimos anos, e comprobar se esta é eficiente de cara ao cidadán e ás distintas administracións involucradas. Esta simplificación promóvese co fin de facilitar a actividade económica a partir de tramitacións máis sinxelas, pero que implican un menor control por parte das AAPP, polo que a localización da liña separadora entre a sobre-regulación fronte a des-regulación (ou máis ben, unha excesiva simplificación administrativa) pode ser decisiva para unha maior aceptación do cumprimento da lexislación e da normativa por parte da cidadanía, pero tamén para a presenza dun escenario no que se protexa o suficiente ao patrimonio cultural.

Ademais, deberase ter en conta que a complexidade burocrática non só recae sobre o cidadán, senón tamén sobre as relacións entre administracións, o que complica os procesos de redacción do planeamento, así como a intervención sobre os bens catalogados ou BIC. Non obstante, a maior dificultade recaerá sobre os cidadáns, sobre todo no caso de que pretendan iniciar procesos de tramitación de declaracións de BIC[8] ou a inclusión de elementos con valores patrimoniais no CPCG[9] (gráficos 1 e 2).




Gráfico 1: Procedemento para declaración de BIC (Lei 5/2016, do 4 de maio).




Gráfico 2: Procedemento para a inclusión dun ben no CPCG (Lei 5/2016, do 4 de maio).

[8] Tramitación de declaración BIC: Procedemento CT135A, https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=CT135A.

[9] Tramitación de inclusión dun ben no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, procedemento CT135B, https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=CT135B&ano=2016&numpub=1&lang=es.

Á densa cantidade de lexislación urbanística e sectorial, engádese a necesidade de cumprir cos planeamentos municipais, ámbito no que se detecta un desorde notorio que ten que ver coa antigüidade destes e o grao de adaptación á vixente LSG (2016), tema a profundar no desenvolvemento da investigación. Se ben semella que o ámbito normativo e lexislativo relacionado coa temática da investigación é complexo, deberase mencionar que existen diversas axudas para acometer obras de rehabilitación, de mellora da eficiencia enerxética, fachadas, carpintarías, impactos paisaxísticos, etc., que se aplicarán ás vivendas dos cascos históricos, do rural, ou ás situadas nos ámbitos dos camiños (ARI [10]). Porén, a solicitude e a tramitación destas quizais non dispoña da axilidade necesaria.

En todo caso, un dos actores involucrados máis importante é o xa mencionado *gran propietario*, é dicir, a Igrexa Católica, que dispón da titularidade de numerosos centros de culto, pero tamén doutros bens inmobles destinados a outros usos. Algúns deles atópanse en estado de desuso, abandono ou incluso asimilable ao de ruína, aínda que non é doado poñer exemplos disto debido ao escurantismo que rodea aos bens propiedade deste ente, sobre os que ata fai ben pouco non sería posible ter coñecemento algún, aínda que na actualidade están dispoñibles con carácter *oficioso*. Esta información exponse nos listados publicados por medios de información dixitais, e un destes, que data do 16/02/2021, inclúe unha listaxe de inmobles inmatriculados[11] a partir da reforma da Lei Hipotecaria pola *Ley 13/1996, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social* a partir, supostamente, do documento remitido polo *Goberno de España* ao *Congreso dos Deputados*.



Imaxe 8: Imaxe do plano de cualificación e xestión do PE-1 (24/03/1997).

Na imaxe 8 (*vid.supra)* amósanse os equipamentos municipais do centro histórico de Santiago de Compostela (cor azul), dos cales moitos desenvolven usos relixiosos, outros docentes, etc. e que ocupan gran parte da améndoa central. A zona residencial intramuros restante é a que figura en cor marrón, polo que a realidade mostra a escaseza de solo residencial agravada pola tipoloxía unifamiliar da maioría destas edificacións, circunstancia que ademais xera problemas de accesibilidade.


Outras edificacións estarían baleiras debido ao mal estado de conservación e á imposibilidade de dotalas dunhas mínimas condicións de salubridade e habitabilidade por parte dos propietarios, o que constata que moitas das promocións de rehabilitación proceden de iniciativas turísticas destinadas aos distintos tipos de aloxamento, incluso en andares superiores, que reducen aínda máis o espazo destinado ao uso residencial tradicional.

[10] ARI: Áreas de Rehabilitación Integral, desenvoltas polo IGVS (Instituto Galego de Vivenda e Solo), https://ari-igvs.xunta.gal/es.

[11] Lista publicada no diario.es, dispoñible en: https://www.eldiario.es/sociedad/documento-lista-34-961-bienes-inmatriculados-iglesia-catolica-espana_1_7224812.html.



Imaxe 9: Turismo, desidia e mercado inmobiliario (A Igrexa, Pedrouzo, O Pino en 07/11/2021).



Imaxe 10: Aloxamento turístico e hostalería no centro histórico de Arzúa (09/04/2022).

O resultado aparente e que se estudará no desenvolvemento da investigación aplicado ao caso é a redución dos usos residenciais e do pequeno comercio destinado aos poucos cidadáns residentes habituais, en detrimento doutra economía enfocada ás persoas peregrinas, que agrava máis a situación dos centros históricos. Concretamente, pódese mencionar que a situación post-pandemia e o segundo ano xacobeo 2022 propiciaron unha altísima demanda de aloxamento turístico que provocou unha subida excesiva do aluguer tradicional, e a escaseza incluso dos pisos para a tempada universitaria, feito que empeora a situación xa comentada das vivendas baleiras ou en estado asimilable ao de ruína.


Imaxe 11: Estado ruinoso vivenda na rúa da Caramoniña, Santiago de Compostela (2021).


Imaxe 12: Estado ruinoso na Rúa Rosalía de Castro (perímetro PE-1), Santiago de Compostela (2021).


Imaxe 13: Estado ruinoso na Rúa Rosalía de Castro, Santiago (2021).


Imaxe 14: Local baleiro no lugar coñecido como As Cinco Rúas, Santiago de Compostela (2021).



Imaxe 15: Edificación en desuso no lugar coñecido como As Cinco Rúas, Santiago de Compostela (2021).



Imaxe 16: Peculiar perfil da Rúa Rosalía de Castro, Santiago (2021).

1.6. Intervención sobre o problema de investigación

No desenvolvemento da investigación avaliarase se esta é a situación no ámbito do estudo de caso, así como o modo de intervención que se estima de antemán que deberá tratar aspectos relacionados co que se expón nos apartados a seguir.

1.6.1. O respecto e recoñecemento do patrimonio: educación e competencias

A actuación que se contemple e os resultados das medidas que se tomen nste eido deberán destinarse ao medio e ao longo prazo. Por iso, cómpre educar nos valores e na importancia do recoñecemento do patrimonio cultural dun xeito máis práctico e profundo que o que existe na actualidade. No momento de identificar as responsabilidades dos actores involucrados, compróbase que o artigo 27 da *Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia* establece que as *competencias exclusivas* serán da comunidade autónoma, establecendo no seu artigo 31 que se outorgará a *competencia plena* á comunidade autónoma de Galicia para o

> *"regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía".*

Non obstante, será nos artigos 27 e 149 da Constitución Española de 1978 onde se detectan as diferentes interpretacións sobre o que é o dereito á educación, á liberdade do ensino e ás competencias das AAPP en base aos dereitos e liberdades fundamentais. Se ben esta é unha cuestión de natureza xurídica que se deberá afrontar no seu contexto profesional e académico, é de vital importancia que sexa quen sexa o ente con responsabilidade, tome medidas ao respecto.

1.6.2. A tramitación de obras de mellora e rehabilitación

A tramitación de expedientes de obras en centros históricos pasa polo control urbanístico do respectivo municipio, o da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, con ou sen supervisión arqueolóxica, así como o de outros entes segundo a casuística da situación concreta. Na práctica, isto representa tramitacións máis complexas que se prolongarán no tempo e, polo tanto, tamén afectarán economicamente aos promotores das ditas iniciativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A pesar de todo, segundo o "*boletín estatístico online"* do Ministerio de Fomento (2021)[12], os visados de dirección de obra dos Colexios de Arquitectos Técnicos en execución de obras de reforma e rehabilitación para os anos 2015-2022 no nivel estatal e autonómico presentaban unha lixeira tendencia á alza que continuaría coa esperada caída do 2020.

Esta tendencia é similar á que representan os datos do "*Barómetro de Arquitectura e Edificación*" de outubro do 2020 do CSCAE[13], que amosan un descenso do 6% nos visados en actuacións de rehabilitación integrais ou parciais, o que dada a situación pandémica, sorprende que non fora incluso maior. Con todo, aínda que se recupera a tendencia a nivel estatal, non sucede o mesmo na comunidade galega, que segue á espera dos datos do que suceda no ano 2022 (gráficos 3 e 4).




Gráfico 3: Actuacións de rehabilitación ou reformas de edificacións a nivel estatal.




Gráfico 4: Actuacións de rehabilitación na Comunidade Autónoma de Galicia.

A simplificación administrativa planificada a partir da *Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible*, en base ás decisións do G20 e á adaptación destas primeiro á CEE e posteriormente ao *Plan Español para el Estímulo de la Economía y el Empleo*, tiñan o obxecto de "*reforzar nuestro sistema financiero y a contener la acentuada caída de la actividad*". Posteriormente, a lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia tiña como obxectivo final a "*creación dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e a implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento*".

Para concretar ese obxecto, a Lei de emprendemento desenvolve medidas no relacionado cos trámites de licencia de obra, de xeito que se introducen novos procedementos como poden ser as comunicacións previas ou as declaracións responsables. Esta nova *administración simplificada* unida á picaresca propician que moitas destas obras se executen sen o suficiente control municipal e/ou da Dirección Xeral de Patrimonio. Isto pode provocar que en moitas ocasións se produza a perda de pequenos elementos patrimoniais, xa que moitos dos concellos non realizan as suficientes labores de inspección e control posterior. Esta circunstancia agrávase ademais polo problema dos retrasos nos informes de licenzas ou na comprobación do axuste á lei e á normativa das comunicacións previas, en principio, pola falta de medios.

Se ben é moi importante axilizar o traballo das AALL, precísase tamén un control e unha protección do territorio a nivel urbanístico e patrimonial e, aínda que isto xa sucede na comunidade de Galicia desde

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[12] Boletín Estadístico on line, Ministerio de Fomento, datos dispoñibles en data de 28/07/2020, recuperados de: https://www.fomento.gob.es/BE/?nivel=2&orden=09000000.

[13] CSCAE: Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de Galicia. Barómetro de Rehabilitación e Arquitectura.

a Instrución do 8 de novembro do 2017[14], compróbase que este camiño estase a emprender tamén por outras CCAA como por exemplo a *Junta de Andalucía*. Esta decidiu implantar un modelo baseado na declaración responsable do promotor das obras, que se enmarca dentro dunha reforma da *ley 14/2007, de 26 de noviembre, del Patrimonio Histórico de Andalucía* que se acomete por *Decreto- Ley de 9 de marzo, de mejora y simplificación de la regulación para el fomento de la actividad productiva de Andalucía*.

Este Real Decreto que modifica un gran número de leis establece no seu artigo 13 (modificando o apartado 3 do artigo 33 da lei andaluza de patrimonio) a eliminación da autorización da *Consejería competente en materia de patrimonio* para *intervencións mínimas*. Ante esta resolución, a asociación Hispania Nostra (2020)[15], en total desacordo co contido deste artigo, afirma que: "*Las "declaraciones responsables*" *suponen un riesgo inaceptable de pérdida irreparable de bienes de nuestro patrimonio cultural y natural, con el consiguiente perjuicio al conjunto de la sociedad*". Con todo, outras CCAA como Madrid emprenden tamén este camiño (agosto de 2020).

A tendencia iniciada no 2017 coa Instrución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria complétase coa Lei 1/2019, *do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, que somete a simplificación os trámites sobre elementos catalogados e BIC, o que xustifica do seguinte xeito:

> *"A lei persegue, en aplicación dos principios de proporcionalidade e eficiencia, simplificar as tramitacións administrativas necesarias para a realización das actuacións de rehabilitación, co fin de impulsar a participación pública e privada nas actuacións de rexeneración e renovación de ámbitos urbanos ou rurais en estado de abandono, e conseguir unha verdadeira transformación destes espazos, o que permite a conservación do noso patrimonio construído, facilítalles o acceso á vivenda a moitos cidadáns e cidadás e mellora a calidade de vida das persoas xa residentes".*

Toda esta tipoloxía de medidas baséase na Carta de Leipzig do 2007 sobre cidades sostibles, na Declaración de Marsella do 25 de novembro de 2008, na Declaración de Toledo de 22 de xuño de 2010 e na Estratexia Europa 2020, aprobada polo *Consejo Europeo* o 17 de xuño de 2010, e por suposto, no seu traslado á lexislación estatal en solo, rehabilitación, e o dereito a unha vivenda digna, adecuada, etc. Finalmente, se ben son necesarias medidas de simplificación administrativa, precisaranse tamén medidas de control no que afecta a obras sobre o patrimonio arquitectónico ou a súa contorna próxima.

1.6.3. Costes da rehabilitación e rexeneración: proxectos e plans

A complexidade das obras de rehabilitación é ben coñecida polos que son técnicos da construción debido á peculiar casuística de cada inmoble e á súa particular situación na contorna, ás veces, difícil de prever nun proxecto de obra, pero máis incluso de contemplar nun plan urbanístico. Por outra banda, cada intervención individual non é aséptica, polo que condicionará ao conxunto, que como ente vivo muda co tempo motivado polas necesidades dos seus veciños, as cales están suxeitas a diferentes factores e normas en continuo cambio. Por iso, o que era aceptable fai 50 anos, quizais non o sexa agora.

As propostas de actuación sobre este tipo de bens catalogados ou BIC dependerán do seu uso e dos graos de protección, pero tamén da necesidade e da posibilidade de adaptación aos requirimentos mínimos de habitabilidade actuais. Estes serán de antemán tan complexos como antiga sexa a última reforma do

[14] Instrución do 8 de novembro do 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento.

[15] *Manifiesto de Hispania Nostra respecto a la "Declaración Responsable"*, recuperado de; https://www.hispanianostra.org/manifiesto-de-hispania-nostra-respecto-a-la-declaracion-responsable/.

inmoble. O habitual descoñecemento da historia da edificación por parte de novos propietarios, inversores, ou incluso das AALL, soe ser causa de *sorpresas* durante a execución de obras, xa que estas habitualmente son o resultado de sucesivas reformas, rehabilitacións, demolicións parciais ou integrais ocultas, en ocasións, a simple vista e froito de varios séculos de proceso de adaptación dos seus habitantes ás necesidades de cada época.


BARBANZA

Localizados dos nuevos petroglifos en el Outeiro dos Furados de Muros

El colectivo A Rula considera que varios ejemplares de arte rupestre corren peligro

Imaxe 17: Nova de *La Voz de Galicia*, Ed. Barbanza, 05/09/2018.


CARBALLO

Un brillante estudiante descubre diez estaciones de petroglifos en Vimianzo

PATRIMONIO | Localizó el mayor conjunto de arte rupestre de toda la comarca de Soneira

Imaxe 18: Nova de *La Voz de Galicia*, Ed. Carballo, 30/08/2020.


Hemeroteca | Año 2000 | Descubierta en la Algalia la sede de la Audiencia del Reino de Galicia

El hallazgo surgió casualmente en las obras de rehabilitación de la casa parroquial de Ánimas

Imaxe 19: Nova de *La Voz de Galicia* Ed. Santiago 20/07/2020.

Mostra das numerosas *vidas* do patrimonio edificado é a que se amosa na seguinte imaxe 20 e que constitúe un curioso exemplo do reciclaxe arquitectónico na fachada á Praza da Acibecheira do Mosteiro de San Martín Pinario en Santiago de Compostela. Así pois, obsérvase como se reciclan doelas dalgún arco anterior, sorprendente polo feito de que non se trata dunha pequena edificación humilde, senón dunha edificación singular da época, executada con suficientes medios.

Aínda que non se teñen datos dos antecedentes da imaxe anterior, é unha constante histórica que se levanten edificacións sobre outras antigas por necesidade económica ou por afán de aproveitamento do existente. Continuando co anterior exemplo, compróbase como os usos e as necesidades dos moradores mudan con cada época histórica, xa que despois da desamortización pasou de ser un mosteiro a utilizarse como aloxamento de familias, e posteriormente acuartelamento e residencia de viúvas e familiares de militares. Deste xeito, a acumulación e suma de todas estas situacións entre os anos 1835 e 1844 propiciaron un considerable deterioro no que se vén a definir como "*una década trágica para el patrimonio gallego*" (Sánchez García, 2004: 130-131).


Imaxe 20: Base do muro do mosteiro de San Martín Pinario (21/02/2021).


La conselleira de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, Ángeles Vázquez, y la alcaldesa, Cristina Cid, firmaron hoy un convenio para redactar el nuevo documento

La Xunta financiará con 250.000 euros la revisión del Plan especial del casco histórico de Allariz para agilizar y promover la rehabilitación en este ámbito


- Desde el año 2019, la Consellería lleva comprometidos ya más de 800.000 euros para actualizar los planes aprobados antes de la Ley de patrimonio cultural de Galicia

Allariz

Imaxe 21: Financiación do PE de rehabilitación de Allariz, Xunta de Galicia (05/07/2021).

Por estes motivos, intúese que o factor económico será de vital importancia no modo de planificar as novas vivendas e edificacións e nas posteriores modificacións e reformas. Desta forma, inflúese non só na morfoloxía de cada edificación, senón tamén na de cada rúa e, polo tanto, na de todo o conxunto. Estes custos tamén se reflectirán no planeamento urbanístico, que debe destacar o elevado importe económico da promoción destes instrumentos (Imaxe 21).

En todo caso, constátase que a dixitalización das administracións e as novas tramitacións electrónicas chegan ao cidadán, pero tamén á tramitación do planeamento[16], e que existen outras iniciativas para axilizar o deseño de instrumentos como as Normas Técnicas de Planeamento. Por outra banda, no IGE (2021) corrobórase a partir da análise das cifras de gasto que realizan os municipios, que estas se recuperan na última década, despois dunha baixada nos anos 2012 e 2013, posiblemente relacionada coa *crise do ladrillo* que comeza no ano 2008 (gráfico 5).



Mapa 4: Concellos galegos incluídos nas ARI do Camiños de Santiago (IGVS 2021).




Gráfico 5: Evolución do gasto dos concellos galegos en relación á poboación, IGE (11/2021).

Outras iniciativas para facilitarlle ao cidadán o mantemento e a conservación do patrimonio edificado son as ARI, promovidas a nivel autonómico polo IGVS[17], pero que se iniciaran progresivamente dende a década dos 80s a nivel estatal, incorporando esta iniciativa aos Plans Estatais de Vivenda ao tempo que se establecía un marco xurídico para as intervencións de rehabilitación que non dispoñendo de programa propio dentro dos plans nun primeiro e incipiente período (ata o 1992), si se contempla nun segundo período (1992-2012), no que se incrementa o número de actuacións de rehabilitación urbana (Hernández et al, 2015: 2-4).

As actuais ARI promovidas pola Administración Autonómica, contemplan unha tipoloxía concreta de axudas para as vivendas situadas na contorna inmediata dos camiños de Santiago, barrios tradicionais, etc. e outras destinadas á "*mobilización de vivendas en alugueiro*[18]". A partir da publicación da *Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, o IGVS pon en marcha unha nova iniciativa, tamén relacionada coa delimitación de áreas de protección denominadas de intereses autonómico (REXURBE), que poderán incluír no seu ámbito, outras zonas de especial necesidade de rehabilitación (ZER).

O proceso para a designación dun área urbana como de especial interese autonómico, establecese no Capítulo II, Sección 1ª da lei, estando destinadas aos ámbitos considerados como conxuntos históricos que conten coa declaración de BIC, e que cumpran outras condicións como serían a degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental, situacións demográficas adversas, así como a concorrencia de problemas económicos e sociais, incluso podería darse o caso da superposición superficial con anteriores declaracións de BIC, non obstante, non se establecen estas condicións para os núcleos rurais para os cales se destinan iniciativas para promocionar a venda e o alugueiro.

[16] Procedemento de tramitación de planeamento urbanístico con código MT101A, dispoñible na sede electrónica, fonte: https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT101A.

[17] IGVS: Instituto Galego de Vivenda e Solo, dispoñible en: https://igvs.xunta.gal/portada.

[18] Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro: https://vivendasvivas.xunta.gal/igvmva.

Neste senso, os investimentos e a protección recaen principalmente sobre o patrimonio urbano cunha declaración anterior de BIC como conxunto histórico, coa que non contan os pequenos centros históricos do Camiño Francés en Galicia. Represéntanse na seguinte táboa 2, os conxuntos históricos declarados BIC na Comunidade Autónoma de Galicia con ARI e REXURBE.

Táboa 2: Listado conxuntos históricos declarados BIC con ARI e REXURBE na Comunidade Autónoma.

ID_BIC (1)	NOME	CONCELLO	REXURBE (2)	ARI C.H. (3)	ARI CAMIÑOS (3)
BIC.000.062	Santiago de Compostela.	Santiago de Compostela.	-	SI	Tódolos.
BIC.000.070	Portomarín.	Portomarín.	-	-	Francés.
BIC.000.080	Ribadavia.	Ribadavia.	SI	SI	-
BIC.000.085	Pontevedra.	Pontevedra.	-	SI	Portugués.
BIC.000.101	Forno da Santa e Castro de Armeá.	Allariz.	-	-	-
BIC.000.104	Tui.	Tui.	SI	SI	Portugués.
BIC.000.105	Muros.	Muros.	-	SI	-
BIC.000.106	Betanzos.	Betanzos.	SI	SI	Inglés.
BIC.000.107	Castro de Rei.	Castro de Rei.	-	-	-
BIC.000.108	Praza de Santa Bárbara.	A Coruña.	-	-	Inglés.
BIC.000.109	Allariz.	Allariz.	-	SI	Da Prata.
BIC.000.113	Mosteiro de San Xulián de Moraime.	Muxía.	-	-	Fisterra-Muxía (sen delimitar).
BIC.000.114	Complexo industrial de Sargadelos.	Cervo.	-	-	-
BIC.000.119	Pazo de Mariñán.	Bergondo.	-	-	-
BIC.000.120	Combarro.	Poio.	-	SI	-
BIC.000.121	Lugo.	Lugo.	-	SI	Primitivo.
BIC.000.122	Monforte de Lemos.	Monforte de Lemos.	-	-	De inverno.
BIC.000.126	Pazos de Arenteiro.	Boborás.	-	-	-
BIC.000.330	Ourense.	Ourense.	SI	SI	Da Prata (sen delimitar).
BIC.000.361	Praza de Santa María do Campo de Viveiro.	Viveiro.	-	-	Do Norte, Interior.
BIC.000.364	Coruña.	A Coruña.	SI	-	Inglés
BIC.000.366	Corcubión.	Corcubión.	-	SI	Fisterra-Muxía (sen delimitar).
BIC.000.368	Noia.	Noia.	-	SI	-
BIC.000.369	Mondoñedo.	Mondoñedo.	SI	SI	Do Norte (Da costa).
BIC.000.370	Agolada.	Agolada.	-	-	-
BIC.000.386	Baiona.	Baiona.	-	SI	Portugués da costa (sen delimitar).
BIC.000.562	Castro Caldelas.	Castro Caldelas.	-	-	-
BIC.000.567	Cambados.	Cambados.	-	-	-
BIC.000.573	Ribadeo.	Ribadeo.	SI	-	Do Norte (Da costa).
BIC.000.576	Vigo.	Vigo.	-	-	Portugués da costa (sen delimitar).
BIC.000.588	Barrio de Ferrol Vello.	Ferrol.	SI	SI	Inglés.
BIC.000.365	Barrio da Madalena.				
BIC.000.713	Poboado dos Covallos en Montefurado.	Quiroga.	-	-	-

Fonte 1: Elementos BIC dispoñibles en: https://abertos.xunta.gal/catalogo/cultura-ocio-deporte/-/dataset/0375/bens-interese-cultural-bic.
Fonte 2: Áreas REXURBE declaradas: Dispoñible en: http://igvs.es/web/actuamos/arearexurbe.
Fonte 3: https://igvs.xunta.gal/areas/axudas/rehabilitacion/areas-de-rehabilitacion-integral-ari?langId=es_ES.

Moitos dos conxuntos históricos galegos atópanse en pequenas vilas e cidades con situacións complexas a nivel demográfico e de conservación do patrimonio edificado, e polo tanto cunhas dinámicas complexas que en ocasións son difíciles de reverter, incluso coa declaración de ARI, continuando co deterioro urbano e a perda de poboación (Tapia-Gómez, 2021: 675). Para agravar esta situación, debese mencionar que os procesos de rehabilitación arquitectónica son custosos, polo que finalmente deberase reflexionar sobre a necesidade dun sector que inclúe tanto a empresas dedicadas á rehabilitación como a técnicas/os e urbanistas especializados en patrimonio e centros históricos, xa que a eficiencia no proceso construtivo e de rehabilitación reflectirase posteriormente nas condicións de durabilidade e habitabilidade das vivendas.

1.7. Definición de obxectivos

1.7.1. O obxectivo principal

O obxectivo principal é o de realizar a análise e diagnose do estado actual dos pequenos centros históricos na rexión que conforma o Camiño Francés de Santiago en Galicia, que trate o estado de conservación do patrimonio cultural e abarque as múltiples áreas de coñecemento involucradas, avaliando o papel de cada pequeno centro histórico ou núcleo tradicional dentro do conxunto da *rexión histórica*. Ademais, reflexionarase sobre a eficacia dos instrumentos de planificación urbanística en relación coa capacidade de actuación para a conservación do patrimonio edificado.

1.7.2. O obxectivo específico primeiro

En primeiro lugar, estudarase en que medida, a partir das posibilidades que ofrece a vixente lexislación en ordenación do territorio e solo, se poderá desenvolver un novo modelo de planificación que poña especial agarimo na protección do patrimonio e da paisaxe do presente, ao tempo que planifique o patrimonio do futuro co fin de que, actuando sobre as actividades endóxenas tradicionais, se garanta tamén a conservación do patrimonio inmaterial e se procure que a actividade económica poida desenvolverse máis aló das tempadas turísticas. Por tanto, porase especial énfase nos pequenos núcleos tradicionais que foron relegados quizais a un segundo plano ante a importancia do conxunto de Santiago de Compostela, o cal está dotado de maior divulgación e é obxecto de máis axudas; e avaliarase o papel que pode xogar a rexión histórica a nivel municipal ou supramunicipal.

1.7.3. O obxectivo específico segundo.

Como obxectivo específico segundo, proporase o estudo de en que grao, tanto social como cultural ou xurídico, se poderá levar á práctica esta metodoloxía, e se este modelo sería exportable a outros territorios dentro do actual escenario global de rexións e áreas metropolitanas. Ademais, reflexionarase sobre a conveniencia ou incluso a necesidade destas actuacións e dos condicionantes globais que xorden a nivel local *Son compatibles co concepto de desenvolvemento local sustentable?*.

1.7.4. O obxectivo específico terceiro

Finalmente, tratarase de concluír se procede a creación dun ente supramunicipal de coordinación e a súa continuidade no tempo de forma que, tendo en conta os criterios de sostibilidade nas AAPP, non se promova un innecesario sobredimensionamento destas en tempos nos que a sucesión de crises económicas e sociais é continua e dentro dun escenario que abrangue a dúas provincias e as súas deputacións, sete comarcas e principalmente doce concellos, así como outros entes sectoriais.

Considerarase a necesidade de inclusión doutros actores como son a cidadanía, ou os Colexios Profesionais en áreas de traballo involucradas (Xeografía e Historia, Arquitectura e Arquitectura Técnica, Enxeñeiriñas, Socioloxía, Filosofía, etc.) no intento de creación dun ente máis técnico que político, que garanta a representación da cidadanía e o cumprimento da planificación urbanística co fin último do ben xeral e do interese público.

2. ESTADO DA CUESTIÓN

O estado da cuestión das disciplinas e áreas de investigación, tal e como se reflicte no presente traballo, non só abrangue a ciencia e o mundo académico, senón que, por ser temáticas que se levan todos os días á práctica e afectan diariamente a economía e as vidas de todas as persoas, teranse en conta outras cuestións relacionadas coa aplicación destas.

2.1. Definición do ámbito físico e do alcance da investigación

A unidade territorial, administrativa e lexislativa dentro da cal se tratarán todas as materias relacionadas co ámbito de investigación é a Comunidade Autónoma de Galicia. Neste territorio particulamente cobrarán relevancia as conclusións da investigación, aínda que tamén poderán extrapolarse ou servir de complemento noutros territorios con situacións similares, ou noutras rexións polas que discorran itinerarios culturais. Existe, pois, unha elevada produción científica que trata elementos singulares ou monumentos dende áreas de investigación máis estancas e relacionadas co patrimonio cultural, co urbanismo, ou incluso coa protección do patrimonio dende o ámbito xurídico.

A actual delimitación do ámbito do BIC realizouse entre os anos 2011 e 2012 a partir de varios decretos. Esta amplía e diversifica as rutas con respecto á *Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago*, polo que non se descartan cambios no futuro ou a aparición de rutas alternativas para esta "*senda "diseñada" actual sobre una base física histórica*" que posúe diferentes criterios de protección segundo as CCAA polas que discorre (Somoza Medina & Lois González 2017: 60-61). Atendendo os percorridos oficiais e segundo datos oficiais da Xunta de Galicia, o itinerario do Camiño Francés constaría de percorridos cunha lonxitude de entre os 155 Km ata os 162,2 Km. en función de se se escolle a traxectoria por San Xil ou por Samos. Non obstante, existen outros itinerarios alternativos que poden facer que estas distancias varíen.

2.2. Consideracións sobre o ámbito espacial: a rexión histórica

O ámbito físico da investigación é ben coñecido por ser este o resultante dos tres documentos normativos que o delimitan na comunidade. O territorio defínese como a "*porción de la superficie terrestre perteneciente a una nación, región, provincia, etc.*" (RAE, 2014, def.1), ou tamén como a "*extensión de terra que constitúe un país, natural ou politicamente*" (RAG, 08/04/2023). En ambas as definicións se observa a dependencia do territorio dun ente político ou de goberno maior, introducindo incluso o concepto do *natural*.

En cambio, o concepto de rexión que dan os anteriores organismos é o de "*caracteres étnicos o circunstancias especiales de clima, producción, topografía, administración, gobierno, etc.*" (RAE, 2014, Def.1) e "*territorio que se distingue doutros veciños por certas características como poden ser: o clima, a topografía, a historia, a economía etc."* (RAG, 08/04/2023). A *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural* de Galicia define no artigo 10.i) o concepto do territorio histórico como unha categoría de ben inmoble declarado de interese cultural ou catalogado no seguinte senso:

> *"O ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico".*

A categoría outorgada ao BIC do Camiño Francés ao abeiro da lei do patrimonio cultural de Galicia é adecuada para a definición deste. Porén, quizais as anteriores definicións de rexión engloban outras características importantes como poden ser as de *administración* ou *goberno*, que son anteriores á propia existencia do fenómeno do camiño. Polo tanto, en base aos antecedentes como ente administrativo, goberno, reino, etc. dos que gozou historicamente a provincia de Gallaecia, o Reino Suevo ou o Reino de Galicia, o

ámbito territorial obxecto do presente estudo tratarase como unha "*rexión histórica*" con características etnográficas e identidade propias.

No que respecta aos centros históricos existentes no itinerario do camiño, deberase avaliar primeiro a indeterminación do que representa este concepto, é dicir, que tamaño, que antigüidade, que condición urbana ou rural deben posuír, ou incluso se a consideración de históricos implica persé que estes espazos dispoñen duns determinados valores patrimoniais. Esta indeterminación do termo é tanto espacial como temporal, e a acepción máis xeneralizada enténdeos como espazos de orixe pre-industrial nos que se recoñecen varias temporalidades que poden "*transformar o histórico en monumental*"(Fernández Salinas, V e Satyro Maia, D, 2015: 89-90).

A heteroxeneidade nas interpretacións do concepto é tan ampla como a infinidade de autores e académicos que desenvolven traballos sobre historia, urbanismo, arquitectura ou arte, sen contar cos documentos procedentes de organismos internacionais e tratados, nos que ten presencia o concepto, como por exemplo, a Carta de Atenas do 1931. Esta chega a conclusións relacionadas coa protección dos monumentos, a convivencia dos antigos e dos novos edificios e materiais, o "*carácter e a fisionomía da cidade*", as "*perspectivas pintorescas*" e incluso a conveniencia da publicidade excesiva, postes e fíos de instalacións ou industria xeradora de ruído.

Posteriormente, viñeron outras conferencias, cartas e congresos nas que o tratamento que se outorga aos monumentos e aos centros históricos continúa evolucionando. Destacan a Carta de Urbanismo Moderno (a outra Carta de Atenas), a Convección de La Haya do 1954, a análise da cidade do Team 10, a Carta de Venecia de 1964 ou outros acordos e reflexións realizados en cidades como Gubbio, etc. O anexo D da Carta de Restauro do 1972 considera que para a identificación destes centros históricos deberase considerar:

> *"no sólo los antiguos centros urbanos tradicionalmente entendidos como tales, sino, más en general, todos los asentamientos humanos cuyas estructuras, unitarias o fragmentarias -incluso si se han transformado parcialmente a lo largo del tiempo- se hayan constituido en el pasado o en lo sucesivo, y tengan particular valor de testimonio histórico, arquitectónico o urbanístico".*

Deste xeito, para avaliar as distintas tipoloxías de asentamentos humanos "*históricos*" consideraranse outros conceptos como os de cidade, vila, núcleo ou incluso poboación. Algunhas mencións sobre os centros históricos cualifícanos xeralmente como as partes máis antigas das cidades, (Fernández Salinas & Satyro Maia, 2015: 89), (Otero López, 1990: 84), facendo fincapé no concepto de cidades, é dicir, ¿necesitarían englobarse unicamente dentro de espazos urbanos considerados como cidades?.

Polo tanto, cómpre reflexionar sobre cantas cidades existen no itinerario do ámbito de estudo, entendendo que esta é unha "*Entidad de población de ciertas dimensiones y funciones especializadas en un territorio amplio*" (Lois González & Beltrao Sposito, 2015: 95-97). Outra definición do termo é a de "*asentamento humano de maior entidade ca a vila, cun elevado número de habitantes e alta densidade de poboación, dedicada principalmente aos sectores secundario e terciario*" (RAG, def.1, 08/04/2023). Unha vila, pois sería unha "*entidade de poboación máis pequena ca a cidade e máis grande ca a aldea, que en Galicia adoita ter un núcleo urbano e ser o centro económico e administrativo dun concello ou dunha comarca*" (RAG, 08/04/2023).

Continuando coas *definicións abertas* destes conceptos, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia define no artigo 10 distintas categorías de bens inmobles entre os que se atopa o de conxunto histórico ao que denomina:

> *"agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico,*

arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia."

2.3. Lexislación e normativas de aplicación

Neste apartado, exponse o actual escenario, relacionado coas distintas áreas de coñecemento que nesta investigación se tratan:

2.3.1. Lexislación en ordenación do territorio

A lexislación en ordenación do territorio e solo van da man nalgunhas CCAA como poden ser Extremadura e Cantabria, e son parte de diferentes textos normativos noutras comunidades como Galicia. En xaneiro deste ano 2021 entra en vigor a nova *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, que substitúe a anterior Lei 10/1995, do 23 de novembro. Pasaron 25 anos e polo camiño quedan as Directrices de Ordenación Territorial[19], aprobadas definitivamente en febreiro 2011 polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, case dúas décadas despois do inicio da tramitación duns documentos que poñen especial énfase na paisaxe.

A lei do 1995 contemplaba instrumentos de actuación como os plans territoriais integrados (PTI), os programas coordinados de actuación, os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou plans de ordenación do medio físico. Na vixente lei 1/2021, do 8 de xaneiro inclúese un novo instrumento, o Plan Territorial Especial. Este realízase en desenvolvemento das DOT para ámbitos especiais que precisen un tratamento unitario, e que o Consello da Xunta de Galicia pode acordar segundo estime esa necesidade.

2.3.2. Lexislación en solo

As condicións básicas do solo establécense mediante o *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*, mentres que a propia lexislación urbanística autonómica regúlase mediante a *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, completándose o marco legal mediante o desenvolvemento regulamentario polo *Decreto 143/2016, do 22 de setembro*. O RLSG modifícase mediante o *Decreto 92/2019, do 11 de xullo*, mentres que a lei o fará progresivamente a partir da *Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, a *Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*, e a máis recente *Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, sendo a tendencia recente que este tipo de leis de medidas fiscais e administrativas, modifiquen anualmente determinados aspectos en materia urbanística de forma anual.

2.3.3. Lexislación en patrimonio cultural

Para este caso de estudo e xunto ao marco normativo en materia de solo, aplicarase a vixente *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*, que substitúe á que foi a primeira lexislación autonómica en materia de patrimonio cultural naquel entón, a *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[19] Directrices de Ordenación Territorial, en adiante DOT, instrumento creado a partir da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, coa finalidade que se establece no artigo 6. ispoñibles en; https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudos_Territorio?content=/Portal-Web/Contidos/Seccions/Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html&std=descarga-dot.html.




Gráfico 6: Lexislación en patrimonio cultural, estatal e autonómica.

A *Lei 1/2019, do 22 de abril de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia* modifica aspectos sobre a intervención sobre o patrimonio no que se refire á autorización do ente autonómico con competencias en patrimonio cultural. Posteriormente, interprétase pola *Resolución do 2 de agosto de 2019 pola que se dá publicidade da Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*.

Anteriormente a esta resolución das consellerías que interpreta a *Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas* atópase a *Instrución do 8 de novembro de 2017*, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento. Esta última instrución procuraba unha "*simplificación do réxime establecido na anterior lei do patrimonio cultural, a 8/1995, do 30 de outubro*" da lei 5/2016, á cal substituía e derrogaba de forma expresa no que respecta ao nivel de organización administrativa, en concreto ao réxime de autorizacións sobre os elementos catalogados, BIC, ou no interior dos perímetros de protección e/ou amortecemento (art. 39 da Lei 5/2016).

2.3.4. Lexislación en paisaxe

A lexislación vixente en materia de paisaxe constitúese a partir dos conceptos e disposicións inspiradas polo Convenio Europeo da paisaxe (2000) do *Consejo de Europa*, aprobado en Florencia e ratificado por España no ano 2007. En base a este convenio a Comunidade Autónoma de Galicia lexislará mediante a *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*, aprobándose o regulamento que a desenvolve mediante *Decreto 96/2020 do 29 de maio*. Os instrumentos de desenvolvemento serán os catálogos, as directrices, os estudos de impacto e integración paisaxística e os plans de acción da paisaxe.




Gráfico 7: Marco lexislativo en paisaxe.

A creación das directrices da paisaxe vén de aprobarse recentemente polo *Decreto 238/2020, do 29 de decembro*. Nel habilítase á consellería competente en materia de medio ambiente para o control e

seguimento do estado e da evolución das unidades da paisaxe en base aos obxectivos de calidade paisaxística, mediadas e accións necesarias para acadar cada un destes propósitos a partir duns indicadores, normas e accións.

2.3.5. A rama urbanística do Dereito Administrativo


As conexións destes ámbitos relacionados co Dereito Urbanístico cos estudos sobre o territorio en xeral están máis ligadas a un eido xurídico-técnico que trata a lexislación e normativa que afectan ás AALL e aos municipios, dende un punto histórico que tratan os estudos de Orduña Rebollo, E. ou Sánchez Albornoz, C. E., ou dende a aplicación tanto técnica como xurídica ás licenzas urbanísticas, que tratan outros autores como Lora-Talvé, Marta, e que aportan quizais maior complexidade a esta tipoloxía de estudos sobre o urbanismo e a ordenación do territorio nos que como en este caso, preténdese dar unha visión multidisciplinar, mesturada coa visión máis humana da Xeografía.

Por outra banda, en calidade de arquitecto pero tamén de avogado será importante ter en conta o traballo de Fariña Tojo, J. pola súa facilidade para mesturar distintas áreas de coñecemento que en ocasións se poden entender tan afastadas, e tratar ao mesmo tempo o urbanismo, a arquitectura, o medio ambiente e a ecoloxía. Pódese mencionar textos importantes de De Terán Troyano, F., e incluso a obra sobre a historia da arquitectura de Benébolo, L.

2.3.6. Planeamento Municipal

O estado do planeamento municipal en Galicia é moi dispar, atendendo ao grao de adaptación de cada concello ás normativas vixentes en materia de solo. Nas táboas 2 e 3 exponse o estado de adaptación á vixente LSG, e compárase o estado da comunidade autónoma co dos concellos incluídos no ámbito do traballo.

Táboa 3: Estado do planeamento urbanístico en Galicia.

Estado:	Nº Concellos	Gráfico:
Adaptado á LOUG, 9/2002.	121	
Sen Planeamento.	32	
NNSS ou PXOM anterior á LAGSA, 11/1985.	10	
NNSS ou PXOM adaptados á LAGSA ata a Lei 7/1995. (delegación e distribución de competencias do EEGG).	61	
NNSS/PXOM entre a Lei 7/1995 e Lei 1/1997.	25	
PXOM/POMR adaptado á Lei 1/997.	42	
PXOM/POMR ao abeiro da D.T.3ª da LOUG.	22	
Delimitacións de Solo Urbano.	12	

Fonte: SIOUTGA, fonte: elaboración propia a partir dos datos recuperados de: http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/urb. (Datos actualizados en data: 10/04/2023).

Na táboa 16 móstrase que só aproximadamente unha terceira parte dos plans xerais dos concellos de Galicia están adaptados á lexislación anterior á vixente dende o ano 2016, é dicir, á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coñecida como LOUG. A

situación do resto sobre a que lei están adaptados é tan dispar que resulta difícil de resumir. No ámbito do traballo, a situación do planeamento municipal é a seguinte:

Táboa 4: Instrumentos de planeamento urbanístico en vigor e grao de adaptación normativo.

CONCELLO:	INSTRUMENTO VIXENTE:	ADAPTACIÓN NORMATIVA: (**)
Santiago de Compostela.	03/10/2007	PXOM adaptado á LOUG.
O Pino.	30/06/2003	PXOM/POMR ao abeiro da D.T.3ª da LOUG.
Arzúa.	06/10/2008	PXOM adaptado á LOUG.
Melide.	07/04/1994	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995.
Palas de Rei.	27/11/1996	NSP/PXOM entre Lei 7/1995 e Lei 1/1997.
Monterroso.	03/02/2010	PXOM adaptado á LOUG.
Portomarín.	24/10/1983	NSP/PXOU anterior á LASGA.
Paradela.	10/04/2007	PXOM adaptado á LOUG.
Sarria.	30/07/1986	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995.
Samos.	29/09/1995	Delimitación do solo urbano e de núcleo rural.
Triacastela.	---	Sen planeamento. (*)
Pedrafita do Cebreiro.	03/02/2010	PXOM adaptado á LOUG.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia, http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/urb.
(*) O Concello de Triacastela somete a información pública o Plan Básico Municipal, DOG 05/03/2021.
(**) Á falta de planeamento adaptado, e ante posibles omisións ou indeterminacións, en ausencia de Plan Básico Municipal, será de aplicación o Plan Básico Autonómico.

Algúns estudosos referentes sobre planeamento urbanístico e/ou o espazo urbano e rural son J. Fariña Tojo, dende o mundo da arquitectura, e R.C. Lois García ou M.J. Piñeira Mantiñán, dende a Xeografía.

2.4. Aportes e estudos existentes: académicos, gobernamentais, etc.

Os estudos de caso sobre centros históricos son amplos no que ten que ver coa rehabilitación, renovación e rexeneración urbana dende un contexto centrado no urbanismo a partir do traballo dos profesionais da arquitectura, que son os técnicos que tradicionalmente máis protagonismo tiveron nestes procesos a nivel práctico, así como a nivel académico. Non obstante, constan numerosos exemplos de investigacións de xeógrafos e historiadores preocupados polo territorio e o patrimonio, outros sobre os PE de protección dos centros históricos de Galicia como os de Gómez López, González Pérez e Vilaseco Vázquez, ou sobre a ordenación do territorio e a planificación nos camiños a cargo de Somoza Medina e Lois González.

No que respecta a un tema tan importante como a conservación dos núcleos rurais en Galicia e o seu patrimonio cultural, atopamos traballos relacionados co desenvolvemento rural a cargo de Rodríguez González & Lois García, así como outros relacionados co turismo a cargo de Lois González, R.C. e Santos Solla, ou coa cooperación e estrutura urbana a cargo de Pérez Mantiñán ou Pazos Otón, que trata a mobilidade, e tratarase a paisaxe a partir, de entre outros traballos, dos de Criado Boado, F.

Outras achegas que se consideraron na investigación son traballos a cargo de Santos Solla, Precedo Ledo ou Miguez Iglesias, Monterroso Montero, así como a importante obra sobre a paisaxe tradicional galega de David, P. Tamén son relevantes os traballos de Trillo Santamaría. e Paül Carril, sobre a complexidade de xestión de determinadas rexións e/ou áreas protexidas, en relación á cooperación e colaboración entre as determinadas administracións públicas poden ser transfronteirizas, podendo tamén existir estas fronteiras entre provincias ou CCAA.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.5. Situación demográfica e socioeconómica da rexión

2.5.1. A demografía na rexión histórica

A tendencia mundial segundo datos da UN (2018)[20] é que as aglomeracións urbanas gañan en poboación en contraposición ao que sucede no rural. As estimacións dunha poboación urbana do 68% no 2050 quizais varíen a raíz da situación sanitaria de pandemia. Non obstante e ante a escaseza de datos actuais, semella que, polo menos en Galicia, algúns pequenos concellos están a recuperar habitantes, e apréciase un momentáneo interese por recuperar vivendas e polo aluguer e compra por parte de persoas que proveñen das cidades, ou de descendentes de xente destes lugares con posibilidade de teletraballo.

Salvo no punto final do itinerario, a rexión histórica non conta con asentamentos cun nivel de poboación equiparable á zona urbana, segundo os criterios do MITMA do 2020[21]. Polo tanto, ademais da cidade de Santiago de Compostela e dentro dos núcleos principais dos concellos polos que discorre o itinerario, os maiores en número de habitantes son respectivamente Sarria, Melide e Arzúa, e son os que dispoñen de menor cantidade de poboación os de Triacastela e O Cebreiro (IGE 2023)[22].

Os núcleos de poboación da rexión histórica, salvo Santiago de Compostela, son estritamente rurais, segundo a definición do MITMA, o cal non nega a existencia de certa estrutura urbana xa que, aínda que estes concellos dispoñan de dinámicas máis ben rurais, poden posuír un nodo central, ou varios, estritamente urbanos. O criterio do Ministerio é que para a consideración de poboacións como unha *pequena área urbana*, terá que tratarse de *cidades* de entre 20000 a 50000 habitantes, e establece filtros para os *municipios urbanos* de entre 5000 a 20000 habitantes.




Gráfico 8: Evolución histórica da poboación nos concellos do ámbito de estudo, IGE (2022).

[20] UN (2018), Departamento de Estudos Económicos e Sociais: Estiman que a partir do 55% de poboación que reside nas cidades en 2018, o incremento para o 2050 será do 13%, ata alcanzar o 68%. Recuperado de; https://www.un.org/development/desa/es/news/population/2018-world-urbanization-prospects.html, consulta en data de abril do 2021.

[21] Ministerio de Transporte, Mobilidad y Agenda urbana, MITMA, publica os criterios para considerar ás poboacións en función do seu sistema urbano, incluídos no atlas estatístico das áreas urbanas de España. Dispoñible o último do ano 2020 en: https://apps.fomento.gob.es/CVP/handlers/pdfhandler.ashx?idpub=BAW080. Consulta en data de abril de 2021.

[22] Instituto Galego de Estatística, IGE (2020), Nomenclátor estatístico de Galicia, ano 2022. Recuperado de: https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp. Consulta en varias datas, 2021-2023.

No gráfico 8 obsérvase que o número de habitantes dos concellos polos que discorre o itinerario é pequeno, e polo tanto, a capacidade económica para facer fronte aos gastos que se poden derivar do planeamento urbanístico tamén o será. Esta situación reflíctese na seguinte táboa 18, na que se detallan os orzamentos municipais dos anteriores exercicios e na que se comproba a gran diferencia entre concellos en comparación con outros parámetros como a superficie municipal e o número de habitantes.

Táboa 5: Poboación, superficie, e orzamentos municipais dos concellos no itinerario do camiño.

Concellos:	Superficie Km^2 (1)	Nº Habitantes (2)	Nacementos/defuncións/Saldo vexetativo (3)			Orzamentos 2022(4)
Santiago de Compostela	220,01	98.179	+633	-986	-353	127.739.010,78 €
O Pino	132,15	4.576	+32	-70	-38	4.097.574,05 €
Arzúa	485,30	5.918	+30	-112	-82	7.017.000,00 €
Melide	101,30	7.438	+45	-104	-59	7.000.000,00 €
Palas de Rei	199,68	3.319	+14	-67	-53	Sen datos (*)
Monterroso	114,59	3.585	+18	-56	-18	2.647.333,52 €
Portomarín	115,10	1352	+5	-28	-23	1.608.029,60 €
Paradela	121,12	1.683	+7	-38	-31	1.750.000,00 €
Sarria	184,62	13.214	+64	-226	-162	8.768.045,93 €
Samos	136,77	1.202	+1	-29	-28	Sen datos (*)
Triacastela	51,18	629	+3	-10	-7	Sen datos (*)
Pedrafita do Cebreiro	104,91	936	+2	-32	-30	1.260.427,96 €

ANOTACIÓNS:

(1) Datos do IGE (2021) en data de 13/10/20212.
Recuperado de: https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=77&paxina=001&c=0101001002.

(2) Datos do INE (2022) a partir do padrón municipal de habitantes, explotación estatística e nomenclátor.
Recuperado de: https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp.

(3) Datos do IGE (2023) en data de 27/01/2023.
Recuperado de: https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&ruta=msel/nacementosconc.jsp.

(4) Datos do Ministerio de Hacienda Pública y Función Pública. Recuperado de: https://www.hacienda.gob.es/es-ES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/PublicacionPresupuestosEELL.aspx

(*) Non consta publicación dos datos orzamentarios, nin no enlace do *Ministerio de Hacienda* nin nas páxinas web dos devanditos concellos.

Os datos municipais relacionados co saldo vexetativo presentan números negativos o que non é unha grande excepción en comparación cos resultados autonómicos. Neses móstrase que apenas dous municipios disporían dun saldo positivo: Ames na Coruña e Salceda de Caselas en Pontevedra. Á casuística da distinta capacidade económica de cada concello da rexión, deberase engadir a existencia de núcleos deshabitados e nos cales morren as sinerxías que xeraban a actividade económica pasada, sen que esta se actualice doutro xeito, coa repercusión que suporá no consumo, os servizos, etc.

2.5.2. Datos económicos e produtivos

En relación directa co estado da poboación na rexión atópase a forza de atracción das actividades produtivas da contorna, así como a maior ou menor proximidade aos nodos de poboación e/ou produtivos máis importantes. Sabido é que o fenómeno do camiño dispón dun importante tirón na actividade turística que, tal e como se argumentou en apartados anteriores, vai en aumento en toda a comunidade, con números de visitas de turistas/peregrinos moi relevantes. Non obstante, non repercuten no mesmo xeito nas actividades endóxenas e tradicionais (táboa 6) nas que descende o sector primario mentres aumenta o sector servizos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6: Poboación ocupada por sector económico.

SECTOR PRODUTIVO:	PERÍODO	POBOACIÓN	TENDENCIA	
			Incrementa	Descende
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	2009/III	71,60	-	- 21,00
	2022/IV	50,60		
Pesca e acuicultura	2009/III	23,80	-	-3,40
	2022/IV	20,40		
Industria	2009/III	189,50	-	-26,70
	2022/IV	162,80		
Construción	2009/III	119,00	-	-48,90
	2022/IV	70,10		
Servizos	2009/III	752,40	+ 48,30	
	2022/IV	800,70		

Fonte: Enquisa de poboación activa, IGE (2023). Datos de poboación en miles de persoas, Recuperado de: https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6361&R=3[0];2[0];0[all]&C=1[0]&F=&S=998:12&SCF=#.

Estase estudando unha rexión heteroxénea dentro das similitudes, da cultura e da historia comúns, observándose unha diferencia de renda importante entre os concellos involucrados que se reflicten na seguinte táboa 6.

Táboa 7: Datos municipais do PIB por habitante, IGE (2023).

Provincia	Concello de Galicia (Camiño Francés)	Datos municipais €/hab. (2020).	Capitais provinciais
A CORUÑA	Santiago de Compostela.	36.229 €	27.964 €
	O Pino.	14.702 €	
	Arzúa.	17.163 €	
	Melide.	17.251 €	
LUGO	Palas de Rei.	24.234 €	23.534 €
	Monterroso.	22.460 €	
	Portomarín.	25.752 €	
	Paradela.	16.861 €	
	Sarria.	19.470 €	
	Samos.	15.595 €	
	Triacastela.	15.535 €	
	Pedrafita do Cebreiro.	13.130 €	

Fonte: Datos municipais do PIB[23] por habitante, IGE (2023).

2.6. Exemplos de intervencións

Existen múltiples exemplos de intervencións de rexeneración urbana sobre os centros históricos como conxunto ou nunha parte destes, así como outras que, como sucesión de actuacións individuais sobre edificacións, prazas ou rúas, condicionan o conxunto. Algunhas procuran a mobilidade interior, a iluminación e a seguridade, a limpeza e o ornato público ou a mellora da actividade económica, esquecendo quizais outras intervencións sobre o social e a dotación e equipamentos, espazos libres e de lecer, etc.

Non obstante, a intervención sobre os centros históricos debe contemplar a suma das anteriores actuacións, suxeitas a un modelo que se terá en conta e que tamén estará condicionado polos espazos lindeiros ao perímetro delimitador destes espazos singulares, precisando do compromiso e da procura de consenso dentro das institucións, pero tamén das achegas dende o eido académico e social. Entre os condicionantes a sopesar consideraranse os continuos cambios provocados pola industria tecnolóxica, o abandono de certas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[23] Definición de PIB do IGE (2023): "*Es el resultado de la actividad productiva de las unidades de producción residentes. En las cuentas económicas se estima por tres vías: oferta, demanda y rentas*".

actividades artesanais e pequenos talleres, así como a posibilidade de recuperar a actividade endóxena, ou planificar outra nova actividade, compatible co respecto ao patrimonio cultural e arquitectónico.

A reconversión global implica a necesidade de reformulación da planificación urbanística en canto ao xeito no que regula os usos e actividades. Así pois, deberase adaptar ás novas necesidades, que implicarán o cambio do escenario industrial tradicional, cara a outra nova actividade. Porén, deberá preservar e actualizar ese patrimonio e as actividades tradicionais, de forma que sexan viables nos novos centros e conxuntos históricos.

Neste senso, pódese considerar como *patrimonio industrial arquitectónico*, aquel constituído polas "*creaciones tanto materiales como inmateriales relacionadas con el proceso de industrialización que comienza a partir de la Revolución Industrial*" (Sánchez Mustieles, 2011: 1-2). Este é pouco apreciado na actualidade e substitúe o ferro, o aceiro e o carbón por litio e silicio. Deste patrimonio industrial marítimo, pesqueiro, etc., hai numerosas mostras de pequenos conxuntos na xeografía galega que comezan a recoñecerse. Un exemplo disto son os cada vez máis numerosos museos temáticos como o Museo da Pesca en Fisterra, o Museo da Memoria Mariñeira en Porto do Son, ou o Museo do Mar en Rianxo, entre outros.



Imaxe 22: Obra de Lacaton & Vassal nunha fotografía de Philippe Ruault.



Imaxe 23: Recuperación do estaleiro tradicional Ciprián no Concello de Serra de Outes.

Fonte imaxe 64: https://www.plataformaarquitectura.cl/cl/02-337075/frac-dunkerque-lacaton-and-vassal/52f9b712e8e44eb4cf00006f-frac-of-the-north-region-lacaton-and-vassal-photo.
Imaxe 65: https://outes.gal/uploads/ckeditor/attachments/629/OUTES_PROXECTO_MUSEOGRAFICO_CIPRIAN_2020.pdf.

Diferentes zonas dentro dun mesmo centro histórico poden ter necesidades distintas. Así pois, poden existir pequenos conxuntos dentro do total; estar estas diferencias; relacionadas coa especialización, coas actividades, ou coa tipoloxía de edificacións, época, etc. Exemplos destes pequenos conxuntos son as Casas do Remo en Rianxo, os locais destinados a praterías en Santiago de Compostela, ou as coñecidas edificacións coas características galerías da Av. da Mariña na Coruña.

Un dos paradigmas da rehabilitación dos conxuntos históricos na nosa comunidade é Allariz, Ourense. Por el discorre a Vía da Prata (Camiño Mozárabe) e conta coa denominación de conxunto histórico artístico polo Decreto nº 1319/71 de 20 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia (BIC.000.109), ordenado a partir dun PXOM do ano 2003 ao abeiro da disposición transitoria primeira da LOUG, e aprobado definitivamente o 04/09/2003. Non obstante, desenvolve a protección do centro histórico a partir dun PE de protección do casco histórico (PECHA), que data do ano 1995.

O río Arnoia e o castelo de Allariz presiden un lugar arquitectónica e culturalmente impresionante, no que se atopan restos datados de diversas épocas históricas, dende a época castrexa ao Reino Suevo, pasando polos monumentos románicos e as máis recentes fábricas de curtidos xa nos séculos XVIII e XIX. Estas

son unha mostra do recentemente recoñecido patrimonio industrial, nas que cobra importancia o río Arnoia como exemplo de patrimonio natural, que parte da zona de Reserva da Biosfera da contorna inmediata, e que no pasado tamén influíu notablemente no crecemento da vila, froito da industria do lino, que incluso propicia ao seu recoñecemento cun museo do coiro.

O interese pola protección de todos estes diferentes valores, ademais do parque etnográfico, reflíctese nas iniciativas das ARI, neste caso, para a rehabilitación dos cascos históricos. Nelas declárase como tal ao ámbito do BIC e ao interior das murallas, pero tamén ao ámbito do río, sobre o cal se propón primeiro un plan de recuperación no ano 1989, e un posterior plan de encauzamento no 2009, que recoñece que "*el río Arnoia es una pieza sobre la que se sustenta buena parte del atractivo de Allariz*"[24]. No ámbito da ARI declarada en 1996 contémplanse intervencións en 690 vivendas (IGVS, 2022).

Mapa 5: Centro histórico de Allariz s./ ortofoto PNOA 2020. Traza da Vía da Prata en cor azul.



Imaxe 24: Resultado da ARI de Allariz (1).



Imaxe 25: Resultado da ARI de Allariz (2).



Fonte imaxes 24 e 25: https://ari-igvs.xunta.gal/es/node/82#containerGallery. Consulta en data de abril de 2022.

Unha normativa sen actualizar décadas atrás, desenvolta con senso común e agarimo, en ocasións, consegue uns resultados incribles e recoñecementos internacionais. Non obstante, require un interese e un intensivo traballo de fondo, que poucas veces se acada e se recoñece. O éxito do estado actual do centro histórico da vila reside en tres factores: a creación dunha escola taller para acometer a execución de obras de rehabilitación, a Oficina de Rehabilitación e a empresa pública dedicada á rehabilitación e ao fomento do turismo no rural da zona como complemento ao desenvolvemento do centro histórico, así como a mellorar o comercio (Garrote Recarey, 2020: 365-367).

O presente caso exponse como exemplo de boas prácticas, máis cómpre reflexionar que quizais o éxito de Allariz sexa a mestura e a actuación sobre todos os patrimonios, natural, cultural, industrial e arquitectónico, o que se pode conseguir incluso con normativa non adaptada ao vixente réxime da Lei e ao Regulamento do solo, mais na actualidade existe un Plan Básico Autonómico de aplicación complementaria en toda a comunidade (art. 7 e 8). Por outra banda, as actuacións paralelas en relación coas actividades e co comercio local, outlets, feiras e turismo rural no resto do termo municipal incentivan e axudan ao desenvolvemento do centro histórico, pero tamén do resto da vila.

As últimas propostas da Xunta de Galicia relaciónanse coas axudas procedentes de financiación europea para intervencións a nivel barrio, ás que poderán acollerse os concellos e particulares incluídos nas ARI ou nas REXURBE e para as cales se contempla unha dotación de 23 millóns de euros (Xunta de Galicia 2022)[25].

[24] Concello de Allariz; Plan de encauzamento do río Arnoia ao seu paso por Allariz. Dispoñible en: https://www.allariz.gal/administracion/wp-content/uploads/2017/05/Plan-de-Encauzamento.pdf. Consulta en data de abril de 2022.

[25] Xunta de Galicia (2022): Novas. Dispoñible en; https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/67596/xunta-convocara-axudas-por-23-para-dinamizar-areas-rehabilitacion-integral-outras?langId=es_ES. Consulta en data de abril de 2022.

Outro exemplo de boas prácticas recoñecido é o de Pontevedra, que conta cun instrumento de planeamento urbanístico en vigor datado do 18/12/1989, que non estaría adaptado ás tres últimas leis do solo autonómicas, así como cun Plan Especial de Protección, Reforma Interior, e Conservación Artística do Conxunto Histórico de Pontevedra (PEPRICA), aprobado definitivamente o 19/11/2004 (SIOTUGA, 2022). O 4 de outubro de 2012 declárase a ARI do Conxunto Histórico de Pontevedra co fin de rehabilitar as vivendas abandonadas os últimos anos e recuperar o uso residencial do conxunto histórico, e con este, a actividade social e a mellora dos servizos esenciais.

Mapa 6: Centro histórico de Pontevedra s./ ortofoto PNOA 2020.





Imaxe 26: Resultado da ARI de Pontevedra (1).



Imaxe 27: Resultado da ARI de Pontevedra (2).

Fonte imaxes 26 e 27: https://ari-igvs.xunta.gal/es/node/170#containerGallery. Consulta en abril do 2022.

O éxito de Pontevedra, ao igual que o da vila de Allariz, non provén unicamente da actuación nunha única liña, é dicir, da rehabilitación de edificacións. Unha das medidas para acadar unha cidade máis sostible e agradable para os veciños foron os procesos de peonalización iniciados dúas décadas atrás, con polémica e incluso con oposición veciñal, que mudou nun consentimento progresivo ata o apoio e incluso orgullo de veciños, técnicos, académicos e investigadores. Deste xeito, actualmente este proceso é unha mostra da identidade da cidade e un exemplo para outras institucións locais.

As intervencións en Pontevedra iniciase no ano 2003 a partir de dúas liñas de actuación. Por unha banda, a recuperación residencial dun centro histórico degradado como tantos outros da época e, por outra, a mellora da mobilidade grazas á redución do tráfico rodado, que supoñería unha mellora ambiental e da calidade de vida das persoas. Neste senso, logrouse "*recuperar el orgullo de la población por el sector que acumula la memoria histórica de la ciudad, su identidad, y reactivar económicamente y demográficamente este barrio*" (Somoza Medina, 2013: 61-62).

A cidade de Pontevedra é un caso de éxito, resultante da implementación de medidas concretas que actúan en varias dimensións dentro de procesos máis complexos. Esta intervención mellora a vida dos cidadáns en distintos aspectos como a conservación do patrimonio, a mera mellora estética da cidade, o descenso do tráfico rodado, e polo tanto, a mellora da salubridade e da saúde das persoas e do medio ambiente, e finalmente, a identidade da veciñanza e a economía da zona. Na actualidade, Pontevedra dispón dunha Oficina Técnica de Rehabilitación que xestiona as diversas axudas para os titulares de inmobles en prol da conservación do centro histórico.

Outras intervencións de éxito en centros históricos son as de Ribadavia, Betanzos, Rianxo, Tui, etc.. Porén, non todos os casos rematan en éxitos, incluso despois da posta en práctica de plans estratéxicos ou da redacción e aplicación de determinacións derivadas de instrumentos de planeamento de desenvolvemento. En ocasións, incluso este éxito, se o houbera, provoca situacións de xentrificación e turistificación, e unha excesiva dependencia económica dun único sector terciario a partir de actividades relacionadas coa hostalaría e o hospedaxe cando non se dá unha "*neocolonización residencial con clases medias-altas e altas que se poidan pagar o luxo de residir no centro urbano*" (Martínez López, 2001: 216-217). Este fenómeno estase dando non só nos centros históricos, senón nos ensanches anexos a estes, derivados do aluguer turístico e provocan que algunhas boas intencións finalmente sexan prexudiciais para o tecido urbano e para a cidadanía, e representen o fracaso a nivel social dalgunhas intervencións.

Outro exemplo é o de Ferrol, con planeamento urbanístico aprobado definitivamente en data de 28/12/2000 e adaptado á antiga LASGA, e planeamento de desenvolvemento máis recente, o Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello do 2015. Se ben existen exemplos de boas prácticas en edificación e rúas, é preocupante o estado de moitas das edificacións no centro histórico e na súa contorna próxima, tal e como se observa nas seguintes imaxes 28 e 29.



Imaxe 28: Estado do centro urbano Ferrol en novembro do 2021 (1).


Imaxe 29: Estado do centro urbano Ferrol en novembro do 2021 (2).

Non obstante, ademais doutro patrimonio, existe un importante legado modernista do Arquitecto Rodolfo Ucha (Imaxes 30 e 31), do que non todo se atopa no mesmo estado de conservación, formando parte unhas e outras obras das luces e das sombras do Ferrol Vello.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Imaxe 30: Casa Brañas de Rodolfo Ucha Piñeiro, Ferrol Vello (05/05/2022).


Imaxe 31: Edificación residencial de Rodolfo Ucha Piñeiro, Rúa Concepción, Ferrol Vello (05/05/2022).


2.7. Límites e lagoas no campo de investigación actual

As distintas áreas e temáticas de estudo que se reflicten no patrimonio edificado deixarán unha pegada neste, e polo tanto, nos centros e conxuntos históricos, debendo estudalas individualmente pero tamén, como parte do conxunto final.

2.7.1. O espazo supramunicipal e os instrumentos territoriais e urbanísticos

Tanto a vixente LSG como o RLSG recollen unha ampla casuística de plans de desenvolvemento como os Plans Especiais de protección, os Plans Especiais de Protección e Rehabilitación (PEPRI), os Plans Especiais de Rehabilitación Interior (PERI), ou outros instrumentos denominados Estudos de Detalle para a reordenación de aliñacións e rasantes ou volumes. Unha das principais temáticas pendentes de estudo en profundidade é a implantación práctica de plans urbanísticos de ámbito supramunicipal, é dicir, aqueles con contido normativo e vinculante e o detalle necesario para a intervención sobre a escala urbanística de varios municipios suxeitos, ao mesmo tempo, aos seus respectivos PXOM e/ou plans de desenvolvemento.

Os plans especiais para o desenvolvemento do planeamento xeral xa se contemplaban no título primeiro da *Ley de 12 de mayo de 1956 sobre régimen del suelo y ordenación urbana*, mais non son un instrumento habitual para a protección de ámbitos supramunicipais, e non existe na actualidade ningún instrumento tramitado para este fin na comunidade autónoma. Por outra banda, constátase a escasa utilización de plans territoriais para a ordenación do territorio, dos que unicamente se pode nomear o POL.



Imaxe 32: Número de instrumentos de ordenación territorial SIOTUGA (2023).

No ámbito territorial propio do caso de estudo, a *Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago* recollía a necesidade de aprobación do PE do Camiño Francés (Título III, art. 17). As DOT (2011) establecerían de novo esa necesidade na determinación 9.7, mentres que a vixente *Lei 5/2016*


do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, contemplaba primeiro a obriga de redacción dun PTI (art. 82), para posteriormente desenvolvelo mediante un "*tipo de documento de planificación urbanística ou de ordenación do territorio que resulte máis axustado ...* ".

No escenario das rexións globais e do desenvolvemento local-global, os territorios non se constrinxen, tal e como sucede no caso da investigación, nunha división ou fronteira administrativa, sexa esta entre estados, CCAA ou municipios. Non obstante, dado o singular carácter lineal deste itinerario, enténdese que de cara a outorgarlle unha protección adecuada, precísase tratalo de forma conxunta, dentro da comunidade autónoma. Ademais, contemplarase a protección do patrimonio cultural e arquitectónico a partir dun enfoque integral que non quede unicamente en medidas de rehabilitación, etc., senón que procure o desenvolvemento social e económico.

2.7.2. Arquitectura contemporánea

Cando se tratan as características tipolóxicas das edificacións do solo rural nos PXOM redactanse determinacións encamiñadas a preservar a estética e a tradición dos lugares tradicionais. Non obstante, non se trata de igual modo aos espazos intersticiais entre estes núcleos tradicionais, en ocasións cunha trama contemporánea dotada de determinacións con escasas condicións estéticas e tipolóxicas en comparación coas tradicionais, ás que condicionarán e das que unicamente separa unha liña de parcela ou diferentes tramas nun plano de ordenación, sen zonas de transición.

Se ben constan documentos de boas prácticas de rehabilitación nos núcleos tradicionais ou no ámbito dos camiños, quizais se debería estudar a transición entre o rural e o común nos núcleos rurais, ou entre os centros históricos e a contorna próxima, así como a forma de promover transicións harmónicas entre estas diferentes tramas xa que en ocasións non resulta doado recoñecer unha coherencia entre épocas históricas e tipoloxías (Imaxes 33 e 34). Pola contra, recoñécense as décadas do *ti vai facendo*, verbas que resumen perfectamente un caciquismo moderno baseado na permisividade e na non intervención.



Imaxe 33: A Vacolla, Santiago de Compostela, perímetro interior do PE-3 (14/01/2022).



Imaxe 34: A Vacolla, Santiago de Compostela, perímetro interior do PE-3 (14/01/2022).



Imaxe 35: Mestura arquitectura tradicional e contemporánea, Santa María de Melide (16/04/2021).



Imaxe 36: Boas prácticas en rehabilitación no núcleo de Pedrouzo, O Pino (07/11/2021).

A mestura destas tipoloxías comúns, tradicionais, ou incluso eminentemente rurais dentro de solos destinados a ser urbanos, pero aínda á espera de desenvolvemento urbanístico, crea uns espazos intersticiais difíciles de definir (imaxe 38), tanto pola coexistencia de diferentes tipoloxías edificadoras como polas súas sinerxías. Se a definición deste tipo de espazos xa é complexa, a planificación temporal aínda o será máis nos casos nos que non existe planeamento recente adaptado á lexislación vixente.



Imaxe 37: Mestura da arquitectura tradicional e contemporánea, outra interpretación, Santa María de Melide (16/04/2021).



Imaxe 38: Fusión de núcleos rurais e urbanos en Santa Eulalia de Arca (07/11/2021).

A imaxe 35 representa a coexistencia da arquitectura contemporánea e da tradicional que parece amosar que se pode combinar o antigo patrimonio coa arquitectura contemporánea nun conxunto que se poida observar nun futuro cércano como harmonioso e equilibrado. En comparación, a estampa da imaxe 37 representa unha mestura de circunstancias que poden ir dende a desidia particular e gobernamental á falla de recoñecemento do patrimonio, ou da capacidade de intervención da autoridade.

Despois de presentar unha parte da realidade actual no ámbito de estudo, así como o estado da ciencia nas áreas de coñecemento involucradas no resultado final (as rexións, centros e conxuntos históricos), presentaranse os resultados no seguinte capítulo, avaliando o estado dos asentamentos de poboación que atravesa o Camiño Francés en Galicia, valorando finalmente o modo en que unha planificación territorial ou urbanística supramunicipal, pode acometer esta problemática no ámbito da rexión histórica, e mellorar a situación creada polo "*sendeirismo medieval con atributos contemporáneos*" (Somoza Medina & Lois González, 2017: 61), cara a outro escenario ordenado, capaz de xerar orde no medio e longo prazo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO II

3. MARCO METODOLÓXICO.

3.1. Fundamento metodolóxico previo. Definición dun marco teórico multidisciplinar.

A investigación abórdase dende o que se entende que deberase presentar como un estudo multidisciplinar dentro dun ámbito de traballo relacionado cos centros e conxuntos históricos, sendo un exemplo de simbiose entre diversos elementos con algún tipo de valor a protexer, e nos que se deberán tratar as diversas áreas de investigación involucradas. Outras temáticas relacionadas e non menos importantes son as que condicionan o goberno nas EELL a partir de leis e outras normativas, e incluso o trato dende o eido académico que se lle está a dar a elementos patrimoniais tan heteroxéneos e importantes, e que se tratarán de forma diferenciada no grao en que isto sexa posible.

3.2. Recompilación de fontes e elección do sistema de citas.

O marco no que se engloba este traballo é o de unha tese doutoral dentro do eido académico da USC, para o cal teranse que cumprir as determinacións establecidas pola universidade para a redacción desta tipoloxía de traballos, a defensa pública, as fontes, etc. Procurarase a lectura da produción científica nas materias involucradas, axudándose de cartografía, documentación fotográfica histórica e actual, ou ben outras fontes sobre estudios sociais, demografía, patrimonio, historia e paisaxismo, así como en que grao outros estudos sobre centros e conxuntos históricos son aplicables ao estudo de caso.

3.3. Criterios da escolla e valorización da bibliografía de referencia.

A procura do material lexislativo e normativo realizarase directamente na web a partir de páxinas oficiais gobernamentais ou buscadores específicos de lexislación e sentenzas xudiciais e xurisprudencia, así como en outros medios como poden ser bibliotecas, arquivos dixitais, catastros históricos e actuais, material fotográfico histórico e actual, e por suposto, ferramentas dixitais para a elaboración de mapas e planos.

A obra científica a ter en conta será recente, da última década, así como outra máis antiga e relevante de autores e/ou obras que se podan considerar "*clásicos*" dalgunha das materias involucradas, ou ben os que dentro dun contexto histórico teñan certa relevancia para o contexto e a evolución histórica de temáticas de interese. A información estatística que se considere pertinente extraese de organismos oficiais e institucións acreditadas, co fin de expresala de forma ordenada e entendible mediante táboas e gráficos, completando o traballo final co resultado de visitas de campo aos emprazamentos, na procura de datos directos do estado dos centros históricos e o patrimonio no camiño.

3.4. Outros métodos para o estudo dos centros históricos.

Se ben se considera que o establecemento de indicadores pode ser de axuda ao análise da situación dos centros e conxuntos históricos no ámbito da investigación, e así se debería abordar en outros traballos, deberá contemplarse outra visión máis ampla que aplicar certa metodoloxía a unha multiplicidade de casos de emprazamentos urbanos, rurais, etc. con moitos elementos en común e outros que non o serán tanto.

A efectos da investigación de caso, non se debería aplicar o mesmo sistema de indicadores aos centros históricos que aos núcleos tradicionais, tampouco igualar as provincias da Coruña e Lugo, é dicir, non se pode entender que os indicadores válidos para avaliar o comercio serían os mesmos nunha aldea da montaña de Lugo que nun centro histórico da provincia da Coruña, con acceso á autoestrada a poucos metros e un número de poboación maior.

3.5. Delimitación do ámbito de estudo.

A primeira delimitación a estudar, máis ampla e con menor detalle, será o conxunto dos límites municipais dos concellos polos que discorre o Camiño Francés en Galicia, para posteriormente centrarse na zona de

protección do BIC xa delimitada, estudando os asentamentos de poboación existentes, así como a relación co resto do medio.

3.6. Sobre o cuantitativo e o cualitativo.

Chegados a este punto precisase aclarar que nos distintos plans urbanísticos municipais, xerais ou de desenvolvemento, o esquema de análise do territorio primeiro e o de actuación sobre este despois, teñen formatos moi similares. Se ben, nótase unha mellora notable no traballo de análise e diagnose dos plans máis recentes, bótase en falla estudos da viabilidade económica do mantemento, reparación ou incluso actuacións de posta en valor cultural dos elementos patrimoniais de carácter público como rúas, prazas, ou edificacións dedicadas a uso público, así como outros mecanismos adecuados para a mellora continua e a adaptación a realidade cambiante.

A protección do patrimonio non se pode entender unicamente como un conxunto de actuacións de rehabilitación de edificacións illadas, elementos singulares e/ou rúas, ou a inclusión dunha pequena descrición destes nunha pequena ficha de catalogación, polo que para unha efectiva protección dos centros e conxuntos históricos, precisarase coñecer a sociedade e a historia, así como en que grao condicionaron e condicionan unha arquitectura para ao servizo da cidadanía.

Polo tanto será importante o coñecemento destas necesidades que afectan aos espazos comerciais e de servizos, á mobilidade, non podendo entendela unicamente dende actuacións de mellora de accesibilidade no interior do centro histórico (moi necesarias e importantes), senón de accesibilidade en vehículo para os veciños, reparto de mercadorías, así como as conexións coas zonas produtivas e os medios de comunicación co resto da cidade e as entradas e saídas de poboado, de forma que non se convertan en elementos estancos, pechados ao resto dos ensanches e zonas libres e verdes.

E por isto, que as determinacións para a protección destes elementos debe entenderse intramuros, pero tamén extramuros, xa que os espazos exteriores aos cascos históricos condicionan en grande parte o que sucede no interior destes. Considerase que a delimitación dos conxuntos históricos non so consistirá na proposta dun perímetro delimitador, senón que se deberá contemplar a relación con outras zonas lindeiras e unha realizar a análise gráfica e histórica a partir da antigüidade de cada zona, que permita comprender a expansión e influencia dunhas zonas sobre as outras.

En todo caso, ademais dos plans, estratexias e experiencias prácticas relacionadas co urbanismo, necesitaranse visións científicas do territorio a partir de publicacións académicas relacionadas con outras áreas de coñecemento, polo que tratarase de avaliar se os indicadores habituais en temáticas urbanísticas e territoriais son aptos para a análise de algo que supera o meramente cuantitativo, tratando a necesaria inclusión das condicións de eficiencia enerxética, accesibilidade, rexeneración urbana e a dotación de espazos libres asociados ou cércanos a estes lugares, incluso no rural.

3.7. Como avaliar, opcións e/ou metodoloxías de estudo.

Os indicadores son o método habitual da metodoloxía de estudo dos distintos ámbitos relacionados co urbanismo en ámbitos urbanos ou rurais e se apoia en disciplinas científicas como a estatística, definida como a "*rama de la matemática que utiliza grandes conjuntos de datos numéricos para obtener inferencias basadas en el cálculo de probabilidades*" (RAE, 2014, def.6). Obsérvese a compoñente cuantitativa e os grandes conxuntos de datos precisos para dar representatividade a estes estudos, non tendo en conta outros datos cualitativos.

Deste xeito, un dato cuantitativo podería ser o número de plans xerais ou de desenvolvemento adaptados á última lei do solo, o que podería supor que esta normativa é máis avanzada e adecuada aos actuais tempos, así como que se dotou ao municipio de medios e financiación para tal labor, e por ende, existe unha preocupación dos gobernantes polo territorio ou a realidade é outra. Non obstante, se ben se recoñece a

utilidade do estudo destes parámetros ou indicadores, e así se tratarán en este traballo, unha inxente cantidade de normativa e lexislación non necesariamente se reflectirá nun territorio ordenado.

Pódese apreciar como en ocasións as accións encamiñadas á salvagarda do medio ambiente ou o patrimonio proceden da cidadanía agrupada en asociacións, polo que cabe reflexionar ¿por que non se lle da máis capacidade de influencia e/ou de intervención real a estas asociacións?, ¿reflectiríase realmente sobre o territorio?. Entre certa crítica ao exercicio da política local, é xusto recoñecer bo traballo realizado en algúns centros históricos, que servirán como referencias a seguir e que trataranse no desenvolvemento da investigación.

3.8. Definición do estado actual dos centros históricos do camiño francés.

Este traballo completarase finalmente cunha definición xustificada do estado da rexión lineal do Camiño Francés no que respecta á saúde individual primeiro e colectiva despois, dos elementos singulares e conxuntos a partir de grupos de indicadores, pero tamén doutros elementos de xuízo cualitativos, suxeitos a interpretación fundamentada a partir de argumentos científicos e académicos. Por todo isto, precisarase establecer un equilibrio entre os dous, xa que a cultura e a arte son complexas de cuantificar, se ben sobre estas áreas de estudo tamén caben consideracións cualitativas.



Gráfico 9: Metodoloxía xerárquica do tratamento do conxunto.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4. MARCO CONCEPTUAL E TEÓRICO

Desenvólvense neste punto as temáticas e áreas de estudo que condicionan de forma global aos asentamentos históricos de poboación, tanto rurais como urbanos, así como especificamente, os que condicionan o estudo de caso. Procurase presentar unha visión ampla das distintas áreas de traballo involucradas, a partir da evolución histórica dun itinerario que nos precede dende hai case doce séculos.

4.1. Orixe e cronoloxía dos primeiros asentamentos humanos

4.1.1. O antigo territorio

Os factores que inflúen na fundación e posterior crecemento dos núcleos de poboación son con frecuencia, os mesmos que en ocasións provocan a súa fin, unha vez desaparecen as circunstancias ou sinerxías que no seu momento os fixeron viables. A evolución das entidades de poboación ou da parte da *paisaxe intervida polo ser humano* contrasta co resto da *paisaxe non intervida*, se é que hoxe queda algunha, mudou dende unha total integración na antigüidade ata as formas actuais, máis agresivas co medio, que precisarán de reflexión e planificación.

O conxunto formado pola natureza e polos espazos habitables, sexan os máis urbanos ou os máis rurais, conviven con outros elementos planificados como infraestruturas, instalacións, dotacións e outros servizos e/ou actividades. Todos estes deberán harmonizar dentro dun único espazo global que indica o seu nivel de saúde mediante indicadores sobre o estado da paisaxe e do medio ambiente e, polo tanto, tamén dun planeta que representa un ben patrimonial global, transmisible de xeración en xeración.

Para acometer o presente estudo, precísase establecer unha definición do espazo físico que abarca o Camiño Francés como parte doutros espazos que conforman a serie de itinerarios dos camiños de Santiago, e que se engloban dentro do territorio histórico que hoxe en día constitúe a Comunidade Autónoma de Galicia. Así pois, aínda que as actuais divisións político-administrativas non existiron sempre, vanse recoñecendo unhas características comúns a un territorio no que respecta á tipoloxía de ocupación do solo, a sociedade, a cultura ou mesmo ao idioma.

Con anterioridade á chegada dos romanos á Península, Estrabón xa falaba desta rexión e comentaba as diferencias destes pobos denominados como galaicos, gallaeci, callaeci, Καλλαϊκοί, co resto dos Íberos ou Lusitanos. Naquel entón o territorio descrito sería maior que o que abarca a actual rexión galega, lindando ao L con Navia e ao S co río Douro. Posteriormente, formaría parte das provincias romanas Ulterior, Lusitania, Tarraconense e Gallaecia, e finalmente, despois da chegada dos pobos xermanos, converteríase no reino Suevo.

4.1.2. As antigas poboacións

Entre outros factores, a evolución humana caracterízase pola súa relación co medio e polo tanto, co modo de habitar o territorio, e con este, co progresivo desenvolvemento dos pobos e cidades, datándose algunha das máis antigas civilizacións coñecidas en fai preto de 200.000 anos a partir dos achados arqueolóxicos das covas de Misliya, Israel. Constátase que en cambio, o ser humano comeza a ser sedentario so en algúns puntos do planeta en torno a fai 10.000 anos, de forma que a "*prehistoria dos pobos nómadas*" representaría en torno ao 95% da prehistoria (Campillo Garrigós, 2009: 11) e aínda que estes porcentaxes varían segundo outros estudos, contextualizan adecuadamente a escala de que se está a falar.

A vida dos pobos nómades transcorre na procura de caza, alimentos e abrigo, entre continuos desprazamentos polo que se complica notablemente o estudo destas épocas e os asentamentos temporais que estes utilizaban. Desta longa etapa da historia do planeta e do ser humano, coñécense ferramentas, útiles e armas, enterramentos, etc., pero non será ata o final da Idade do Bronce cando comecen a existir asentamentos estacionais primeiro, construídos en materiais perdurables, e outros máis estables despois, xa no final do Bronce, e principios do Ferro.

Entre estes poboados temporais ou estacionais, existían rutas e itinerarios naturais polos se comunicaban e se desprazaban segundo cada época do ano, podendo ser o antecedente conceptual ao conxunto do que hoxe en día se coñece como *vías pecuarias*[26] e as súas variantes, (cañadas, cordeles, veredas, etc.), así como outros puntos singulares asociados a estas (abrigadoiros, majadas, chozos, etc.). Esta vías non se dan nin en toda a xeografía no mesmo modo, nin na mesma cronoloxía, de forma que cada pobo se adaptaría ás peculiaridades de cada espazo e cada época.

O nomadismo inicial, vaise esvaecendo en función do coñecemento, dominio e especialización na agricultura e gandaría, e a partir deste aumento da actividade produtiva, e polo tanto do sobrante xerado, comézase coas actividades comerciais e os intercambios con outras tribos, creando así novas relacións. Estes procesos dan lugar ao inicio dunha xerarquización da sociedade en función do papel de cada individuo ou pobo no proceso produtivo.

Non se fan esperar os primeiros conflitos entre membros da mesma ou de distintas tribos que virían a representar os primeiros fenómenos de "*fricción espacial e conflictividade intersocietal*" vinculados ao mundo gandeiro (Antón Burgos, 2000: 24-26). Xorden entón, novos conceptos como o de *dereito de aproveitamento* ou as primeiras normas do *dereito consuetudinario*[27], baseado nos usos e costumes a partir de normas non escritas, e que a día de hoxe continúan a ter validez xurídica.

O seguinte paso será a fortificación dos poboados con fin da defensa e control dos pastos (Benítez de Lugo, 2011: 50), aínda que isto sucedería nun estudo de caso na zona do Alto Guadiana, podería equipararse a outras partes do territorio. Estas vías de comunicación poden considerarse como unha parte singular máis da paisaxe, tal e como as que conforman os leitos dos ríos, as montañas, e o resto de accidentes xeográficos ou os pasos naturais de animais.

Constátase que a importancia destes itinerarios incide na xeración de importantes relacións comerciais utilizadas entre outros motivos, para comerciar co bronce e o estaño producido na Península Ibérica de cara á algunhas rexións de Europa (Ling, J. et al, 2019: 31-32) [28]. A Idade do Bronce máis temperá é a acontecida en Mesopotamia en torno ao IV milenio ac., en Europa comeza na zona do Exeo en torno ao terceiro milenio ac., non obstante, estímase que o inicio desta na Península Ibérica sería posterior, producíndose primeiro na zona de Almería a partir das culturas dos Millares primeiro (Idade do Cobre) e do Argar despois en torno ao 2300 ao 2200 ac., que coincidiría co comezo tamén no NO peninsular.

A partir de achados illados e fortuítos nas zonas do correspondentes ao N de Portugal, Galicia e Asturias, compróbase a existencia de monumentos funerarios localizados xeralmente nas proximidades de poboados, preto de zonas fértiles para os cultivos. Algúns dos citados enterramentos en Asturias e na parte oriental de Galicia, atópanse en covas e abrigos (Bettencourt, 2010: 140-155), sendo o de O Argar[29] outro exemplo de asentamentos permanentes na Europa occidental.

Os escasos datos da Idade do Bronce en Galicia amosan a existencia de gravados rupestres, dolmens ou mámoas do recente Neolítico, que actuaban a modo de fitos simbólicos e rituais sobre a paisaxe, e se localizaban na contorna próxima ás vías de comunicación, ou en encrucilladas das mesmas (Criado Boado

[26] A totalidade de vías pecuarias ocupan unha superficie de aproximadamente o 1% da superficie do que hoxe é o estado español, é dicir unhas 425.000 Ha, segundo o "*Observatorio de Caminos Naturales e Itinerarios no Motorizados*" (MITMA, 2011: 130).

[27] Regras baseadas nos costumes segundo o "*Diccionario Panhispánico del Español Jurídico*".

[28] Ling, Johan et al (2019: 31-32), a partir do estudo de espadas da Idade do Bronce en Europa, constatan a existencia de comercio e rutas comerciais que varían segundo as épocas, considerando a posibilidade da existencia dunha ruta ata Xaén e Córdoba, a raíz das súas ricas minas de cobre, e os achados de espadas destes materiais en Suecia e Dinamarca.

[29] Os primeiros achados arqueolóxicos son froito dos traballos dos irmáns belgas Siret, no século XIX.

et al, 1990: 37). Estes fitos, asociados aínda a asentamentos de poboación non estables, mudan cara a outros con maior solidez no II milenio, circunstancia que podería explicarse por que distintos "*grupos sociais ocupen reiteradamente as mesmas áreas*[30]" ao longo do tempo (Criado Boado et al, 2016: 117).

A relación entre estes poboados, as vías de comunicación e os puntos singulares destas, garda certo paralelismo coa actual tipoloxía dun rural con relación directa con estes camiños, que xorde nas súas beiras ou encrucilladas, e no que continúan a existir elementos simbólicos como os actuais cruceiros ou petos de ánimas, aínda que os motivos da existencia destes elementos en estes enclaves son discutibles. Por outra banda, a paisaxe da sociedade daquela época quizais non existe como tal, senón que a partir de estudos realizados nos xacementos da Serra do Bocelo (Concello de Sobrado dos Monxes) e o Val do río Furelos (Concello de Melide), trataríase dun cúmulo de paisaxes (Méndez Fernández, 1994: 92).

As necesidades deste antigos pobos agricultores e gandeiros no que respecta a solo produtivo e residencial, así como outras relacionadas coa comunicación, subsistencia, protección, clima, etc., provocan a elección de emprazamentos próximos e idóneos para residir ou descansar, circunstancia que se reiterará historicamente polas distintas culturas en distintas épocas os mesmos espazos mesmo para asentamentos temporais ou de tempada relacionados cos anteriores factores.

Considerase que a partir dun amplo consenso científico non será ata a Idade de Ferro cando se comeza o abandono progresivo do marcado carácter guerreiro e a fortificación dos poboados castrexos para adoitar as actividades agrícolas e gandeiras, iniciándose o proceso de "*sedentarización definitiva no Noroeste*" e a convivencia entre distintos poboados, (Grande Rodríguez, 2008: 87). Desta forma, as distintas comunidades "*se sedentarizan de forma permanente en sus respectivos castros*" creando así unha paisaxe dispersa de asentamentos cada vez menos fortificados e con mellores accesos e comunicacións, constituíndose a tipoloxía residencial por vivendas independentes, en pedra de cachotería de planta circular ou ovalada, aínda que se constata a existencia dalgunhas estancias independentes con planta ortogonal (Treboada Souto, 2016: 144-145).

A derradeira etapa, a Idade do Ferro III caracterízase pola coexistencia dos castrexos e a poboación romana e o aumento da poboación e a densidade de ocupación, así como pola maior especialización nos cultivos (Grande Rodríguez, 2008: 92-98)[31]. Xorden entón nalgunhas zonas do NO as citanias ou grandes castros, ao tempo que en outras abandónanse os antigos poboados para comezar coa construción de novas aldeas en emprazamentos próximos e que que dependían social, económica e politicamente das mesmas dinámicas anteriores, comprobando o que pode representar un certo apego a certos lugares (Sánchez Pardo, 2010: 143)

Socialmente, a convivencia dos mundos indíxena e romano, perdurará ata o fin da estadía romana na Península Ibérica en torno ao século V, semellando segundo as distintas datacións realizadas con C14 que os castros comezan a abandonarse progresivamente a partir do século II, sendo a tipoloxía fundamental de asentamento sobre o territorio en aquela época ata que se penda que se produce o abandono definitivo arredor dos séculos III e IV (Picón Platas, 2008: 163-170).

[30] Méndez Fernandez, Fidel (1994), denomina a estas zonas "*Áreas de Acumulación*", ou "*AAs"*, e as entende como un modelo habitacional. Posúen estas, relativas coincidencias espaciais cos posteriores castros da Idade do Ferro.

[31] Entende Grande Rodríguez Manuel (2008: 92-98), as Idades do Ferro, como una progresiva baixada desde os primeiros e elevados emprazamentos, cara a espazos menos protexidos, con menor visibilidade e una especialización cada vez maior na agricultura. Establece tres tipoloxías de castros na Gallaecia Interior Oriental, A, B, C.

Pódese considerar que son estes os derradeiros momentos dunha cultura castrexa moi estudada e aínda pouco coñecida da que se realizan novos achados día a día que quizais axuden a xerar un maior interese polo coñecemento dos nosos antepasados. Neste escenario, esvaécense os últimos restos das culturas castrexa e romana deixando como legado da fusión deste pobos, así como ese importante patrimonio arquitectónico e cultural que hoxe en día se pretende protexer, sendo este o punto de partida doutro capítulo da historia que propiciará a aparición das peculiares divisións territoriais da nosa cultura, as parroquias suevas.



Imaxe 39: Castelo de Pambre e valado tradicional, dende orientación L, xaneiro do 2022.



Imaxe 40: Porta lateral da Capela de San Pedro, xaneiro do 2022.

Nas imaxes superiores (39 e 40) amosase o Castelo de Pambre, baixo protección patrimonial dende a declaración xenérica de castelos do Decreto do 22 de abril de 1949 (Monumento nacional), así como BIC a partir da entrada en vigor da *Ley 16/1985, de 25 de junio, del patrimonio histórico español.* Atópase no alto dun promontorio aínda que fora da área de amortecemento do Camiño Francés, non obstante e dada a súa relativa proximidade precisase nomear este elemento que constitúe unha icona do patrimonio cultural galego.

Este exemplo é un de tantos, nos que se pode comprobar a transición continua das distintas culturas nos mesmos emprazamentos, hoxe coa consideración de elementos patrimoniais, elixidos ao longo de diversos períodos históricos como puntos singulares para o desenvolvemento dos usos residenciais, produtivos e/ou relixiosos, constatando que nunha fortaleza do século XIV, atópanse elementos do século XII (Capela de San Pedro) ou outros incluso anteriores como os muros sobre os que se levanta a propia capela que datarían do século IV, constatando a existencia na contorna próxima de restos castrexos (Castro de Remonde) e conxuntos de mámoas (Monte de Cabanas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2. Estrutura territorial no ámbito de estudo, evolución ata os nosos días.

4.2.1. O legado da Alta Idade Media e o Reino Suevo.

É no inicio da Alta Idade Media cando paralelamente en rexións limítrofes, xorden os reinos Suevo e Visigodo, o primeiro herdeiro dos antigos territorios dominados polos romanos ao NO, o segundo no resto da península a partir dun foedus[32] co debilitado e decadente baixo imperio romano. Estes pobos bárbaros que comezan as incursións na Península Ibérica en torno ao ano 409 eran en maior cantidade Suevos, Vándalos e Alanos, ademais dos Visigodos. Os suevos (e algúns alanos) aséntanse no NO da península, establecéndose a capital do Reino Suevo en Brácara Augusta (Braga, Portugal) en torno ao ano 411, capital que perdurará so durante 75 anos ata o 585, cando Leovigildo os anexiona ao Reino Visigodo (Díaz, 2000: 404).

As controvertidas fontes da época proveñen de Heméricus, Estrabón, Plinio Secondo, Hidacio ou Martín de Tours, existido unha ausencia temporal de documentación segundo a "*Crónica*" de Hidacio, ou incluso o que semella ser unha ocultación co fin de "*borrar de la historia a los paganos en el norte de Hispania*" en prol dunha narración interesada por uns ou outros motivos (Sanz Sérrano, 2017: 663). Esta éstrana circunstancia impide un maior coñecemento dunha cultura importantísima para o territorio galego, aínda que hai constancia doutras fontes da época na que si se relata sobre esta temática, que caracteriza a unha época de conflito e parcialidade.

Ao que algúns denominan o primeiro reino medieval da actual Europa, herda un mosaico de culturas, crenzas, e certa cristianización que xa comezara na última etapa indíxena-romana. Esta relixión declárase como a oficial do Baixo Imperio despois dun longo proceso, que comezaría co suposto Edicto de Milán, firmado por Constantino e Licinio, no cal se aceptaba de facto o Edicto de confianza de Galerio do ano 313 (Blazquez Martínez, 1997: 56). Esta ampla diversidade inicial no cultural e no relixioso, poden entenderse como un conxunto de "*pagãos, católicos, arianos e finalmente, mais uma vez, católicos, em 550*" (Rodrigues da Silva, 2015:194).

No relativo á tipoloxía de ocupación e explotación do territorio, estudos sobre o poboamento rural na cunca do Duero, expoñen que a desarticulación do modelo de poboamento anterior non so se produciu a partir da invasión dos pobos xermánicos, senón tamén pola desarticulación do sistema económico romano. Este cambio de ciclo a partir do que xorden aldeas dispersas, comeza no século IV a partir da integración de unidades de poboamento e arquitectura básicas en outras maiores (Tejerizo García, 2013: 293-298).

Pero a "*radical transformación*" da paisaxe occidental vai máis aló das tipoloxías de asentamentos rurais de cada período, sendo froito de importantes cambios no ámbito social, produtivo, ou incluso, no modo en que se exerce o poder da época, (Ariño, 2013: 94). Outros autores entenden estes cambios que supoñen graduais, como unha serie de "*sucesivas «rupturas» y transformaciones más que de una única crisis y ruptura generalizada*", (Gutierrez González, 2008: 218) ou ben como transformacións "*pausadas en el tiempo*" (Bravo Bosch, 2016: 145), sucedendo en tódolos ámbitos da vida rural e urbana.

Nun intento de esquematizar o sucedido en este período poderíase definir como unha progresión "*castro-villae-parroquia*", (Fariña Tojo, 1980: 12), de forma que para o entendemento desta transición, deberase reflexionar sobre o papel da aristocracia, tanto romana primeiro como eclesiástica despois e o seu papel na vida social, política e relixiosa da época.

4.2.2. O legado da arquitectura popular.

Pódese dicir que a tipoloxía construtiva da época era realmente sinxela, executada a partir de madeira, barro ou pedra procedente de anteriores edificacións, adaptándose ás actividades produtivas do momento,

32 Foedus, do latín foederatus. Tradados que realizaban os romanos para acadar axuda militar doutros pobos.

como por exemplo os tradicionais hórreos que irán substituíndo aos anteriores silos subterráneos para o almacenaxe do excedente dun sistema produtivo que muda dende o "*estatal*" da anterior etapa cara ao "*predominantemente familiar e doméstico*" desta outra (Gutiérrez González, 2008: 218-222).

A constatación da existencia dos hórreos, xa na época romana dos castros (a partir do século I a.c.), non so aporta datos sobre o que pode ser a orixe de elementos tan importantes na cultura galega e do noroeste peninsular, senón tamén, dunha forma de vida e de economía agraria, baseada nos cultivos de cereais da que xa se tiña constancia na Idade do Ferro e que tanta importancia terá no modo de vida e de asentamento sobre o territorio dos pobos de aquel entón, e do pasado recente. Os continuos achados de pezas desta época confirman estas teorías, sendo especialmente importante a recente localización do *horreum* de Proendos[33], Sober, no ano 2019, dentro dos restos da Proencia romana, conxunto arqueolóxico catalogado como Sober_64786; GA27059015 (PBA, 2021).

O estudo destes elementos destinados ao almacenaxe, achega datos sobre os cambios introducidos nos castros a partir da chegada dos romanos, constatando a existencia de procesos de deforestación, quizais para dedicar terreo aos cultivos e a necesidade de almacenar este grao, e que debido a grande capacidade destes almacéns, e a gran cantidade destes, indica que a estrutura económico social cambia de cara a un modelo de explotación agraria intensiva (Salido Domínguez, 2020: 226). Numerosos autores tratan sobre as temáticas destes pequenos almacéns, algunhas obras destacadas poden ser a de Martínez Rodríguez, I. do 1979 que establece as diferentes tipoloxías dos hórreos en Galicia, existindo outros estudos anteriores como os do polaco Frankowski, E. do 1918, ou López Soler, J. do1931.

Este elemento arquitectónico é un bo exemplo de sinxeleza e aplicación da tecnoloxía das distintas épocas á vida cotiá e ás actividades produtivas, neste caso ao sector primario, converténdose finalmente en patrimonio material e inmaterial dun pobo e diferentes épocas históricas, que será para sempre unha icona da terra galega, repetidamente grafada en documentos culturais e artísticos por moitos autores entre os que se poden citar os debuxos do rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.



Imaxe 41: Hórreo en O Pino, clave O Pino_42682 do CPCG (07.11.2021).

4.2.3. Construción residencial e relixiosa.

En relación coa arquitectura residencial, as poucas cidades da época resultan da trama legada polos romanos, con importantes modificacións derivadas da ocupación de espazos públicos, o estreitamento de calzadas, ou incluso a súa desaparición, de forma que se modifica completamente a anterior trama urbana (Bravo Bosch, 2016: 147-148). Este territorio coa incipiente trama urbana que posuía estaba vertebrado mediante as calzadas romanas XVIII, XIX e XX, actuando estas como eixos fundamentais dos núcleos de poboación principais como podían ser Braga, Chaves, Lugo, León e Astorga, conectándoos con outros

[33] Nova de xonal dixital de ciencia sobre o achado do horreum de Proendos: Fonte; https://www.gciencia.com/destinos/un-horreo-unico-en-galicia-confirma-o-tesouro-romano-de-proendos/.

núcleos secundarios como podían ser os existentes nas áreas produtivas, nos cursos fluviais ou ben coas zonas mineiras (López Quiroga, 2018: 163).

Existe tamén un legado arquitectónico que se transmite en forma de edificios relixiosos e que terá unha importante relación co modo de ocupar o territorio da época en cada momento e no que existiu un un "*reaproveitamento e adaptação de espaços romanos ao novo culto*", aínda que tamén haberíanse de construír algunhas edificacións de nova planta, distinguindo todas elas a partir de tipoloxías asimilables á urbana, rural, ou suburbana, segundo a proximidade ás cidades con capitalidade da dioceses (Inês Vaz, 2011: 102-104). En cambio, os restos de arquitectura paleocristiá son escasos, quizais por motivos relacionados coa ocultación e sinxeleza construtiva inicial, ou por unha posible destrución ou transformación en mesquitas.

Unha mostra de arquitectura suevo-visigoda no territorio galego é a igrexa de Santa Comba ou San Torcuato[34], posiblemente a máis antiga de Galicia e que escenifica o que puido ocorrer cos legados dos Reinos Suevo e Visigodo, xa que esta peza con numerosas fases de construción, reconstrución e transformación, conserva os "*sacros despojos traídos desde Guadix tras la invasión musulmana*", posteriormente levados a Celanova e da que se puido establecer que data aló menos do século VII (Caballero Zoreda et al, 2004: 276).

Estas construcións eran habituais nas proximidades de antigos asentamentos romanos e vías de comunicación, sendo un bo exemplo de que a pesar de que os estudos sobre historia e patrimonio de forma reiterada soen realizar análises específicas de cada época histórica, estas non constitúen períodos pechados senón que existe unha *transición continua* entre épocas, estilos e polo tanto, entre tipoloxías e de poboamento e ocupación do territorio.

4.2.4. O legado político-administrativo.

Datados no século VI, constátase a existencia dos coñecidos como *o parroquial suevo*[35] ou divisións de Teodomiro[36], importantísimo documento para o coñecemento da estrutura social, política e de ocupación do territorio no pequeno período de existencia do reino, e da cal deriva o actual poboamento rural de Galicia e N de Portugal a partir das entidades coñecidas como parroquias[37]. O parroquial suevo distinguía sete dioceses, cinco delas na actual Galicia, entre as que se atoparían Iria, Lugo, Ourense, Tui e Britonia[38], subdivididas á súa vez en trece sedes episcopais e finalmente as *ecclesiae* dependentes do poder eclesiástico de cada unha das sedes, así como outras privadas (David, P., 1947: 19-44).

Entre os numerosos datos que se descoñecen desta época atópase a xustificación da estrutura e distribución espacial e a densidade de poboación das parroquias, así como se a superficie de cada

[34] Igrexa de Santa Comba ou San Torcuato, Concello de Bande, Ourense, Monumento nacional dende 16/08/1921 por Alfonso XIII, BIC.000.011 a partir da lei 16/1985, de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español.

[35] Parroquial Suevo: Segundo David, P. (1947: 20-21), existen 4 copias principais, ás que denomina A, B, C e D, e que segundo Sánchez Pardo, J.C. (2014: 441), ven a consistir, "*una vez despojado de los añadidos posteriores, en una simple y monótona lista de las trece diócesis con sus correspondientes «ecclesiae»".*

[36] Teodomiro, monarca suevo ao que se atribúe o documento da listaxe de parroquias suevas, tamén feligrexías.

[37] Parroquia, segundo a RAE (2019) é "6. f. Gal. En los municipios rurales, demarcación administrativa local, aunque carente de reconocimiento legal expreso". Segundo o Código de Dereito Canónigo é "*515 § 1 La parroquia es una determinada comunidad de fieles constituida de modo estable en la Iglesia particular, cuya cura pastoral, bajo la autoridad del Obispo diocesano, se encomienda a un párroco, como su pastor propio*" (Cap. VI).

[38] Britonia foi un espazo territorial localizado entre a actual Galicia e Asturias, no N do Reino Suevo, cualificado como diocese, e habitado por descendentes de pobos Bretóns, sendo o parroquial Suevo, un importante documento histórico sobre esta migración (David, P. 1947: 57).

sede/parroquia estaría relacionada coa importancia destas, fora por motivos eclesiásticos ou aristocráticos. En todo caso, pódese comprobar unha maior cantidade de sedes eclesiásticas en Tui, Iria ou Ourense.

A vinculación da organización territorial segundo pequenas entidades relacionadas co poder eclesiástico xa se intuía na derradeira etapa romana a xulgar pola progresiva cristianización do territorio a finais do século V, constatando a existencia de cristiáns incluso entre os habitantes dos últimos castros romanos, e que a partir do aumento de fieis, e a posterior organización en bispados, comezaron a edificar igrexas. A promoción destas igrexas proviña de iniciativas privadas (propietarios das grandes vilas rústicas) ou ben de iniciativas eclesiásticas (os propios bispos) que en certo momento, debido a este aumento notorio de poboación cristián, transfiren aos sacerdotes dos templos rurais a facultade de administrar o bautismo (López Alsina, 2009: 57-60).

Esta organización en parroquias perdura ata os nosos días, establecendo o IGE (2020) o número de entidades de poboación colectivas (parroquias) na Comunidade Autónoma de Galicia en 3771 unidades a partir dos datos do Nomenclátor[39] (para un número de municipios de 313) cunha superficie total da comunidade de 29.576,74 Km^2, mentres que Portugal, tamén parcialmente dentro do Reino Suevo, conta con 308 municipios para un total de 3092 freguesías, sendo a superficie de 92.225,20 Km^2, INE Portugal 2020[40]. Compróbase a existencia de similitudes entre os actuais sistemas parroquiais galego e portugués, non obstante, a extensión superficial tanto das parroquias como a dos concellos, é maior en Portugal.

Na actualidade, os estudos destas unidades de poboación abarcan a diversas áreas de coñecemento como a xeografía, socioloxía, antropoloxía e incluso os estudos xurídicos, non obstante anteriormente xa se tratou de dar resposta a cuestións como o espallamento da poboación ou as condicións sociais, naturais, etc. que condicionan a ocupación do territorio galego, e máis concretamente o estudo das divisións parroquiais (Otero Pedraio, 1927: 9-10). Esta tipoloxía de estudos relacionados coas ciencias sociais consolídase academicamente entre os anos 1960 e 1970, tomando "*o relevo dos pensadores da preguerra"* (De Torres Luna & Lois González, 2009: 23-24).

Un dos elementos representativos desta época altomedieval é a aldea que xorde a partir da vila aristocrática adaptándose aos novos tempos nos eidos económico e social, a partir dunha nova realidade na que xa non se atopa a aristocracia romana, substituída pola eclesiástica. Ao tempo, aparecen asentamentos de poboación de nova creación e sensiblemente diferentes aos anteriores a partir de distintas peculiaridades segundo rexións, constituíndo un "*un fenómeno general en el occidente europeo*" (Ariño, 2013: 94).

En todo caso, a transición política, social e relixiosa non sucede nin á mesma velocidade nin en tódalas rexións no mesmo modo, representando un cambio no modelo de produción pero tamén na estrutura da propiedade ou nas xerarquías da época, dándose como resultado final unha heteroxeneidade similar á da anterior época tardo romana (Gutiérrez González, 2010: 168). O motivo da ausencia de restos arqueolóxicos das pequenas aldeas da época podería explicarse pola xa mencionada heteroxeneidade ou quizás dos procesos de re-utilización, transición e adaptación continua destas aldeas.

É por todo isto que resultaría arriscado definir unha tipoloxía arquitectónica pechada e representativa das vivendas ou dos núcleos de poboación da época, xa que os poucos restos existentes da transición do período tardo-romano ao medieval, teñen que ver coa re-utilización, reforma, reconstrución e cambios de uso de edificacións da anterior época indíxena-romana (Gutiérrez González, 2010: 168). Pola contra, este autor considera que moi poucos dos achados teñen relación expresamente co Reino Suevo, sendo a mostra recuperada moi reducida e relacionada con outro tipo de edificacións, de carácter relixioso, executadas con

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

39 Nomenclátor: "*Catálogo de nombres propios o de voces técnicas de una disciplina*" (RAE, 2014, def.1).

40 Instituto Nacional de Estatística de Portugal: Dispoñible en; https://www.ine.pt/.

outros medios e calidade debido á mestura dos patrocinios do poder económico, administrativo e relixioso da época, que finalmente implicarán unha maior durabilidade.

A historiografía clásica consideraba a esta época como un período histórico fundamentalmente rural no que as elites se dedicaban ao excedente agrícola, non obstante traballos máis recentes amosan que ademais da importancia da produción agraria existían outras actividades produtivas como a minería[41], producíndose tamén importantes avances no comercio exterior e o sector marítimo (Sánchez Pardo, 2014: 985-1016).

Por exemplo, existen evidencias da relevancia do porto de Vigo, sendo proba da importancia da economía da época, a existencia de moeda propia. A transición do Reino Suevo ao Visigodo realizase con alternancias no relixioso e no poder, culminando no 585 co fin do primeiro dos reinos a partir da campaña militar visigoda, e o comezo do segundo con Leovigildo á fronte que morre no 586, sendo co seguinte monarca, Recaredo, cando a partir do III Concilio de Toledo no 587, imponse a oficialidade do catolicismo despois dunha breve época arriana, agora xa nun único reino, producíndose a conversión dos suevos dentro da nova nación católica (Torreira, 1989: 69-79).



Mapa 7: Centro histórico de Lugo ata onde chegaba a vía romana XIX a partir de ortofoto, 1956-1957.

4.2.5. Reinos cristiáns e pobos musulmáns.

A complexidade de todos estes cambios a nivel político e administrativo, quizais non se reflicta na mesma contía a nivel da ocupación do territorio, pero si son importantes para o entendemento da situación social e da poboación da época. Durante o reino de Toledo a base xeral deste modelo de asentamento é a cidade, existindo ademais unha elite urbana que se podería equiparar a un modo de goberno local, podendo asistir a unha " *recuperación de la política edilicia y urbanística*" que reflexaba a diversidade de poboación existente e o continuo conflito que existirá ao longo desta época de finais do século VI (Olmo Enciso, 1998: 110-111).

Estas elites ou aristocracias amosan o principio dun período feudal e dun poder predominante dun clero establecido en cidades case autónomas e no que mestura relixión, administración, política e poder militar, actuando incluso sobre as actividades comerciais e dispoñendo de funcionarios dependentes do poder central (Toledo) e outros do poder de cada provincia (Salvador Ventura, 990: 410-411). Non obstante, esta revitalización do urbano lle sucederá unha nova crise da cidade que será coincidente coa crise do estado visigodo entre finais do século VI e a segunda metade do VII (Olmo Enciso, 1998: 115).

O papel que exercían estas cidades sobre as actividades comerciais e artesanais contrastaba coa independencia das grandes propiedades herdeiras das fortificadas vilas periféricas, que elaboraban produtos que intercambiarían nas cidades pero sen dúbida o papel máis importante destas era o relixioso, de forma que o cristianismo da época adopta as antigas divisións territoriais dos romanos en cidades e provincias primeiro, introducindo posteriormente a figura do espazo metropolitano, como mostra destas cidades

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[41] Os romanos xa coñecían as ricas minas galego-asturianas, constátase a explotación na época suevo-visigoda de minas de ouro e estaño, estando a maioría das de Galicia, na parte occidental (Sánchez Pardo, 2014: 992).

pódese nomear Hispalis (Sevilla) e Carthago Spartaria (Cartagena) (Salvador Ventura, 1990: 412-413), podendo definir o modelo defensivo destas como un "*doble limes*[42]".

Considerase que os séculos V ao VIII, por un lado perduraría o modelo tardo-romano de asentamento en modo de "*cuitastes*" e "*castra*", e por outro os asentamentos campesiños reestrutúranse re-ocupando e re-fortificando algúns dos antigos castros (Gutiérrez González, 2001: 23). Existen mostras desta tipoloxía de asentamento fortificado sobre o territorio en todo o N da Península Ibérica, por exemplo en Cataluña, Puig Rom (Girona), Roc d´Enclar (Andorra), no val do Ebro o asentamento de Ager (Lleida) ou o Castillo de los Monjes (A Rioja), en Galicia coñécense os castros de Viladonga, San Cibrián ou Santa Tegra (Gutiérrez González, 2014: 194).

A posterior estadía dos árabes non deixará gran pegada en Galicia, non obstante si se describen feitos memorables e relacionados con Santiago de Compostela na fronteira coas lendas. Pero será co inicio da peste negra ao principio do seguinte período histórico da Baixa Idade Media, cando o modo de vida e a relación da poboación coa cidade pase a mudar radicalmente, producíndose o abandono e/ou fin de moitos núcleos de poboación.

4.2.6. A repercusión da peste, poboamento e pandemia.

Se ben o crecemento da humanidade desenvolvese a partir dos itinerarios e rutas culturais e económicas, as veces estas amosan as dúas facianas deste progreso funcionando como fío condutor de destrución, tal e como sucedeu coa *morte negra*, que percorreu a Ruta da Seda a partir de estacións para caravanas que existían no itinerario ao longo da actual Rusia durante o ano 1346 (Sánchez-David, 2008: 133-134).

Outras fontes falan da incidencia da enfermidade que finalmente invadiu toda Europa en torno ao 1348 e se converte en un dos maiores desastres demográficos da historia, tamén ao longo do itinerario da Ruta das Especias. Resulta complexo reflexionar sobre o aporte de datos verídicos de vítimas, a partir de fontes dunha época anterior á estatística e que proveñen en gran medida dalgún tipo de rexistros fiscais que non abarcaban á toda a poboación. Outros datos proveñen de crónicas da época, pouco fiables e que acaban levando a unha "*importante inseguridade nas conclusións*" (Benedictow, 2004: 8-9).

Este tema foi moi tratado por historiadores, aportando cifras dispares sobre a mortaldade da poboación que en todo caso son excepcionais por abarcar un rango de entre o 25 e o 50%. Estas circunstancias deixan unha inevitable pegada na poboación, na vida urbana e na memoria colectiva e individual dos moradores de aquel entón, podendo experimentar propiamente incluso en pleno século XXI, a dificultade de obter datos verídicos sobre as cifras da pandemia do Sars-Cov-2, non obstante, quizais o actual problema non ten que ver coa falla de ferramentas estatísticas.

Algúns lugares de Europa estiveron afectados por sucesivos ciclos da epidemia que semellaba desaparecer xa dende o ano 1352 pero revivía con novos casos, xerando aínda maior incerteza e desconfianza que xunto á fame e a guerra incrementaba a gravidade da situación, aínda que de todos os problemas da enfermidade "*la regresión demográfica es la más llamativa*" (Mitre Fernández, 1985: 12). A orixe na Península Ibérica e o itinerario que cursa é difícil de establecer, semellando que que actuou durante un período de dous anos, entrando supostamente en Santiago de Compostela en torno aos meses de marzo a xuño de 1348 (Valdeón Varuque, 1985: 19-22).

A enfermidade continuou a causar mortes de forma intermitente ata diversos episodios tráxicos xa no século XVI, sendo a pandemia en certo modo, responsable dalgúns dos hospitais de peregrinos existentes

[42] Doble limes: Fortificación consistente en dúas liñas, primeiro no exterior os lugares fortificados (vilas periféricas) defendidas por "*soldados campesinos*" e ara ao interior a cidade fortificada propiamente dita, na que se asentaban tropas regulares (Salvador Ventura, 1990: 412-413).

ao longo dos itinerarios dos camiños, ao mesmo tempo que da maior transmisión de casos ao longo dos itinerarios. Estudos do CSIC relacionan globalmente os casos da epidemia coa transitividade das vías de comunicación existentes nas poboacións a partir de mediados do século XIV, coa conclusión de que este estudo "*suggests that the spread of the plague in Europe was related to the medieval trading and pilgrimage network*" (Gómez & Verdú, 2017: 5).[43]

O Códie Calixtino xa recolle a existencia destes hospitais, que se utilizaron orixinariamente non só como centros asistenciais (Hospitais), senón tamén como punto de descanso e aloxamento aos peregrinos e pobres (Hospitium), realizando estas funcións ao tempo que complementaban a labor de mosteiros ou conventos, que deixan un amplo legado arquitectónico da época. Estas institucións creábanse frecuentemente como parte dunha labor benéfica realizada por bispos, reis ou nobres, de forma que se chegou a tecer unha ampla rede ao longo do camiño.

A partir do século XI e ata a avanzada Idade Media, os templos estiveron sempre abertos, non obstante, esta práctica prohíbese polo Concilio de Trento alegando a falla de condicións hixiénicas (Cordero del Campillo, 2007: 4-5). A actitude dos habitantes europeos ante unha epidemia de tal magnitude foi ben diferente, podendo encaixala en tres grupos, os que morreron en primeiro lugar, os denominados "*flaxelantes*[44]", ávidos de penitencia e perdón en segundo lugar, e finalmente os que deciden ante un futuro incerto, relaxar as súas costumes e desfrutar mentres poidan a partir dun "*vitalismo explosivo e unha auténtica paixón polo desfrute dos bens terrenais*" (Valdeón Varuque, 1985: 30), podendo establecer un certo paralelismo coa recente situación pandémica.

¿E como inflúe este momento terrible na historia posterior?, pois acrecentando as crenzas relixiosas de forma que resulta unha Baixa Idade Media na que se constrúen máis igrexas e edificacións de carácter relixioso, dando lugar a un auxe da construción en xeral que se reflicte nunha notable riqueza que compensa a anterior época de descenso de ingresos dos señoríos e os conseguintes problemas políticos. Hai que ter en conta que a afección foi maior nas urbes debido á súa densidade de poboación e as deficientes condicións hixiénicas destas, pero no rural foi tal que provocou a desaparición de moitísimos núcleos (Benedictow, 2004: 20-22).

Os problemas políticos e conflitividade por falla de ingresos e de man de obra sucederon tanto a nivel estatal como europeo, derivando en conflitos bélicos como a Guerra dos 100 anos entre ingleses e franceses, que agrava a situación da poboación aínda máis (Benedictow, 2004: 20-22)[45]. De novo existen coincidencias coa actual situación denominada por algúns como post-pandemia, incluso antes de que esta se considere rematada a efectos sanitarios. Vistos os antecedentes históricos, compróbase que as posteriores (e agora antigas) teses hixienistas cobran de novo importancia dentro da planificación urbanística, constatando a necesidade tamén de planificar a saúde dentro do urbano e o rural, con medidas urbanísticas tomadas para o caso, que melloren a calidade das vivendas, dos servizos urbanos e a do medio que nos rodea.

Neste senso, pódese entender a saúde da poboación (e por extensión, da sociedade) como o conxunto das saúdes individuais dende a concepción hipocrática da saúde, é dicir, baseada no equilibrio dos distintos humores do corpo humano, podendo equiparar ao momento histórico da peste bubónica co "*comezo da*

[43] Relaciónanse neste estudo, as vías de comunicación e peregrinación e a transmisión da enfermidade na Idade Media, en Europa, Asia e norte de África. A proporcionalidade establecese entre a centralidade das poboacións e os dous tipos de rutas, comerciais e de peregrinacións, aínda que coincidan en moitas ocasións.

[44] Os "flaxelantes", segundo Valdeón Varuque, J.(1985:28), foron bandas de penitentes, que reaccionaron en grupos de centos, e as veces miles, percorrendo Europa implorando clemencia a Dios, ante o medo á enfermidade e unha dolorosa morte.

[45] Expón Benedictow, O. J. (2004), que houbo un interese en facer a guerra, substituíndo así, os ingresos agrarios perdidos, por salarios de guerra, obtidos a partir de botíns de guerra e rescates.

saúde pública" (Quevedo, 2004: 85), sendo isto de gran importancia nos días nos que se escriben estas liñas, no que pouco a pouco, finaliza unha situación similar que nos obrigará a realizar unha profunda reflexión, non só sobre a ocupación do territorio no futuro, senón tamén da relación do ser humano co medio.

A repercusión da peste sobre as cidades e o urbanismo é importantísima, e ademais de lendas e literatura, lega importantes determinacións hixienistas nas ordenanzas medievais, que continuaran a desenvolverse ata a actualidade, así como a un deseño urbano que procura rúas menos angostas, máis iluminadas, e servizos urbanos de recollida de lixo e augas residuais, que finalmente se reflicten nas actuais determinacións sobre eficiencia enerxética, normas de habitabilidade, ou mesmo as medidas para a corrección das denominadas infravivendas.

Se ben a epidemia afectou ao urbano e ao rural, hai que dicir que xa por aquel entón as grandes urbes da época, París ou Londres estiveron dobremente afectadas xa que a poboación crecía a unha maior velocidade, e constrinxidas no interior das murallas, creaban un insalubre escenario apropiado para que a morte negra fixera o seu traballo. A modo de anécdota, cóntase que o mal cheiro de París podíase apreciar a varios Km. de distancia, as estreitas rúas, a falla de canalización para as residuais, e o lixo espallado por estas, era unha fonte enorme de enfermidades, entendendo que a situación podería ser similar noutras grandes poboacións da época.

Algúns historiadores falan da relación coa morte e o significado en cada tempo histórico ou xeración, pois ben, esas xeracións que lles tocou vivir a peste bubónica estaban ben concienciadas desta, no senso de que "*la muerte estaba muy próxima en los tiempos medios, el otoño del hombre medieval comenzaba a los 35 años*" (Claramunt, 1985: 206). Segundo este autor, as causas de finamento por enfermidade eran variadísimas, non so a peste negra, senón tamén outras enfermidades como as fístulas, úlceras, abscesos, tiña, lepra, etc., eran responsables dunha redución demográfica intensa e constante.

Por outra banda, sería interesante reflexionar sobre como sería unha cidade con "*vellos*" na trintena, e coñecer en que condicións se chegaba ao ocaso desta curta vida a esa temperá idade, alo menos, dende a visión dunha persoa do século XXI. O motivo da reflexión é que a lonxevidade sería un factor determinante no progreso da humanidade, entendendo aos cidadáns como forza de produción e desenvolvemento, que alcanzarían a súa maior produtividade despois dos procesos de aprendizaxe e experiencia profesional ao longo dos anos.

O froito dos avances da sociedade e da mellora de calidade de vida das persoas é o incremento do indicador estatístico da esperanza de vida, que a nivel estatal no ano 2016 é de aproximadamente 12 anos maior que no ano 1960, é dicir, pasase dunha esperanza de vida de 56 anos ata a de 83 anos no ano 2016, (Banco Mundial, 2019)[46]. Estamos ante unha diferencia de máis do dobre da esperanza de vida actual en comparación cos homes e mulleres medievais.

Os dilemas sobre o derrubo das antigas murallas no século XIX e principios do XX, así como o necesario desenvolvemento das redes de augas residuais, foron froito de situacións similares e incluso peores á actual, a partir das cales e coa colaboración multidisciplinar de urbanistas, arquitectos enxeñeiros e por suposto, médicos, mudou para sempre a concepción das cidades. As tendencias de ensanches e reforma interior das poboacións marcarán un antes e un despois na planificación das novas cidades e incluso na recuperación das existentes, en ocasións ligadas ás antigas *revolucións industriais* e relegadas na actualidade por outras revolucións, as *tecnolóxicas*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[46] Estatísticas do Banco Mundial sobre demografía e poboación, de entre os anos 1960 a 2016, actualizadas a día 30/01/2019.

Ábrese polo tanto un novo escenario no que deberemos reflexionar se no século XXI precisaremos novas actuacións hixienistas que melloren a vida nas cidades, aínda que todo apunta a que estas intervencións deberán ter un carácter global, e actuar de forma integral, sobre o planeta.

4.3. Rutas, itinerarios e infraestruturas de transporte, repercusión no territorio.

4.3.1. As antigas vías de comunicación.

As relacións entre o desenvolvemento dos núcleos de poboación e as vías de comunicación é importantísima e mutua xa que algúns núcleos fúndanse ao carón de vías de comunicación e itinerarios de calquera tipo, de forma planificada ou espontánea, en outras ocasións serán estas vías de comunicacións as que se planifiquen para conectar varios núcleos e propicien o crecemento dos existentes así como a fundación doutros, sendo as motivacións moi diversas e derivadas de necesidades económicas, culturais, climatolóxicas, etc.

Algúns dos antigos itinerarios, máis ou menos locais, e que se recoñecen na actualidade pola UNESCO[47], discorren por antigas calzadas romanas e sendas con especial contido histórico e patrimonial, existindo incluso relación directa entre algunhas destas e tramos dos camiños de Santiago. A cuestión é lóxica tendo en conta que se trataba das antigas infraestruturas, moi avanzadas para a época na que se comeza coas peregrinacións a Santiago, pero deberase ter en conta que estas xa se utilizaban para o comercio e os desprazamentos de persoas e mercadorías séculos atrás.

Os inicios das peregrinacións foron complicados por mor da situación de conflito do momento, a partir entre outros, da ocupación dos pobos musulmáns. Estas circunstancias actuaron como apoio directo ou indirecto ao camiño de Santiago, é dicir, implicaron o uso das vías establecidas polos romanos, ou todo o contrario xa que en ocasións tanto peregrinos como comerciantes evitaban estas para elixir opcións de comunicación con menos perigo de asaltos, aínda que quizais menos sinxelas.

Ao igual que na actualidade, existía unha xerarquía entre estas vías, podendo distinguir segundo as súas funcións, as *viae publicae*, as *viae vicinalis* e as *viae privatae*, sendo importante mencionar que xa existía en un concepto da *cousa pública*, a *res publicae*. Esta coidada enxeñaría permitiu que se puideran usar durante séculos e que serviran de apoio ás posteriores vías que chegan parcialmente ata os nosos días, froito do uso e polo tanto, da reparación e mantemento continuo que dou servizo a un rico comercio da Idade Media primeiro, para posteriormente a partir do valor progresivo que se lle outorga como elemento patrimonial, e certo grao de conservación periódico, cheguen ata nosos días.

Mapa 8: Calzadas romanas no NO. da Península Ibérica a partir de mapa do IGN .



[47] UNESCO, Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura. Os seus programas contribúen ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible definidos no Programa 2030, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas do 2015.

O sistema de obras romano complementábase cun importante sistema de rexistro, en certo modo equivalente ao catastro actual que se realizaba por medio das "*formae*", documento oficial no que se podía consultar a asignación e dimensións (Ponte Arrébola, 2007: 80-81). Estas *formae* de cada territorio que incluso sinalaban os nomes dos veciños rexistrados, podían consultarse nos bronces establecidos para iso ou no "*Tabularium*" (Rexistro do Emperador), que representaba a "*expresión máxima dun Estado*" (Fernández Romero, 2003: 62-63).

As principais vías galegas que realizaban itinerarios entre Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga) son a XVIII, a XIX e a XX ademais doutras secundarias, apoiándose o coñecemento destas últimas en diversas teorías que interpretan as fontes arqueolóxicas ou toponímicas. Non obstante estas son vías de maior entidade, pero a maioría das existentes en Gallaecia eran máis rudimentarias dado a que non se trataba dun territorio de paso, senón de "*un fin de etapa*" cunha rede de camiños pechada, propia e particular (Méndez Fonte, 1996: 153-154).

Non existen moitos datos e/ou estudos do que aconteceu coas vías romanas dende a decadencia e final do Imperio Romano (século V) ata as épocas das invasións dos pobos Suevos e Visigodos ou a posterior chegada dos pobos musulmáns no 711. Estes camiños, unha vez abandonados polos romanos sufriron un proceso de deterioro derivado do uso de da falta de mantemento, que quizais foi menor durante os inicios do período Visigodo por ser recentes as últimas labores de construción e mantemento dos romanos (Franco Sánchez, 2005: 38-39).

Algúns autores restan importancia ao legado romano, afirmando que moitos dos camiños e vías de comunicación eran precedentes a estes, se ben semella que a diferencias entre investigadores poden fundamentarse nos diferentes graos de romanización da península. Neste senso, entre a variedade de interpretacións parece claro que estas calzadas continúan utilizándose despois da marcha dos romanos como medio alternativo de desprazamento (Igual Luís, 2015: 81-82), non obstante coa ausencia de planificación, reparación, etc.

Dicentes investigacións datan entre os anos 718 ao 722 a coñecida como Batalla de Covadonga en Asturias en onde supostamente se derrota ás tropas de Al-Andalus, outros dubidan se algunha vez existiu este enfrontamento a partir do cal comezarían a fundarse os Reinos Cristiáns do Norte, aínda que os pobos musulmáns proseguiron varios séculos máis na península. León será un punto de paso fundamental da Vía da Prata e a calzada romana na que se apoia o Camiño Francés de Santiago pola provincia.

Xa no século X o Camiño Francés confírmase como vía de comunicación que dará servizo a estes reinos, pasando no século XI a denominarse Camiño Mozárabe. No século XIII será obxecto de protección por primeira vez a partir de lexislación proclamada por Alfonso IX no ano 1228 co motivo da elevada repercusión do camiño e da gran cantidade de peregrinos cursaban, que propiciou unha elevada cantidade de roubos e inseguridade (Rabanal Alonso, 2003: 115-120).

Semella que os pobos musulmáns utilizaron estes itinerarios dende o inicio da ocupación ata case ao final, coñecéndose que a viaxe de Almanzor ata Santiago de Compostela, discorreu polo itinerario de Toledo, a través da actual Portugal, para o cal, apoiouse en fitos da rede viaria como serían as zonas de descanso e aprovisionamento (Franco Sánchez, 1993: 80-83). Esta incursión destruiría Santiago e deixaría danos importantes en outras localidades como Iria (Pérez de Tudela y Velasco, 1998: 11-12).

Pero o uso destas infraestruturas non so tiña fins de peregrinase senón tamén comerciais, sendo habitual que o utilizaran mercades que viaxaban dende as cidades de Al-Andalus cara aos mercados de Castilla, León, Navarra ou Galicia e Portugal, así como por xudeus con posible orixe hispano musulmán,

que vendían nos mercados de Celanova no ano 1184 (Mompelet Míguez, 2008: 129), podendo citar a capela de San Miguel de Celanova[48] como unha importante mostra da arquitectura mozárabe en Galicia.



Imaxe 42: Interior da Capela de San Miguel, Celanova.



Imaxe 43: Capela prerrománica de San Miguel, Celanova.

Fonte imaxe 42: Plano 1 de ordenación do solo urbano do vixente PXOM do Concello de Celanova: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/urb. Consulta en data de xaneiro do 2022.
Fonte imaxe 43: http://patrimoniogalego.net/. Consulta en data de xaneiro do 2022.

Por esta localidade discorre o coñecido como o Camiño de Santiago de San Rosendo, nado a partir da vía romana XVIII e que obtén o recoñecemento eclesiástico a finais do ano 2021, continuando aberta a tramitación para o recoñecemento oficial como treito dos Camiños de Santiago (Braga-Santiago) en función dos condicionantes establecidos pola *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*, que estimará cada proposta que "*xustifique convenientemente a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago de Compostela e a súa influencia na formalización da estrutura do territorio polo que transcorren*" (art. 73.3).

O legado da arte hispano musulmán no Camiño de Santiago atopámolo en varios formatos, o primeiro consiste en obras artísticas cristiás con algún elemento de influencia andalusí, outros elementos pertencentes á arquitectura mozárabe, ou outras obras mudéxares (Mompelet Miguez, 2008: 130-134). Segundo este autor o legado nos na contorna dos camiños de Santiago é ampla, poñendo como exemplos da posible influencia islámica os habituais arcos lobulados da igrexa de San Nicolás en Portomarín[49] ou a desaparecida igrexa de San Pedro de Melide[50], así como fora de Galicia, as de San Tirso (s. XII), San

[48] Capela de San Miguel de Celanova: É unha mostra da arquitectura mozárabe en Galicia. Declarada Monumento Nacional pola "*Real Orden 12/04/1923*", e posterior BIC.000.012. Os arcos son na súa totalidade de ferradura, ano de construción segundo o PXOM vixente, 942, e clave do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia 32024_275.

[49] Igrexa de San Nicolás de Portomarín, trasladada e reconstruída na década dos 60s, dende o seu emprazamento orixinal xunto á beira do Miño. Declarado Monumento Nacional pola "*Real Orden 03/06/1931*", e posterior BIC.000.032.

[50] Igrexa de San Pedro de Melide, desaparecida, e da que se conserva a fachada nun conxunto arquitectónico posterior, a actual capela de San Roque, no itinerario do Camiño Francés, catalogada polas NNSS vixentes na actualidade.

Lourenzo (s. XIII), ambas en Sahagún, León, ou ben o Mosteiro de Las Huelgas en Burgos, todas nos itinerarios dos camiños.

4.3.2. O actual itinerario francés.

Fitos importantes dentro da traza do Camiño Francés son as poboacións de Arzúa e Melide, importantes nodos económicos da zona e que contan con centros históricos de importancia. No centro urbano de Arzúa conflúen o treito final do Camiño do Norte e o itinerario do Camiño Francés, producíndose este encontro no centro urbano polo que discorre a estrada N-547.



Imaxe 44: Igrexa de San Pedro, Melide (xaneiro do 2022).




Imaxe 45: Igrexa de San Roque, Melide.[51]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[51] Fonte imaxe 45: https://www.galiciamaxica.eu/galicia/capilla-de-san-roque-de-melide/.




Imaxe 46: Camiño Francés no centro histórico de Arzúa (23/05/2021).




Mapa 9: Camiño Francés (NO a SE) e Camiño do Norte (N a S), Arzúa.

No centro histórico de Melide, o Camiño Francés atópase co derradeiro treito do Camiño Primitivo ou do Norte Interior polo que estarase ante outro punto singular do itinerario que se achega ao centro urbano tamén a partir da N-547, desviándose xa en esta vía cara ao interior do centros histórico.



Imaxe 47: Encontro no CH de Melide do Itinerario do Norte (outubro do 2021).




Mapa 10: Ámbito dos camiños en Melide. Elaboración a partir de mapas do PBA.

O estudo da arquitectura residencial dos anos nos que se descobre supostamente o sepulcro do apóstolo[52] e complexo debido a escasa proba documental que se conserva. Por outra banda, deberíase tratar de vivendas humildes, non deseñadas para perdurar no tempo, en cambio si se conserva mostra de edificios singulares executados con maiores medios técnicos e económicos e baixo a tutela do poder económico e relixioso.

Considerando a Santiago de Compostela como o punto de máis importancia do itinerario por ser precisamente o que o motiva, débese resaltar que é escasa a mostra de edificacións de carácter residencial de certa antigüidade, ao contrario que sucede con outra tipoloxía de construcións. Pódense mencionar os exemplos de edificacións unifamiliares (imaxes 48-50) datadas polas respectivas fichas de catalogación do PE-1 nos séculos XIV e XV, cinco séculos despois do inicio das peregrinacións, se ben deberase considerar que en aquel momento histórico, practicamente so existía a aldea de San Fiz de Solovio.



Imaxe 48: Estado actual de vivenda na rúa Algalia de Abaixo, Santiago de Compostela (febreiro do 2022).



Imaxe 49: Ficha de catalogación (PE-1) da vivenda na Algalia de Abaixo, Santiago de Compostela.

É de supoñer que dada a importancia das poucas cidades existentes na Alta Idade Media, algunhas das edificacións intramuros dispuxeron da tecnoloxía, materiais e dotación económica e humana suficiente para a época, de forma que conseguiron perdurar centos de anos, non obstante se ben se conserva abundante mostra da arquitectura monumental e outra dedicada a elementos singulares, non sucede o mesmo coas edificacións residenciais, substituídas ou reconstruídas parcialmente a partir de sucesivas intervencións dentro dos centros urbanos, pero practicamente desaparecidas nos núcleos rurais, podendo nomear casos singulares como os da Aldea da Pena, ao S do Concello de Calvos de Randín ou o de Rousía, Concello de Baltar. En todo caso, si se conserva mostra da anterior edificación residencial, con unha mostra de miles de castros de entre a Idade do Ferro e a primeira estadía romana na Gallaecia de entón.


As edificacións máis antigas de carácter residencial que se conservan nas cidades e vilas galegas como Santiago de Compostela, Lugo, Betanzos, Tui, Mondoñedo, Ribadavia ou a capital do Reino de Galicia, Allariz, proveñen na maioría de casos de edificacións singulares que puideron ser as residencias dos señores da época, casas reitorais ou os antigos barrios xudeus, e que no mellor dos casos datan de entre o século XII e XIII. A ausencia de mostra da un reflexo do carácter efémero desta tipoloxía de construción en comparación coa edificación monumental que estamos acostumados a contemplar nos centros históricos, e que é o legado que chega á actualidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[52] O sepulcro descóbrese supostamente entre os anos 820 ao 830, existindo diferencias segundo distintos autores.



Imaxe 50: Sinxelas edificacións tradicionais na Rúa Nova, Santiago de Compostela (xaneiro do 2022).



Mapa 11: Vivendas na Rúa Nova no centro histórico de Santiago de Compostela.

Notas sobre a imaxe 50: Trátase dalgunhas das máis antigas do centro histórico de Santiago de Compostela, século XV segundo ficha de catalogación e de entre os séculos XII a XIII (Jiménez Aleixandre, 2009: 51-52).

4.3.3. Outros itinerarios menos coñecidos.

As peregrinacións comezan nun primeiro momento co itinerario da costa, coñecido como Camiño do Norte a través do territorio non ocupado polos musulmáns, ata que despois da denominada *reconquista*, se comeza a utilizar tamén o Camiño Francés. Precisamente por vía marítima desenvolvéronse algúns dos menos coñecidos e estudados itinerarios, que foron decisivos no nacemento de moitos asentamentos de poboación costeiros situados nos puntos máis interiores das rías, aos que o acceso se producía coa marea, aportando así visibilidade e protección ás embarcacións que de camiño ás cruzadas, facían escala para ir a Santiago de Compostela (San Claudio Santa Cruz, 2018)[53].

Como exemplo doutras rutas marítimas con importancia sobre o territorio e os asentamentos de poboación, pódese mencionar a ruta dos Viquingos, con repercusión nas actuais comunidades de Galicia e Asturias, pola inestabilidade e violencia que creaban coas súas incursións. De feito, considerase que este foi un dos factores que motivaron o retraso do crecemento urbano nesta parte do territorio na Idade Media, sobre todo nunha franxa costeira moi exposta (Solano Fernández-Sordo, 2010: 60).

O auxe do camiño como ruta de peregrinación consolídase nos séculos XI e XII, sendo as súas orixes, unha complexa mestura de motivacións políticas, relixiosas e culturais co fin do establecemento dun espazo político e cristiá central en Occidente (Barreiro Rivas, 2002: 533-581). Máis aló das motivacións iniciais, esta ruta foi ben coñecida polos musulmáns e todo tipo de comerciantes, aportando o Códice Calixtino[54], datos importantísimos para o coñecemento dos inicios do itinerario e a ruta pola que discorre, a cidade de Santiago de Compostela e a súa catedral.

[53] San Claudio Santa Cruz, M. (2020), conferencia no centro UNED de A Coruña, o día 08/01/2020, no que expón os estudos sobre as rutas marítimas dos camiños de Santiago, que reflicte na recentemente presentada tese de doutoramento "*El Atlántico norte español, un espacio estratégico para un Imperio. Siglo XVI: Una visión Arqueológica*" (2018), recuperada de: https://zaguan.unizar.es/record/69469?ln=es.

[54] O Códice Calixtino é un códice medieval, que describe os inicios das peregrinacións, entre os se´culos X a XII, cando se redacta en tempos do Arcebispo Diego Xelmirez, dende o 1100 ao 1140, rematándose este na década de 1170 a 1180, coa adición de folios con notación musical, recuperado de: https://www.caminodesantiago.gal/es/descubre/origenes-y-evolucion/el-codice-calixtino, consulta en data de xullo de 2019.

É a partir de este momento cando cobran importancia outros itinerarios como a *vía francígena*[55] dende Canterbury ata Roma, podendo equiparar o auxe destes coa situación de bonanza económica e demográfica existente en Europa ata o século XIII que finalmente repercute tamén no transporte, e polo tanto na rede de infraestruturas (Igual Luís, 2015: 86). Polo tanto, despois do complexo inicio alto-medieval do camiño cobran importancia as peregrinacións e comeza unha preocupación polo coidado e mantemento das rutas, o que á súa vez, motiva que se usen por comerciantes locais en traxectos intermedios, provocando o interese polo coidado da rede viaria e os seus elementos auxiliares como pontes, puntos de abastecemento, etc.

Cabería esperar que a repercusión desta época deixara pegada na urbanización tanto urbana como rural, pero a realidade é que a peste elimina a unha grande cantidade d poboación, poucos anos despois de forma que o que sería un momento histórico adecuado para manter un crecemento duradeiro e estable, convértese finalmente nunha marcha atrás da civilización, no social, no demográfico, e finalmente no cultural.

O Camiño de Santiago era o cuarto eixo de comunicacións da Coroa de Catalano-Aragonesa na Baixa Idade Media, e que so nas contornas das grandes cidades da época existían camiños con capacidade para o paso de carros. Así mesmo, o mantemento da rede viaria da época realizábase como unha "*acción conjunta de los poderes públicos y de la iniciativa privada*", dotada de maior estabilidade a partir do século XV (Riera Melis, 2002: 447-451).

A protección e o mantemento dos camiños de Santiago realizase en grande medida pola Igrexa e polo Estado, constatando a existencia de documentación relativa a obras e reformas nos séculos XVI e XVIII. A partir do século XIX constan máis fontes que acreditan as numerosas reformas, así como a maior velocidade destas grazas aos recursos materiais, tratando algunhas expresamente dos camiños, mentres outras integrábanse noutra tipoloxía de documentos con temática relacionada con viaxes e viaxeiros, actividades comerciais. etc. (Rabanal Alonso, 2003: 120-121).

O final do medievo resulta ser un período determinante para as infraestruturas lineais, pola cantidade de modificacións, innovación e perfeccionamento, así como polos investimentos nas redes e vías de transporte, se ben este período histórico non soe ser recoñecido polos avances en infraestruturas debido ás comparacións "*en relacion con la Edad Antigua y la red viaria y comunicativa romana*" (Igual Luís, 2015: 72).

Pero cando se estudan os itinerarios culturais e/ou económicos non se pode obviar outra importante ruta que comeza a partir da expedición de 1492 a América. Os fluxos que xorden a partir deste momento histórico constituirán importantísimos cambios no continente americano, pero estes suceden tamén no sentido contrario. Pódese mencionar como exemplo, a repercusión no territorio, a economía rural e a paisaxe, que tivo a introdución do cultivo da pataca e do millo, posterior medio de alimentación e comercio na comunidade galega.

Tamén os movementos migratorios urbanos constitúen factores importantes de desenvolvemento urbano, dende a mobilidade por motivos de traballo producida dende os pequenos núcleos a outros maiores ou de cabeceira, ata outros movementos relacionados con outros motivos como poden ser os desprazamentos por estudos e a súa influencia nunha especial *situación demográfica de tempada*, con incrementos e descensos bruscos de demanda que condiciona unha tipoloxía de aloxamento peculiar que precisa unha cidade *ad hoc*. Mostra desta situación son os anos santos do 2021 e 2022 e a súa repercusión sobre as importantes obras en infraestruturas que está a acometer a cidade de Santiago de Compostela (Imaxe 51).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[55] Itinerario Cultural Europeo certificado polo COE en 1994.




Imaxe 51: Interior da nova intermodal en Santiago de Compostela (novembro de 2021).

4.3.4. Infraestruturas e demografía.


Dentro dos movementos urbanos débese mencionar a relevancia económica do coñecido como Eixo Atlántico[56], responsable en gran contía do crecemento económico na franxa costeira e ao mesmo tempo, eixo de descompensación do territorio en comparación co interior, menos desenvolto. Este espazo aglutina a unha grande cantidade de poboación e actividade económica con cifras que superan sobradamente ás da franxa dos concellos no itinerario do Camiño Francés.

Nos seguintes mapas 12 e 13 compáranse as dúas rexións, unha marcada pola alta velocidade ferroviaria e a AP-9, e a outra por un pequeno treito da A-54, as N-547 e a LU-638 e a liña ferroviaria de Monforte a Lugo.

Mapa 12: Concellos no corredor do Atlántico.



Mapa 13: Concellos no Camiño Francés.



[56] As cidades que se inclúen no Eixo Atlántico, e que promoven o desenvolvemento da eurorexión denominada Galicia-Norte de Portugal, forman parte do coñecido como "Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular", traballando en prol dunha rexión e un sistema urbano sostible con relevancia exterior. Información dispoñible en: https://www.eixoatlantico.com/es/.

As dúas realidades demográficas representadas nos anteriores mapas son ben diferentes, por unha banda no corredor Atlántico atópanse as grandes áreas urbanas de A Coruña e Vigo, e outras menores como Santiago de Compostela e Pontevedra, con maior cantidade de empresas e un maior poder económico. Noutro senso, o itinerario do Camiño Francés con outra tipoloxía máis rural que urbana e unha intensidade de ocupación do territorio menor no que a número e densidade de poboación se refire.

A lexislación en urbanismo outorga un gran poder á planificación urbanística derivada da capacidade de asignación ou zonificación dos usos do solo e a súa intensidade, e polo tanto, de procurar o crecemento puro ou pola contra, o desenvolvemento sostible do municipio, para o cal terán un importantísimo papel as infraestruturas e a mobilidade, polas sinerxías que xeran, actuando como forzas de concentración da actividade económica. Representase na seguinte táboa 7 o comparativo da poboación e a superficie territorial dos concellos do corredor do Atlántico, cunha tipoloxía de poboación máis urbana, e a correspondente aos do Camiño Francés de Santiago, IGE (2022).


Táboa 8: Comparativa de poboación Camiño Francés e Corredor do Atlántico.

CONCELLOS	SUP.[57] (Km.^{2})	POBOACIÓN 2022 (Hab.)[58]	% s./ TOTAL GALICIA (IGE 2019)	
			% Poboación s/total Galicia.	% Sup. s/total Galicia.
CORREDOR ATLÁNTICO	3.205,80	1.213.282	45,01 %	10,84 %
CAMIÑO FRANCÉS	3.077,84	141.920	5,26 %	10,41 %

Fonte: Datos de superficie do IGE (2019) e de poboación do IGE (2022) a partir do padrón municipal do 2021.

No seguinte mapa representase o encaixe da rexión histórica do Camiño Francés en comparación co sistema urbano da contorna inmediata segundo os criterios das DOT (2011) coa rede viaria e ferroviaria.

Mapa 14: Sistema urbano na rexión histórica a partir das determinacións das DOT (2011) e sistema de comunicacións.



No anterior mapa obsérvase a escala dos nodos de poboación en comparación coas infraestruturas dispoñibles a nivel viario (autoestradas) e ferroviario. A autoestrada AP-9 comunica en gran medida todo o corredor Atlántico, mentres que de forma parcial a A-54 o fai no Camiño Francés. No que respecta á rede

[57] Datos de superficie dos concellos, datan do ano 2019.

[58] Datos de poboación actuais, datan do ano 2021.

ferroviaria non se pode comparar a existente no Camiño Francés coa rede de Alta Velocidade de Coruña a Vigo, ou a de Ourense a Santiago, de forma que se condiciona non so a mobilidade no interior das rexións, senón tamén as comunicacións con outros nodos exteriores.

Pero existen outros condicionantes como por exemplo, a orografía que de antemán prexudicara aos Concellos de Triacastela, Samos e Pedrafita do Cebreiro, comunicados pola LU-633. En todo caso, esta circunstancia pode tratarse como unha oportunidade para favorecer outro escenario, e aínda que a economía da zona dependa parcialmente do turismo, a planificación deste sector pode entenderse dende outro tipo de valores e/ou intensidade, valorando outra tipoloxía de visitante como o local e outro tipo de valores como a cultura e o patrimonio natural da zona, tal e como se trata en distintos eidos académicos na actualidade, que procuran unha mellora e racionalización do turismo en relación ao patrimonio natural e cultural.

4.4. Os Itinerarios Culturais Europeos do COE.

4.4.1. A transmisión da cultura e os itinerarios culturais.

A iniciativa do Council of Europe, COE[59], para potenciar determinados itinerarios culturais europeos dentro do programa "*DG Democracy*" [60] comeza no ano 1984 coa resolución da *Asamblea do Consejo de Europa*, "*número 987, doc. 5196, CP. 28 de xuño de 1984*", na que se pronuncia sobre os itinerarios europeos de peregrinaxe, e aconsella ao Comité de Ministros do COE (recomendación 987) para "*a creación dunha verdadeira infraestrutura para o peregrino, «inspirándose no exemplo do Camiño de Santiago de Compostela como punto de partida»*" (De Albiol Biosca, 1986: 147).

Este programa comezará a desenvolverse no ano 1987 ao xeito de "*unha viaxe no espazo e no tempo*" para contribuír a potenciar o patrimonio e a cultura dos países membros, sendo a dos Camiños de Santiago a primeira declaración, o 23 de outubro deste mesmo ano. O percorrido deste itinerario inclúe a diversos países da CEE como son Portugal, Francia, Italia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña, Polonia e Lituania (COE, 2019).

Como paso previo á descrición do programa, as condicións para entrar en este e os valores a protexer, precísase poñer en contexto dúas cuestións, a primeira e a definición do COE, a segunda será enmarcar ao organismo dentro do organigrama da CEE. Na web do Ministerio de Exteriores de España (2019) defínese ao COE como unha organización internacional que ten como obxectivo principal a defensa, protección e promoción dos Dereitos Humanos, particularmente os civís e os políticos, a democracia e o estado de dereito.

Institucionalmente consta dos seguintes entes; Comité de Ministros, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, e dende 1994 o Congreso de Poderes Locais e Rexionais. Ademais, a Conferencia de ONG coordina as aportacións que realiza a Sociedade Civil, existindo outros órganos de seguimento independentes que velan polo cumprimento dos obxectivos, (Ministerio de Exteriores de España, 2019).

Os Itinerarios Culturais Europeos (táboa 9) procuran a transmisión dos valores culturais de democracia, dereitos humanos e patrimonio europeo como fonte de unión dende a diversidade e a multiculturalidade. Mediante a certificación dos itinerarios obtense unha valorización da excelencia destes, introducindo ademais actividades dentro de cinco campos prioritarios; a cooperación para a investigación e o desenvolvemento, a mellora da memoria, a historia e o patrimonio europeo, intercambios culturais e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[59] Council of Europe, fundado no 5 de maio de 1949, polo Tratado de Londres. Posteriormente no ano 1950, redacta o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentalas, que crea o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, participando neste momento fundacional, 10 das 47 nacións actuais, coa excepción de Bielorusia. A súa sede está en Estrasburgo (Francia).

[60] A Dirección General de Democracia, apoia ao COE, en ámbitos relacionados coa sostibilidade da democracia, COE (2019).

educativos para a xuventude europea, a práctica cultural e artística contemporánea, e finalmente o turismo cultural e desenvolvemento sostible, COE (2022).

Táboa 9: Itinerarios Culturais Europeos, certificados polo COE (2022).

Nº	Ano declaración	Nome
1	1987	Os Camiños de Santiago de Compostela.
2	1991	Ruta de La Hansa.
3	1993	Viquingos e Normandos.
4	1994	Vía Francigena.
5	1997	O Legado Andalusí .
6	2003	Ruta dos Fenicios.
7	2004	Ruta do ferro dos Perineos.
8	2004	Ruta do patrimonio xudeu.
9	2004	Ruta dos camiños europeos de Mozart.
10	2005	Ruta de San Martín de Tours.
11	2005	Ruta dos sitios cluniacenses.
12	2005	Rutas del Olivar.
13	2005	Vía Regia.
14	2007	Ruta transrománica.
15	2009	Iter Vitis. Os camiños da viña.
16	2010	Ruta das abadías cistercienses.
17	2010	Ruta dos cemiterios.
18	2010	Camiños do arte rupestre prehistórico.
19	2010	Patrimonio termal e das cidades termais.
20	2010	Ruta dos camiños de San Olav.
21	2012	Ruta da cerámica.
22	2013	Ruta da cultura megalítica.
23	2013	Tras los pasos de los Hugonotes y los Valdenses
24	2014	Réseau Art Nouveau Network.
25	2014	Vía Habsburg.
26	2014	Atrium.
27	2015	Rutas do emperador Carlos V.
28	2015	Destino Napoleón.
29	2015	Ruta de tralos pasos de Robert Louis Stevenson.
30	2015	Ruta dos emperadores romanos e o viño do Danubio.
31	2016	Ruta das cidades fortificadas da Grande Rexión.
32	2018	Rutas dos impresionismos.
33	2018	Vía Carlomagno.
34	2019	Ruta do patrimonio industrial.
35	2019	Rutas de la reforma.
36	2019	Destinos Lecorbusier: Paseos arquitectónicos.
37	2019	Ruta do telón de aceiro.
38	2020	Ruta dos xardíns históricos.
39	2020	Ruta de d'Artagnan.
40	2020	Ruta Romea Xermánica.
41	2021	Ruta da Idade de Ferro do Danubio.
42	2021	Ruta da liberación de Europa.
43	2021	Ruta de Cirilo e Metolio
44	2021	Ruta de Alvar Aalto: Arquitectura e deseño do século XX.
45	2021	Ruta de Eneas.

Fonte: https://www.coe.int/es/web/cultural-routes.

As sinerxías creadas ao longo destes percorridos, espállanse pola contorna máis próxima, e polo tanto, as relacións entre asentamentos son máis fortes a partir das súas similitudes e proximidade física e cultural. As poboacións existentes nos itinerarios teñen características comúns e outras que non o son tanto, polo que incluso sería posible defender a existencia de múltiples rexións lineais heteroxéneas ao longo dun itinerario, nas que as coincidencias sociais e culturais sexan maiores, e sen que estas teñan que coincidir coas divisións político-administrativas actuais ou incluso pasadas.

O legado cultural que sobre estas *rexións lineais* lega a historia europea, adquire diversas formas como o patrimonio arquitectónico, o etnográfico, o industrial, etc., que proceden da mestura do saber e a idiosincrasia de viaxeiros que realizan este itinerario e que espallan anacos da súa cultura aló por onde transitan, levándose consigo outras aprendizaxes das xentes e lugares que atopan no camiño. Outro legado destes itinerarios non menos importante é o inmaterial, tal e como se expresa na declaración de intencións do ICOMOS[61] na que se defende a unificación de culturas fronte á globalización, ao entender que os itinerarios como fonte de cultura e patrimonio internacional que representan o pasado recente e non tan recente da humanidade.

4.4.2. O primeiro itinerario cultural europeo.

Pasaron máis de 30 anos da declaración do Camiño Francés de Santiago como o primeiro Itinerario Cultural Europeo, polo tanto cabe reflexionar sobre que logros se acadan en estas décadas, e coñecer que é o que cambia nos itinerarios culturais dende este momento. Por outra banda, deberase avaliar se estes itinerarios compren co obxectivo de transmisión da cultura e o fomento do respecto polo patrimonio, e no seu caso, en que modo influenciaron aos pequenos núcleos de poboación existentes polos que discorren, ou se ben estas iniciativas, convertéronse nun reclamo turístico máis.


SANTIAGO Exclusivo suscriptores más

Sopesan ya fórmulas que eviten las colas para atravesar la Puerta Santa

P. CALVEIRO / R. MARTÍNEZ
SANTIAGO / LA VOZ

XOÁN A. SOLER

Imaxe 52: Nova do xornal "La voz de Galicia" de data 18/08/2020.

Segundo os datos en poder da Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela, dende o 2004 ata o 2019, o número de peregrinos que discorre polos camiños de Santiago, está entre os 179.944 peregrinos de 2004 (ano santo), os 272.135 do 2010 (ano santo), ata os 347.578 peregrinos do 2019, é dicir, en dezaseis anos, case se duplica a cifra total. Aínda que nos anos non santos a cifra é máis baixa, a tendencia dos últimos anos increméntase pouco a pouco, superándose todos estes números no verao de 2022.

Os datos que se comentan quedan lonxe do comezo das primeiras estatísticas da Oficina do Peregrino acerca do anos santo de 1971 cando reciben a "*Compostela"* unhas 451 persoas (Xacopedia, 2020)[62], podendo constatar unha progresión logarítmica importante nun período historicamente moi curto, e que presentará retos futuros e a necesidade da resolución de problemas derivados da capacidade de carga da cidade (Imaxe 52) e das pequenas poboacións existentes nos diversos itinerarios.

61 International Council of Monuments and Sites (ICOMOS), organización non gobernamental asociada coa UNESCO, e dedicada á conservación e protección dos monumentos y sitios do patrimonio cultural. Os datos do 2016, sobre a súa composición, dispoñibles en estes momentos, son os de: 9500 membros en 151 países, 300 membros institucionais, 106, comités nacionais, e 28 comités científicos internacionais, (ICOMOS, 2019).

62 Xacopedia: Recompilación web e posta en valor do patrimonio do Camiño de Santiago, con patrocinio de Xacobeo Galicia, Galicia, o bo camiño e a Xunta de Galicia, recuperado de: https://xacopedia.com/Oficina_del_Peregrino, consulta en data de 2020.

En base aos anteriores datos da Oficina do Peregrino[63] compróbase que, en primeiro lugar as cifras de peregrinos contabilizados son o número de persoas que pasan pola oficina, o cal deixa fóra a moitos outros que aínda percorrendo unha parte deste, ou ben facendo parte do traxecto en automóbil, non pasen pola devandita oficina. En segundo lugar observase unha afluencia de peregrinos estacional, sendo case sempre o mes de agosto o de máis afluencia e os últimos e primeiros meses de cada ano, os de menor, por outra banda, pódese comprobar que precisamente o Camiño Francés é o de maior aceptación, elixido por entre o 55 e o 72% dos peregrinos (gráfico 10), así como a espectacular caída do ano da pandemia global.

Sería interesante discriminar a diferencia entre peregrinos e turistas que percorren de forma xeral algún dos camiños de Santiago, e máis concretamente, o Camiño Francés, sería tamén interesante coñecer que cantidade de peregrinos (ou de turistas) viaxan a Santiago e aos outros núcleos do Camiño Francés a partir dunha motivación cultural, ou interese pola arquitectura ou a historia da zona, influenciados polo coñecemento do Itinerario Cultural Europeo. Os datos que amosa a estatística da Oficina do Peregrino diferencian entre tres as motivacións para realizar a viaxe, "*relixiosa e outras*", "*relixiosa*", ou "*non relixiosa*", quizais algo confusas xa que os anuarios non inclúen a metodoloxía empregada, e se superpón o factor relixioso en dúas das tres motivacións, noutro senso, non constan datos do COE acerca dos viaxeiros e motivacións en calquera dos itinerarios europeos.

Precisarase do estudo doutras vías e metodoloxías para coñecer a realidade do Camiño Francés xa que se atendemos as cifras da Oficina do Peregrino do ano 2021, as motivacións "*relixiosas*" (36.37%) máis as "*relixiosas e outras*" (43.20%) sumarían un total de 79.57% nas que estaría presente o factor relixioso, en cambio os datos anuais que publica CETUR[64] representan que se estaría en torno a un 40 a 41% de motivacións de "*peregrinaxe*", na que se entende que tamén poden incluírse sentimentos relixiosos, mentres que so a en torno a 1,5% da mostra corresponde expresamente a motivacións relixiosas.

Da mesma forma que no gráfico 10, no 11 reflíctese a repercusión da pandemia no ano 2020, en relación agora co número de noites nas terras de Santiago de Compostela como destino turístico, non obstante, precisaríase afinar a estatística ás diversas motivacións, tempadas e anos no que respecta ao resto de pequenos núcleos no itinerario, para coñecer a realidade da rexión histórica do Camiño Francés en Galicia.




Gráfico 10: Evolución da emisión do número de compostelán segundo ano ata o 2021(1).·




Gráfico 11: Noites por destino turístico do IGE (maio do 2023).

Anotacións: Gráfico 10.

(1) Os últimos anos, introdúcese o camiño portugués pola costa, para ter cifras comparables, súmanse estas xuntas dentro dos valores totais dentro do campo do camiño portugués.

[63] Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela, https://oficinadelperegrino.com/.

[64] CETUR: Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da USC, dispoñible en; https://www.usc.es/es/institutos/cetur/. Consulta en data de xaneiro de 2022.

(2) Nos últimos anos, ao campo "Outros", engádenselle os valores de novos camiños que se contabilizan; o de Muxía-Fisterra e o do camiño de inverno.
Anotacións: Gráfico 11.
Na zona das terras de Santiago, a partir de datos de ocupación hoteleira e de establecementos turísticos de distinta índole. Dispoñible en: https://www.ige.eu. Consulta en varias datas, xaneiro do 2022; maio do 2023.



Imaxe 53: Destrución do Templo de Baalshamin, Palmyra, Siria.

Se ben é importante o recoñecemento dos itinerarios culturais, máis importante será a xestión da iniciativa, que ten entre outros obxectivos os do fomento da cultura e o patrimonio como nexo común da *identidade europea* a partir dun concepto de *democracia cultural*, respecto polos *dereitos humanos*, a *diversidade cultural*, o *dialogo intercultural* e os *intercambios mutuos a través das fronteiras* (COE, 2020), algo que semella cada vez máis complexo de acadar na actual Europa. Para esta finalidade o COE traballa por medio do Instituto Europeo de Itinerarios Culturais, que funciona como unha axencia técnica, a partir de diversas actividades de asesoría técnica, formación, rede universitaria, etc., así como pola certificación dos itinerarios.

Segundo os datos anuais históricos das estatísticas da Oficina do Peregrino do ano 2019, a maioría dos peregrinos/turistas realizan o camiño dende os últimas localidades, o 44,89% dos camiñantes inician o itinerario nalgún punto de Galicia, ampliando esta cifra en un 23,36%, cos que o comezan noutras localidades próximas do NO peninsular, de forma que case o 75% dos camiñantes, comezan o itinerario na contorna máis próxima a Santiago. En relación co número de persoas que o comezan en Francia, é dicir, as que o realizan o itinerario en case toda a súa lonxitude, un 9,55% o iniciarían en Saint Jean Pied de Port, mentres que os que parten de Roncesvalles serían o 1,42%, (aproximadamente un total do 11% entre os dous emprazamentos).

Observase que é reducido o número de peregrinos completan a *experiencia* na totalidade, apenas un 11%, mentres o 68,25% o fan no último tramo do territorio, representando un 20,78% os que proveñen de localidades intermedias. Cabe polo tanto unha reflexión dobre, sobre si os que transitan o camiño no seu treito máis longo o fan atraídos polo itinerario cultural europeo, a peregrinase relixiosa ou as dúas cousas, así como en que grao se benefician as localidades intermedias. A segunda é sobre que éxito está a ter este itinerario, e que parte de respecto polos valores do COE imbúe a estes camiñantes, e se estes se preocupan por coñecer a cultura e os nodos intermedios do itinerario, ou so os monumentos e enclaves singulares con maior capacidade de promoción dentro dos eidos turístico e cultural.

Ante a gran dimensión dalgúns dos itinerarios, deberase reflexionar sobre a importancia dos pequenos tramos intermedios e como o COE pode coordinar coas AALL o interese pola cultura e o patrimonio, incluso nos pequenos ámbitos municipais e os seus pequenos núcleos de poboación, tentando atraer fora de tempada a outro turismo cultural, académico e escolar. Estes lugares, lonxe dos grandes nodos culturais como Santiago de Compostela, non disporían nin de elementos de valorización do patrimonio cultural nin infraestrutura hoteleira adecuada máis aló da rede de albergues privados ou municipais, enfocados so aos peregrinos.

4.5. O patrimonio arquitectónico e o camiño, concepto, evolución e regulación.

4.5.1. As distintas concepcións sobre o patrimonio.

É complicado explicar o concepto de patrimonio dende as diversas concepcións históricas e culturais anteriores, tendo en conta que quizais este concepto non existira ou que incluso existindo, cada individuo

terá unha distinta apreciación segundo a súa situación e experiencias, formación ou cultura. Do mesmo xeito que sucede co concepto da arte, a apreciación do patrimonio pode ser moi subxectivo, xa non so dende a ollada persoal de cada persoa senón dende á ollada dunha colectividade de moitos individuos, influenciados pola sociedade na que viven, as políticas que dende os poderes se ditan, ou os canons de cada época histórica, que finalmente, condicionarán cada visión individual.

Os axentes que aglutinan ás distintas individualidades a nivel institucional e que finalmente constitúen unha postura oficial sobre a visión dun concepto como o de patrimonio cultural, serán quen establezan os criterios de apreciación, valorización, e finalmente recoñecemento e protección (de ser o caso) de cada elemento. Estas visións varían co tempo e incluso dentro da mesma época histórica, en base a factores relacionados coas identidades culturais, a idade, as relacións de grupo, etc., sexan estas familiares, sociais, etc.

O concepto de patrimonio está dotado dunha "*relatividade*" que provoca que se poda entender de diferente modo dependendo da época histórica, as modas ou da complexidade de cada sociedade e cultura, evolucionando dende a concepción inicial completamente individualista e baseada no desfrute persoal de certos bens e obxectos, entendidos como unha posesión, condicionada por unha entendida beleza ou quizais contido sentimental (Llull Peñalba, 2005: 179-180), ata as formas actuais que procuran cada vez máis a harmonía destes obxectos dentro dun conxunto ou contorna.

Por outra banda, quizais esta necesidade individual de posesión do bonito, do artístico, ou do economicamente rendible, sexa extensible á sociedade que nos rodea, influenciada polos mencionados poderes políticos e/ou relixiosos, e que tantas veces dan lugar a guerras e conflitos nun exercicio egoísta de posesión de obxectos, terras, bens inmobles ou arte. As últimas tecnoloxías e redes sociais poden actuar no mesmo senso e outorgar un determinado valor ou recoñecemento ás cousas ou persoas con supostamente cualidades especiais que quizais non posúen, máis aló dunha suposta notoriedade temporal.

Recentemente a humanidade puido comprobar este sentimento para con os bens inmobles e o patrimonio, pero dentro dun desexo de destrución sistemática e intencionada sobre a cultura e o patrimonio (dos outros), como parte dun exercicio de barbarie e totalitarismo que provoca a desaparición de xoias milenarias como os restos de Palmyra, Nimrud (imaxe 53)[65], ou tantas outras polos mesmos motivos, e a cargo de tódalas culturas e épocas históricas. En todo caso, en esta parte tan rica a nivel patrimonial e cultural do planeta, xa foron habituais os espolios dende tempos artiquísimos, co fin de arrebatar a identidade de outros e non coa intención de posuír algo determinado, confirmando a importancia que o patrimonio significa para os seres humanos, incluso no momento da súa destrución deliberada.

Neste senso, o patrimonio será sempre un concepto *tensionado*, sometido a disputas e visións contraditorias de vencedores e vencidos, de persoas relixiosas e non relixiosas, ou mesmo de patrimonio desexado ou non desexado, é dicir, de memoria que quizais doe conservar ou quizais, a que mesmo polo doloroso desta, merecerá a pena conservala, entendendo este concepto como "*o lugar de cruce de diferentes racionalidades culturais*", e polo tanto, de confrontación (Criado Boado, 2010: 6).

Dentro dos diferentes *valores* que caracterizan a un ben patrimonial poden diferenciarse as dimensións histórica e a artística, sendo en ocasións a primeira "*medible*" en base a criterios obxectivos, en cambio a dimensión artística é máis complexa de valorar, podendo "*variar con relativa facilidad de una generación a otra*" (Fatiña Tojo, 2000: 9). Neste senso, a transformación en memoria dunha obra de arte prodúcese cando "*si quien la recibe se siente identificado con ella, haciéndola de nuevo vital*", entendendo que a necesidade da súa valoración aumenta a partir do interese pola conservación dos legados do pasado, para o futuro, sendo esa primeira necesidade pola conservación dun ben, o estado previo á necesidade pola

[65] Fonte: https://www.bbc.com/mundo/video_fotos/2015/08/150831_fotos_siria_palmira_estado_islamico_destruye_templo_bel_lv. Nova de data 07/10/2015. Consulta en data de xaneiro de 2022.

restauración ou recuperación posterior, unha vez o transcurso do tempo deixa a súa pegada sobre os bens patrimoniais (Fontenla San Juan, 1995: 432).

Os valores do patrimonio edificado entendidos dende criterios arquitectónicos, culturais, históricos ou etnográficos, conflúen normalmente nun único elemento tan heteroxéneo como se poda imaxinar, é dicir, a cidade, o conxunto histórico, o urbano e o rural. Os asentamentos humanos son froito dun cúmulo destas circunstancias e/ou suma de elementos e valores, que finalmente crean un ente atemporal que en ocasións convértese nun único elemento patrimonial, é dicir, un barrio histórico, un centro ou conxunto histórico, ou incluso, unha rexión histórica.

Deixando a un lado os elementos singulares aos cales soemos denominar monumentos, a cidade histórica como conxunto residencial constitúe a suma de todos estes valores, que se estudarán dende distintas áreas de coñecemento que tratarán a simbiose entre o tradicional e o moderno, entre as vellas e as novas técnicas construtivas, pero debendo entender que o conxunto deberá continuar coa súa función, que non é outra que albergar vida e comercio en vellos barrios con novas necesidades. Non hai moitos datos das antigas civilizacións e o que estas entendían por patrimonio, si é que realmente tiñan unha concepción comparable á que posuímos hoxe en día, non obstante, algunhas destas como as que habitaron nas beiras do Nilo ou as do Tigris e o Éufrates, foron grandes construtoras e deixaron para a posteridade grandes obras e monumentos, así como un importante legado cultural.

Precisamente, algúns dos documentos máis antigos que se coñecen aparecen en Mesopotamia, conservándose fisicamente impresos en tabulas ou pedras, e aportan importantísimos legados, entre outros, o primeiro código xurídico coñecido. En todo caso e a pesar do importante legado a todos os niveis deixa esta avanzada sociedade, non dispoñemos de datos relacionados coa existencia dalgún tipo de código ou documento que acredite a existencia dalgún tipo de planificación urbanística, ou algún interese pola obra arquitectónica, sexa esta referida aos conxuntos de poboación ou a elementos individuais, non obstante tras observar a grandeza, a beleza e a calidade de deseño e execución dos seus monumentos e edificacións, enténdese como perduran ata os nosos días.

Por todo isto, resulta difícil de crer que estas civilizacións non posuían un certo grao de aprecio por conceptos relacionados coa arte e a arquitectura, e incluso coa planificación do urbano, non obstante, deberanse diferenciar as obras arquitectónicas cotiás como vivendas, mercados, etc. doutras con marcado carácter monumental, xa que a pesar das anteriores apreciacións, semella que as motivacións destas últimas poderían estar enfocadas máis que a unha transmisión cultural ás xeracións vindeiras, a outros motivos relacionados máis ben co máxico e o relixioso, ou incluso coa representación de obras monumentais de grandes dimensións cun fin intimidatorio que representa un gran poder.

A posible existencia destas motivacións que a partir dunha visión actual se poda intuír non se pode relacionar coa afirmación milenios despois, de que estas civilizacións posuían técnicas de planificación urbanística e/ou protección do patrimonio edificado. Si sería factible pensar na imposibilidade de executar semellantes conxuntos sen un importante grao de previsión e planificación, así como que ditas obras unha vez finalizadas, non se viran polos gobernantes, mestres de obras, traballadores e poboación en xeral con certo orgullo e/ou como parte da súa "*identidade*".

Será na tamén avanzada para o momento cultura grega, cando aparecen as primeiras obras de pensadores e filósofos sobre a cidade, aportando obras nas que expoñen a súa interpretación do que debería ser a cidade ideal a partir dunhas pautas que o farán posible, e que se ben parten da filosofía, terán moito que ver coas necesidades construtivas e arquitectónicas que precisan os habitantes destas. Algúns destes preceptos, expostos por Aristóteles en *Política*[66], teñen que ver coa vida urbana, o sistema político, o

[66] Política, de Aristóteles, século IV ac.


abastecemento de auga, a seguridade e as necesidades de fortificación, a orientación xeográfica, o comercio e necesidades básicas, o transporte e o emprazamento respecto ao mar, ou incluso os defectos dunha sociedade urbana grega, sen pluralidade nin igualdade.

Os romanos herdarán a tradición urbana grega pero tamén a preocupación pola escultura e pola arte en xeral, así como polo monumentalísimo das súas obras. Algúns dos parámetros a cumprir polas edificacións e cidades romanas datan dun documento importantísimo como é a Lex Iulia[67], texto normativo de aplicación en Roma datado no primeiro século a.c., que entre outros aspectos regula as limitacións de alturas das edificacións, as rúas, as infraestruturas, espectáculos, etc., denotando unha preocupación do coidado polo "*público*" e se intúe un grao incipiente de planificación do urbano.

Estas leis introducen a novidade de que será o estado apoiado pola súa lexislación, o garante do "*ben público*" e o "*interese xeral*" da cidadanía, regulando os aspectos máis importantes do espazo urbano, e que se aplicará posteriormente nas provincias da península ás que Vespasiano concedera anos atrás o "*Ius Latii*"[68], como a *Lex Flavia Municipalis*[69]. A partir desta última lei, e a pesar das pequenas modificacións introducidas polos distintos municipios de Iberia, acádase realmente "*unha impresionante uniformidade*" (D´Ors Rovira & Pérez-Peix, 1984: 537).

A partir do contido dos bronces da *Lex Flavia Irnitana*, reproducidos no traballo de D´Ors e Pérez-Peix, compróbanse que algúns dos preceptos da lei municipal romana[70] tratan temas relacionados coa edificación e coa urbe, as rúas, etc., e que ben poderían relacionarse non so coa planificación urbanística senón tamén coa disciplina e a inspección urbanística e incluso co inventario municipal, e polo tanto coa preocupación polas cidades ordenadas que hoxe constitúen un importantísimo legado patrimonial. Reprodúcense na seguinte táboa 9 algúns destes preceptos a cumprir.

Táboa 10: Preceptos da Lei Flavia.

Nº índice:	Transcrición da temática (1)	Imaxe 54: Bronce da época flavia, segunda metade do século I d.c. (cidade de Colonia, Genua Julia) (2)
62	Sobre la destrución de edificacións sen edificar.	
63	Sobre os arrendos e as súas condicións, e o rexistro no arquivo municipal.	
64	Inmobles hipotecados.	
65	Condicións para as vendas de inmobles.	
76	Recoñecemento dos terreos municipais en concesión.	
82	Estradas, camiños, leitos, canles e rede de cloacas.	
83	A contribución para as obras públicas.	

(1) A partir do traballo de D´Ors e Pérez-Peix, preceptos da Lei Flavia con certa relación co urbanismo ou a administración local.
(2) Imaxe 35: Fonte: http://ceres.mcu.es/.

[67] A Lex Iulia, regulaba aspectos moi variados da vida na cidade de Roma, urbanismo, hixiene, tránsito, moi no senso das posteriores ordenanzas de policía medievais, pero xa no século I ac.

[68] El ius latii ou "dereito latino", outorgáselle en determinado momento histórico, non exento hoxe en día de controversia a partir das diferentes visións de distintos investigadores, ás provincias romanas do baixo imperio, cunha serie de responsabilidades a ter en conta, sobre a arquitectura, e que teñen que ver algunhas, entre outras determinacións, coa conservación do xa edificado, e as condicións das rúas, infraestruturas, etc.

[69] A Lex Flavia Municipalis Irnitana, conservase en varios bronces custodiados polo Museo Arqueolóxico de Sevilla, http://ceres.mcu.es. Nº Inventario REP1982/816.

[70] A partir da tradución dos índices da Lex Flavia Irnitana, de d´Ors, Álvaro (1984).

Estas leis municipais sufriron progresivas modificacións derivadas das distintas visións de cada emperador, pero xa entre as primeiras copias coñecidas da Lex Iulia romana destacaban restricións ás alturas das edificacións, así como outras determinacións relacionadas co non impedimento da visión do mar ou as distancias a gardar entre edificacións próximas, considerando que o que hoxe entenderíamos como normativa urbanística, para os romanos era unha mestura do Dereito Público e do Dereito Privado, é dicir, unha serie de limitacións á propiedade privada, derivadas do uso do propio e das relacións coa veciñanza, todas elas englobadas no Dereito Romano, podendo encontrarse ante o inicio da parte do Dereito Administrativo que regula o urbanismo, é dicir, o Dereito Urbanístico (Gómez Rojo, 2012).

Xa na idade media, tanto Suevos como Visigodos, musulmáns, etc., continuaron dedicando as súas mellores técnicas e materiais aos edificios emblemáticos e monumentais que entendían máis importantes e que deberían perdurar como símbolos, en cambio non existen case datos relacionados co antigo reino Suevo. Aínda que este período non se prolongou moito na historia a situación de escaseza de datos vese agravada pola existencia dun período de 100 anos de case ausencia total e na que os poucos que se conservan proveñen de fontes con dubidosa veracidade.

A normativa pola que se regulaban os Visigodos consistía no *Liber Iuiciorum*, que posteriormente á existencia do reino e por mor da súa obsolescencia nun novo escenario, complétase baixo o mandato de Fernando III mediante un novo documento realizado a partir da tradución do antigo, completándoa con novas normativas, catálogos de costumes, etc. Desta forma e co novo formato xurídico do Fuero, xorden os dous piares xurídicos, o *Fuero Juzgo* (Actualización do Liber) e o *Fuero Real*, aplicándose o primeiro nos señoríos e o segundo nos Lugares de Realengo[71], aínda que en estes documentos non se atopa referencia algunha a algún concepto relacionado co patrimonio cultural.

No territorio galego tense coñecemento da existencia de fueros propios como os de Padrón, Rivadavia, Castrocaldelas ou Allariz, ou os de outras localidades como as de A Coruña ou Pontedeume, redactados a partir do de Benavente. Todos estes fueros crean nas localidades galegas unha variada trama de ordenanzas que configuraban o dereito local (Martínez Martínez, 2003: 11-15).

En estas normativas non constan referencias sobre a protección do patrimonio máis que referidas ao "*patrimonio persoal*" ou incluso ao "*patrimonio público*", dende a visión dos danos á propiedade privada e falando das sancións ás queimas de campos, viñas, árbores alleos, aos animais, etc., ou ben, os danos á *propiedade pública* como por exemplo, o peche de camiños que levaran a pobos ou vilas, ou das veiras dos ríos grandes (Coronas González, 2015: 307-317). Se ben as primeiras disposicións comentadas poderíanse equiparar á actual normativa urbanística, as últimas pódense relacionar coas actuais normativas sectoriais, por exemplo as de augas ou infraestruturas.

Ata os séculos XII e XIII o dereito municipal estaba integrado pola mencionada variedade de costumes, normativas, e finalmente os citados fueros, variables segundo tempo, o municipio ou a rexión, e que non regulaban o concepto de patrimonio, si en certa medida, o que poderíamos denominar urbanismo medieval, dende unha visión práctica e sinxela da vida na cidade. A partir da invasión dos pobos musulmáns do ano 711 a amplíase aínda máis a situación de heteroxeneidade de culturas de forma que tamén crecerá a conflitividade entre todas estas, ao engadirse aos xa existentes indixeno-romanos, godos e xudeus, outros novos como poden ser os mozárabes, mudéxares, e mouriscos, constituíndo finalmente un diverso *hábitat urbano*.

O dereito desta nova comunidade basease en grande medida na relixión, pero tamén na costume, polo que ten moita presencia o local, e polo tanto o "*ben público / maslaha*", similar ao concepto romano da

[71] Lugares de Realengo, dependentes do poder central, é decir, directamente do rei. Os lugares que non dependían deste eran os Señoríos que este concedía, que se rexían polo Fuejo Judgo.

"*utilitas publica*" (Chalmeta Geldrón, 1987: 339-340), inventariando este autor exemplos de aplicación lexislativa entre os séculos IX e X entre os que figuran algúns relacionados en certa medida co urbano e a ocupación do territorio, como poden ser relativos ao aluguer de fincas con edificacións, partición de parcelas, doazón de inmobles, vertedura de augas ou pozos. Non obstante, outros autores puntualizan que se ben nas cidades islámicas existía o nomeamento de cargos municipais dentro dun "*armazón administrativo*", non existiron de facto os gobernos municipais (Carballeira Debasa, 2013: 83-84).

Os musulmáns aséntanse nunha serie de cidades medievais mal conservadas e derruídas despois do proceso de ocupación, sobre todo as que ofreceron máis resistencia, e se ben conserváronse algunhas características destas antigas cidades, outras serán de nova creación e caracterizadas por novas formas e espazos relacionados co novo culto, de forma que este feito, permitirá "*hablar de rasgos específicos en el urbanismo musulmán*" (Carballeira Debasa, 2013: 78). Non foi Galicia unha rexión na que existira presencia e/ou asentamento continuo ou legado patrimonial destes pobos, si se coñece a existencia de pequenas comunidades de mouriscos[72] entre os séculos VIII a XV (González Paz, 2004: 311-312).

Ao igual que sucede noutras épocas históricas, certa parte do patrimonio edificado continúa a perderse por efecto dos conflitos bélicos, invasións, etc., a outra parte que se conserva recibe aportacións das novas culturas, creándose así, conxuntos históricos patrimoniais con diferentes influencias e estilos e a partir dos que se constrúe unha sociedade máis diversa e rica. Ao tempo nos reinos cristiáns do N, dáse unha arquitectura fortificada e relixiosa que representa a dobre faciana da arquitectura da época, é dicir, por unha parte a necesidade de cidades fortificadas, e por outra a cantidade de edificacións de culto e relixiosas.

O románico deixa un legado abundante na península ata o século XIII, mentres no S proseguen o califato de Córdoba e os posteriores reinos de Taifas. Este estilo esténdese ao longo do Camiño de Santiago debido en parte ás peregrinacións e ao auxe destas e das ordes relixiosas, preferentemente en Francia, España, Alemaña e Italia, deixando un importante legado no N peninsular de arquitectura relixiosa e tradición cristiá.

Exemplos importantes de arquitectura románica ao longo do Camiño Francés, son os de Saint Jean Pied de Port en Francia, o mosteiro de San Juan de la Peña no Perineo aragonés, a igrexa de San Pedro de la Rúa en Estella, Nafarroa, a igrexa de Santa María de Palacio en Logroño, La Rioja, o Mosteiro de San Juan de Ortega en Burgos, Castilla y León, a Basílica de San Isidoro de León, no mesmo centro urbano, ou a igrexa de Santa Maria de Vizbayo, Ponferrada, Castilla y León. Xa en Galicia pódense destacar o santuario de Santa María a Real, en Pedrafita do Cebreiro, Santa María de Albán en Sarria, e outras ata chegar á catedral de Santiago de Compostela.

A preocupación pola relixión deixa paso a outra etapa histórica máis preocupada pola arte e na que de novo os italianos anticípanse á súa época, xa que se ben foran os antigos romanos os autores dos primeiros documentos lexislativos coñecidos que facían referencia ás condicións construtivas, de ornato público e de mantemento das edificacións (*Lex Iulia Municipalis*), de novo no século XVI, anticípanse coa fundación en 1562 da *Accademia delle Arti del Disegno*. Esta academia encargouse no ano 1602 de impedir a saída da obra de grandes artistas fóra de Florencia, converténdose finalmente nunha estrutura de control dos bens culturais do Gran Ducado (Niglio, 2016: 2).

Outras academias precursoras son as francesas, a *Académie française* creada polo cardenal Richelieu no ano 1635 e que se debería encargar da dobre función da normalización da lingua e do mecenazgo artístico. Pódese considerar a estas academias como as precursoras ou inspiradoras das academias españolas posteriores que aparecen na época da ilustración, xurdindo no século XVIII as primeiras iniciativas de protección de "*las bellas artes y la cultura nacional*", paralelamente ao que sucedía nas mencionadas

[72] Mouriscos: "*Dito dunha persoa: Musulmán, que, terminada a Reconquista, era bautizada e quedábase en España"* (RAE, 2014, def. 2).

culturas europeas e antes da aparición da *Academia de San Fernando* en España (López Bravo, 1999: 90-93). Créase así, mediante a autorización de Felipe V e o recoñecemento da *Real Cédula de 17 de junio de 1738* á Real Academia de la Historia[73].

Fernando VI crea en 1752 la *Real Academia de las Nobles Artes*, que pasará a chamarse finalmente *Academia de las Bellas Artes de San Fernando*[74] (que perdurará dende o século das luces ata os nosos días), impulsándoa posteriormente Carlos III, publicándose finalmente no ano 1803 a Real Cédula de Carlos IV [75] que establece a "*lnstruccion sobre el modo de recoger y conservar los monumentos antiguos, que se descubran en el Reyno, baxo la inspeccion de la Real Academia de la Historia*" (Novísima Recompilación de las Leyes de España, 1993: Tomo IV: 169)[76]. Na cédula defínese detalladamente o concepto de "*monumento antiguo*", cunha longa lista de elementos entre os cales destácanse ademais dos obxectos, outros como templos e sepulcros, teatros, "*trozos de arquitectura*" ou infraestruturas de todas as épocas, sendo esta a esta a primeira vez se define aínda que dunha forma ampla ao tempo que imprecisa, o concepto de monumento a nivel estatal.

En relación cos actores involucrados, defínese aos posuidores como os que acharan os bens nas súas "*heredades y casas*", aos "*Magistrados y Justicias de distritos*" que serían os cargos aos que os posuidores deberan acudir cando se atope algún destes bens en solo público, á Real Academia da Historia e ao seu Secretario, que porán en custodia os bens dando "*parte y noticia*", e finalmente contemplase a figura dos colaboradores, "*personas ilustradas, los M. RR. Arzobispos, RR. Obispos, Abades, Cabildos, y démas Superiores eclesiásticos, así como los Magistrados seculares*" (Novísima Recompilación de las Leyes de España, 1993, Libro VIII, Título XX, p. 170).

Atendendo ao trato que se lle da ao patrimonio edificado sen ter en conta os bens de especial interese como igrexas, catedrais e outros monumentos de relativa envergadura, outorgase unha especial mención aos edificios antigos de pobos ou aldeas despoboados, establecendo a imposibilidade de derrubo non sendo en caso de ruína, caso no cal, deberase poñer en coñecemento da Academia para que o seu secretario decida. Este precepto é similar ao xa establecido no I ac. pola *Lex Iulia Municipalis* e a *Lex Flavia Municipalis*.

En canto á orixe dos mencionados bens "*eclesiásticos*", compróbase unha duplicidade na intervención da Igrexa Católica, sendo ao mesmo tempo posuidores dunha grande parte destes bens mobles ou inmobles, e por outra outorgáseslle un papel de "*colaboradores*". Esta dobre relación terá moita importancia no futuro, tanto na vida política como social de forma que se converte á Igrexa Católica nun actor a medio camiño entre o particular que debe dar contas ao estado, e un colaborador no proceso de procura, conservación e declaración destes bens, é dicir, nun actor involucrado con certa influencia no proceso.

En este período histórico ademais dos altos cargos eclesiásticos, tamén as clases privilexiadas dispoñían de acceso ás artes e ás letras, relegando á poboación obreira do desfrute e aprendizaxe destas. É entón cando no período entre a creación da *Real Academia de la Historia*, e a *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*, sucede un acontecemento clave na historia de Europa, e que marca un novo tempo

[73] Real Academia de la Historia, http://www.rah.es/

[74] Academia de las Bellas Artes de San Fernando. A primeira proposta para a súa creación foi en 1726, polo pintor Antonio Meléndez ao rei Felipe V, dedicada ao deseño, pintura, escultura, e arquitectura, aínda que non prosperou, foi o primeiro paso antes do previa á súa creación, por solicitude do escultor italiano Domenico Olivieri, Real Academia de las Bellas Artes de San Fernando (2019), https://realacademiabellasartessanfernando.com/es.

[75] "Real Cédula de Su Majestad y Señores del Consejo por la cuál se aprueba y manda observar la instrucción formada por la Real Academia de la Historia sobre el modo de recoger y conservar los monumentos antiguos descubiertos ó que se descubran en el Reyno".

[76] Novísima Recompilación de las leyes de España (1993), publicada pola "Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado".
Fonte: https://www.boe.es/biblioteca_juridica/publicacion.php?id=PUB-LH-1993-63&tipo=L&modo=2

nos eidos político, social e artístico, a Revolución Francesa de 1789 que representará un punto de inflexión entre o feudalismo e a modernidade.

Cambia así a relación entre o estado, as minorías privilexiadas, e a poboación en xeral, en relación non so á vida política e económica senón tamén no que atangue á tutela do patrimonio e ao dereito ao seu desfrute. Este feito prodúcese a partir da apertura paulatina dos museos á poboación, e máis en concreto, coa creación no ano 1793 do Museo do Louvre en París, antigo palacio real ao que se lle entregarán os "*tesoros artísticos de la Iglesia, la monarquía y la aristocracia*" (Llull Peñalba, 2005: 187).

Unha vez, establecida unha primeira definición de monumento, un nivel de protección para estes, e o recoñecemento dos actores involucrados no proceso dentro do seu contexto histórico, a vida urbana segue a regularse polas ordenanzas municipais, agora dende o centralismo do *Reglamento Reglamento General de Policía del Reino* de 1824, elaborando cada municipio as súas en base ao modelo estatal e á constitución de 1812. Este último documento incluía un apartado sobre as competencias municipais no que se recollían diversas obrigas como a redacción das ordenanzas e outras (art. 321 CE 1812):

> *"Cuidar de la construcción y reparación de los caminos, calzadas, puentes y cárceles, de los montes y plantíos del común, y de todas las obras públicas de necesidad, utilidad y ornato".*

Compróbase que non se fai mención ao termo patrimonio pero si ao concepto do *ornato público* nas obras municipais nas que se exixe un especial coidado e de entre as cales chegan ata os nosos días numerosas antigas casas consistoriais, bibliotecas, escolas unitarias, universidades, e outros edificios públicos considerados na actualidade como parte do patrimonio cultural, arquitectónico, industrial, etc.

A obriga de redacción das ordenanzas deixa moitísimos exemplos e casuística ao longo de todo o estado, por exemplo e dentro do ámbito de estudo deste traballo, establécense nas "*Ordenanzas de Policía de la Ciudad de Santiago*" de 1799 (actualizadas en 1849 e xa no século XX, en 1907) disposicións sobre múltiples temáticas como a execución de infraestruturas de saneamento, as obrigas de obter unha licenza municipal para edificar ou facer obras baixo a labor inspectora municipal, a circulación de carruaxes e cabalos, etc., estando algunhas máis relacionadas co urbanismo, outras co patrimonio, sendo quizais outras, so un catálogo ou guía de boas prácticas da vida urbana.

Existe en todo caso, obrigas sobre a uniformidade de altura e tamaño das edificacións, facendo referencia ás súas portas e fiestras, ao non quebrar o ritmo do conxunto, ou ben, cando existira a ameaza de ruína, requiriríase a "*pronta reedificación*" por medios propios ou no seu defecto polos medios do concello e baixo a supervisión do *Mestre de Obras* que pasará a denominarase *Aparellador*[77] a partir do século XIX, e actualmente, *Arquitecto Técnico*.

As determinacións desta ordenanza (e da maioría de ordenanzas da época) teñen unha preocupación palpable polo urbanismo dende unha visión bastante práctica do que sucede na cidade diariamente, e cuestións relacionadas coa salubridade, o saneamento e o ornato público, amosando unha certa preocupación pola orde e a estética da cidade como conxunto, pero tamén por cada edificación, non obstante, esta visión da cidade semella non atoparse imbuída polo punto de vista da protección do patrimonio cultural ou histórico como conxunto, se ben na citada ordenanza establecíase o precepto da prohibición de construír nas contornas dos mosteiros, que intúe unha certa preocupación pola contorna dun ben singular.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[77] Aparellador: Mediannte o recoñecemento do Real Decreto del 24 de Enero de 1855 (Decreto Luján) instáuranse os estudos de *Aparejador*, anulándose el título de *Maestro de Obras*.

Xa no século XX, pódense destacar a *Ley relativa á Monumentos nacionales arquitectónicos artísticos*, e o posterior *Real Decreto Ley de 9 de agosto de 1926, de defensa de la riqueza artística de España* introdúcense conceptos como o de tesouro artístico arqueolóxico nacional, quedando baixo a tutela e a protección estatal (art. 1), definindo no artigo o 2 cales serán estes bens, entre outras, no ap. b) inclúense "*Las edificaciones o conjunto de ellas, sitios y lugares de reconocida y peculiar belleza* ..." que abre o abanico de bens a protexer aos conxuntos de edificacións, entendendo que sería extensible non so aos centros históricos senón a conxuntos de edificacións con valores a protexer, e que para Becerra García, J.M. (2017: 326) supón "*un primer paso, pero firme, en la conservación de la ciudad histórica, articulando mecanismos de control sobre las actuaciones que se realicen sobre ella*".

Poucos anos despois, defínese expresamente a protección para os conxuntos urbanos mediante o artigo 33 da *Ley de 13 de mayo de 1933 sobre Defensa, Conservación y Acrecentamiento del patrimonio Histórico-Artístico Nacional*, no seguinte senso:

> *"Todas las prescripciones referente a los Monumentos histérico-artísticos son aplicables a los conjuntos urbanos y rústicos, calles, plazas, rincones, barrios, murallas, fortalezas, ruinas, fuera de las poblaciones que por su belleza, importancia monumental o recuerdos hitóricos, puedan declararse incluidos en la categoría de rincón, plaza, cajle, barrio o conjunto histórico-artístico. ...".*

Será o 9 de decembro do 1931 cando se aprobe a Constitución Española vixente ata 1977 (sancionada un ano máis tarde), e que establecía nos art. 44 da primeira e 46 da segunda, o dereito ao acceso á cultura, así como a obriga por parte dos poderes públicos de garantir a protección desta, así como o da promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, a ciencia, e a investigación científica, contemplándose que será obxecto de sanción pola ley penal, quen atente contra este.

4.5.2. O actual concepto de patrimonio.

Tal e como xa se mencionou, todos os tipos de patrimonio dos que se fala na actualidade posúen cualidades subxectivas que se interpretaran de forma individual por cada persoa, de forma colectiva polo conxunto de persoas ou sociedade, e de forma institucional por quen representa á cidadanía e goberna no seu nome para protexer certos valores, que van máis aló do económico, artístico ou como ben patrimonial de titularidade privada.

A etimoloxía da palabra patrimonio (do latín *patrimonium*) está relacionada coa transmisión que se fai á outra persoa, en concreto pode definirse o patrimonio como a "*hacienda que alguien ha heredado de sus ascendientes*" (RAE, 2014, def.1). En cambio o patrimonio histórico sería o "*Conjunto de bienes de una nación acumulado a lo largo de los siglos, que, por su significado artístico, arqueológico, etc., son objeto de protección especial por la legislación*" (RAE, 2014, def.1).

Outras definicións entenden este concepto nun senso restrinxido como "*os bens que posue unha familia*" e noutro máis amplo fala dun "*conxunto de dereitos e cargas apreciables en diñeiro que ten unha persoa*", pronunciándose tamén sobre a abstracción dun termo que pode considerarse individual ou colectivo (Suárez Iglesias, 1990: 313-314). Concepcións máis modernas contemplan diversos tipos de patrimonio "*puestos a disposición del ser humano*", cultural, natural, biótico, xeolóxico, arqueolóxico, etc. (Sobral da Cunha, 2015) [78].

Compróbase que existen varios puntos clave nas anteriores acepcións de patrimonio, un deles é que se refire ao "*legado*", é dicir, ao paso dunha xeración cara as seguintes, outro é a concepción individual e

[78] A concepción de patrimonio deste autor, forma parte do Dicionario de xeografía aplicada e profesional. *Terminoloxía de análise, planificación e xestión do territorio* (2015).

colectiva do concepto, non aclarando quizais en demasía en calquera dos casos, cales son os valores a posuír por estes elementos, e que en liñas anteriores se consideraban tan subxectivos. A conferencia da UNESCO en 1972[79] establece un acordo sobre o que considera patrimonio cultural, que contén aos monumentos, conxuntos, lugares, etc., mencionando que os seus compoñentes deben posuír un "*valor universal excepcional*" dende diferentes puntos de vista como son a historia, a arte ou a ciencia, tratando tamén as responsabilidades de "*identificar e delimitar os diversos bens situados no seu territorio*".

A UNESCO define en 2003 o patrimonio cultural en xeral, pero tamén outro termo aínda máis subxectivo como é o patrimonio cultural inmaterial, no seguinte modo:

> *"usos, representaciones, expresiones, conocimientos y técnicas -junto con los instrumentos, objetos, artefactos y espacios culturales que les son inherentes- que las comunidades, los grupos y en algunos casos los individuos reconozcan como parte integrante de su patrimonio cultural".*

En esta última definición inclúese un importantísimo concepto que é o de *identidade*, concepto que pode definirse como o "*conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal*" (RAG, 08/04/2223, def.2) e que se converte nun dereito do individuo, dos grupos de individuos ou mesmo da propia sociedade de forma global. En todo caso, trala análise das anteriores definicións compróbase que a identidade dos individuos ou pobos, é parte do patrimonio cultural e así debe tratase mediante procesos iniciais de identificación e outros posteriores de protección, para o cal e debido á complexidade (e amplitude) deste concepto, pode ser necesario un enfoque multidisciplinar que avalíe distintas dimensións.

Estas circunstancias implicarán a necesidade de coordinación entre as áreas de coñecemento, os titulares (individuais ou colectivos) dos bens, as AAPP, e outros entes relacionados ou dependentes destas, destacando o importante papel das administracións públicas, tal e como así se recoñece no artigo 3[80] da Convención do 1972, polo que recaen nos estados as responsabilidades de identificar os bens culturais de tipo patrimonial e natural, non obstante, máis complexo e subxectivo será o proceso de identificación do patrimonio cultural inmaterial.

No presente traballo trataranse especialmente os bens patrimoniais inmobles e os conxuntos destes, pero poñendo a ollada nun conxunto maior, a rexión histórica, de forma que ampliando o campo de traballo por riba da visión técnica dos catálogos dos PXOM, cara a outra máis humana e na que a historia e a xeografía, a etnografía, etc. cobren unha maior importancia, poderase establecer un maior grao de definición e polo tanto un maior grao de protección de valores que habitualmente non se teñen tan en conta na planificación urbanística. Nas edificacións, centros e conxuntos históricos, sucederon historias, manifestacións culturais, desenvolvéronse actividades tradicionais, e incluso ocorreron sucesos que condicionaron a historia, e marcan a memoria colectiva de cada poboación, polo que se entende que compre un estudo amplo e unha lectura interesada, non só do contedor, senón tamén do contido.

Dende a constitución da UE os estados membros están supeditados á normativa europea, en modo de Directivas, Tratados, u outras modalidades de acordos, polo que precisarase que no momento de realizar unha análise dos documentos lexislativos, normativos, recomendacións ou estratexias, non enmarcarse unicamente no ámbito estatal. No artigo 167 do título XIII do *Tratado de funcionamento da Unión Europea* establécese o compromiso de contribuír ao florecemento das culturas dos estados membros e contribuír ao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[79] A convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural, celébrase en París no1972, a partir da situación de ameaza de destrución, alteración e/ou de deterioro deste, recuperado de: https://whc.unesco.org/archive/convention-es.pdf.

[80] Mencionado anteriormente, UNESCO (1972), convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural, celébrase en París no 1972, recuperado de: https://whc.unesco.org/archive/convention-es.pdf.

fomento e coñecemento destas e da súa historia, así como a "*conservación e protección do patrimonio cultural de importancia europea*" (TFUE, 2010).

4.5.3. A primeira protección e a posterior delimitación, evolución do recoñecemento e a protección dos camiños.

Os Camiños de Santiago, aglutinan unha ampla cantidade de premios e recoñecementos, sendo obxecto de distintos textos legais e normativos que procuran a súa protección dende puntos de vista históricos, culturais e relixiosos. En ocasións téñense máis en conta os recentes acontecementos como poden ser a consideración como BIC do Camiño Francés ou a declaración do casco antigo de Santiago de Compostela como de Patrimonio da Humanidade (UNESCO, 1985)[81], pero os Camiños de Santiago son un fenómeno recoñecido e con unha antigüidade de case doce séculos.

Estes réximes de protección non so se aplicaron sobre o camiño como tal, senón tamén aos peregrinos medievais dentro dun ámbito político e relixioso (Valiña Sanpedro, 1967; Sanz Larruga, 1997). Deste réxime xurídico favorable outorgado ás persoas peregrinas que accederan á realización dunha "*peregrinación forzada*", entendendo esta como unha pena substitutoria doutras máis graves derivadas das súas anteriores "*conductas reprobables*", despréndense outras consecuencias como a importante vía de comunicación e intercambio que representaron con toda Europa, ou incluso os fenómenos de urbanización que implicaron non so de Santiago, senón tamén noutras poboacións dentro do itinerario (González-Varas Ibáñez, 2002: 540-542).

Polo tanto, considerase relevante o estudo da acción lexislativa ao redor do fenómeno do camiño, xa que esta, finalmente reflectirase na cultura dos pobos próximos aos itinerarios, e polo tanto, na súa cultura, arquitectura e patrimonio herdado que agora se pretende protexer. As primeiras medidas de protección que se deron aos peregrinos, mudaron dende os recoñecementos e privilexios outorgados polo *Rey Alfonso IX de León,* os establecidos no *Fuero Real,* ata as Partidas de *Alfonso X el Sabio,* constituído de facto todo este conxunto de medidas, favores e/ou privilexios, un "*estatuto jurídico del peregrino*" (Sanz Larruga, 1997: 143-145).

Estes recoñecementos e accións encamiñadas á protección xeral dun elemento tan amplo e con tantos matices como pode ser o camiño e os seus distintos itinerarios, evoluciona cara ao aprecio e tamén protección a modo individual, dos distintos elementos singulares contidos na contorna ou ámbito de protección. Neste escenario e a partir dos séculos XVIII e XIX comeza un interese pola protección e o recoñecemento destes elementos patrimoniais, pero non será ata o século XX, cando se comece a esbozar unha primeira lexislación a partir da *Ley de 7 de junio de 1907* e o seu regulamento (*Real Decreto de 1 de marzo de 1911)* para a protección do patrimonio cultural, podendo considerala un antecedente da *Ley 16/1985, de 25 de junio, del patrimonio histórico español"* (Gabardón de la Banda, 2014: 36-39).

En todo caso, a protección para o camiño non chegará ata a publicación do *Decreto 2224/1962, de 5 de septiembre por el que se declara conjunto histórico-artístico al llamado Camino de Santiago y se crea su patronato*. Posteriormente mediante a *Resolución de 12 de noviembre de 1992, de la Dirección General del Patrimonio Histórico y Documental, de la Consejería de Cultura y Juventud, por la que se concreta y define la delimitación del Conjunto Histórico del Camino de Santiago (Camino Francés)*, incóase unha primeira delimitación que recolle tanto ao propio camiño, como a da súa área de protección, incluíndose planos da delimitación e un apartado para cada un dos concellos polos que discorre o itinerario.




A declaración conxunto histórico artístico consorte ao decreto do ano 1962, implica de facto a consideración do camiño como BIC, unha vez se aproba a *Ley 16/1985, de 25 de junio, del patrimonio histórico español,* a cal mediante a disposición adicional primeira, recoñece como tales aos que con

[81] Declaración nº 347 ICOMOS, dispoñible en: https://whc.unesco.org/document/118623.

anterioridade obtiveran a declaración de bens histórico artísticos, ou aos incluídos no *Inventario del Patrimonio Artístico y Arqueológico de España*. Este mérito é antecesor doutro máis importante, que ven a ser a declaración de Patrimonio da Humanidade mediante a primeira resolución 669, non obstante débese mencionar que o casco antigo de Santiago de Compostela xa estaba declarado conxunto histórico-artístico dende o ano 1940 (Decreto do Ministerio de Educación Nacional de 9 de marzo de 194, BOE 18/04/1940).

Neste traballo, non se profundará máis sobre os numerosos logros, premios e recoñecementos dos camiños, se ben precísase ter en conta que estes primeiros recoñecementos derivan posteriormente en medidas, normativas e lexislación de protección para os peregrinos, o camiño como tal, a súa contorna, e finalmente a cultura, o patrimonio e a paisaxe asociada, máis aló do inicial contido unicamente relixioso. Expóñense nas seguintes táboas 10 e 11 as lexislacións e normativas vixentes na actualidade.





Táboa 11: Ruta principal do Camiño Francés en Galicia.

s/Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago (artigo 1.3). s/ artigo 73.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia, pasa a ser UNHA DAS RUTAS PRINCIPAIS.				
RUTA	DELIMITACIÓN	LISTAXE UNESCO	CÓDIGO BIC	ÁMBITO XEOGRÁFICO
CAMIÑO FRANCÉS [1]	Decreto 227/2011, do 2 de decembro. (Pedrafita – O Pino)	Declaracións 669 (1993), e 669 BIS (2015). http://whc.unesco.org/en/list/669/ http://whc.unesco.org/en/list/	BIC.000.098 [2]	
	Decreto 144/2012, do 29 de xuño. (Amenal – A Vacolla)			
	Decreto 247/2012, do 22 de novembro. (Concello de Santiago de Compostela)			

Observacións:
[1] O Camiño de Santiago declarase conxunto histórico artístico polo "Decreto 2224/1962, do 6 de setembro, polo que se declara conxunto histórico artístico ao chamado camiño de Santiago, e se crea o seu patronato".
[2] BIC s/ a delimitación recollida na Resolución de 12 de novembro de 1992, da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, pola que se define a correspondente ao conxunto histórico, e que estará vixente ata modificación polos decretos de 2011 e 2012.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 12: Outras rutas dos camiños.

s/Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago (artigo 1.3). s/ artigo 73.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia, pasa a ser UNHA DAS RUTAS PRINCIPAIS.				
RUTA	DELIMITACIÓN	LISTAXE UNESCO	CÓDIGO BIC	ÁMBITO XEOGRÁFICO
CAMIÑO DO NORTE INTERIOR (PRIMITIVO OU DE OVIEDO).	DECRETO 267/2012, do 5 de decembro. Corrección de erros: Decreto 267/2012, do 5 de decembro,	Declaracións 669 (1993), e 669 BIS (2015). http://whc.unesco.org/en/list/669/	BIC s/art. 75.1 BIC.000.679	
CAMIÑO DO NORTE (DA COSTA).	Decreto 158/2014, de 27 de novembro. Decreto 154/2013, de 5 de setembro, no Concello de Santiago.	http://whc.unesco.org/en/list/	BIC.000.678	
CAMIÑO INGLÉS [1].	Decreto 110/2014, do 4 de setembro.	-------	------	
CAMIÑOS DO N, FISTERRA E MUXÍA, RUTA DA PRATA, PORTUGUÉS. (CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)	Decreto 154/2013, do 5 de setembro.	-------		

[1] Bens catalogados segundo art. 75.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tal e como se amosa nas anteriores táboas, a consideración de ruta dos Camiños de Santiago evoluciona co tempo, se ben a derrogada *Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago* consideraba unicamente como ruta principal ao Camiño Francés (art.1.3) á máis antiga coñecida e xa descrita no Códice Calixtino. Será no punto 1.4 desta, en onde se enumeran as anteriores *outras rutas*, que agora serán *rutas principais* ao abeiro do artigo 73.2 da vixente *Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*, sendo estas; o camiño portugués, a vía da prata, a ruta do norte, a de Fisterra, o camiño inglés, así como á ruta do mar de Arousa e o ría Ulla.


Introdúcense na lei 5/2016, as iniciais *outras rutas* da lei do 1996, como *rutas principais*, incluíndo ademais un novo recoñecemento, que é o do camiño de inverno, especificando agora tamén, os dous percorridos do camiño do norte, así como o de Muxía, polo que a ruta de Fisterra, pasa a ser a de Fisterra e Muxía. Por outra banda, algunhas das delimitacións que se inclúen definidas por decreto da Xunta de Galicia, son parciais, como as dos camiños de Fisterra e Muxía, a Ruta da Prata, o Camiño Portugués, so definidos no Concello de Santiago de Compostela, sendo as competencias para as delimitacións dos camiños da Consellería con competencias en patrimonio cultural.

Na vixente Lei de patrimonio cultural de Galicia do ano 2016, defínense outros organismos cun importante papel, asociados aos Camiños de Santiago como os Órganos asesores e consultivos (artigo 7), sendo outros moi anteriores, algún dos primeiros nace a partir do *Decreto 2224/1962, de 5 de septiembre, por el que se declara conjunto histórico-artístico al llamado Camiño de Santiago y se crea su Patronato*. Este Patronato[82] xorde na derradeira etapa da ditadura para a dinamización da antiga ruta de peregrinos, dentro dunha iniciativa de revitalización do turismo, e que apenas dou resultados, desaparecendo aos poucos anos[83].

Existen outros entes de distinta índole, gobernamentais ou non, que traballan co fins da protección, promoción, etc. dos Camiños de Santiago, entre os cales, precísase mencionar ao Consello Xacobeo, adscrito á Consellería de Cultura a través da Secretaría Xeral Técnica, que se crea no ano 1991 e se renova a partir do *Real decreto 1431/2009, do 11 de setembro, polo que se reorganiza o Consello Xacobeo*.

Segundo este texto lexislativo, a tutela do camiño a realizaba o estado dende o Ministerio de Educación Nacional (artigo 2), establecendo a obriga de conservación dos inmobles situados nos itinerarios e aplicable aos propietarios e as Corporacións Municipais (artigo 3), expresándose nos seguintes termos "*quedan obligados a la más estricta observancia de las leyes del Tesoro artístico, municipal y de Ensanche de poblaciones*". A composición deste ente era diversa, dende o Ministro de Educación Nacional, representantes del Cardenal Arzobispo de Santiago, ou representantes doutros ministerios.

Despois dunha ollada atrás aos recoñecementos e protección que na normativa recente se lle da ao Camiño de Santiago, observase unha evolución dende a outorgada ao "*chamado camiño de Santiago*" como *conxunto histórico-artístico*, ao recoñecemento dunha ruta principal, que pasa a conformar posteriormente un conxunto de rutas principais, xa na vixente lei de patrimonio cultural de Galicia. Neste documento, a protección que se lle da aos Camiños de Santiago non é como aos outros elementos BIC ou catalogados, senón como a un elemento patrimonial



Mapa 15: Camiños na Península Ibérica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[82] Patronato do Camiño de Santiago:

[83] Xacopedia: Patronato do camiño de Santiago, recuperado de: http://xacopedia.com/Patronato_del_Camino_de_Santiago, consulta en data de xuño de 2020.

específico, ao cal dedica o título VI, definindo ademais nos artigos 12 e 13, os contornos de protección e a zona de amortecemento.

É importante ter en conta que aínda que o ámbito de estudo deste traballo é a Comunidade Autónoma de Galicia, existe un complexo mapa de rutas que discorren polo resto de CCAA (mapa 16), así como polo resto dos países da E, se ben o que quizais más tradición xacobea posúa, poda ser Francia, orixe da ruta máis antiga. Polo tanto, esta circunstancia implica tantas lexislacións e delimitacións como autonomías polas que discorre o camiño, así como os diferentes tratos que se lles da nas lexislacións e normativas europeas.

Mapa 16: Trazado do Camiño Francés por provincias.



4.5.4. As delimitacións dos camiños.

Mediante leis en patrimonio cultural e procedementos de delimitación e recoñecemento cada CCAA depura os trazados e os delimita a efectos de outorgar unha necesaria protección, tal e como se representa na seguinte táboa 13.

Táboa 13: Delimitacións rutas do Camiño Francés noutras CCAA.

CCAA / LEXISLACIÓN	DELIMITACIÓN	ZONAS DE PROTECCIÓN (4)		
		1	2	3
CASTILLA Y LEÓN: Ley 12/2002, de 11 de julio, de patrimonio cultural de Castilla y León. Decreto 37/2007, de 19 de abril, por el que se aprueba el reglamento para la protección del patrimonio cultural de Castilla y León.	Decreto 324/1999, de 23 de diciembre, por el que se delimita la zona afectada por la declaración del conjunto histórico del Camino de Santiago (Camino Francés).	-	100,00	-
LA RIOJA: Ley 11/2005, de 19 de octubre, de Patrimonio de la Comunidad Autónoma de La Rioja.	Decreto 14/2001, de 16 de marzo, por el que se declara bien de interés cultural con la categoría de conjunto histórico el Camino de Santiago (Camino francés, camino secundario a San Millán de la Cogolla y variante alternativa a Cirueña), en La Rioja.	3,00	30,00	250,00
NAVARRA: Ley foral 14/2007, de 4 de abril, del patrimonio de Navarra.	Decreto foral 290/1988, de 14 de diciembre, por el que se delimita definitivamente el Camino de Santiago a su paso por Navarra y se establece su régimen de protección.	3,00	30,00	-
ARAGÓN: Ley 3/1999, de 3 de marzo, del Patrimonio Cultural Aragonés.	Resolución de 25 de junio de 2001, de la Dirección General de Patrimonio Cultural del Gobierno de Aragón, por la que se procede a la delimitación física provisional de la ruta y del entorno afectado, y el trazado del GR 65.3 entre otros.	-	30,00	-
	Decreto 211/2018, de 3 de diciembre, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueba la Directriz Especial de Ordenación Territorial del Camino de Santiago-Camino Francés a su paso por Aragón.	-	30,000	1,00 Km.(5)

ANOTACIÓNS:
(1) Dominio Público.
(2) Zona de protección.
(3) Zona de amortecemento.
(4) Unidade de medida en m.
(5) Unidade de medida en Km. (Franxa visual)

Ademais de outras directivas, normativas e convencións que tratan sobre a protección do patrimonio cultural, esta non depende unicamente de decretos de delimitación, declaracións de BIC ou de elementos catalogados, senón que depende tamén da calidade e viabilidade de posta na práctica, tanto da lexislación en patrimonio, como dos distintos instrumentos de planificación urbanística ou territorial. Evidentemente, a lexislación en patrimonio cultural constitúe o instrumento principal de protección do patrimonio de forma xeral, e polo tanto dos Camiños de Santiago, xa que incluso o planeamento municipal ten que cumprir os seus requirimentos.

En relación cos documentos lexislativos vixentes nas CCAA polas que discorre o Camiño Francés en España, é importante mencionar que a vixente *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, é a máis recente de todas, sendo o resto dunha franxa comprendida entre os anos 1999 no caso da lei de Aragón, a máis antiga, e a de Navarra e o regulamento de desenvolvemento da lexislación de La Rioja do ano 2002, ambas do ano 2007.

Os procesos de delimitación e declaración de ben de interese cultural son complexos, por exemplo na CCAA de Galicia, os actuais decretos de delimitación que modifican a inicial delimitación da *Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do 12 de novembro de 1992*, incóanse no ano 2010 por *Resolución de 30 de xullo*, para aprobarse definitivamente no ano 2011. O expediente de declaración de BIC iniciase por *Resolución de 18 de marzo de 1993*, para aprobarse finalmente no ano 1999.


Sen entrar ata o momento na realidade co camiño e da súa traza, e sobre se a delimitada é a adecuada ou a máis realista en función dos datos existentes, estudaranse neste traballo os posibles impactos ao patrimonio cultural en xeral, e aos Camiños de Santiago en concreto, así como cal pode ser a forma que derive da lexislación e normativa urbanística, máis adecuada para a súa protección. Neste punto é importante mencionar o caso do *Decreto 144/2012, do 29 de xuño, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino*, é un caso digno de estudo, sobre como se enfrontan distintos entes da AAPP, a iniciativa empresarial privada, os intereses de certas AALL e a xustiza.

Representase nos seguintes mapas 19 a 20 o estado do Camiño de Santiago no límite entre os concellos de Santiago de Compostela e O Pino, no que se pode comprobar a modificación do camiño, a partir da ampliación do aeroporto da Vacolla, así como da localización do polígono industrial froito do conflito que retrasa varios anos a delimitación do Camiño Francés neste emprazamento, mediante o *Decreto 144/2012, do 29 de xuño*.


Sobre esta circunstancia, pola que finalmente semella que prevalecen os intereses económicos sobre o patrimonio cultural, incluso cando estes proveñen nun ou noutro modo dunha administración, a Lei 5/2016, sen desenvolver ata o momento e na que"*predomina la flexibilidad sobre la certidumbre jurídica en aspectos clave*", non estimula o levantamento de cargas aos propietarios para poder afrontar a conservación dos bens patrimoniais, pero ademais, se "*devuelven potestades a unos municipios cuyas credenciales políticas y medios técnicos en materia de protección de patrimonio han dejado tradicionalmente mucho que desear*" (Amoedo Souto, 2017: 48-50).

Neste punto é onde se da o caso da capacidade e/ou solvencia de algúns concellos, de afrontar unha tarefa tan ardua como pode ser a conservación dun ben patrimonial da envergadura do Camiño de Santiago, pola súa lonxitude, amplitude ou connotacións, é dicir, exixe a intervención no ámbito social, patrimonial, paisaxístico, etc. De feito, como se expón noutro apartado deste traballo, moitos dos concellos polos que discorre o Camiño Francés en Galicia, non dispoñen de instrumentos de planeamento urbanístico adaptados, nin á lexislación vixente, non incluso, a algunha das anteriores á LSG.

Mapa 17: Camiño Francés no límite dos concellos de Santiago e O Pino sobre ortofoto 1956.



Mapa 18: Camiño francés no límite dos concellos de Santiago e O Pino sobre ortofoto 2017.




Representase nos anteriores mapas sobre a ortofoto do 1956 a primeira e do 2017 a segunda, un de moitos casos nos que se pode comprobar que incluso as necesidades de infraestruturas ou outros investimentos, finalmente son prioritarias ante a conservación do patrimonio. En cor granate sinálase o camiño arqueolóxico baixo a ampliación do aeroporto.

Non moi lonxe de este punto (mapas 17 e 18) pódese comprobar como a poucos metros, incluso en contra o criterio inicial da Consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, o planeamento urbanístico avanza sobre o trazado do camiño, ao redor do cal se planifica un "*sector urbanizable con uso industrial-comercial*", a desenvolver mediante plan parcial denominado PP-1 (Concello de O Pino) xunto ao aeroporto da Vacolla. Este plan despois dunha longa polémica apróbase definitivamente en data de

12/05/2005, incluíndose anos máis tarde na delimitación definitiva do Camiño Francés que define o *Decreto 144/2012 de 29 de xuño*.

Mapa 19: Camiño francés no interior do polígono de actuación para Plan Parcial de solo industrial (cor laranxa).



Mapa 20: P.P. a desenvolver no ámbito de solo industrial no Concello de O Pino.



Mapas de planeamento dispoñibles en: http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/.

Se ben as necesidades urbanísticas de solo, sexa este residencial ou industrial-comercial como sucede en esta situación, constitúen parte do interese público e finalmente do servizo aos cidadáns, estes casos desvirtúan o trazado do ben patrimonial e reflexan a situación de desprotección do patrimonio en relación con outros intereses. En todo caso, a protección dos camiños de Santiago ven outorgada polas leis e decretos de delimitación a partir de declaracións de BIC ou de bens catalogados ou outros recoñecementos, polo que será importante mencionar que todos estes documentos lexislativos, normativos ou recoñecementos, constitúen un incentivo máis para avanzar no seu respecto e protección.

Estes recoñecementos reflíctense finalmente en accións orientadas á mellora das vivendas tales como as axudas destinadas á eficiencia enerxética, cambios de cubricións dos tellados, carpintarías ou mesmo as ARI específicas dos camiños, como acordo da Comisión Bilateral celebrada o 17 de decembro de 2010 polo Plan Estatal de Vivenda de Galicia do IGVS. En todo caso, ante a pequena entidade, contía e zonificación espacial destas iniciativas, deberase considerar outros mecanismos de protección e/ou intervención supramunicipais.

Ademais das medidas de protección mediante lexislación e normativa autonómica e/ou local, nun futuro inmediato precisarase ter en conta a situación cambiante e as novas *revolucións tecnolóxicas* que finalizan coas anteriores *revolucións industriais*, e que poden xogar un importante papel na protección do patrimonio cultural mediante difusión e información á cidadanía, ou quen sabe, por algún método ou instrumento que aínda non se desenvolvera.

4.6. Urbanismo e planificación urbanística, concepto e evolución.

4.6.1. Urbanismo e política, conceptos.

O concepto de urbanismo muda ao longo dos tempos, o actual engloba necesariamente a outras áreas de coñecemento relacionadas co medio ambiente, o patrimonio, etc., e que o veñen a enriquecer e complementar, aínda que complicándoo no momento da súa posta en práctica. Precísase puntualizar que na actualidade e a partir de todas estas disciplinas, sería complicado atopar "*alguna disciplina no interesada por la ciudad como espacio o como forma de organizacion social*", e que amplía a concepción clásica do urbanismo, entendéndoo tamén, como un "*conjunto de acciones políticas*" (Vinuesa Angulo, 2015: 620).

Pódese considerar ao urbanismo como o "*conjunto de disciplinas relativas al estudio de los asentamientos humanos y sus necesidades de cara a su desrarrollo e intervención*" (DPEJ, 08/04/2023), mentres que o planeamento urbanístico sería o "*conjunto de instrumentos normativos que rigen la*

ordenación del uso del suelo y las condiciones para su transformación y conservación" (DPEJ, 08/04/2023), outra forma de entender o urbanismo sería a seguinte (RAG, 08/04/2023):

> *"estudo que se ocupa do deseño e disposición de edificios, vías de comunicación etc., dunha aglomeración urbana, tendo en conta as necesidades desta e aténdose a unha serie de normas estéticas, científicas, administrativas etc.".*

Deberase reflexionar tamén sobre o mencionado planeamento urbanístico e dende cando existiu, así como se unha certa orde na edificación que se comproba en antigas cidades pode equipararse con ordes ou disposicións, é dicir, con plans levados a cabo para un fin, de forma vinculante (lexislación ou normativa, exercicio do poder, da política, etc.), ou doutras formas máis intuitivas. Na actualidade unha das fronteiras que se establece ao urbanismo é a liña coa que se separa o local e o rexional, é dicir, o urbanismo e a ordenación do territorio, non obstante, esta diferenciación é cada vez máis difusa.

4.6.2. O urbanismo e a cidade, orde ou planificación.

Dende unha ollada xeral pode semellar que os primeiros e puntuais, ou despois estacionais asentamentos humanos, apenas teñen que ver cos actuais, pero na realidade as similitudes son moitas, comezando por entender que moitas das grandes cidades actuais emprázanse onde xa as entenderon os nosos antepasados, por motivos de protección, proximidade, acceso a alimentos e auga, etc. Aínda que na actualidade o fondo da cuestión é o mesmo, a sinerxías que se xeran dependen máis de necesidades como a proximidade a centros de traballo e estudo, de comercio, de transporte e comunicación, etc., non obstante constátanse avances enormes en materias dispares, sendo quizais as máis importantes as de salubridade e habitabilidade, seguridade, etc. implicando todas estas un maior esforzo no proceso planificador.

Constátase a existencia de cidades cunha antigüidade de en torno a 10.000 anos como pode ser a de Jericó, outras posteriores e máis evolucionadas como Catal Huyuk, no 6500 ac., e da que xa se coñece a existencia dunha estrutura xerárquica na sociedade (Gasull, J & Sanahuja, 1980: 7-9). Dentro dun entorno máis próximo ao noso, os embrións do urbano na Península Ibérica proveñen das culturas dos Millares (Almería) e da época do eneolítico, denominándoos "*núcleos preurbanos*" (Montero Vallejo, 1996: 31). En emprazamentos próximos a este último como nos restos das Cortes de Navarra da Idade do Ferro, xa se apreciaba unha certa orde e ortogonalidade na execución.

A tipoloxía das edificacións tradicionais do NO peninsular séculos antes de Cristo, ten poucas similitudes con outros asentamentos máis ou menos coetáneos como a cidade de Atenas ou o dos Millares, pero teñen todos algo en común, que é que da mesma forma que non se pode entender que nalgúns dos máis antigos asentamentos humanos coñecidos (Catal Huyuk, Ur, Uruk, Byblos, Atenas ou Argos, as cidades exipcias, ou incluso a de Cádiz[84]) non mediou planificación urbanística algunha, o certo é que unha vez se realiza un análise dos restos, aínda non podendo afirmar a existencia desta planificación, si se pode intuír unha certa orde na súa construción e quizais ¿un plan?.

4.6.3. A sociedade urbana e o poder, antecedentes históricos.

A planificación das cidades tal e como a entendemos na actualidade é froito de políticas, e as políticas son froito do exercicio dun poder ou dun goberno, polo que, para demostrar a existencia da primeira, quizais habería que demostrar a existencia da segunda, o cal complica incluso máis a cuestión, xa que o coñecemento destas antigas civilizacións (en ausencia de proba epigráfica), realízase a partir da proba física aportada polos achados arqueolóxicos e a posterior "*interpretación científica*", *interpretación* fundamentada, pero interpretación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[84] Aínda que se estima que é moito máis antiga, os restos que o acreditan cientificamente datan a antigüidade da cidade, en aló menos, no século VIII ac.

Constatase que ademais da Baixa Mesopotamia, tamén na Alta Mesopotamia xa existían "*sociedades complexas*" (séculos IV e V ac.) e incluso chegaron a posuír unha mínima organización "*social, económica y política*" (Pérez Lagarcha, 2013: 251). Por outra banda que en UR III xa existía unha certa "*xerarquía*" e unha certa "*burocracia*", aínda que esta circunstancia non resultará definidora desta cultura, xa que ven a ser algo que se pode dicir de practicamente tódalas sociedades urbanas da antigüidade (Garfinkle & Jonhson, 2008: 56-58).

Compróbase que a cidade está intimamente ligada á sociedade de cada época, e que por riba das individualidades os seres humanos necesitan asociarse, cabe reflexionar sobre a organización desta sociedade en múltiples aspectos significativos do modo de vida de cada época, entre outros, a edificación ou o comercio, así como as relacións entre clases sociais e de poder. En todo caso, ante a ausencia de datos relevantes destas épocas, é factible imaxinar que si existían códigos de conduta e relacións entre as persoas, e polo tanto, unha serie de normas escritas ou non escritas, que tamén poderían regular o modo en que se construían e ampliaban as cidades.

Para falar sobre as primeiras leis ou normas, precisarase retroceder aos códigos mesopotámicos de diferentes épocas, sendo os sumerios os máis antigos (Código de Ur-Namma; 2112-2095 ac., Código de Urakagina; 2350 ac. ou Código de Lipit Ištar; 1934-1924 ac.), existindo outros códigos acadios posteriores como co do estado de Eshunna (1835-1795 ac.), e o máis coñecido, o Código de Hammurabi que data de entre o 1790 e o 1750 ac. e que ven a ser unha recompilación de algúns artigos máis antigos pero cunha mellor organización como lei (García Falcón & Larenas Cortez, 2016: 71-73).


En estes códigos non existe mención algunha ao urbanismo, a arquitectura ou outros temas relacionados coa edificación ou ao asentamento sobre o territorio, tendo que esperar ata a Grecia clásica para atopar documentos nos que se represente o modo de vida na cidade a partir do pensamento primeiro de Sócrates, ou ás posteriores obras de Aristóteles e Platón, que incluían unha análise e/ou unhas recomendacións sobre o modo máis adecuado orientación e implantación das cidades no territorio, as infraestruturas ou incluso o concepto de cidadanía e de cidadán.


Pero será do posterior período histórico da Roma imperial tan influenciada polos gregos, de onde proceden as primeiras noticias sobre obrigas e determinacións vinculantes como poden ser as de gardar distancias mínimas entre rúas, alturas das edificacións ou incuso o coñecido hoxe en día como *dereito de luces*, segundo o cal non se podían tapar as vistas ao mar a outras edificacións próximas. Non obstante, o modelo de asentamento que tantas cidades, vilas ou campamentos militares legan os romanos, xa existía no urbanismo da Grecia clásica a partir de cidades ortogonais, cun nome importante que sobresae sobre os demais, Hipódamo de Mileto, coñecido como o primeiro planificador urbano, aínda que na actualidade existen certas dúbidas sobre a orixinalidade da súa obra ao constatar a existencia de planificacións ortogonais noutras épocas e lugares anteriores a este (Menéndez, 1997: 183-185).

Algunhas destas mostras as atopamos en Mesopotamia, Exipto, ou incluso no continente americano, podendo destacar algúns exemplos como o das cidades exipcias *dos obreiros* de Deir el-Medina ou a de Kahun[85], que foi un asentamento importante no que convivían obreiros, sacerdotes, e diversas xentes entre 1906 e 1888 ac, definíndoa como unha "*comunidad diversificada y urbanizada con una organización muy completa*" (Alonso Royano, 1997: 54), se ben outros estudos argumentan a existencia de comunidades urbanas incluso con anterioridade, na época predinástica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

85 William Matthew Flinders, coñecido como Petrie, datou no Imperio Medio o asentamento próximo a El-Lahun que bautizou como Kahun, a partir das escavacións realizadas entre 1889 e 1890.





Imaxe 55: Poboado de *Las Cortes de Navarra* (VII- VI a.c.). Imaxe 56: Asentamento exipcio de Kahun.

Fonte imaxe 55: (Montero Vallejo, 1996).
Fonte imaxe 56: Diario da escavacións de Petrie, W.M. Flinders (1890: lámina XV), Kahun, Gurob, and Hawara.Recuperado en formato para consulta online: https://archive.org/details/cu31924028675399/page/n87. Consulta en data de xullo de 2019.

En todo caso, a finais do milenio primeiro, e a principios do seguinte despois, nas romanas *Lex Iulia Municipalis* e *Lex Flavia Municipalis*, existiron determinacións relativas á trama urbana e á edificación, sendo ao final imperio romano cando practicamente desaparece o espazo urbano e se chega case á ausencia total de tratados ou documentos que denoten calquera mostra asimilable a planificación en comparación cos textos da antigüidade clásica (Curiel Esparza et al, 1998: 107). É entón cando se asentan na península Suevos e Visigodos, dos que se coñecen algunhas edificacións singulares, relixiosas, señoriais, etc., non sucedendo o mesmo coa mostra da arquitectura e o urbanismo efémero residencial das pequenas aldeas, executadas con tecnoloxía menos perdurable e que non chegaron ata os nosos días.

Os poderes relixiosos asumen a iniciativa de urbanización, pero tamén de promoción e planificación, se ben esta sería máis ben unha auto promoción ou unha auto planificación, promovéndose certas melloras sobre a paisaxe urbana que asume a monarquía visigoda, inexistentes dende a época do Baixo Imperio (Olmo Enciso, 1998: 113). En cambio os musulmáns si dispuxeron de ordenanzas e tratados urbanos superiores aos dos cristiáns da época, pudendo destacar pola "*minuciosidad y el orden en la reglamentación*" (Curiel Esparza et al, 1998: 107-108), podendo destacar a figura do *muhtasib*[86], asimilable en certo grao á de policía, no relacionado coas actividades comerciais, gremios, baños e benestar público, aínda que este cargo se ben dispoñía destas funcións, tamén ostentaba outras relacionadas coa moral pública

[86] Def. Muhtasib segundo o Oxford Islamic Studies online: "Holder of the office of al-hisbah, in classical Islamic administrations an executive falling roughly between the offices of judge (qadi) and court magistrate. Charged with enforcing public morality, overseeing the public welfare, and supervising the markets, the muhtasib had no jurisdiction to hear cases—only to settle disputes and breaches of the law where the facts were admitted or there was a confession of guilt....", recuperado de: http://www.oxfordislamicstudies.com/article/opr/t125/e1589, consulta en data de febreiro de 2020.

completamente diferentes, podendo ser un antecedente (en parte) da organización de oficios da Sevilla do século XIII, cun similar modelo organizativo e funcións propias do cargo (García Sanjuán, 1997: 233).


Entre os instrumentos normativos da Idade Media que organizaban a vida na cidade pódese citar aos *fueros*, mentres que outros instrumentos como as partidas, desenvolvían "*normas generales de edificación y conservación de edificios*", podendo consideralos como o antecedente das posteriores ordenanzas medievais dos séculos XV en adiante, (Curiel Esparza et al, 1998: 108), constituíndo a cima da evolución do Dereito Municipal da época (Orduña Rebollo, 2012).

Outro exemplo puntual do que poden ser antecedentes da planificación urbanística actual son as "*ordinacións*" de Jaime II de Mallorca do ano 1300 foron unha "*una auténtica «Ley de Régimen del Suelo y Ordenación Urbana» al estilo de las que se plantean y realizan en nuestras administraciones actuales*", establecéndose determinacións para o urbano e para o rural, mediante a promoción da economía agraria e as zonas de montaña, así como para execución dos novos polígonos urbanos en cuadrícula, ou a superposición ou xustaposición do trazado en casos nos que existira un antigo núcleo, algo realmente adiantado á época (Curiel Esparza et al, 1998: 108). Estas "*ordenacións*" establecían tributos ou cargas aos veciños, para gastos e obras de utilidade pública que se denominaban "*subsidio veciñal*", por un importe progresivo segundo as posibilidades de cada cidadán (López Bonet, 2008: 135).

Deixando a un lado este peculiar caso de ordenanzas, a súa utilización estendese por toda a península, regulando a vida do municipio en diversos aspectos como poden ser o réxime de abastos, actividades gremiais, salubridade e saneamento, policía, incluído tamén determinacións sobre o urbano e a edificación, obras e licencias, alturas, fachadas, limpeza de rúas, etc. Se ben os contidos xenéricos son amplísimos, o marxe de heteroxeneidade entre elas é variable segundo a época, existindo ordenanzas xenéricas e outras específicas, sobre todo as de oficios.

A tipoloxía da cidade da Idade Media era sinxela e a vida e a edificación realizábase *intramuros* ou *extramuros*, muralla física e conceptual que tamén separaba clases, de forma que a vida no interior podía ser máis doada a partir dos poucos servizos urbanos que poderían existir no momento, mentres que no exterior, reinaba a insalubridade. Pouco a pouco, estes muros vanse eliminando nun intento de ampliación da cidade, case sempre a costa da reforma interior.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



ORDENANZAS
DE POLICÍA
DE LA CIUDAD DE SANTIAGO,

Corregidas segun el informe dado po el Arquitecto Mayor de Madrid D Ventura Rodriguez, y aprobadas po el Real y Supremo Consejo en 14. d Setiembre, y 25. de Octubre de 178c con vista de lo expuesto por el Fisca de S. M.

CON LICENCIA

Imaxe 57: Ordenanzas de policía de Santiago de Compostela, 1799.

Fonte: https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/8200/b11395588.pdf?sequence=1&isAllowed=y.
Consulta en data de xaneiro de 2020.



ORDENANZAS
DE POLICIA
DE LA CIUDAD DE SANTIAGO.

Corregidas segun el informe dado por el Arquitecto Mayor de Madrid D. Ventura Rodriguez, y aprobadas por el Real y Supremo Consejo en 14 de Setiembre, y 25 de Octubre de 1780, con vista de lo espuesto por el Fiscal de S. M.

REIMPRESO POR ÓRDEN DE LA AUTORIDAD.

SANTIAGO, IMPRENTA DE JACOBO SOUTO É HIJO.

1856.

Imaxe 58: Modificación das ordenanzas de policía de Santiago de Compostela do 1799, no 1856.

Fonte: Biblioteca Galiciana: http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=4631.
Consulta en data de xaneiro de 2020.

Unha cousa era a aplicación das ordenanzas nas urbes, e outra no rural, onde as determinacións destas eran máis sinxelas e adaptadas á tipoloxía dos pequenos pobos e aldeas. Estas normas locais, en ocasións confirmábanse pola monarquía con rango de lei, unha delas de 1422 recóllese nas Cortes de Ocaña por Juan II [87] (Orduña Rebollo, 2012). É no século XIX, cando a preocupación polo urbano a raíz das *revolucións industriais* e o desmesurado e desordenado crecemento no ámbito urbanístico, industrial e demográfico, xera unha cidade na que non existen límites entre o industrial e o residencial, aínda que con unha mellor convivencia de sectores nalgúns barrios, segregados por oficios, e os mesmos residentes. Froito desta actividade industrial, xorden os primeiros ensanches nas localidades costeiras como Ferrol, Bilbao, etc., firmados por técnicos militares.

Non so chegaba con ampliar os antigos centros históricos senón que tamén se necesitaba sanealos, xa que constituían importantes focos de enfermidades e insalubridade, xerando unha das maiores preocupacións reflectidas nas ordenanzas de policía. En ocasións estas urxentes ampliacións non eran posibles debido ás barreiras físicas e/ou xeográficas que deixaban a estas cidades enclavadas entre o mar e a montaña (Barcelona, por exemplo), o caso e que finalmente, o que hoxe en día consideramos como

[87] Recollese esta lei na Novísima Recompilación de las Leyes de España (1993), publicada pola "Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado": Libro VII: "*De los pueblos; y su gobierno civil, económico, y político*".

fonte: https://www.boe.es/biblioteca_juridica/publicacion.php?id=PUB-LH-1993-63&tipo=L&modo=2

importantes bens patrimoniais, desapareceron en gran contía ao considerarse un obstáculo para o crecemento, pero tamén para a saúde, aínda que a casuística é variada e complexa.

Ante a necesidade de ordenar o existente e planificar as ampliacións e as futuras cidades, promúlgase a *Ley de Ensanche de las Poblaciones de 29 de junio de 1864*, modificada posteriormente en 1876 e 1892, ata que se publica en 1895 a *Ley sobre mejora, saneamiento y reforma o ensanche interior por las grandes poblaciones*, e un ano máis tarde, no 1896, o seu regulamento de aplicación. Nótese que se ben a primeira lei trata o ensanche e a expansión da trama existente, a segunda tamén contempla as opcións de saneamento e reforma interior ante a necesidade de dar nova vida á vella cidade antiga. Quizais as solucións de actuar sobre os ensanches eran insuficientes xa que causaban especulación e deixaban un extra radio abandonado (De Terán Troyano, 1994: 589-592).

As técnicas de ensanche e reforma interior foron da man en moitísimas ocasións, sendo novidosos e controvertidos tanto para cidadáns como para gobernantes das súas épocas, de feito quedan para a posteridade baixo o nome dos seus creadores, o Plan Castro (Madrid) e o Plan Cerdá (Barcelona). Coa *Ley municipal de 4 de octubre de 1877* continúa a planificarse a partir dos proxectos de obras, de saneamento, os de mellora interior de poboacións, e as expropiacións.

O final do século XIX, caracterízase ademais polas exposicións internacionais e/ou rexionais que actúan como importantes motores económicos, deixando unha importante pegada en todas as sedes como por exemplo as cidades de Londres ou París, de forma que legan un importante patrimonio como a torre Eiffel (Exposición Internacional de París, 1889) ou o Crystal Palace de Owen Jones (Exposición Internacional de Londres, 1851), outras propostas procuran para as cidades un fondo máis social e ideolóxico, case utópico, como a do pensador Fourier. Pero a presenza da ideoloxía na cidade xa é coñecida e recoñecida dende o momento en que é o poder político, o relixioso ou o económico (ou os tres xuntos) quen ditan as normas urbanísticas nun intento de construír a súa cidade particular, en ocasións máis relacionada cos seus intereses que co interese xeral.

Será no ano 1871 cando esta forma de planificar o urbano provoca en resposta a coñecida revolta da comuna de París contra o urbanismo do Barón Haussman[88], que finaliza con violentos conflitos xa que entre outras problemáticas, deseñarase un plan de cidade sen cidadáns, ou quizais so para unha pequena parte destes. Este plan remodela unha grande parte de París sen consenso algún e deixa sen vivenda a moitos dos cidadáns dos barrios, se ben a cidade precisaba unha reforma, os métodos son cuestionables. En todo caso, é este un momento histórico clave para o urbanismo e a planificación urbanística europea, os esforzos hixiénicos e de salubridade nas cidades darán finalmente o seu resultado tanto na Europa industrial como nas cidades españolas, contribuíndo a unha menor mortalidade, e a un aumento de poboación decisivo na planificación da cidade a partir dos novos proxectos de ensanches.

En relación a esta mellora da calidade de vida nas cidades, o principal factor do aumento da poboación no Reino Unido da época, non foi realmente nin a emigración nin o aumento da natalidade, senón a diminución da mortalidade (Benévolo, 1963: 16). Como exemplo, pódese mencionar que en España, a esperanza de vida da poboación pasou de 34,76 anos no 1900, a os 78,71 no ano 1998, (Goerlich Gisbert, & Pinilla Pallejà, 2006: 21), dinámica que continúa ao xulgar polas estatísticas máis recentes, xa que dende o ano 1975 ata o 2018, aumenta en dez anos por persoa, dende aproximadamente os 73, ata os 83 (INE 2020)[89].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[88] Georges-Eugène Haussmann, nomeado co título de Barón, estibo ás ordes de Napoleón III.

[89] Consulta Indicadores de mortalidade do INE (2020), Esperanza de vida ao nacemento, recuperado de https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=1414, consulta en data de febrero de 2020.

4.6.4. O decisivo século XX.

Xa a finais do XIX, obsérvase que a maiores do conxunto de *normas urbanas* que constitúen as ordenanzas de policía, comezan a aparecer instrumentos lexislativos que e ocupan de poñer orde na cidade (ensanche e reforma interior). As dúas primeiras décadas do século XX son complexas no político, e concretamente, no eido municipal, comezando polos textos de 1903 e 1907 de Antonio Maura, aos que seguen innumerables modificacións ata chegar ao Estatuto Municipal de 1923 de Calvo Sotelo, e o posterior de 8 de marzo de 1924.

Este último, caracterízase pola modificación da facenda municipal e a tendencia á unión de municipios pequenos en mancomunidades ou comarcas, aínda de rexións distintas, para "*fines, servicios y obras de la competencia municipal o de carácter comarcal*" segundo o artigo 6 do Estatuto Municipal do 1924[90]. Outra das intencións deste estatuto era finalizar cun caciquismo que "*siguió campando, alimentado por un sistema que en la práctica protegió los intereses de sus protagonistas*", e so puido substituír a unha por outra elite (Orduña Rebollo, 2012).[91]

Mantén nesta obra o anterior autor, que non foi ata a década dos 60s, cando a partir dos procesos de urbanización e industrialización que xeran unha desaparición progresiva do rural, (ámbito no que primordialmente se localizaban estas elites privilexia das), cando comeza a desaparecer o caciquismo a partir das novas sinerxías sociais, liberdades, etc. Chégase así á década dos 50s, coas dinámicas de transformación urbana e a necesidade urxente de planificación das cidades da época, onde xorden leis de expropiación forzosa (1954) e a primeira lei do solo tal e como as entendemos nos nosos días.

É a *Ley de 12 de mayo de 1956, sobre el régimen del suelo y ordenación urbana* a que establece os instrumentos de planificación urbanística e territorial (artigo 6.1) no seguinte senso; "*el planeamiento urbanístico del territorio nacional comprenderá la redacción de un plan nacional de urbanismo, planes provinciales y municipales*". Pódese comprobar como o centralismo xurídico do momento entende este documento como unha lei do solo e de ordenación do territorio ao mesmo tempo. Por outra banda, créanse as figuras dos plans comarcais, parciais, xerais, especiais, establecendo de novo no artigo 6.2, a posibilidade de que os plans comarcais afecten a varios municipios e incluso varias provincias, introducindo polo tanto a posibilidade da existencia de plans supramunicipais, que se desenvolverá en posteriores documentos lexislativos.

Por último na sección segunda trátase o relativo aos plans especiais como instrumento de desenvolvemento da planificación xeral do municipio, abrindo o abanico á protección da paisaxe. Esta lei resulta de vital importancia no urbanismo estatal, tal é así que tódalas seguintes leis do solo foron herdeiras desta, e se ben en poucos anos o urbanismo e o eido lexislativo evolucionaron notablemente, algúns puntos desta lei consérvanse hoxe en día case intactos (Fariña Tojo, 2018).

A lei do 1956 da paso a outras que ata a redacción dos Estatutos de Autonomía das CCAA, lexislan o urbanismo como instrumento único de carácter estatal, e sen prexuízo dos plans xerais municipais e os de planeamento de desenvolvemento contemplados pola lei. Como esquema da evolución das leis estatais e autonómicas en solo e urbanismo, representase esta no seguinte gráfico 12.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[90] Texto do Estatuto Municipal publicado na Gaceta de Madrid, recuperado de: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/069/A01218-01302.pdf, consulta en data de febrero de 2020.

[91] Historia del municipalismo español (XV e XVI), Orduña Rebollo, E. (2012), disponible na web da INAP, http://laadministracionaldia.inap.es/noticia.asp?id=1057399, consulta en data de xaneiro de 2020.




Gráfico 12: Evolución lexislativa estatal e autonómica en materia de solo.

4.6.5. Referentes do planeamento urbanístico europeo.

Co fin de establecer certo paralelismo histórico e poñer en contexto a situación da planificación urbanística estatal, en comparación coa dos veciños europeos, pódese mencionar que a lei francesa *Cornudet*, de 1919 sobre "*ordenación, embellecimiento y ampliación de las ciudades*", se ben é algo anterior a do 56, era de aplicación so ás cidades de máis de 10000 habitantes e con resultados bastante modestos, aprobándose posteriormente e con anterioridade á 2ª Guerra Mundial (ano 1939), o Plan Prost de aplicación na rexión de París.

O senso e obxectivo da planificación posterior á guerra foi evidente, a reconstrución dun pais destruído, ata que na década dos 60s, lévase a cabo un cambio de ciclo cunha dobre vertente, por un lado a aparición da promoción inmobiliaria, e por outro, un forte intervencionismo público, recoñecéndose as facultades esenciais ao municipios no ano 1983 (Renard, 2000: 67-69).

A primeira lei do solo inglesa, a *Urban and Housing Planning Act*[92] do ano 1909, data aproximadamente da mesma época que a francesa, recollendo a figura do plan para ordenar o perímetro urbano, sendo os municipios os encargados de redactalo, adquirindo posteriormente outro carácter menos local e máis rexional e un contido máis estratéxico, controlado polo goberno central. A posterior sucesión de leis realizase deste xeito; a *Town and Country Planning Act* de 1947, moi intervencionista, seguida doutras máis liberais no 67 e no 75, ou outras cun carácter máis fiscal que tratan de nacionalizar todo o solo urbanizable ata o ano 1973, no que se paraliza por mor da crise económica mundial (Gifreu i Font, 2009: 2-4).

[92] Ley de vivienda e planificación de 1909.

O Reino unido é o "*país occidental con mayor tradicción en planificación urbanística y regional*", sendo este un sistema nada ríxido e que non concede ao plan o carácter vinculante que estes poden ter no urbanismo español ou outros europeos, e que se estuda dentro dun ámbito multidisciplianar no que teñen cabida a arquitectura, a socioloxía, a xeografía, ou ben aspectos económicos e por suposto, xurídicos (Gifreu i Font, 2009: 3).

No que respecta á planificación urbanística, se ben Portugal adiantase notablemente ao resto de países e plans europeos como os de Haussman ou Cerdá do século XIX, faino nun contexto de "*plan de emergencia*"[93] no ano 1758, para a reconstrución da cidade de Lisboa despois do terremoto de 1 de novembro de 1755 e inspirándose no da cidade de Londres, momento ata o cal non existía máis instrumento de actuación sobre a cidade que a imposición de aliñacións (Morais Guerra & Tamayo Valvé, 2003: 2-4).

Do mesmo xeito que noutras cidades europeas e con anterioridade a este momento que moitos autores consideran como o nacemento do *planeamento* en Portugal, estas estiveron influenciadas polas leis romanas de forma que as cidades fortificadas chegaron incluso ata a baixa idade media. Neste período, Porto ou Lisboa experimentaron un crecemento económico importante, ata que nos posteriores séculos XVI e XVII a cidade expándese cara ao exterior das murallas, momento no cal aumenta o interese (ou máis ben necesidade) por poñer unha certa orde no urbano.

A partir da posterior invasión francesa a principios do século XIX, a *planeación urbanística* portuguesa influenciada polo seu Código Civil, caracterízase por ser un "*sistema de planificación reglamentario*" moi distinto do sistema inglés, de carácter discrecional, e polo tanto, xerador de máis incertidume, non sendo ata o ano 1864 cando se aproba a redacción dos *planos de mejoramiento municipal* (Plano Geral de Melhoramentos-PGM) para as cidades de Porto e Lisboa (Balsas, 2006: 83-84).

4.6.6. A ordenación do rural, a gran esquecida.

Exponse nos últimos parágrafos o que sucedía nas grandes urbes do século XVIII e principios do XX, pero a realidade no rural era ben distinta e quizais menos estudada ante o gran momento álxido da cidade e os ensanches, non so a nivel estatal senón tamén a nivel europeo. A tendencia demográfica da época caracterízase pola emigración ás grandes urbes e polo tanto, o conseguinte aumento da poboación urbana polo que xurde a necesidade de contabilizar este fenómeno a partir dos "*heterogéneos y un tanto azarosos censos de la población española*" de mediados do século XIX, que foron os primeiros como tales e que ao mesmo tempo, reflicten a regresión da poboación no rural (De Terán Troyano, 1994: 586).

Tamén existiron movementos de poboación entre os distintos espazos rurais, unha vez as grandes urbes da época esgotaban progresivamente a capacidade de recibir persoas dende un rural que quizais máis fiable dende o punto de vista da moral, absorbeu parcialmente a "*movilidad femenina*" na segunda metade do século XVIII, sen que isto significara a perda do atractivo do ámbito urbano para as mulleres, que en todo caso acudiron respondendo a ofertas de traballo no sector doméstico (Rey Castelao, 2012: 146-147). O modelo migratorio en Galicia depende en gran medida das relacións familiares, e da zona do territorio, podendo mencionar que na Galicia interior o emigrante tipo eran solteiros, mentres que a tipoloxía do occidente ou da zona lucense eran distintas, en todo caso haberá que mencionar a escaseza de datos sobre estas migracións, menos estudadas en comparación co fenómeno da inmigración a América (Rey Castelao, 2012: 120-123).

A poboación rural era maiormente agraria e maior en cantidade a pesar do traslado de moita desta á cidade e aos núcleos intermedios. As actividades agrícolas non foron tan cualitativamente importantes nas zonas industriais como Euskadi, Barcelona ou Asturias, dependentes da siderometalurxia, téxtil ou a

[93] Este Plan de emerxencia era o Plan del Marqués de Pombal, un peculiar plan, cun ámbito de aplicación exclusivo de solo urbano, concretamente na parte baixa de Lisboa, a que foi destruída polo terremoto. Morais Guerra, J.A. e Tamayo Valvé, M.L. (2003:2-4).

derivada do carbón, manténdose esta realidade de xeito moi similar ata o ano 1936, así como uns niveis de renda e consumo moi baixos (De Terán Troyano, 1994: 586-589).

En Galicia tanto a poboación como a densidade de poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra aumenta dende o ano 1900, mentres que diminúe nas de Ourense e Lugo, tal e como se amosa nos gráficos 13 e 14, podendo comprobar que o descenso da densidade de poboación en Lugo e Ourense é pequeno, mentres que en Pontevedra e A Coruña practicamente se duplica, constatando o que se trata noutros apartados desta investigación, que é a importancia do eixo Atlántico.




Gráfico 13: Histórico poboación en Galicia por provincias, INE (27/12/2012).




Gráfico 14: Histórico evolución densidade de poboación por provincias, INE (27-12-2012).

4.7. Municipalismo e entidades locais, axentes, coordinación e participación cidadá.

4.7.1. O antigo municipio.

Historicamente, a intervención urbanística sobre o territorio está moi relacionada co modo no que se exerce a política local, e polo tanto ligada intimamente ao concepto orixinario de entidade de poboación colectiva. Enténdese por municipalismo a "*expresión de la realidad municipal*" ou mesmo a "*doctrina que estudia la realidad municipal*", (RAE, 2014, def.1, def.2). Dende a existencia do que hoxe en día entendemos por *democracia*[94] o debate sobre a capacidade de intervención da cidadanía na vida pública é constante, entendéndoa actualmente cun termo repetido en numerosos documentos científicos e normativos, plans estratéxicos e guías de boas prácticas, que é o da *participación cidadá.*

A cada vez máis reclamada participación da cidadanía, englóbase dentro de iniciativas populares que reclaman máis representatividade e maior poder de decisión que a mera emisión dun voto cada catro anos, e no caso que nos ocupa, algo máis que a posibilidade de realizar unha alegación a un instrumento de planificación urbanística sen apenas tempo para estudalo, e menos aínda, coñecemento para poder entendelo en toda a súa amplitude sen a necesidade de asesoramento especializado de técnicos ou planificadores urbanísticos, e incluso técnicos xurídicos.

Os gregos tiñan un concepto claro e clasista da cidadanía que consideraba aos *cidadáns* como os únicos que poderían participar na política, recoñecemento que non se outorgaba a todos os individuos. Por

[94] "Forma de gobierno en la que el poder político es ejercido por los ciudadanos", RAE (2019).

outra banda, o acceso a altos cargos da maxistratura era unha posibilidade so para uns poucos, partindo do recoñecemento do perigo que suporía que os "*privados de honores y pobres*" chegaran ás maxistraturas, e así equiparase esta situación coa dunha cidade "*llena de enemigos*" (Aristóteles, 1988: 181-182).

A evolución política de Roma comeza cunha primitiva monarquía á que proseguirá a república, chegando finalmente a un imperio romano en onde se amplía o concepto de *cidadanía,* pasando a ser máis ben un recoñecemento xurídico non dependente de clases ou razas, se ben o acceso a este *status* sería menos doado para algúns debido á existencia de diferencias entre os propiamente romanos e os pertencentes aos territorios *romanizados* como os latinos, que obterían este recoñecemento a partir da *lei iulia municipalis*. Este trato aos cidadáns supuxo "*una ruptura total con la experiencia precedente*" en relación ao que sucedía nalgunhas das cidades da Grecia clásica (Pereira Menaut, 2005: 143).

Sobre a permanencia da estrutura do *municipium* na posterior época visigoda, existen algunhas discrepancias entre distintos autores, considerando algúns que esta estrutura persiste na época visigoda (Orduña Rebollo, 2012)[95], ou polo contrario que unicamente se conservarían algunhas características, en todo caso, semella que as diferencias entre cidadáns existiron en case tódalas etapas históricas.

4.7.2. Normativa e lexislación, ámbito territorial e xerarquía.

Segundo algunhas opinións, a orixe definitiva do sistema de goberno local actual é o *concilium* altomedieval, entendendo este como unha *"creación específica de la Edad Media sin contactos directos con alguna herencia del pasado"*, desvinculando polo tanto co municipio romano. Considera a posibilidade de a forma de goberno local das cidades proveña da que tiñan as aldeas da época, o *concilium* e o *concejo aberto*, entendendo que a sociedade ata o século X non era igualitaria pero si o foi máis adiante a partir da non existencia de diferencias entre os habitantes dos alfoz e os da urbe, considerando en todo caso, que isto non era extensible aos *moros e xudeus* (Orduña Rebollo, 2012)[96].

As entidades municipais evolucionan a partir do *fuero juzgo*[97] ao posterior *fuero real*, e pasando polo *concejo aberto* e os seus *corregidores* e *asambleas de vecinos*, chegan finalmente aos *ayuntamientos*. As orixinarias 18 entidades territoriais (provincias) do século XVI, divididas á súa vez en partidos, constitúense a partir das cidades con voto nas Cortes, ás que hai que engadir a partir da Constitución Española de 1812, as deputacións que perduran ata a actualidade coa consideración de entidades locais.

A *nación* de 1812 constituíase polo territorio peninsular, as illas e os territorios en África, América Setentrional, Guatemala, Cuba, etc. (artigo 10), se ben as actuais provincias na península existen dende a entrada en vigor do *Decreto Real de 3 de diciembre de 1833*, polo que se divide o territorio estatal en 49 unidades. Finalmente, será coa Constitución Española do 1978 cando se estableza o actual réxime de CCAA a partir das coñecidas como históricas.

[95] A partir dos traballos de Sánchez Albornoz, C.

[96] Orduña Rebollo, E. (2012), Historia del municipalismo español (I), recuperado de: http://laadministracionaldia.inap.es/noticia.asp?id=1057228. Consulta en data de decembro de 2019.

[97] Texto legal que procede da tradución da *Lex Romana Wisigothorum (Código de Alarico)*, e coñecido como *Liber Iudiciorum (libro dos xuíces)*, que tivo grande influencia no dereito castelán, e que pasou a denominarse despois da tradución "*Fuero juzgo*", en tempos de Fernando III, aínda que existen dúbidas acerca desta data, e posteriormente con Alfonso X o Sabio, *Fuero Real*.

O artigo 96 da Constitución Española de 1978[98] establece unha cuarta fonte de dereito que son os tratados internacionais, de forma que o Dereito Comunitario constituirá *fonte de dereito*[99]. España tenta entrar no ano 1962 e o acada finalmente no 1986 xa rematada a ditadura, pero non será efectiva ata o ano 1986, de forma que a partir deste momento a CEE exercerá prevalecía sobre o Dereito Estatal ao igual que sobre o resto de estados membros.

É por isto, que os tratados constitutivos serán fonte suprema de dereito pero tamén o serán os *regulamentos*, obrigatorios para estados e persoas individuais unha vez publicados, así como as *directivas*, non de aplicación directa que dependerá da adaptación ás lexislacións de cada estado membro por medio dunha *transposición* (Wolkers Kluwer, 2019). Polo tanto, se ben existen regulamentos e directivas ás que se deberán adaptar as distintas normas ou lexislacións estatais ou autonómicas con afección ao local, a afección ao ámbito urbanístico municipal non será directa.

A capacidade lexislativa ou de intervención nalgún modo da CEE na política do territorio dos países membros establécese máis ben no ámbito da ordenación do territorio, sendo na actualidade a repercusión no eido urbanístico, escasa aínda que segundo o tratado de funcionamento da CEE (artigo 4.2,c) e xunto aos estados membros, esta asume competencias compartidas na materia. A materialización destas políticas no eido do urbanismo lévase a cabo mediante varias Direccións Xerais e de servizos como o grupo Urban Development, a guía da dimensión urbana en políticas comunitarias 2007-2013, as iniciativas do Urban Intergroup[100] e o comité REGI[101] (Ministerio de Fomento, 2019)[102].

Un exemplo de como actúan as lexislacións europeas en formato de directivas con afección á tódalas CCAA, provincias e/ou municipios, son as que inciden en determinadas dimensións da paisaxe, as especies e as aves. A partir da Directiva 92/43/CEE e coñecida como a Directiva "*Hábitats*", trasposta ao ordenamento xurídico estatal polo R.d. 1997/1995 establécese a creación dunha rede ecolóxica europea de zonas de especial conservación (ZEC) e as zonas de Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), integradas ambas dentro da Rede Natura 2000[103] ao abeiro da Directiva 79/409/CEE do *Consejo de Europa* de 2 de abril de 1979 a partir primeiro da Directiva 79/409/CEE e despois de varias modificacións, da *2009/147/CE, do Parlamento Europeo e do Consejo de Europa, do 30 de novembro de 2009*, relativa á conservación das aves silvestres, e coñecida como a Directiva *Aves*.

4.7.3. A participación pública e a súa regulación.

Se ben as bases da participación pública da cidadanía xa están en parte establecidas nos instrumentos lexislativos actuais, estes decántanse pola forma de aplicación quizais máis estrita e estática. Por exemplo,

[98] Artigo 96 da CE 1978: "Los tratados internacionales válidamente celebrados, una vez publicados oficialmente en España, formarán parte del ordenamiento interno. Sus disposiciones sólo podrán ser derogadas, modificadas o suspendidas en la forma prevista en los propios tratados o de acuerdo con las normas generales del Derecho internacional".

[99] As fontes de dereito establécense no artigo 1 do Código Civil, son: a lei, o costume e os principios xerais do dereito, complementándose estes, coa xurisprudencia e a doutrina que estableza como reiterada o Tribunal Supremo.

[100] Urban Intergroup, (http://urban-intergroup.eu/), intergrupo formado no 2005 por deputados dos grupos políticos e comisións parlamentarias para traballo en temas urbanos, son grupos informais que non pertencen aos órganos da CE, Euro parlamento Europeo (2019), recuperado de: https://www.europarl.europa.eu/about-parliament/es/organisation-and-rules/organisation/intergroups, consulta en data de deembro de 2019.

[101] Comité REGI, ou Comité das Rexións (CdR), que ten as atribucións de emisión de ditames por encargo doutras institucións en relación a diversas temáticas, entre outras, cohesión económica e social, transportes, telecomunicacións e enerxía.

[102] Ministerio de Fomento, Políticas urbanas a nivel europeo, recuperado de: https://www.fomento.gob.es/portal-del-suelo-y-politicas-urbanas/otros-proyectos-y-actividades/agenda-urbana-europea/politicas-urbanas-a-nivel-europeo, consulta en data de decembro de 2019.

[103] A Rede Natura 2000 , é competencia dos estados membros, actuando a CE a partir dos comités Hábitats e Ornis con representantes de tódolos estados membros, como cooperadores con estes. A nivel estatal, a interlocución é co *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*. Á súa vez, a coordinación entre o estado central e as CCAA, realízase a partir do *Comité de Espacios Naturales Protegidos*.

a Constitución Española de 1978 establece as condicións e mecanismos para a participación política dos cidadáns, facilitándoa nos ámbitos económico, social e cultural, recoñecendo no artigo 23 o dereito á *participación directa* nos asuntos públicos.

No art. 105 recoñecese que a lei regulará a audiencia aos cidadáns a través de organizacións ou asociacións recoñecidas, así como o acceso aos arquivos e rexistros, procedemento polo cal, deberanse producir os actos administrativos, regulando finalmente outros mecanismos de participación como o referendo. De aplicación ao ámbito urbanístico o artigo 47 recoñece que "*la comunidad participará en las plusvalías que genere la acción urbanística de los entes públicos*" mentres que na "*Ley reguladora de las Bases del Régimen Local*" será en onde se trata o relacionado coa participación cidadá (art. 69-72) nun modo un tanto xeral.

En todo caso, a xurisprudencia matiza e limita sucesivamente a aplicación práctica de certos artigos de forma que por exemplo no relacionado co art. 23, interprétase por unha banda que a democracia estatal é indirecta e polo tanto, a participación cidadá centraríase unicamente no ámbito político dos asuntos públicos mediante a elección dos seus representantes nas cámaras territoriais, e por outro que sería aconsellable que a consulta en relación a determinadas cuestións sobre o deseño urbano puidera ser obxecto de consulta popular (Cabanelas de Gracia, 2018: 4).

Será a Lei do Solo estatal a que estableza os criterios relacionados coa participación dos cidadáns na actividade urbanística, iso si, dende un punto de vista técnico e relacionado coa intervención directa nos procesos de transformación urbanística ou de edificación, tal e como se expón no Capítulo II do Título I, artigos 5 a 9 da TRLSRU (2015), mentres que os aspectos máis específicos e concretos se regulan nas leis urbanísticas autonómicas como por exemplo o Título IV da LSG (2016) que establece criterios de partición no planeamento mediante os dereitos de equidistribución, realoxo e retorno, ou os sistemas de actuación mediante a división en polígonos.

Os procedemento de información pública realízanse por un período de dous meses posteriores á aprobación inicial dos PXOM (art. 60 LSG), prazo no cal pódense formular alegacións ás determinacións que en este se propoñen, aínda que con anterioridade poderase consultar o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico nas sedes electrónicas do órgano ambiental e/ou o que teña competencias para a aprobación definitiva deste. O planeamento de desenvolvemento dispón dun prazo similar de dous meses (art. 75 da LSG).

Realmente o que se garante nestes documentos é a participación directa na planificación do solo no momento da redacción destes instrumentos e mediante as alegacións previas aos plans no período establecido, así como a participación na execución posterior do planeamento dos titulares de bens incluídos en polígonos ou sectores de actuación. Xa que na actualidade a vixencia do planeamento é indefinida (art. 199 do RLSG) quizais deberase considerar outro modo de participación periódica xustificada por unha vida útil tan ampla e indefinida dun planeamento que estará suxeito a distintas casuísticas e circunstancias sobrevidas que provoquen a necesidade urxente de modificacións, revisións etc. (que si se deberían contemplar nos documentos), e que dados os habituais desacordos políticos e falla de maiorías, financiación, etc. non sempre se acometerán en prazo, si é que se desenvolven en algún momento.

O que está claro, é que o sistema implantado ata agora non remata de funcionar, estancado quizais polo desinterese dos actores involucrados, políticos, técnicos planificadores, cidadáns e cidadanía, ou por non ter claro un modelo democrático baseado no interese xeral, e onde o territorio é unha peza importantísima dentro da necesaria xustiza social, sendo ínfima a posibilidade de influencia na elaboración dos plans. En todo caso, a cidadanía quizais entende estes procesos de alegacións como algo particular a partir da ausencia dunha visión crítica e colectiva, para o cal é cada vez máis necesaria a constitución de grupos de cidadáns interesados en temas relacionados co territorio dende o eido territorial e urbanístico.

Nunha época en que a planificación urbanística camiña trala revolución tecnolóxica utilizada para infraestruturas e transporte, vivendas prefabricadas, domótica e robotización, eficiencia enerxética e incluso as novas redes sociais que axilizan os procesos de compra e aluguer, ou o acceso servizos técnicos en arquitectura, quizais deberíase artellar o uso destas para a participación cidadá nun modo máis áxil (e útil). En todo caso, precisase recoñecer que estas redes non son a solución a todo, nin son máis ou menos democráticas ou progresistas, senón simplemente, o reflexo dunha sociedade imperfecta (Castells Oliván, 2018, 0,00´-1,00´).

Estamos polo tanto, ante o que debería ser un novo escenario no que a planificación urbanística ou a estratéxica apoiada e mellorada mediante unha participación pública útil e efectiva, permita o exercicio dos deberes e dereitos individuais e colectivos dende a revisión constante, obrigando á clase política a un proceso dinámico e continuo de revisión, modificación e mellora, de forma que os cidadáns o cheguen a entender non como un dereito, senón como un deber.

4.8. Sostibilidade e centros históricos, desenvolvemento e turismo.

4.8.1. A sostibilidade e o sostible.

A partir deste termo xorden numerosos interrogantes como; que significa, que actividades, usos, ou formas de asentamento sobre o territorio son sostibles, en que forma o son, a modo individual, colectivo, nunha ou noutra escala, sempre ou en determinadas circunstancias, etc. O que está claro é que non todas as persoas ou organizacións terán as mesmas necesidades, e que estas serán máis ou menos adecuadas para o territorio, e así en extensión, para o planeta.

Ademais da escala, é importante a localización dos usos e actividades e incluso o momento, xa que algunhas que se consideraban aceptables en tempos pasados non o serán tanto na actualidade, e quizais no futuro ao curto prazo o sexan incluso menos, pero ademais deberase ter en conta a reiteración no tempo, que incrementaría o efecto da escala de afección para o planeta polo factor acumulación.

A preocupación pola sostibilidade aparece quizais no momento en que se comezan a esgotar os recursos enerxéticos, alimenticios, etc. e cando os efectos das descompensacións xeradas polos seres humanos no medio, comezan a ser visibles e perceptibles de forma cotiá, en menor ou maior intensidade. Entre outras definicións, o termo sostible é algo "*que se puede sostener*" (RAE, 2014, def.1), ou "*especialmente en ecología y economía, que se puede mantener durante largo tiempo sin agotar los recursos o causar grave daño al medio ambiente. Desarrollo, economía sostenible*" (RAE, 2014, def.2).

A partir destas xenéricas definicións, semella que a sostibilidade vai sempre vencellada ao económico, cando quizais debería entenderse sen ter en conta a maior ou menor incidencia nas ganancias económicas dunha nación, empresa ou particular, en todo caso, outras definicións si contemplan algo máis desta dimensión, entendéndoa como "*que permite preservar, manter e mellorar a calidade dos recursos e dos equilibrios naturais, así como velar polo futuro*" (RAG, 08/04/2023).

Sexa como sexa, está claro que por exemplo unha mellor eficiencia enerxética e o conseguinte aforro en combustibles e calquera outro recurso, repercuten directamente nos gastos das organizacións e cidadáns, non obstante conviría non traducilo so a ganancias económicas senón a outro tipo de beneficio, o de Gaia[104], é dicir, a indicadores que reflictan; menores emisións á atmosfera, menor consumo de auga e outros recursos naturais, etc. Por outra banda, a sostibilidade depende de outras áreas de coñecemento, non so da ecolóxica e/ou económica, senón tamén da dimensión cultural, a patrimonial, ou mesmo, do respecto polas identidades, individuais e colectivas, etc.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[104] Tal e como denomina Lovelock, J. ao ser vivo (o planeta).

4.8.2. Evolución e tendencias.

Fai pouco máis de 50 anos da creación do club de Roma (1968), nado a partir da preocupación dos membros pola mellora da sociedade dende unha perspectiva global e un pensamento holístico para enfrontarse aos problemas sociais, económicos e ambientais dende unha perspectiva interdisciplinaria. Este grupo redacta un primeiro *informe Meadows*[105] bastante contundente nas súas conclusións, e un segundo *informe Meadows*[106] posterior, no que *rebaixa* a gravidade do primeiro e onde xa se fala da "*capacidade de carga"*, que en este traballo se entenderá como a do planeta, a do territorio, e finalmente a dos centros, conxuntos e rexións históricas dunha rexión concreta. No ano 1987, o coñecido como *The Brundland report* [107] aporta a definición máis coñecida ata agora do desenvolvemento sostible do seguinte xeito:

> *"IV. Conclusion*
> *1. Sustainable development is development that meets the needs of the present without compromising the ability of future generations to meet their own needs"*

As posteriores definicións ou formas de entender o concepto son moitas, algunhas máis recentes volven sobre o mesmo concepto pero con outras verbas, outras introducen algo novo, pero finalmente quizais esta anterior sexa a máis representativa por universal e sinxela. Cabe agora reflexionar sobre cales eran as necesidades dos nosos antepasados, cales son as nosas necesidades actuais, e se poderíamos acercarnos a imaxinar en algún modo cales serán as necesidades dos nosos descendentes, polo que será prioritario definir previamente cales son as *necesidades* dos seres humanos.

Este dilema é de extraordinaria importancia no momento de planificar o modelo de cidade ou o patrimonio arquitectónico do futuro (se é que este se pode planificar) ou máis aló, o modelo de territorio que queremos (ou necesitamos). Quizais non conveña centrarse unicamente na asunción ou non destes paradigmas da sostibilidade ou do resultado de reunións, congresos, etc., e reflexionar sobre que podemos facer cada un de nos a modo individual polo territorio e polo planeta.

Na actualidade esta temática está presente en tódalas facetas da sociedade, nos medios e xornais, no mundo científico e académico, nos discursos políticos e incluso na lexislación e normativa vixente. Non obstante, estase a comprobar que a pesar de ser un tema recorrente semella que as iniciativas por unha maior sostibilidade en tódolos eidos e áreas de coñecemento, non frea a evolución do que moitos científicos entenden como emerxencia climática, aínda que se deberá ter en conta que os procesos de reversión soen ser máis complexos e longos e os froitos das accións actuais, tardarán en causar efecto no medio.

O antepasado recente do marco global en sostibilidade é o que representa a axenda 2000-2015 e os seus 8 ODM (Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio), ampliados ata os 17 na actual axenda 2015-2030, completándose na actualidade con distintas metas, de forma que esta iniciativa polo menos polo de agora, representa quizais un *standard* en materia da acción polo desenvolvemento sostible.

[105] Donella Meadows et al, (1972), The limits to growth, A report for the club of Rom

e´s. Project on the predicament of mankind, a Potomack associates book, Universe books, New York.

[106] Donella Meadows et al, Fordward the limits of growth" (1992).

[107] UN (1987), Report of the World Commission on Environment andDevelopment: Our Common Future, recuperado de: http://www.un-documents.net/our-common-future.pdf, consulta en data de febreiro de 2020.



Gráfico 15: Dos 8 ODM (2000-2015) aos 17 ODS (2015 ao 2030).

Se ben todos os ODS inflúen nunha ou noutra forma no deseño dun novo territorio máis xusto e equilibrado para as persoas e o medio natural, enténdese que nos tempos nos que estamos a saír da situación de pandemia global, terase que ter en conta de forma especial o ODS 3 (saúde e benestar), como unha prolongación das tendencias hixienistas da planificación dos últimos séculos en relación co saneamento das poboacións, adaptadas á situación actual. Estas medidas xa demostraron a eficiencia na mellora da vida das persoas nos espazos urbanos, e quizais agora debamos facer unha nova interpretación da *saúde urbana* na que interveña a planificación urbanística.

Por outra banda, o resto de obxectivos, poderíanse agrupar en varios grupos non excluíntes e comunicados con incidencia no medio ambiente e natural, na propia cidade (fisicamente) ou no ámbito da xustiza social e a igualdade real de dereitos das persoas. Paralelamente xorden outras iniciativas entre as que se poden destacar as axendas urbanas e locais, dependentes de entes de diverso signo.

4.8.3. A sustentabilidade e o urbano.

Ante as propostas globais de obxectivos e/ou metas, guías de boas prácticas, axendas, etc. que procuran a consecución dun planeta máis sostible, puntualizarase que cada cidade ou territorio dependerán, ademais da súa localización espacial, da tipoloxía de asentamento, o clima, a cultura, etc. Quizais esta heteroxeneidade de características non fagan adecuada unha intervención sobre cada realidade urbana dende parámetros e ideas globais, non obstante todas estas iniciativas poden considerarse adecuadas, xa que finalmente dan visibilidade aos problemas urbanos ao longo do planeta (Fariña Tojo, 2015; Fariña Tojo, 2019)[108].

Nunha situación de *localidade global* as diferencias entre cidades fanse máis presentes nos centros históricos, por ser un conxunto de anacos de diferentes épocas, arquitecturas, culturas e influencias. É por iso que poden ser un adecuado campo de traballo e unha oportunidade, para ensaiar un espazo urbano histórico en concordancia non so co resto do sistema urbano ao que pertencen como tal, senón tamén co medio natural dende actuacións paisaxísticas e ambientais, ou dende outros campos importantísimos como a socioloxía urbana, introducindo nalgún modo o concepto de desenvolvemento local na planificación urbanística.

O sistema capitalista provoca unha uniformidade e estandarización nas actividades, negocios e incluso nas nosas vidas, de forma que comeremos a mesma hamburguesa, vestiremos os mesmos pantalóns e camisas ou levaremos as mesmas coñecidas zapatillas en calquera parte do planeta, provocando pouco a

[108] El blog de José Fariña, (2015 – 2019), artigos sobre "As axendas Urbanas", e "A axenda urbana española). Recuperado de: https://elblogdefarina.blogspot.com, consulta en data de febreiro de 2020.

pouco a perda das identidades e tradicións locais. En cambio a solución pasará polo cualitativo antes que o cuantitativo, aproveitando un desenvolvemento que resulta ser un "*un proceso cunha gran capacidade de transmisión*" que polo tanto repercute ao seu redor, mentres que o crecemento é algo pechado que non xera equilibrios, máis ben provoca todo o contrario (Álvarez Gómez & Alonso González, 2005: 252).

Se ben con anterioridade ao ano 2020 xa existían desequilibrios entre territorios, rexións, cidades e finalmente persoas, a situación derivada da pandemia do Sars Cov 2[109] incrementa aínda máis estas desigualdades, momento no cal, as UN elaboran un marco de resposta socioeconómico no que se da prioridade a cinco liñas de traballo; a saúde e o sistema sanitario, a protección social e os servizos básicos, o emprego e as pequenas e medianas empresas, os estímulos fiscais e financeiros e a promoción da cohesión social, así como a inversión en sistemas de resposta e resiliencia.

Neste senso, a planificación urbanística ven a ser un conxunto de normas técnicas recollidas na figura dun plan xeral ou de desenvolvemento, que terá unha gran influencia no territorio máis aló do urbanismo propiamente dito, entendido este como a mera regulación do acto de edificar. Este urbanismo deberá regular as actividades locais e o solo industrial e produtivo, e de facto a economía local, e polo tanto o emprego e a sociedade e socialización das persoas. É por iso, que sobre a figura do plan recaerá un gran poder de intervención na promoción do desenvolvemento (ou unicamente crecemento) local.

Existe entón un dobre dilema, por unha banda deberase reflexionar sobre se o concepto de desenvolvemento sostible, dentro da planificación urbanística municipal pode resultar beneficioso para unha posta en práctica deste sobre o territorio físico, nun modo máis eficiente e xusto. Por outra banda, haberá que avaliar se os paradigmas do desenvolvemento dentro dos instrumentos de planificación urbanística xerais, poden aportar solucións xerais a problemas concretos en municipios concretos, máis aínda cando se observa unha certa lasitude na aplicación dos PXOM, as infraccións urbanísticas e os incumprimentos ou retrasos nas promesas políticas, e incluso leis. Neste senso, ¿poderán axudar ás economías locais a corrixir as desigualdades sociais incluso anticipándose a estas?.

Para o caso, considerase que son completamente insostibles, os longos períodos de tramitación dos plans xerais de forma que na maioría de ocasións nacen case caducados e sen posibilidade de modificación ou revisión nun curto espazo de tempo. Por outra banda, se ben existen iniciativas para a participación cidadá, estas son realmente inoperantes e na maioría dos casos terán un fondo completamente persoal, *a miña casa*, *a miña parcela*, *o meu negocio*, etc., lonxe do interese xeral e o ben público polo que quizais deberase promover que certas propostas ou alegacións se canalicen mediante colectivos e/ou asociacións veciñais que procuren ese interese, formados e informados.

Quizais tamén sexa insostible o sobredimensionamento das AAPP, e a excesiva produción normativa e lexislativa, plans estratéxicos, etc. que finalmente non se leva á práctica por diversos motivos. Entre tantos documentos sobre sostibilidade, o marco europeo de referencia para a cidade sostible (RFSC) xorde a partir da Carta de Leipzig do 2007[110], confirmándose na Declaración de Marsella do 2008 como estratexia para impulsar a sostibilidade nas cidades europeas, de forma que cada país adquire compromisos en relación cos principios da axenda territorial europea.

Para a súa posta en práctica xorden as políticas integradas de desenvolvemento urbano, establecendo cinco dimensións e trinta obxectivos, que abarcan tanto a aspectos espaciais como sectoriais, con especial interese nos barrios máis desafortunados e os espazos urbanos. Propóñense instrumentos como as listas de verificación sobre a sostibilidade urbana, sistemas de indicadores e representación gráfica con diagramas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[109] Marco de resposta das UN ao Sars Cov 2, dispoñible en: https://www.un.org/sites/un2.un.org/files/un_framework_report_on_covid-19.pdf.

[110] Carta de Leipzig (2007), sobre cidades europeas sostibles, dispoñible en: https://www.mitma.gob.es/recursos_mfom/pdf/91B5958A-585C-4E92-8B1F-C06F5CBC4C4B/111500/LeipzigCharte_Es_cle139ba4.pdf, consulta en data de febreiro de 2020.

de sostibilidade, así como intercambio entre cidades a partir de tele traballo e unha biblioteca de boas prácticas (MITMA, 2022)[111]. A posterior axenda territorial europea ata o 2020 apróbase en Hungría no 2011 e se inclúen retos como o cambio climático, a crise demográfica, o cambio de paradigma enerxético, a paisaxe, a gobernanza, e as interdependencias entre as rexións.

Táboa 14: Indicadores do Marco Europeo de Cidades Sostibles.

SPATIAL DIMENSION	Dimensión espacial	
	1	Desarrollar la planificación urbana sostenible y uso de la tierra
	2	Asegurar la equidad espacial
	3	Fomentar la resiliencia territorial
	4	Preservar y promover el patrimonio arquitectónico, cultural y urbano
	5	Promover la alta calidad y funcionalidad de los espacios públicos y de vida
	6	Desarrollar la movilidad alternativa y sostenible
GOVERNANCE DIMENSION	Gobernancia	
	7	Garantizar la estrategia territorial integrada
	8	Fomentar la administración sostenible y la gestión financiera de la ciudad
	9	Implementar un proceso para la evaluación y mejora continua
	10	Aumentar la participación ciudadana
	11	Fortalecer la gobernabilidad en asociación
	12	Facilitar la creación de capacidad y la creación de redes
SOCIAL DIMENSION	Dimensión social y cultural	
	13	Garantizar la inclusión social
	14	Asegurar la equidad social e intergeneracional
	15	Construcción de una oferta de vivienda para todo el mundo
	16	Proteger y promover la salud y el bienestar
	17	Mejorar la educación y la formación incluse
	18	Promover oportunidades de Cultura y ocios
ECONOMICAL DIMENSION	dimensión económica	
	19	Estimular el crecimiento verde y economía circular
	20	Promover la innovación y las ciudades inteligentes
	21	garantizar la conectividad
	22	Desarrollar el empleo y una economía local resiliente
	23	Fomentar la producción y el consumo sostenibles
	24	fomentar la cooperación y las asociaciones innovadoras
ENVIROMENTAL DIMENSION	dimensión ambiental	
	25	Mitigar el cambio climático
	26	Proteger, restaurar y mejorar la biodiversidad y los ecosistemas
	27	Reducir la contaminación
	28	Adaptarse al cambio climático
	29	Manejo de materiales naturales y los recursos de forma sostenible y evitar el desperdicio
	30	Proteger, conservar y gestionar los recursos hídricos

Fonte: http://app.rfsc.eu/framework/presentation. (Consulta en data maio de 2018).

[111] *Ministerio de Transporte, Mobilidad y Agenda Urbana*. Recuperado de: https://www.mitma.gob.es/arquitectura-vivienda-y-suelo/urbanismo-y-politica-de-suelo/actividad-internacional/union-europea/la-declaracion-de-marsella-2008-y-el-marco-europeo-de-referencia-para-la-ciudad-sostenible. Consulta en data de febreiro de 2020.

Ademais destas estratexias existen exemplos como a axenda do Eixo Atlántico impulsada por INTERREG (España–Portugal)[112] con intencións similares ás do resto de axendas urbanas pero concentradas nun territorio específico, o eixo Atlántico dende o N de Galicia ata o S de Portugal. A axenda procura o desenvolvemento dos seus valores e obxectivos dentro dunha *rexión lineal supranacional* que alo menos dentro do territorio galego, pouco ten que ver co que representan as pequenas poboacións e centros históricos do Camiño Francés de Santiago, dentro doutra *rexión lineal supramunicipal* con cifras moi distintas a nivel demográfico ou económico.

Esta última iniciativa, estruturase en catro prioridades estratéxicas, cada unha con tres liñas de intervención e á súa vez, con dous obxectivos específicos cada unha, quer van dende a promoción e modernización da actividade local, modelos enerxéticos máis eficientes, a concepción do turismo como unha política transversal ou a posta en valor da industria cultural como motor de crecemento, dentro dunhas dinámicas de novas políticas públicas en educación e cultura.

Quizais a intervencións sobre os problemas que causan a desigualdade non sexan tan diferentes na rexión histórica do Camiño Francés, aínda que se deberá ter en conta que estes problemas serán máis complexos de tratar nos pequenos e dispersos núcleos do rural, menos expostos á opinión pública e polo tanto á acción política, que nos barrios das grandes cidades nos que ademais o problema estaría máis delimitado no espazo e polo tanto o deseño de intervencións correctoras sería quizais máis doado, abarcando unha rúa, un barrio, etc.

En relación coa abordaxe destas temáticas no eido científico, algúns autores e investigadores son críticos coa viabilidade práctica da correcta aplicación destes documentos na realidade, considerando que a aplicación práctica dos numerosos documentos e boas intencións "*ha tenido en demasidos casos un efecto «gaseosa» cuando había de ser traducida a los presupuestos o recursos*" (Jaraiz Arroyo, 2004: 131), pero as críticas están dirixidas máis aló, incluso sobre o propio concepto orixinal de sostibilidade, palabra que se debería tratar de eliminar do vocabulario, entendendo que o termo "*se ha vaciado de contenido*", nun momento en que todo é sostible, "*son sostibles as fábricas de coches, os equipos de fútbol, os xoguetes*", etc. (Fariña Tojo, 2018: 14´-15´; 52´-56´), polo que finalmente, ¿é a sostibilidade tan so outra etiqueta máis?.

Outras visións críticas proveñen de eidos como os relacionados co desenvolvemento local, o dereito á vivenda, a accesibilidade inclusiva ou as tendencias relacionadas co decrecemento, considerando que o desenvolvemento sostible é so un "*slogan*" (Latouche, 2016)[113]. Outras concepcións consideran que o crecemento ilimitado non se pode continuar neste xeito debido ao "*tope biolóxico"* do planeta, avogando pola redución da produción e o consumo, dende unha faceta persoal e individual coa reflexión final de que podemos ser máis felices con menos (Taibo Arias, 2013: 0,12´-1,00´)[114], aínda que quizais ese sentimento será máis complexo de trasladalo á cidadanía como colectivo, podendo entendelo e afrontalo unicamente como como un compromiso persoal ao que se chega despois do coñecemento, a reflexión e a empatía.

Dentro de recentes traballos nos eidos territoriais e turísticos estudase a sostibilidade como unha oportunidade de acadar un sector turístico máis respectuoso co medio ambiente e a idiosincrasia local dende algunhas iniciativas máis coñecidas como o turismo rural, ecolóxico, paisaxístico, mesturados tamén con actividades deportivas por exemplo, así como outras menos coñecidas como o agroturismo ou a coñecida

[112] INTERREG Europe, é unha ferramenta da EU, de axuda ao desenvolvemento dos gobernos locais e rexionais, e a institutos e organismos de inveestigación, a partir de fondos FEDER (2014-2020), recuperado de: https://www.interregeurope.eu, consulta en data de febreiro de 2020.

[113] Entrevista a Serge Latouche de 27/04/2016, publicada en https://www.lamarea.com/2016/04/27/85087/. Consulta en data de marzo de 2020.

[114] Entrevista a Carlos Taibo de 21/05/2020, dentro do marco da conferencia "*En defensa del decrecimiento*", dentro do foro "La crisis de Occidente, un visión multidisciplinar", recuperado de: https://www.youtube.com/watch?v=cNOPThPa-bI. Consulta en data de abril de 2020.

como holeoturismo que vencella as anteriores ofertas coa proximidade á cidade e a agricultura periurbana, na procura de incentivar o descubrimento dun "*espacio agrario a las puertas de una gran ciudad*" (Paül Carril & Araujo Vila, 2012: 184)[115].

4.8.4. A sostibilidade dos territorios dos camiños de Santiago.

Sen dúbida unha das máis importantes actividades nas contornas dos camiños de Santiago é o turismo, e sexa este relixioso ou non, xera miles de *usuarios* en modo de peregrinos, turistas, ou viaxeiros en xeral, se ben os resultados a nivel das localidades existentes no ámbito da investigación, non son tan importantes como os que se acadan noutras poboacións eminentemente turísticas ao longo da costa, ou na mesma cidade de Santiago de Compostela.

En torno á metade dos viaxeiros que realizan os distintos itinerarios, fano por motivos relixiosos, é dicir, aínda que se engada este motivo a outros como interese turístico, cultural, aventura, etc., o principal motivo é a peregrinase (relixiosa). Historicamente o turismo relixioso tiña moito máis que ver con outras tipoloxías de turismo do que cabería esperar, polo que ao diversificar o punto principal de destino (e a motivación), as visitas recaían tamén en outros emprazamentos próximos ao nodo relixioso principal, é dicir, o obxectivo final era múltiple, existindo tamén outras motivacións secundarias como o ocio, as vacacións, a cultura, etc., tamén en localidades próximas (Rinschede, 1992: 51-55).

En todo caso, semella que nas modernas peregrinacións, a motivación relixiosa vai en descenso, constatándose un interese múltiple influenciado pola mobilidade, o *marketing* e a captación, que xera unha diversificación da demanda de aloxamento cara as grandes áreas supra rexionais, con outro potencial de atracción turística que fortalece estes grandes destinos e provoca a perda do interese por outros menores (Rinschede, 1992: 65), polo que se entende que estas forzas de concentración serán tanto maiores como o tamaño do nodo central turístico-relixioso.

De feito, o modelo tradicional de peregrino cuestiónase na actualidade a partir dun novo perfil de "*turiperegrino*" que nada ten que ver co antigo peregrino medieval (Pereiro, 2019: 426). Esta nova modalidade de peregrinase data da segunda metade do pasado século XX, cos antecedentes destacables dos anos santos de 1954, 1965 e 1971, antecesores ao ano no que se produce a eclosión do fenómeno de masas, 1993 (Santos Solla & Lois González, 2011: 87-105).

Continuando coas conclusións deste últimos autores, estase ante "*un producto turístico que lleva funcionando doce siglos casi ininterrumpidos*" e que ademais reflicte un "*desequilibrio entre Santiago de Compostela e o resto de pequenos municipios*", polo cal, sexa un ou outro perfil o do visitante turista, peregrino, etc., repítese dende fai séculos coa posibilidade de que sexa anterior incluso á fundación de moitas das aldeas ou pobos existentes na contorna inmediata dos camiños.

Por tanto, compre reflexionar sobre o modelo de *negocio* que se desenvolve a partir das peregrinacións, así como sobre se o turismo de masas ten algunha relación coa sostibilidade máis que unha contraria e antagónica, non obstante, no caso de estudo, non é doado separar o fenómeno do camiño dun *turismo* asociado a este que se comproba que quizais naceron xuntos. A poboación precisa algo máis que a actividade económica que se xera a partir do turismo, necesita actividades sociais e culturais, lugares de reunión dentro dun espazo público cada vez máis escaso e enmascarado entre procesos de privatización urbana destinados aos intereses do sector terciario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[115] O estudo de caso de Paül Carril, V. e Araújo Vila, N. (2012) é o do Parc Agrari del Baix Llobregat (PABL), para o cal se redacta no 2004, un Plan Especial de protección do espazo agrario, aprobado definitivamente entre o 2003 e o 2004, DOGC número 4.216 de 10 de setembro de 2004, dispoñible en: https://parcs.diba.cat/web/baixllobregat/pla-especial-proteccio-del-medi-natural, consulta en data de abril de 2020.

Neste senso, algúns autores chegan incluso a cuestionarse a propia existencia do espazo público entendéndoo como como un lugar de permanente disputa entre a poboación e as institucións, xerarquizado e neutralizado pola *"cidade-mercado*" (Botana, 2022: 8-11), podendo observar que no proceso post-pandemia cando tanta falla facía o espazo público, algúns gobernantes locais pensando so na economía esquecéronse deliberadamente do significado do público e do interese xeral.


Las terrazas de la calle de la Estrella impiden recoger en la puerta de su casa a un enfermo de COVID

Los técnicos denuncian lo ocurrido en un servicio de esta tarde

Agencias

27-02-21 | 20:53 | Actualizado a las 09:29

Las terrazas impiden recoger a un enfermo de COVID en la calle de la Estrella / RTSU A CORUÑA

Imaxe 59: Espazo público, privatización, insolidariedade e pandemia, nova de La opinión (27/02/2021).

Neste xeito, a rúa pasa a ser propiedade privada ao servizo do mercado en prol unicamente da actividade económica, e aínda entendendo que se tratou na maioría dos casos de circunstancias excepcionais, deberase reflexionar sobre se a viabilidade de certos negocios de hostalería non debera depender de canto espazo público podan ocupar con terrazas (Pere Mariné, 2021: 20-21). Este espazo furtase aos peóns, ás persoas de idade avanzada ou con problemas de mobilidade, de visión, etc. reducindo de facto os seus dereitos a partir da non observancia das mínimas condicións de accesibilidade universal, tan esquecidas nos estudos sobre mobilidade e tan utópicas no que respecta á súa implantación no rural.

Aínda que se entende que a nova que se achega na anterior imaxe 59 non é reflexo da sociedade nin de todos os/as hostaleiros/as, si representa unha situación puntual que tanto no persoal como no colectivo, reflectiu unha situación de deshumanización do espazo urbano en prol da actividade económica. Trasladando esta situación ao que de facto é un *espazo produtivo*, é dicir, ao Camiño de Santiago, precisase mencionar que as necesidades das persoas e das actividades económicas van máis aló das tempadas turísticas polo que quizais non sexa prudente basear unha grande parte da economía dunha rexión nun mesmo sector e/ou actividade (o turismo e o sector terciario), cun compoñente estacional tan marcado e que dentro dun escenario como é o da cidade herdada pode ser incluso máis agresivo cun espazo público reducido, onde finalmente se desenvolven as relacións sociais da veciñanza.

Os criterios para unha intervención que cumpra estes parámetros de sustentabilidade dentro do ámbito rural son moi diferentes aos das grandes cidades, se ben, algunhas das boas prácticas[116] aplicables aos núcleos, poderían trasladarse aos espazos de lecer das cidades, tan necesitadas de zonas verdes, de reunión e socialización, cada vez máis desvirtuados por *prazas e urbanizacións duras*, sen árbores nin sombra ou espazos de lecer para maiores e cativos, e que en ocasións deséñanse motivados unicamente polo aforro nas tarefas de mantemento e xardinaría, desnaturalizando ao territorio, prácticas que de cara ao previsible incremento das temperaturas no futuro inmediato, deberían revisarse.

A xeografía deberá ser capaz de "*afrontar os desafíos, detectar as necesidades da época na que se actúa e procurar as relativas solucións sustentables para a mellora do mundo no que se vive*" dentro do que consideran un xiro espacial que constrúa coñecemento multidisciplinar sobre o territorio e que deberá abarcar algo máis profundo que unha área de coñecemento (Lois González et al, 2018: 34). É por todo isto que as intervencións sobre os centros históricos deberán ter en conta os condicionantes económicos, sociais, a necesidade de espazos libres e zonas verdes, así como os medios dispoñibles para acadar estes fins adaptados á situación actual, resultando unha tarefa máis complexa nos pequenos conxuntos das pequenas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[116] Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais,

fonte; https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=125772&name=DLFE-26615.pdf.

localidades, onde, polo menos a primeira vista, semella que a viabilidade do comercio local será moito máis complexa.

Esta viabilidade do comercio de proximidade, desvirtúa finalmente o patrimonio material (locais baleiros e falta de mantemento) pero tamén o inmaterial (perda da tradición e da identidade propia), derivando por outra banda na falla de servizos para os poucos cidadáns que quedan nos centros históricos e o seu conseguinte deterioro pola ausencia de uso e mantemento. Neste senso, o planeamento debe procurar a corrección destas situacións, non obstante, o lento e complexo réxime de tramitación e as veces incluso pequenos erros de forma poden provocar a paralización de actuacións necesarias para o territorio durante anos (Imaxes 60 e 61), implicando que as solucións aos novos problemas tardarán en chegar.



Imaxe 60: Nova do 27/10/2020, sobre a anulación da prohibición dos aloxamentos turísticos en Santiago dende o PE-1.



Imaxe 61: Nova do 29/10/2021, sobre a reiteración da anulación.

Fonte imaxe 60: https://elderecho.com/el-tsxg-anula-la-prohibicion-de-destinar-viviendas-a-alojamientos-turisticos-en-la-zona-antigua-de-santiago.

Fonte imaxe 61: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2021/10/28/justicia-vuelve-fallar-contra-veto-concello-santiago-pisos-turisticos/00031635437309930315670.htm.

Co fin de mellorar a vida nos centros históricos pero tamén no resto do espazo urbano e rural ao longo dos camiños de Santiago en xeral, e no Camiño Francés en concreto, existen axudas que van dende as relacionadas coa eficiencia enerxética á corrección de impactos paisaxísticos. Algunhas destas englóbanse dentro das diversas ARI do IGVS, non obstante, en ocasións debido á complexidade da xestión das CCPP ou ben do propietario individual, estas axudas poden ser pouco resolutivas de forma que non son poucos os veciños que ven inviable asumir os altos custes de intervencións integrais en bloques de vivendas e barrios, renunciando de facto ao ser deber de conservación como titulares de bens inmobles (imaxes 62 e 63).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


El Concello exige a 123 propietarios que rehabiliten viviendas en ruinas en el casco histórico de Santiago

MARGA MOSTEIRO
SANTIAGO

Imaxe 62: Nova do xornal La voz de Galicia en formato dixital de data 20/01/2022.



Imaxe 63: Edificación ruinosa no itinerario do Camiño de Fisterra, barrio de San Lourenzo, Santiago de Compostela (agosto do 2020).

Fonte imaxe 62: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2022/01/19/concello-exige-123-propietarios-rehabiliten-viviendas-ruinas/00031642600858216954706.htm.

Os danos causados á paisaxe urbana dos cascos antigos e as súas zonas de influencia son evidentes, e así se tratan en investigacións dende diversas áreas de coñecemento, é dicir, a sostibilidade dende a paisaxe, a natureza, etc. Non obstante a degradación da paisaxe urbana, non son so reflexo do estado urbanístico e territorial dunha determinada zona ou do seu ornato, senón tamén dunha realidade social estudada cada vez máis, e que profunda na influencia das intervencións de rehabilitación e renovación urbana na vida das persoas, na actividade económica e no comercio tradicional, así como os resultados do sector turístico e a utilización do *recurso do patrimonio* para acadar unha mellor economía local.

Neste senso, o establecemento da capitalidade en Santiago de Compostela e as políticas de rehabilitación, recuperación e renovación urbana producen unha mellora no estado de conservación do patrimonio cultural, que finalmente se reflicte na declaración da UNESCO. En todo caso, considera as dificultades que xorden no planeamento urbanístico "*ante la prioridad asignada a las dimensiones físicas frente a las dimensiones sociales y funcionales*" (Aparicio Guerrero et al, 2018: 41-42).

Entendese que se estaría a esquecer un dos factores principais das definicións que abarcan temas como o sostible, a sostibilidade, a sustentabilidade, etc., que sería a *dimensión social* do modo en que se habita o territorio, sexa nun espazo deste coa consideración de urbano ou de rural, e que na súa ausencia, convertería a estes conceptos en unicamente *etiquetas* ou *slogans*. Esta dimensión social, esencial e inseparable de calquera forma de entender o territorio, englobaría ao dereito recoñecido nos artigos 47 da Constitución Española de 1978[117] e no 11.1 do PIDESC do 1996[118], do que se desprendería a necesidade de dotación de solo residencial para vivir *digna e adecuadamente*, non obstante, non se establecería a cantidade deste, a definición do que seria unha vivenda *digna* e *adecuada*, ou onde realizar a dotación deste tipo de vivendas para quen non poda garantir ese dereito pola súa conta.

Dende as distintas escalas e ámbitos institucionais constátanse a existencia de cada vez máis estratexias orientadas á denominada recuperación do local, do rural, etc. mediante algunha iniciativas como

[117] Constitución Española (1978), "*Los españoles tienen derecho a disfrutar de una vivienda digna y adecuada. Los poderes públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las normas pertinentes para hacer efectivo este derecho, regulando la utilización del suelo de acuerdo con el interés general para impedir la especulación. La comunidad participará en las plusvalías que genere la acción urbanística de los entes públicos*".

[118] Pacto Internacional de Derechos Económicos, Sociales y Culturales (1996), "1.Los Estados Partes en el presente Pacto reconocen el de recho de toda persona a un nivel de vida adecuado para si y su fumilia, incluso alimentación, vestido y vivienda adecuados, y a una mejora continua de las condiciones de existencia. Los Estados Partest omaran medidas apropiadas para asegurar la ecfectividad de este derecho,reconoclendoaesteefectolaim-portancia esencial de la cooperación internacional fundada en el libre consentimiento".

as encamiñadas a paliar os efectos da *covid 19* denominadas fondos *next generation*[119], con preferencias na intervención sobre o ámbito da ecoloxía e o mundo dixital. Dentro do ámbito da vivenda, e a partir do *Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR)*, regúlanse por exemplo, os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro)[120].

Outras axudas non tan recentes e fora xa das medidas e programas xerados para paliar os efectos do *Sars Cov 2*, van dende as relacionadas co sector primario ás dedicadas ao fomento de distintos formatos de aloxamento rural como poden ser as aldeas etnográficas, a outras iniciativas menos coñecidas como as de agro turismo e salvagarda do patrimonio inmaterial[121], sendo en todo caso, numerosas as encamiñadas á mellora do rural no ámbito da CEE e que se desenvolven a partir dos Grupos de Acción Local (GAL) e os fondos FEDER[122], ou programas como o LEADER[123].

A nivel estatal, e coa mirada posta nos programas LEADER, pódense nomear os Programas de Desenvolvemento e Diversificación Económica de Zonas Rurais", PRODER[124]. A evolución destas políticas, provoca que a partir do ano 2007, a iniciativa LEADER, convértese nun dos eixos das políticas de desenvolvemento rural europeas FEADER, hoxe en día son coñecidas como Estratexias de Desenvolvemento Local participativas, EDLP[125], que se levan a cabo a partir dos mencionados GAL.

A sostibilidade, o sostible, e todo o referido en este punto, é algo que precisa de equilibrio, de xustiza social e de leis e políticas adecuadas que as garantan. O papel do patrimonio na sostibilidade é fundamental, no material e no inmaterial, xa que representa o coñecemento adquirido e identidade que herdamos dos nosos antepasados ao longo dos séculos e fundamental en tódolos eidos científicos. É importante destacar o papel que xoga a lexislación urbanística e territorial europea, estatal e autonómica, na construción do marco teórico da sostibilidade, para a posta en práctica da transformación territorial e urbanística.

[119] Fondos Next Generation: https://www.hacienda.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/FondosEuropeos/Fondos-relacionados-COVID/Next-Generation.aspx.

[120] Real Decreto 853/2021, de 5 de octubre, por el que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. Dispoñible en: https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/10/05/853 .

[121] Proxecto Ronsel, a partir da colaboración de AGADER e as Universidades de A Coruña, Pontevedra e Vigo. Os obxectivos deste proxecto eran a realización dun inventario, a alvagarda, e a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial. Fonte: https://agader.xunta.gal/es/desarrollo-rural/proyectos-de-desarrollo-rural/ronsel.


[122] Fondos FEDER: Fondos Europeos de Desenvolvemento Rural, para corrixir os desequilibrios existentes entre territorios da Unión Europea. Fortalecendo a cohesión socioeconómica. Fonte: https://ec.europa.eu/regional_policy/es/funding/erdf/.

[123] Programa LEADER, Liaison Entre Actions de Développement de l'Économie Rurale. Fontes: https://enrd.ec.europa.eu/, http://www.redruralnacional.es/leader1.

[124] Programas PRODER, son un conxunto de programas que nacen co fin do desenvolcemento rural endóxeno no ámbito estatal. Fonte: http://www.redr.es/es/portal.do?TR=C&IDR=30.

[125] Estratéxias de Desnvolemento Local Participativas, EDLP, lideradas polos Grupos de Acción Local GAL e baseadas nas Estratexias de Desenvolvemento Local EDL.

Táboa 15: Distribución dos Grupos de Acción Local en Galicia.

á 21: Grupos de Acción Local no ámbito do Camiño Francés.	GAL no ámbito do Camiño Francés de Santiago:	
	2	Asociación Terras de Compostela
	8	Grupo de Desenvolvemento Rural Utm23-Ulla Tambre Mandeo.
	10	Asociación Miño-Ulla.
	12	Asociación Os Sete Castros.
	15	Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel.

Fonte: https://www.mapa.gob.es/es/cartografia-y-sig/ide/descargas/desarrollo-rural/gal.aspx. Consulta en data de febreiro de 2022.

4.9. Entidades de poboación supramunicipais, demografía e rexións globais.

4.9.1. Antecedentes recentes.

Durante o desenvolvemento deste traballo precisarase o estudo das poboacións en función da tipoloxía de ocupación do territorio, pero tamén realizar unha análise da organización político-administrativa que as xestiona sendo a máis pequena e próxima ao cidadán, o municipio, a que non obstante desenvolverá a planificación urbanística. A Constitución Española de 1978 será a que regule en primeira instancia a actividade das diversas AALL, en base a distintas lexislacións e normativas estatais e autonómicas, sendo a *Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local*, modificada á súa vez pola *Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local* a que rexerá a acción destas entidades.


Pero sobre a organización territorial no eido local estanse a producir cambios continuos, sendo a fusión de pequenos municipios un tema recorrente nas últimas décadas, non obstante os casos recentes son case inexistentes dentro da comunidade autónoma. As motivacións sobre esta temática con certa tradición en Europa son dispares, sendo algunhas destas a introdución de formas de cooperación entre administracións ou ben a fusión de pequenos municipios tal e como sucedeu nas décadas dos 60s e 70s, nas que se dou unha grande redución de administracións por entre outros motivos, a adaptación destas entidades á situación posterior á segunda Guerra Mundial (Rodríguez González, 2006: 116).

No primeiro período constitucional a partir do documento do 1812[126] razoábase sobre a necesidade de creación dunha división territorial "*máis conveniente*" por lei constitucional en tanto sexa posible, definíndose as entidades dos municipios e as deputacións provinciais, así como as 18 provincias (artigo 10), sendo as Deputacións as que teñan competencias para aprobación das ordenanzas municipais despois do seu paso polas Cortes, que serán as que finalmente inspeccionen aos respectivos municipios (art. 321 a 323). Neste texto faise referencia ás comarcas sen que se defina en algún modo estas entidades.

[126] A primeira Constitución Española *de* Cádiz, apróbase o 19 de marzo de 1812. Recuperado de: http://www.congreso.es/docu/constituciones/1812/ce1812_cd.pdf.

Existiron iniciativas recentes de promoción das comarcas como motor de desenvolvemento territorial e fomento da sostibilidade, así como para a redución dos desequilibrios entre entidades supramunicipais en Galicia, como foi a *Lei 7/1996, de 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal*. Este texto ve a luz un ano despois da *lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, en onde xa se menciona a Carta Europea de 1983 no que respecta aos obxectivos propostos para a política territorial, entre os que figura a eliminación das grandes diferencias entre rexións e o respecto ás peculiaridades propias de cada comarca.

Outro modelo de entidade supramunicipal completamente urbana e máis recente é o das áreas metropolitanas que sen embargo na Constitución Española de 1978 non se consideraban como un ente supramunicipal propiamente dito, aínda que no art. 141.3 establecíase que "*se podrán crear agrupaciones de municipios diferentes de la provincia*", abrindo a porta para a creación destes entes definidos explicitamente na *Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local*, que as recoñece como "*entidade local territorial*[127]*"* (art. 3).



Imaxe 64: Áreas metropolitanas dos EEUU no ano 1930.

Na lei de Bases do Réxime local recoñeceranse as bases polas que se gobernarán as CCAA, provincias, comarcas, concellos[128], agrupacións ou segregacións, Cabildos e Consejos insulares, considerando que tanto as comarcas como outras entidades que agrupen a varios municipios, gozarán á súa vez de condición de EELL, por exemplo, as áreas metropolitanas e as mancomunidades de municipios. O estudo da tipoloxía e evolución das divisións administrativas, ben diferentes ás actuais, e ben complexo aínda que quizais o que sería realmente diferente sería a concepción do territorio. Esta casuística recóllese en "*España dividida en provincias e intendencias*" [129] e subdividida en "*Partidos, corregimientos, alcaldía mayores, gobiernos políticos y militares, así realengos como de órdenes, abadengo y señorío*", onde se incluía o Nomenclátor[130], representando a complexidade territorial española da época.

4.9.2. Orixe conceptual das entidades complexas, as áreas metropolitanas.

O *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*, establece no recente Atlas de Áreas Urbanas[131] as divisións en *grandes áreas urbanas*, que se poden equiparar nalgún modo co que veñen a ser as áreas metropolitanas. A nivel autonómico recoñécense as da Coruña, Vigo-Pontevedra, Santiago de Compostela, Ourense e Lugo, abarcando todas elas un espazo territorial de máis de un municipio, aínda que tan so a de Vigo recoñeceríase oficialmente.

[127] No artigo 43.2, define a área metropolitana como: "2. Las áreas metropolitanas son entidades locales integradas por los Municipios de grandes aglomeraciones urbanas entre cuyos núcleos de población existan vinculaciones económicas y sociales que hagan necesaria la planificación conjunta y la coordinación de determinados servicios y obras".

[128] Segundo o INE (2019), no estado a día de hoxe existen 8131 municipios, dos cales 313 son os Galegos.

[129] Reprodución do documento publicada pola Biblioteca Cervantes Virtual, cortesía do CSIC, recuperado de: www.cervantesvirtual.com/descargaPdf/espana-dividida-en-provincias-e-intendencias-y-subdividida-en-partidos-corregimientos-alcaldias-mayores-gobiernos-politicos-y-militares--0/, consulta en data de novembro de 2019. O documento orixinal de 1789, publicouse pola Imprenta Real en dous volumes.

[130] O primeiro Nomenclátor, e precedente da actual división de provincias, deseñouse en 1718, a partir das "Intendencias", fonte: IGN (2019).

[131] Áreas urbanas en España, 40 anos de las ciudades españolas, dispoñible en: http://atlasau.fomento.gob.es/.

Compróbase que mentres existen tendencias que procuran a redución de municipios, outras xeran novas entidades supramunicipais, o que leva a reflexionar sobre a complexidade de goberno das áreas metropolitanas nas que se precisa máis organización e infraestrutura administrativa, mentres que esta se reduce nos concellos máis rurais e con menos poboación, de forma que ¿quizais se estea asumindo a derrota na tarefa de repoboación (e goberno) do rural?.

O concepto de área metropolitana xorde a partir dos *Industrial Districts* de 1905 dos EEUU que pasan a denominarse en 1910 *Metropolitan Districts*, *Industrial Areas* na década dos 20s, e *Labor Market Areas* na dos 40s, (Boix Domènech, 2008: 2-4), sendo a definición destas ben distinta na actualidade. O primeiro que se pode entender das definicións dos anteriores conceptos é que son agrupacións de zonas industriais, e que o fin do estudo destas zonas realizase dende un punto de vista exclusivamente económico.

A Oficina Federal[132] censou estas áreas en 1910 e 1920, entendendo como tales as cidades centrais con máis de 200.000 habitantes sempre e cando non estiveran no ámbito de influencia doutra poboación maior (De Esteban Alonso, 2009). A definición das áreas metropolitanas varía en función da época na que se realiza e o condicionante do número de poboación mínimo que se lle outorga en cada unha, así poden ser os 50.000 habitantes do SMA[133] do 1950, os 100.000 de EUROSTAT do 1999, ou os mencionados 200.000 habitantes anteriores, existindo en todo caso outros criterios como poden ser a vinculación económica e social coa súa contorna, a continuidade espacial, a densidade ininterrompida, ou incluso a identidade de pertenza a esta unidade (López Trigal, 2015: 48).

Estas áreas poden considerarse como a "*Unidad territorial dominada por una gran ciudad o metrópoli en cuyo entorno se integran otros núcleos de población, formando una unidad funcional, con frecuencia institucionalizada*" (RAE, 2014, Def.1), ou ben engadindo outros condicionantes como o factor legal necesario para a súa creación formal e a xerarquía lexislativa á que estarán suxeitas, entre outras as leis das CCAA, no seguinte senso (DPEJ, 08/04/2023):

> *"Administración territorial integrada por municipios próximos entre los que existe una fuerte vinculación económica y social, para llevar conjuntamente la planificación y coordinación de obras y servicios. Su creación depende de leyes autonómicas y requiere la previa audiencia de la Administración del Estado y de los ayuntamientos y diputaciones afectados".*

En todo caso, a definición do art. 43 da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Redimen Local* aporta os condicionantes sobre a participación dos actores involucrados neste xeito:

> *"Su organización debe asegurar la representación de todos los municipios en los órganos de gobierno y administración, la participación de todos los municipios en la toma de decisiones y la justa distribución entre ellos de las cargas correspondientes".*

Outros autores consideran que "*a la ciudad se le ha quedado pequeña el municipio*", realidade que nos próximos anos condicionará as definicións de entidades territoriais, así como as estratexias de goberno e dotación de servizos e infraestruturas (Toscano Gil, 2015: 383). Noutro senso, entendese que a base das entidades territoriais é o progreso tecnolóxico, complementándoo coa introdución de novas actividades de produción e consumo por un lado, e pola eliminación do espazo por outro, substituíndo así as redes tradicionais polas redes de comunicacións, que á súa vez permiten a descentralización da produción e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[132] Fonte imaxe: Áreas metropolitanas dos EEUU no ano 1930, Boletín do U.S Department of Commerce, Bureau of the census, fifteenth census of the United States, 1930. Recuperado de: https://www.census.gov/library/publications/1932/dec/1930b-metro.html, consulta en data de novembro de 2019.

[133] Standard Metropolitan Area de 1950 (SMA), modificadas pola nomenclatura SMEA de 1960 (Standard Metropolitan Stadistical Area).

distribución, favorecida polos medios de transporte e a mobilidade que provocan a aparición e especialización de novos nodos, de forma que as novas rexións configúranse a partir da "*conexión entre espacio y tecnología*" (Castells Oliván, 1974: 29-31).

4.9.3. Contexto local.

Como resumo do estado político-administrativo da CCAA de Galicia[134], dicir que as catro provincias e 53 comarcas se subdividen en 313 concellos, 3.771 parroquias e máis de 37.000 lugares. Esta subdivisión en entidades menores, desenvolvese no ámbito estatal a partir de 19 CCAA, 50 provincias, dúas cidades autónomas, e 8.131 municipios[135] en data de abril de 2019, 5.002 teñen unha poboación menor de 1000 habitantes, é dicir, o 61,52% dos municipios, residindo en estes, o 3,1% da poboación, mentres que nos municipios máis urbanos, de máis de 100.000 habitantes que representan o 0,77% do total, reside o 40,10% da poboación, (INE, 2022).


A esta complexa estrutura, deberase engadir a incapacidade de tantos pequenos municipios de ofrecer servizos e instalacións, condicións básicas de accesibilidade e mobilidade ou ben outros servizos imprescindibles como unha asistencia sanitaria rápida e eficiente, ou a dificultade da recepción de subministros en determinadas zonas. A consecuencia final suporá unha perda de facto de dereitos, non so das persoas do rural, con maior o u menor grao de dependencia ou ccapacidade económica, senón tamén a dos seus familiares ou coidadores.

Nos mapas 16 e 17 representase o estado da poboación nos concellos polos que discorre o Camiño Francés respecto ao abandono do rural, sendo os datos e a casuística ben complexos polo que se precisaría un estudo dedicado non abarcable neste traballo, e no que se indague nas particularidades de cada asentamento de poboación. En todo caso, considerase oportuno presentar os datos dunha situación se cabe máis grave, xa que se representan os municipios con cero ou un único habitante, non obstante hai moitos outros con dous, tres, catro habitantes, que na realidade serán moi complexos de recuperar tanto a nivel demográfico como social.


[134] Datos do nomenclátor. Dispoñibles en: https://www.xunta.gal/nomenclator?p_p_id=NomenclatorPortlet_WAR_NomenclatorPortlet&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=2.

[135] Datos do padrón continuo de habitantes do INE, en data de abril de 2019, dispoñible en: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177012&menu=ultiDatos&idp=1254734710990.

Mapa 22: Núcleos con poboación nula na provincia da Coruña.



Mapa 23: Núcleos con poboación nula na provincia da Lugo.



Entre os aspectos sociais a ter en conta nos pequenos pobos e núcleos do rural xa se trataron os eixos de comunicacións, sendo tamén de gran importancia a existencia e a calidade dun espazo público, zonas de lecer, de deporte, reunión, etc. que cobran unha especial importancia para o desenvolvemento dos seus habitantes en zonas nas que con frecuencia apenas existen estes espazos.




Imaxe 65: Área recreativa en Rivadiso de Abaixo, Arzúa(1).



Imaxe 66: Área recreativa en Rivadiso de Abaixo, Arzúa(2).



Imaxe 67: Área recreativa en Rivadiso de Abaixo, Arzúa(3).



Mapa 24: Localización sobre mapa do PBA.

Segundo os datos ofertados polo Atlas do *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*[136] sobre as áreas urbanas en 2022 (realizada a partir dos padróns municipais do ano 2021), constátase que as grandes áreas urbanas aglutinan unha grande cantidade de poboación nun espazo territorial que superficialmente pódese considerar reducido. Compróbase que do total de municipios existentes no ano 2021 (un total de 8131), teñen a consideración de rurais 7047, sendo o resto, 1084 municipios, os considerados como urbanos, gañando a consideración de un municipio urbano máis con respecto aos datos do anterior Atlas estatístico do 2021 (datos do 2020).

Pero esta situación no local, estase a agravar tamén a nivel global xa que mentres o abandono do rural avanza progresivamente, invertese en grandes proxectos (ou máis ben, produtos) residenciais e turísticos a unha escala macro, polo que se non se pon remedio camiñarase cara a ao escenario urbano xa augurado polas UN para o 2050, e ao que tanto a disciplina da ordenación do territorio como a do urbanismo deben procurar solución ao medio e longo prazo.

4.9.4. Contexto autonómico.

Os datos de Galicia amosan áreas urbanas densamente poboadas como a de A Coruña, Vigo-Pontevedra, Santiago, Ourense e Lugo, coa consideración de grandes áreas urbanas (GAU), representándose nas seguintes táboas 16 a 19 os datos de poboación, superficie e densidade que amosan o desequilibrio territorial entre as grandes zonas de aglomeracións residencias, e o espazo territorial.

Táboa 16: Datos estatísticos área metropolitana Vigo-Pontevedra, fonte: Áreas Urbanas de en España 2022.

CONCELLO	SUP. (Km.^{2})	POBOACIÓN 2022, (Hab.)	DENSIDADE (Hab. / Km^2)	% POBOACIÓN
VIGO	109,10	293.837	2.694	49,98
PONTEVEDRA	118,30	83.114	703	14,14
REDONDELA	52,10	29.192	561	4,97
CANGAS	38,10	26.708	701	4,54
MARÍN	36,70	24.248	661	4,12
O PORRIÑO	61,20	20.212	330	3,35
MOAÑA	35,10	19.496	556	3,44
NIGRÁN	34,80	18.005	518	3,06
POIO	33,90	17.230	508	2,93
MÓS	53,20	15.190	285	2,58
GONDOMAR	74,50	14.920	200	2,54
BAIONA	34,50	12.286	356	2,09
SOUTOMAIOR	25,00	7.482	299	1,27
VILABOA	36,90	5.955	161	1,01
TOTAIS	743,20	587.875	791	1,79

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[136] Atlas estatístico de áreas urbanas, ano 2022, recuperado de: https://www.mitma.gob.es/portal-del-suelo-y-politicas-urbanas/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas.

Táboa 17: Concellos na grande área urbana da Coruña, fonte: Áreas Urbanas de en España 2022.

CONCELLO	SUP. (Km.^{2})	POBOACIÓN 2022, (Hab.)	DENSIDADE (Hab. / Km^2)	% POBOACIÓN
A CORUÑA	37,80	245.468	6.489	58,59
OLEIROS	43,70	36.922	846	8,81
ARTEIXO	93,70	32.894	351	7,85
CULLEREDO	61,70	30.758	498	7,34
CAMBRE	40,70	24.616	604	5,88
SADA	27,50	16.382	596	3,91
BETANZOS	24,20	13.030	539	3,11
BERGONDO	32,70	6.817	208	1,63
CARRAL	48,00	6.574	137	1,57
ABEGONDO	83,80	5.494	66	1,31
TOTAIS	493,90	418.955	848	1,28

Tal e como amosan as anteriores cifras, unicamente nas áreas de influencia de A Coruña e Vigo recae un millón de habitantes, algo máis da terceira parte dos habitantes de Galicia nunha superficie de 1237,10 Km^2 sobre un total de 29.576,74 Km^2 da comunidade autónoma, representando unicamente o 4,18% da superficie desta. Se a estes números se lle engaden os do resto de grandes áreas urbanas, é dicir, Ourense e Lugo, con menor cantidade de poboación en comparación coas anteriores, os números son incluso aínda máis representativos, tal e como se desenvolve nas seguintes táboas.

Táboa 18: Poboación na grande área urbana de Lugo. Fonte: Atlas das Áreas urbanas de España 2022.

CONCELLOS (1)	SUP. (Km.^{2})	POBOACIÓN (2022)	DESNIDADE (Hab. / Km^2)	% POBOACIÓN
LUGO	329,80	97.613	296	0,30
TOTAIS	329,80	97.613	296	0,30

Táboa 19: Poboación na grande área urbana de Ourense. Fonte: Atlas das Áreas urbanas de España 2022.

CONCELLOS (5)	SUP.(Km.^{2})	POBOACIÓN (2022)	DESNIDADE (Hab. / Km^2)	% POBOACIÓN
OURENSE	84,60	104.596	1.237	80,01
BARBADÁS	30,20	11.022	364	8,43
PEREIRO DE AGUIAR	60,90	6.470	106	4,95
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	39,50	5.509	140	4,21
COLES	38,10	3.125	82	2,39
TOTAIS	253,30	130.722	516	0,40

Precisase destacar que cando se achegan os datos das anteriores táboas, estase a presentar a poboación do padrón de todo o concello, non obstante, algúns destes poden contar con máis poboación rural que urbana, pero si se entende que é importante realizar a análise destes concellos incluídos no corredor Atlántico e que dispoñen de poboación e infraestruturas de comunicación suficientes, para representar o maior foco de poboación da comunidade que finalmente reflectirase na actividade económica dunha rexión que se desenvolve en torno á autoestrada AP-9, as estradas nacionais N-550 e N-555, así como a liña de ferrocarril de alta velocidade N-S.

Tal e como se observa nas anteriores táboas e máis concretamente na 17, a comparación entre estas rexións xeradas a partir de distintos itinerarios é ben distinta, sendo un dos eixos o que alberga a case a metade da poboación galega nunha superficie territorial do 10%, mentres que o outro itinerario, nunha porcentaxe similar de territorio, alberga a tan so un 5% da poboación, de forma que semella que nin a promoción turística do camiño, nin as axudas á rehabilitación, ao arranxo das fachadas e tellados, as ARI dos camiños, ou incluso outras como as encamiñadas á corrección dos impactos paisaxísticos ou ao desenvolvemento rural, dean maiores froitos no que a atracción de poboación se refire.

Ante a diversidade de entidades administrativas recoñecidas ou non, e as sinerxías que estas crean, locais, comarcais ou metropolitanas, sexan máis ou menos tradicionais, compre que a planificación urbanística sexa máis territorial e vaia máis aló, xa que as sinerxías socio-culturais non se poden separar cun lindeiro debuxado nun mapa ou nalgún documento político-administrativo, nin polo tanto, nos barrios das áreas metropolitanas, nos pequenos núcleos do rural, e tampouco nos límites dos conxuntos ou rexións históricas.

No que aos indicadores estatísticos sobre poboación se refire, pódese mencionar que o índice de envellecemento[137] trata de avaliar en que modo aumentan as persoas de maior idade, dato importante a nivel económico para o estudo da produtividade, que tamén representa en que modo a sociedade precisará maior dotación de servizos asistenciais, etc. no futuro. Os datos amosan que Galicia é a terceira comunicade cun índice máis elevado despois de Asturias e Castilla y León, e acudindo aos datos históricos, compróbase que esta tendencia increméntase dende 1975 en tódalas CCAA (INE, 2022).

Neste senso, Galicia pasa dun índice de 47,37 no ano 1975 a 207,32 no 2021 mentres que o maior dato do 2021 é o de Asturias cun valor de 231,07, o máis alto da serie histórica estatal diferenciada por autonomía, e que representa que a poboación menor de 64 anos é máis do dobre que a menor de 16 anos, polo que en xeral, compróbase a repercusión (e tendencia) no que a poboación en idade de traballar se refire, así como a riqueza e crecemento esperado en termos económicos de cada comunidade, e polo tanto, de cada concello e poboación.

Algunhas desta AALL son máis rurais e con menor poboación, podendo aproveitar máis ou menos o seu sector primario, as outras dispoñen de grandes áreas urbanas e periurbanas con elevadísima poboación, e nas que non existirá solo produtivo para o sector primario, pero si unha gran cantidade de empresas e residentes. Esta situación condiciona o nivel económico dos municipios a partir da maior cantidade de recibos do IBI, licenzas, taxas e outros impostos que afectan directamente ás posibilidades de cada administración, para afrontar os problemas urbanos e a protección do patrimonio, entre outras problemáticas.

Non obstante, outra lectura do dato sobre o envellecemento da poboación podería interpretarse nun modo positivo, dende a ollada de que esta alcanza unha maior idade e calidade de vida, o que significa que en certo modo o sistema e as condicións de habitabilidade, sanitarias e asistenciais funcionan correctamente e dan resultados, reforzando as campañas hixienistas do urbanismo dos últimos séculos. Noutro senso, a outra metade da realidade que achegan estes datos, implica que o porcentaxe de xoves é cada vez máis baixo, sumando todo o conxunto, unha pequena cantidade de poboación activa tanto nas provincias máis urbanas, A Coruña e Pontevedra, como nas máis rurais, Lugo e Ourense (IGE, 2022). Exponse nos seguintes gráficos (16), o comparativo dos grandes grupos de poboación entre os anos 1998 e 2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[137] Índice de envellecemento, definido polo INE no seguinte senso "*Porcentaje que representa la población mayor de 64 años sobre la población menor de 16 años a 1 de enero de un año concreto*".

Fonte: https://www.ine.es/DEFIne/es/concepto.htm?c=5097&op=30264&p=1&n=20.





Gráfico 16: Comparativo poboación por grandes grupos de idade (1998-2022).
Fonte; IGE (2022), a partir dos datos do padrón.


4.9.5. O contexto europeo.

Na comparación co resto de territorios europeos deberase tratar especialmente aos países máis próximos, Portugal e Francia, o primeiro deles debido ás características e sinerxías comúns, actuais e pasadas, o segundo por ser este un país que foi referente a partir do modelo de administración territorial que comeza despois da denominada revolución francesa, e que inspira aos países do sur de Europa coa creación de pequenos municipios, moitos destes menores de 1000 habitantes, sendo o país europeo con maior número de *comunas*[138], cun esquema territorial que se pode denominar como o "*modelo latino del sur de Europa*" (Rodríguez González, 2006: 117-118).

Mapa 25: Distritos no Portugal continental.



Mapa 26: Departments da República Francesa.



Dende o recente paso cara ao centralismo da República Francesa en xaneiro do 2016, o pais organízase territorialmente en 13 rexións continentais, que substitúen ás 22 rexións tradicionais anteriores. As rexións divídense á súa vez en 101 *départements*[139] (96 metropolitanos e 4 en ultramar), cun prefecto en cada capital destes (prefectura) e estas á súa vez en distritos ao cargo dun subprefecto, e unha vez máis, existen divisións menores como as comunas que se agrupan en cantóns para establecer circunscricións electorais.

[138] A comuna é a unidade básica de organización territorial en Francia, na actualidade son case 37.000, case o 50% dos municipios que existen na UE.


[139] Os départements franceses son o equivalente as provincias, deseñados despois da revolución francesa.

A organización portuguesa consiste na actualidade en 7 rexións (5 delas continentais e 2 rexións autónomas), divididas nun total de 18 distritos continentais, 308 concellos (30 deles entre Azores e Madeira), e 2.882 freguesías no continente, as que se deben engadir as 156 de Azores e as 54 de Madeira, 3.092 en total (INE Portugal 2022)[140]. Existiron varios procesos que tentaban acadar unha rexionalización e redución do número de entidades de poboación colectivas, como a do referendo do 1998, que resultou un "*fiasco*" polo baixo interese da cidadanía traducido finalmente nunha baixa participación que provoca a paralización da iniciativa durante máis de dúas décadas ata que se produce outra tentativa na lexislatura de 1995-2002, aínda que se abandona de novo ata que se propón o mapa das 5 rexións e un posterior de 7 rexións, modificada posteriormente no ano 2013 (López-Davalillo Larrea, 2012: 36).


A nivel demográfico, constátase un aumento xeral do número e a densidade de poboación en toda Europa, destacable nas zonas costeiras do Atlántico e Mediterráneo en España e Francia (en menor escala), así como en Italia (máis igualada co interior do pais debido á súa xeografía), e Alemaña, (EUROSTAT 2021), debendo considerar o ano 2020 como unha excepción ás devanditas tendencias. Aumenta tamén a esperanza de vida, que sube ata os 78,2 anos nos homes e a 83,7 nas mulleres, comprobando un descenso estimado da poboación europea en idade de traballar de cara ao 2070 segundo os datos do ano 2018 da EC.[141]

Os recentes datos estatísticos do Banco Mundial do ano 2022 reflicten que a densidade de poboación non parou de medrar nas últimas décadas, constatando que España conta cunha densidade de 94,78 hab/km.^{2} por debaixo da media europea de 111,96 hab/km.^{2}, non obstante as cifras máis altas danse no Reino Unido[142] con 277,83 hab/km.^{2} e Alemaña con 238,25 hab/km.^{2}. Mostrase nos seguintes mapas 19 e 20, o resultado da densidade de poboación no ano 2021 segundo rexións estatísticas NUTS 3 e NUTS 2 respectivamente, en onde se pode comprobar a posición en relación ás outras rexións europeas na que se atopa a Comunidade Autónoma de Galicia.

Mapa 27: Densidade poboación europea, NUTS3.



Mapa 28: Densidade poboación europea, NUTS2.



Compróbase que si existen similitudes entre os países do Sur de Europa, en concreto, entre os veciños máis próximos, no que respecta á peculiar e segregada estrutura territorial. Por outra banda, os estudos sobre os asentamentos de poboación e polo tanto, sobre os entes político-administrativos que os gobernan, realízanse dende múltiples visións, existindo unha ampla bibliografía recente que o analiza dende estas

[140] Instituto Nacional de Estatística de Portugal, INE, fonte: https://www.ine.pt.

[141] European Comission (2018), Datos sobre o impacto demográfico en Europa, dispoñible en; https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/new-push-european-democracy/impact-demographic-change-europe_es#demographictrends.

[142] As estatísticas de Eurostat xa non contemplan ao Reino Unido.

disciplinas ou áreas de coñecemento, dando lugar a unha diversidade de puntos de vista, en ocasións sen conexión algunha.

4.10. O urbanismo e outras disciplinas.

4.10.1. Ámbito de traballo en expansión.

As leis e normativas recentes de aplicación ao urbanismo abarcan cada vez máis áreas de traballo, ampliándose ademais o ámbito territorial de influencia a partir da crecente necesidade de protección ou planificación de espazos maiores que o municipal e máis complexos (áreas metropolitanas, espazos naturais, etc.). A planificación non é estanca, de forma que as sinerxías creadas polas determinacións dun plan xeral, afectarán tamén ás poboacións próximas, quizais dependentes doutros concellos, comarcas, ou incluso, nacións.

Pola contra, as actividades e tradicións construtivas e produtivas de cada zona que se veñen a desenvolver dende tempo atrás, exercen presión sobre un planeamento que deberá considerar esta realidade e asumir ese modelo en certo modo, adaptándoo á normativa e lexislación en solo e territorio vixentes. É por isto que existe unha dobre presión, a que exerce a realidade e a tradición sobre o planeamento urbanístico demandando necesidades a partir de modelos consolidados no tempo, e pola contra, a planificación escollida para un municipio por políticos e técnicos que en ocasións non alcanzan a entender o escenario, e que exercen sobre o territorio do presente, pero tamén sobre o futuro.




Gráfico 17: Influencia mutua entre o territorio e a planificación; acción-reacción.

Por todo isto, o proceso de planificar precisa de novos equilibrios que deberán combinar o coñecemento profundo da realidade do momento coa súa historia, para a partir da mestura do anterior, planificar un modelo a seguir. Pero precisarase dun terceiro factor e un novo equilibrio que interprete o que está por vir, dispoñendo dos mecanismos de intervencións sobre o plan, que de forma áxil e con seguridade xurídica reaccionen ás disfuncións que podan xurdir na aplicación práctica do mesmo, tentando minoralas ou eliminalas.

O momento de aprobación dun instrumento de planificación xeral non é máis que o principio dun camiño, que mediante seguimento e mellora continua, deberá someterse a modificacións e/ou revisións, así como á posta en práctica de instrumentos que o desenvolvan en detalle. Non obstante, a realidade é que a dificultade destes cambios, na maioría das ocasións os fan inviables, técnica e practicamente debido á complexidade de aprobación de modificacións, revisións ou ben da aprobación de planeamento de desenvolvemento, convertendo ao motor do urbanismo en inoperante.

Neste senso, algúns autores aprecian a planificación urbanística como algo caótico, sen entender como esa desorde finalmente semella ser a normalidade aceptada en base á actitude dos axentes intervintes para "*no comprender más que lo que pueden traducir en términos de operaciones gráficas: ver, sentir, bajo la punta del lápiz, dibujar*" (Lefevbré, 1968: 40-42). É por iso, que trata dunha forma moi crítica a todos estes axentes, dende os técnicos urbanísticos públicos ou privados, ata os administradores ou promotores.

No que ao territorio autonómico se refire, semella que existe un modo de *planificar a partir da non planificación* e a non observancia de leis e normas, condicionantes socioculturais, etc. e que se da tamén nas AALL, sendo responsable da singularidade e a desorde urbanística de Galicia, pero tamén extensible a

outras CCAA. En paralelo, o escaso coñecemento do patrimonio cultural e ambiental, provoca finalmente o pouco aprecio e respecto polas tradicións e incluso pola identidade dos pobos, de forma que esas identidades, atoparíanse varios chanzos por debaixo dos condicionantes económicos e empresariais.

4.10.2. Urbanismo, economía e medio ambiente.

As determinacións con contido (ou repercusión) económica que desenvolven os plans xerais, non so consisten no outorgamento de máis ou menos metros cadrados a unha ou a outra actividade, dun ou outro uso e/ou edificación, senón que establecen un escenario de crecemento e/ou desenvolvemento para os municipios, que non so se entende a partir duns cantos parámetros urbanísticos que son ao mesmo tempo técnicos e cuantitativos antes que prácticos e cualitativos, e que se deberían entender como servizos á cidadanía traducidos en forma de infraestruturas, dotacións e equipamentos públicos, etc.

Pero as modificacións que se precisan no actual planeamento urbanístico, non so derivarán de determinacións técnicas e novos plans, podendo considerar que na actualidade, os cambios necesarios na escala municipal, son nin máis nin menos que *transcendentais,* de forma que se precisará mudar o modo de financiación do urbanismo, nun intento de eliminar a dependencia do mercado, e outorgar unha maior participación da cidadanía (Aldrey Vázquez, 2015: 186).

É así como as teorías do decrecemento poden chegar a ser algo máis que teorías, e contribuír á actualización do concepto de urbanismo como servizo público, entendido este dende a base, de forma que non se impoña a continuidade dos intervalos de crecemento puro e estrito, e outros de "*destrución creativa"*[143] propiciados polo capitalismo executando o *método Haussmann* (Harvey, 2008: 32-33). Non obstante, tal e como recoñece Harvey, citando a Engels, F., enténdese que sempre haberá persoas con necesidades económicas, e sempre haberá novas (e necesarias) promocións inmobiliarias que substitúan ás anteriores novas promocións inmobiliarias do pasado, é dicir, o mercado sempre estará por riba do dereito á cidade, que non sería outro dereito que o "*derecho a cambiarnos a nosostros mismos cambiando la ciudad*".

Exemplos claros son as sucesións da primeira e segunda revolucións industriais, a terceira revolución tecnolóxica e da información, ou a quizais xa non tan incipiente revolución propiciada pola robotización, que mudaron, mudan e mudarán ás cidades, ás persoas, e por ende, aos territorios e ao planeta. Estes procesos, non so terán repercusión económica, senón tamén social e cultural, deixando unha pegada nas estatísticas, pero tamén nun territorio esgotado, de forma que en ocasións poderase interpretar perfectamente a través da análise da trama urbana.

Nos días en que se escriben estas liñas, comeza a invasión de Ucraína por parte do exercito ruso e outras forzas adscritas a este, e fora do debate o que estas situacións representan para a civilización, vólvese a poñer na primeira plana dos xornais, entre outros, aos problemas enerxéticos, restando importancia ao coidado do medio ambiente ante outras prioridades xa que *estamos en guerra*. Ante a falla dun modelo enerxético claro, que renove ao dos combustibles fósiles dunha forma sostible, a economía global dependente dos mercados financeiros e da especulación, reflectíndose finalmente nas pequenas economías locais, tralo abandono da agricultura de subsistencia e a produción de bens de primeira necesidade, que na actualidade se importan en colectores dende outras partes do planeta.

É por iso que a relación entre a ordenación do territorio e o urbanismo, a economía e o resto de disciplinas ambientais, que coas súas sinerxías conforman o territorio, precisará de equipos multidisciplinares que aporten un coñecemento diverso, e antepoñan o interese público ante o interese particular duns partidos ou gobernantes máis ou menos efémeros, pero que en ocasións deixan unha pegada

[143] O concepto de destrución creativa desenvolvese na obra do economista Schumpeter, J. A.

no territorio non tan efémera. Considerase que ante esta situación, deberanse estudar alternativas ao reparto de competencias relacionadas co urbanismo e incluso, ao concepto de urbanismo de tramas e cores no que moitos planificadores non profundan máis, perdéndose así os condicionantes sociais e culturais que as meras tramas e zonificacións agochas.

Ante esa visión critica dos planificadores de Lefevbré, quizais teñamos que contemplar que a única alternativa sexa a totalmente persoal, a que desenvolvemos no exercicio das nosas profesións e/ou nas nosas vidas, na nosa casa ou no noso ocio, no desenvolvemento dunha alternativa de *sobriedad y simplicidad voluntaria*" dentro dos doce pilares que consideran necesarios para adoitar o decrecemento, e que debermos ter en conta a un nivel persoal, máis aló do que reflictan leis e normativas (Taibo Arias, 2009: 41).

Máis aló destas normativas, e para unha interpretación ampla do concepto de planificar o territorio, precisase ter en conta para que/quen se planifica. Non se soe prestar demasiada atención aos fitos intermedios e/ou á caducidade das leis ou plans urbanísticos, que a pesar de todo, e con os parches adecuados, continúan a aplicarse na actualidade, comprobando que cantidade de municipios galegos sen planeamento ou nos que continúan vixentes as antigas NNSS, pouco entendible despois dos importantísimos cambios tecnolóxicos das dúas últimas décadas.

O último eslavón da cadea do urbanismo municipal é a cidadanía, e será sobre esta onde repercutan finalmente os acertos ou desacertos da planificación ou da ausencia de facto desta, ou ben os acertos e desacertos dos propios planificadores, e que se repercutirán sobre a microeconomía local a través do seu pequeno comercio, ou ben a través dos coñecidos *pelotazos urbanísticos* para encher as arcas municipais (e algúns petos alleos). É por isto que quizais a solución podería pasar pola suficiencia económica destes concellos para encarar as diversas políticas con suficiencia económica e non depender en demasía da xestión urbanística e do que entende como o "*recurso suelo* " (Jurado Almonte, 2010: 290-291).

En relación á correcta utilización dos recursos municipais, ou máis ben, á súa suficiencia para afrontar os gastos que as crecentes competencias requiren, o problema vense a arrastrar dende o século XIX, froito da desconfianza dende o estado central para co *poder local*, introducindo por elo figuras de control tales como poden ser o persoal de secretaría ou intervención, dependentes do poder central, que estaría xustificado en relación ao poder dos caciques da época (Capel Sáez, 2010). Continuando co anterior autor, esta situación non irá a mellor no século XX, dada a posibilidade das clases máis populares para adquisición das vivendas familiares que deixarán aos seus herdeiros, e o rápido crecemento dun urbanismo que pretendía dar ese servizo á toda costa á cidadanía, mediando o que denomina un "*despilfarro del espacio urbano*" (Capel Sáez, 2010).

Puntualizase que semella que de todas as crises sairemos do mesmo modo, en plena recuperación da pandemia sanitaria do Sars Cov 2, esgrímese como motor económico (de novo) ao sector da construción, e a promoción de vivenda (e segunda vivenda), agora no rural, así como a execución de novas obras faraónicas que legaran de novo, un panorama de máis crise e ganancias rápidas para os de sempre, neste senso, agravado pola irrupción de grandes corporacións internacionais no eido bancario, dos seguros, o comercial, e como non, da construción e no mercado inmobiliario.

4.10.3. A demografía do rural e o urbano, patrimonio e identidade.

O ámbito de estudo deste traballo, é ao mesmo tempo rural e urbano, iso si, dentro dunha interpretación clásica destes modos de habitar o territorio, xa que na realidade os centros puramente urbanos que se atopan no Camiño Francés están intimamente relacionados coa contorna rural, de modo que esta barreira urbana-rural é moito menor que a que poda existir entre grandes áreas metropolitanas e as súas zonas de influencia periurbanas.

Sobre estes últimos conceptos compre un estudo con maior grao de definición do que é o rural e o urbano e que permita implementar estratexias e programas de desenvolvemento máis aplicados e precisos,

que a actual brecha dixital europea denominada "*de segunda xeración*", precisará superar "*fomentando el uso de los servicios avanzados, preparándose así para la futura Internet de las Cosas*", tamén no rural, (Armas Quintá et al, 2017: 279-283).

Precísase ter en conta que estas diferencias entre a vida no urbano e no rural, as súas economías, ritmos, sinerxías e oportunidades, son extensibles ao patrimonio e á súa conservación. O patrimonio rural atópase máis oculto que o que dispoñen os grandes centros urbanos ou ben, as súas zonas periurbanas, con boas condicións de accesos e mobilidade, agravada esta circunstancia polos non tan recentes fenómenos de despoboamento do rural, que xunto cos mencionados problemas de financiación das entidades locais, poñen en serio risco a súa conservación.

Quizais as posibilidades de internet e do tele traballo sexan un incentivo para o rexurdimento do rural, pero a creación das sinerxías precisas para que isto ocorra vai máis aló de medidas valeiras consistentes en subvencións, axudas á natalidade, vendas de pobos abandonados, ofertas puntuais de postos de traballo ou as actuais promocións de vivendas e do modo de vida no rural, ante a posibilidade de novas pandemias sanitarias.

O problema é moito máis complexo, e xa comezou séculos atrás, por poñer exemplos, coas melloras introducidas polas calzadas romanas e a nova mobilidade de cidadáns libres polo imperio, así como a condición de emigrantes de moitos poboadores e viaxeiros que pasaban por Roma, converténdoa nun "*hervidero de extranjeros*" xa no século III ac. (Amunátegui Perelló, 2013: 1036-1038). Outros exemplos históricos máis recentes poden ser a emigración a América, as das diferentes revolucións industriais e mineiras, ou incluso a migración cara ás poboacións da costa tal e como se argumenta en outros puntos deste traballo falando do eixo do Atlántico, xa na actualidade.


A realidade e que as forzas de concentración da actividade económica existen dende fai moito tempo, de forma consciente ou inconsciente e á marxe dos estudosos de cada época. As migracións desenvoltas a partir destas forzas, xeran itinerarios polos que non so viaxan as persoas, senón tamén a cultura e o coñecemento, creando para elo, asentamentos intermedios que finalmente coa mestura de todas estas sinerxías, serán puntos de urbanización autónomos e coa súa propia identidade.

Algúns destes procesos case invisibles os vivimos de forma cotiá, como as migracións internas dende o rural cara ás urbes e nodos principais en busca de oportunidades, ou os desprazamentos por motivo de estudos, nas que en ocasións o traxecto de volta vese interrompido por motivo de oportunidades de traballo, investigación, ou incluso unha nova vida familiar, etc. Dada a complexidade destes procesos de migración resultan incomprensibles as medidas ao curto prazo ou as que actúan so sobre unha parte do problema, que condenan finalmente a un rural oco de vida e cultura, así como ao abandono do seu patrimonio cultural.

Os graos de urbanización dos concellos polos que discorre o Camiño Francés de Santiago, se ben son diversos, quizais non tanto, xa que salvo Santiago de Compostela, o resto non superan un grao de urbanización moi baixo salvo Sarria, non obstante e unha vez avaliados os subgraos urbanización, concellos como Arzúa, Melide e Monterroso, estarían en posicións intermedias. En base a estes datos, e de cara á protección do conxunto, deberase contemplar diferentes criterios segundo cada emprazamento a partir das dinámicas máis urbanas ou rurais de cada concello, tal e como se reflicte no seguinte mapa 29.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mapa 29: Concellos segundo o grao de urbanización, GU 2016, IGE (2019).



A economía marca o modo de habitar o territorio, e este provoca a desaparición de pequenos núcleos e aldeas, e con estes, tamén os centros de produción próximos, que noutros tempos constituían unha malla que artellaba un territorio sostible. É por isto, que para o deseño de instrumentos territoriais e/ou urbanísticos co fin da protección do patrimonio cultural dunha rexión, deberá coñecerse a historia da súa economía, a sociedade e as súas migracións e características históricas, para obter certa perspectiva de que escenario futuro se pretenderá favorecer.

No senso contrario e ante un *marketing urbano* que en ocasións tan so pretende deseñar operacións meramente empresariais a partir das leis da oferta e a demanda, dende o eido académico, interprétase a necesidade dos aportes da xeografía, a economía, as ciencias ambientais e sociais, á economía circular e a ecoloxía, ou calquera outra disciplina que promova un territorio máis sustentable. Non obstante, estas operacións teñen unha historia quizais non tan recente, xa no século XIX as feiras de mostras e as exposicións rexionais e universais procuraban o posicionamento das cidades.

En todo caso, precisase recoñecer que ademais de visitantes e mellora momentánea das economías locais, estes eventos deixan para a posteridade *monumentos-icona* como a Torre Eiffel, o Atomium ou mesmo en Santiago de Compostela, a gardería de Santa Susana, legado da efémera exposición rexional do ano 1909 que sen embargo, deixa na cidade outras pegadas como a "*regularización de explanadas, el levantamiento de nuevas arquitecturas publicitarias y la apertura de nuevas calles*" (Moure Pazos, 2014: 291-292), e que suporá unha importante mellora urbanística e un punto de partida para o hoxe coñecido como Campus Sur da USC.

Outras actuacións de promoción urbana, foron as das cidades industriais do século XIX, que co reclamo do emprego tentaban atraer poboación, as operacións de *"arquitectura-escaparate"* ou ben a celebración de olimpíadas e grandes eventos deportivos (Precedo Ledo et al, 2010: 9). Desta forma conséguense intervencións estrela, que favorecen o camiño cara á deshumanización da cidade e o patrimonio cultural, xa que so procuran unha promoción empresarial baseada no uso destes elementos puntuais.

Existen exemplos máis recentes por todos os territorios, podendo mencionarse as elevadísimas inversións na "*Cidade da Cultura*" en Santiago de Compostela, ou o mesmo o éxito da recuperación das policromías do Pórtico da Gloria, que se ben é unha intervención incrible, contrasta co estado de conservación de moitos dos inmobles do casco histórico patrimonio da humanidade de Santiago, debendo puntualizar que se ben en gran modo a responsabilidade é dos propietarios dos inmobles, é xusto exixir ás administracións que sexan máis eficaces no exercicio da súa labor de control urbanístico, e se reclame aos

titulares de inmobles o seu *deber de conservación* mediante os mecanismos oportunos, tales como as ordes de execución, execución forzosa, inscrición no rexistro de soares ou declaracións de ruína.



Imaxe 68: As irmáns Fandiño na alameda de Santiago, parte da historia e recente identidade da cidade, febreiro de 2022.

En todo caso, a poboación acostúmase cada vez máis a un patrimonio oco, á limpeza da fachada mentres o interior esmorece de forma invisible e irreversible, ficando alegres cun novo e simpático *selfie* sen coñecer nin interesarse pola cultura e historias que hai detrás (imaxe 68) sendo quizais esta circunstancia o principal lastre para un verdadeiro *coñecemento* do patrimonio cultural, anterior ao *recoñecemento* deste. Exemplo desta circunstancia son as diferentes terminoloxías que se lle outorgan a estes fenómenos como; *xentrificación*, *turistificación*, *brandificación*, *conmodificación* e un longo etc. Estes termos, presentes cada vez máis nas conversas dos veciños a partir do efecto sobre a bolsa da compra ou o mercado do aluguer, provocan ou favorecen finalmente procesos de suburbanización, chabolismo e marxinalidade.

Ante o que quizais represente o abuso dun mal entendido *recurso patrimonio*, deberanse ter en conta todas as posibilidades e áreas de negocio relacionadas con este de froma que se entenda como unha "*produción de valor*" por tratarse dunha fonte de emprego en ámbitos como o industrial e o da cultura, e así acadar tamén financiación para o mesmo patrimonio, tan necesaria (Criado Boado, 2010: 17), mentres que outras interpretacións avogan polo valor simbólico dos centros urbanos que recoñecido polas distintas AAPP, procurarán dotalos dunha imaxe adecuada para atraer ao turista rico ou ao gran empresario, mentres que esquecen o resto dun sistema urbano diverso que alberga a poboación de tódalas condicións, oficios, etc. que finalmente residen en peores condicións de habitabilidade, sendo as dúas caras dunha turistificación que ao mesmo tempo sería fonte de ingreso dunha parte da poboación, e por outra banda, de vulnerabilidade doutra (Piñeira Mantiñán et al, 2020: 84-86).

Noutro senso, esta situación non se da neste modo nun rural pobre e vulnerable de por si, no que en todo caso, haberá diferenzas importantes segundo en que parte do territorio se estea a falar, no podendo comparar o rural da montaña de Lugo co rural de grandes espazos residenciais próximos ás grandes cidades ou cabeceiras. Os problemas da turistificación, en ocasións producida pola demanda/oferta de praias, en outras polo interese polo patrimonio cultural, a paisaxe, etc. son tan diversos como os destinos promocionados, finalmente enfocados dende ou de cara aos beneficios do mundo empresarial, e rara vez enfocados dende a dimensión social da cidade ou do rural.

Estes procesos de "*polarización territorial"*, sexa esta urbano/rural, costa/interior, clase, raza, xénero, etc. deberase avaliar entre outras cuestións, as variables sociais, económicas, ambientais que xera cada modelo turístico, o seguimento e evolución destes, así como a participación dos grupos de interese, debendo ter en conta as solucións que se aportan a estes problemas dende as tendencias relacionadas co decrecemento (Blanco-Romero et al, 2020: 15-17). En todo caso, non semella razoable abandonar ao mercado algo que afecta tanto aos dereitos fundamentais das persoas, tanto no rural como no urbano.



Imaxe 69: Progreso e crecemento en catro fases. Traza do Camiño Francés de Santiago ao seu paso por Arzúa (29/04/2022).


Outro fenómeno relacionado coa apreciación de unicamente a parte máis estética da cidade, o litoral, o patrimonio edificado, que é o coñecido *feismo*. Este fenómeno con relación directa con áreas de investigación como as ciencias sociais e a economía, unha vez simplificado, adoita a converterse nunha escusa doada para quen non indaga nas causas que o provocan, e que posiblemente obstaculizará o desenvolvemento rural a partir do que se pode entender como o *recurso do turismo rural*, que poderán provocar de novo, fenómenos de xentrificación, encarecemento e expulsión, agora tamén, no rural.

Entendendo este termo como un indicador, compróbase que quizais amosa algo máis que unha paisaxe desordenada e pouco estética, representando *a molesta e fea paisaxe dos pobres* que colocan somieres nos valados, mentres que quizais o fracaso é o dos gobernantes e da propia sociedade. En todo caso, compre que cando falemos disto, lembremos que os grandes "*booms*" inmobiliarios do pasado recente, creáronse a partir da concesión de licenzas, despois da aprobación de proxectos de profesionais colexiados, e todos estes, concellos, políticos e técnicos, si crearon importantes *bolsas de feísmo* das que se tamén precisarase falar, e que teñen a forma de grandes obras e urbanizacións abandonadas, baleiras, empresas e administracións arruinadas e incluso sentenzas xudiciais e cárcere.

Día a día, compróbase a existencia de numerosos exemplos do que se podería denominar *feísmo institucional* (imaxes 70 e 71, fronte á zona de protección do Camiño Inglés), máis que institucional, *institucionalizado* a partir do costume, a normalización e a inconsciencia, así como a pouca dilixencia cando se traballa con diñeiro público. Non obstante, será máis doada a crítica da anécdota antes que a do fondo do problema, e así descargar as responsabilidades sobre o pobre, o barrio marxinal ou o suburbio.



Imaxe 70: Estado de abandono do parque comarcal de bombeiros, Santiago de Compostela.



Imaxe 71: Proxecto técnico do parque comarcal.

Fonte imaxes 53 e 54: Nova do xornal La Voz de Galicia, recuperadas de: https://cflvdg.avoz.es/sc/uCyPtnQmaY_i5uL1fqK5mj77BQA=/768x/2022/07/13/00121657731123473769728/Foto/S13L2120.jpg.

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2022/07/13/acuerdo-politico-total-activar-parque-comarcal-bomberos-santiago/00031657730603911533216.htm. Consulta en data de marzo do 2023.

Doutro calado son outras actuacións (ou a falla destas) sobre o territorio mediante os instrumentos que precisamente deben planificar o solo ou o territorio, en moitos casos polos retrasos e paralización da tramitación por desacordos internos dos gobernantes municipais e/ou coa administración autonómica, e que paralizan durante anos a dotación de normativa actualizada para o desenvolvemento urbanístico e a protección do patrimonio, convertendo aos municipios en verdadeiros *territorios desconformes*.

4.10.4. Economía, patrimonio, medio ambiente e paisaxe.

As conexións do urbanismo con outros ámbitos e areas de estudo chegan a case todo, tamén á paisaxe e ao medio ambiente, sendo un dos exemplos de degradación o que xurde a partir dunha de tantas *favelas* brasileiras, a de Alemão (Río de Janeiro), sobre a que o Arquitecto Jorge Mario Jáuregui tenta corrixir nalgún xeito dando unha oportunidade aos seus habitantes no económico, o social, e de mobilidade, etc. a partir dun teleférico que mellora a conexión co resto da cidade, sobrevoándoa e converténdoa nunha icona turística finalmente.

Esta intervención precisaría "*de otros componentes para alcanzar objetivos más allá de la movilidad*" debendo mellorar o trato aos "*espazos residuais"* xerados, pero que en todo caso é positiva, actuando sobre condicionantes sociais, paisaxe, mobilidade, e finalmente, tamén a economía da zona a partir dun turismo, que quizais so deixe a pegada nunha das marxes do percorrido do teleférico (Espósito-Galarce & Coutinho da Silva, 2016: 22).



Imaxe 72: Trama urbana da favela de Alemão.



Imaxe 73: Cabina do teleférico en Alemão.

Fonte imaxe 73: http://www.jauregui.arq.br/favelas.html. Consulta en decembro de 2020.
Fonte imaxe 74: Espósito-galarce, F. & Coutinho M. da silva, R. (2016: 22). Recuperado de: https://www.redalyc.org/journal/1936/193650063009/html/.

Todas estas actuacións de recuperación soen traer beneficios e crecemento a cada localidade, en tanto en canto, incentivan a economía e inspiran unha mellora do sentimento de identidade local, non obstante, sempre existe o risco de que toda acción xera unha reacción, sendo complexo avaliar todas as que se poden crear con cada unha. En todo caso, non existen receitas máxicas, algunhas actuacións similares funcionan en distinto grao segundo cada lugar, é por isto que as propostas que se podan realizar para a rexión do camiño francés, nun intento de dotala dunha capacidade e autosuficiencia económica non dependente en exclusiva do turismo, non serán sinxelas nin tampouco inmediatas, e quizais menos, comparables a outras solucións que puideran resultar noutros territorios e/ou conxuntos históricos.

As accións combinadas descritas nas anteriores liñas e qupe procuran so o crecemento económico en moitos casos, vinculado ao turismo, provocarían unha situación de perda da identidade cultural, patrimonial e tamén económica ou máis ben unha usurpación da mesma, de cara a unha globalidade que destrúe a diversidade do territorio para camiñar cara a unha nova realidade "*banal"* que se podería denominar

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

"*urbanalización*" (Muñoz, 2008)[144]. Estes procesos precisan de diversos axentes involucrados no proceso, sendo algúns as grandes corporacións e outras empresas relacionadas, ou as AALL coa colaboración de gobernantes e funcionarios, que xeran un resultado final previsible no que desaparece o pequeno comercio en prol de franquías de grandes multinacionais, e os procesos de turistificación abocan a unha expulsión á periferia de parte importante da poboación.



Imaxe 74: Comercio tradicional no centro histórico de Melide (10/2021).



Imaxe 75: Comercio global no perímetro do PE-1, Santiago de Compostela (02/2022).

Chegados a este punto, ¿en que modo se pode limitar urbanística ou territorialmente a implantación de grandes superficies comerciais e empresas multinacionais que, mediante unha dura competencia en prezos baixos condenan ao pequeno e mediano comercio a desaparición?. Pois por exemplo na Comunidade Autónoma de Euskadi, a partir da aprobación da *Ley 10/2019, de 27 de junio, de ordenación territorial de grandes establecimientos comerciales*, introdúcense limitacións a estes grandes espazos en función do tamaño do municipio e da posición que este ocupa no territorio, clasificándoos en varias categorías segundo as distintas posicións que ocupan (central, máxima, comarcal, e o resto), para o cal establécense rangos de poboación de dereito para municipios menores de de 10.000 hab., de 10.000 a 30.000 hab., e os de poboación superior a 30.000 habitantes.

En función destes parámetros, asígnase un tamaño máximo en metros cadrados de superficie construída e de venda, en función do interese xeral, a liberdade de mercado e condicionantes ambientais, e o principio de desenvolvemento sostible, a partir do establecido na *Directiva 2006/123/CE de 21 de decembro, de comercio interior*. O fin último desta Directiva é o de dar máis competitividade ás empresas de servizos da CEE. Pero os concellos tamén poden poñer limitacións, iso si, axustadas á lexislación de aplicación, e sempre e cando se respecte o artigo 38 da Constitución Española de 1978, sobre liberdade de mercado.

En base ao principio de sostibilidade introducido na LSG, así como despois da aplicación da legalidade vixente en tódalas áreas sectoriais, o *artigo 42, límites de sostibilidade* (puntos 1 e 2), limítanse os usos residencial ou hoteleiro nos solos clasificados como urbano non consolidado e urbanizable, cando sexan precisos procesos de urbanización. Esta limitación realízase en función do tamaño de cada concello (≥ 50000 habitantes, ≥ 20000 e < 50000 habitantes, ≥ 5000 e < 20000 habitantes, e no resto de municipios),

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[144] Muñóz, F. trata en "*Urbanalización. Paisajes comunes, lugares globales*" o concepto de banalización do urbano, que define como "*urbanalización*".

e duns límites expresados en m^2 de solo construído en función de m^2 de solo dispoñible. No punto 3 a limitación é para os usos industriais e terciarios.

Outro exemplo pode ser a recente materialización do límite á implantación de pisos turísticos recoñecida polo TSXG do ano 2022[145] que finalmente ven a dar a razón aos Concellos de Santiago de Compostela e Pontevedra cos seus últimos litixios ao respecto. O Concello de Santiago de Compostela xa regula mediante unha modificación do PE-1, esta recente actividade turística[146]. A sentenza conclúe entre outros puntos, que a declaración responsable (preceptiva segundo normativa autonómica), "*habilita para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de uso turístico, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas existidas noutras normas que lles resulten de aplicación*", é dicir, o PXOM.

Este último "*límite"* á actividade turística, quizais debera entenderse como un recoñecemento ao interese xeral da cidadanía ante un uso e abuso dun sector económico sobre un espazo reducido (o centro histórico) para o interese privado, límites ademais, recoñecidos pola normativa urbanística municipal co fin de corrixir determinados impactos sobre o territorio, o dereito á vivenda, ou incluso ao descanso dos veciños.

Outros límites impostos polas administracións autonómicas e estatais ao desenvolvemento do planeamento urbanístico municipal, proveñen de certos proxectos e plans sectoriais, que por motivos de necesidade e interese xeral en materias de ordenación do territorio, medio ambiente, estradas, etc. poden implicar a modificación do modelo urbanístico deseñado polos concellos en certas zonas. Noutro senso, tamén existen outras limitacións ao planeamento urbanístico derivadas dalgunhas leis en solo e territorio autonómicas que ao contrario que sucede coa LSG (art. 77), non contemplarían a posibilidade de redacción de instrumentos de planeamento urbanístico para varios termos municipais, tal e como sucede nas CCAA de Andalucía, Valencia ou Extremadura.

Continuando con plans que podan afectar a varios municipios, e polo tanto condicionar distintos modelos de planificación territorial o económicos, a *Lei 2/2006, de 30 de junio, de suelo y urbanismo de Esukadi*, introduce a figura dos *plans de compatibilización* para municipios limítrofes, cando se considere necesaria a ordenación estrutural de plans xerais afectados polo desenvolvemento urbano de zonas lindeiras. Neste caso e en defecto de instrumentos de ordenación do territorio que contemplen determinadas casuísticas, os concellos involucrados poderán acordar un *plan de compatibilidación.* No seu caso ante a falla de acordo entre os municipios, calquera deles poderá solicitar o informe vinculante do órgano competente do territorio histórico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[145] Sentenza TSXG número 00155/2022 do 07/04/2022.

[146] Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.



Imaxe 76: Parque eólico de Corme, Ponteceso.



Imaxe 77: Plantacións masivas de eucalipto.

Fonte imaxe 59: https://www.nosdiario.gal/articulo/social/informe-eolicos/20220207110459136891.html.
Fonte imaxe 60: https://www.eldiario.es/galicia/eucalipto-proximidades-viviendas-momento-xunta_1_2094398.html.

Na actualidade existe unha íntima relación aínda vías de consolidación, entre os postulados do urbanismo, os do medio ambiente e o desenvolvemento local, que xa se dou no século XIX co inicio dunha industrialización que provocou unha crise ambiental en certo modo similar á actual, aínda que naquel entón foi máis ben de carácter local (Bassols Coma, 2004: 678-679). Neste senso, a concepción de que todas estas dimensións non son estancas, e a existencia de distintas áreas de estudo que tratan o territorio e o urbanismo de forma integral, continúa a desenvolverse na actualidade, por exemplo, polas teorías do decrecemento, de tan difícil aceptación por parte dos políticos das AALL.

Precisamente a conexión do territorio municipal coa política, soe verse lastrada pola falla de acordos e de continuidade entre lexislaturas, xa sexan pola alternancia de partidos políticos, ou ben polas diferentes visións dentro dos mesmos partidos. As prioridades orzamentarias para dotacións, equipamentos, zonas verdes, protección do patrimonio, etc., mudan segundo cada modelo e segundo cada ciclo económico.

En relación a isto, deberase considerar se "*estamos viviendo en toda Europa por encima de nuestras posibilidades*" e precisarase controlar o dispendio global que existe en moitos eidos e tamén no urbano, sendo necesaria unha lexislación estrita e profundamente ética, que avalíe a relación entre o mercado, as institucións públicas e o urbanismo (Capel Saez, 2010). Neste senso realiza unha análise dos cambios de tendencias dende 1970 no urbanismo, a arquitectura, o mercado e as políticas, tanto globalmente como na CEE. Quizais estes cambios periódicos se podan asimilar aos períodos de alternos de urbanización e crise.

Será polo tanto, ante as necesidades de financiación, cando comezan a ter presencia as tentacións dalgunhas promocións inmobiliarias que traen consigo excesos que finalmente se pagan máis cedo ou máis tarde, nun ou noutro modo. Deste xeito, convertese ao urbanismo nun auténtico sector produtivo en lugar de ser a disciplina que debería procurar o interese público e o dereito á unha vivenda digna, constatando que existen exemplos por todo o territorio, nos que se comproba o mal funcionamento dos sistemas de control, que finalmente provocan efectos graves tamén sobre a paisaxe, en ocasións, dificilmente recuperables, pero tamén sobre as arcas públicas que finalmente non disporán de fondos para emprego, servizos sociais, etc.

Pero estes procesos de urbanización e edificación en exceso non son os únicos prexudiciais para o territorio, senón tamén o cúmulo de pequenas infraccións que as converte inabarcables aos sistemas de inspección e control, e que gota a gota transforman o territorio, de costas ás leis e/ou normativas urbanísticas, polo que de facto abandónanse as funcións de planificación urbanística e/ou territorial, ambiental, paisaxística, e tamén económica. Estaríamos polo tanto ante un urbanismo reactivo dentro dun proceso de continua corrección do territorio, ficando sen posibilidades para a planificación do mesmo.

A relación lexislativa entre o dereito á propiedade e territorio, ven de mudar nos últimos tempos dende un entendemento ríxido e completo do que abarca o dereito á propiedade, á preocupación actual do lexislador pola protección ambiental e paisaxística (Pérez González, 2008: 1). Quizais este cambio de

mentalidade lexislativa, que pode ser un reflexo dunha nova cidadanía máis preocupada polo territorio e polo medio ambiente, terá que deixar tamén a súa pegada na empresa privada, a modo de responsabilidade social corporativa e ética empresarial.

Non obstante, na actualidade estase a tomar conciencia de que será necesario que as recuperacións de edificacións e conxuntos vaian máis aló do estético, e conflúan nos ámbitos social e económico, que axuden ao tecido do pequeno comercio e a economía de proximidade. A recuperación estética sen máis, se ben é moi necesaria, non renova persé a economía e a vida nos centros históricos máis aló do que poda representar como reclamo para certo perfil de *visitante observador*, precisando que a intervención sobre a dimensión social sexa clara e efectiva, incentivando a dotación de espazos públicos e infraestruturas que garantan a mobilidade e a accesibilidade.



Imaxe 78: Íntima relación entre as vías de comunicación e poboacións, Concello de Arzúa (novembro do 2021).

Algunhas das intervencións nos centros históricos de renovación urbana e rehabilitación, promóvense polas AALL con varias intencións, a recuperación do patrimonio, a promoción turística, ou a dotación de servizos públicos municipais, que dentro dos cascos antigos mellorarán a rexeneración urbana da zona, e con esta, a economía. Por outra banda, outras tendencias con maior influencia na cultura e na dimensión social e o patrimonio inmaterial, estarían relacionadas coa dotación de museos ou rehabilitación de conxuntos etnográficos, que ademais incentivan un desenvolvemento rural que se deberá completar con outras actuacións paralelas.

Como exemplos do anterior, pódense nomear os caso do conxunto etnográfico do Cebreiro, a finca Galea en Alfoz, ambos en Lugo, ou o parque do río Arnoia en Ourense, ou o caso da aldea de Carelle Grande, Muras, tamén en Lugo, que obtivo un gran recoñecemento á actuación de rehabilitación do patrimonio construído, pero falido en tanto a súa posta en práctica, polo menos ata o de agora. Xa máis habituais dentro do espazo urbano histórico, constan iniciativas que procuran a implantación de negocios relacionados con diversos espazos compartidos para por exemplo, oficinas, talleres, arte, etc. ou incluso novas tendencias dentro do uso residencial e co mesmo interese de compartir vivenda entre persoas xoves e maiores como o coñecido *cohousing*[147] ou ben o *cohousinsg senior* (vivendas colaborativas), que dentro da dimensión social propician melloras no tecido residencial, asistencial e sanitario, e poden incentivar a economía de moitas persoas con dificultade ao acceso á vivenda con aluguer barato, ou a residencias para persoas maiores.

Este exemplos xunto con outras novidades sobre modelos residenciais e actividades económicas, que afectan aos espazos tanto urbanos como rurais e que de seguro irán en aumento nos próximos anos, implicarán que no curto prazo deberán contemplarse nos planeamentos urbanísticos, que terán que dispor da capacidade adecuada para a integración co resto de normativa urbanística, sempre que sexan acordes á lexislación vixente en tódalas materias involucradas, dando solucións áxiles.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[147] A Xunta creará catro proxectos de "*cohousing*" en aldeas abandonadas para 300 maiores. de maio de 2021, nova recuperada de: https://www.observatoriodavivenda.gal/gl/actualidade/xunta-creara-catro-proxectos-de-cohousing-en-aldeas-abandonadas-para-300-maiores. Consulta en data de maio de 2021.

Neste senso, os retos son múltiples, podendo poñer os exemplos de novas necesidades urbanísticas como os puntos de carga de vehículos eléctricos, estacionamentos para cada vez máis patíns eléctricos, bicicletas, motocicletas particulares e para reparto a domicilio cada vez máis demandado, lugares para recepción de pedidos online, ao tempo que se dan solucións para o comercio local.


El Concello de Muras rechaza la idea de abrir la aldea etnográfica de Carelle

El complejo está formado por tres agrupaciones y fue idea del interior alcalde y está a la espera de juicio

Imaxe 79: Nova do xornal *La voz de Galicia*, aldea de Carelle, Muras (07/09/2019).

Propostas similares deberán avaliarse no futuro inmediato, e amosan que, con creatividade e xustiza social, tamén se pode *facer territorio* e xerar emprego, xa que aínda que tal e como o nome dalgunhas das anteriores iniciativas indican, tratarase do reparto de beneficios e cargas entre os propios residentes e tamén poden xerar postos de traballo en rehabilitación, instalacións, mantemento e persoal sanitario, comercio de proximidade, hostalería, etc.

Ao mesmo tempo poderíase incentivar a recuperación de parte do patrimonio arquitectónico nos centros históricos xerando valor engadido a partir de novos usos e actividades, así como a recuperación de espazos rurais abandonados, que xa comezan en algún caso a destinarse a estes fins. En todo caso, estas solucións pasan por unha conciencia e procura da mellora das condicións de mobilidade e accesibilidade nos centros históricos, pero tamén da dotación de aparcamentos, equipamentos e infraestruturas.



Imaxe 80: Centros históricos e mobilidade, Santiago de Compostela (febreiro do 2022).

Compróbase a dificultade da planificación urbanística para o equilibrio permanente con todas as temáticas, dimensións e áreas de investigación, entre as que se deberán establecer vínculos, coordinación e medidas de avaliación e mellora continua.

4.11. As paisaxes, axente aglutinante de disciplinas, cultura e patrimonio.

4.11.1. O concepto ambiguo de paisaxe.

O primeiro, dicir que tanto en este apartado como no resto do documento, en ocasións faise referencia ás *paisaxes* como unha suma da paisaxe urbana, a rural, a natural, a social, etc., aínda que probablemente, sería máis correcto falar da *paisaxe* en xeral, como un cúmulo de diversos factores e características, que se poderían estudar como conxunto ou como a suma doutras paisaxes menores xeradas a partir da acción combinada da natureza e do ser humano sobre partes singulares do territorio, en distinto grao ou intensidade.

Dentro das estratexias e valoracións que se lle está a dar á paisaxe na actualidade, hai que ter en conta a súa procedencia, e sexa esta institucional ou académica, participan cada vez investigadores de diversas áreas de coñecemento. Por outra banda, as institucións que estudan o relativo á protección da paisaxe o fan

dende distintas escalas, as administracións autonómicas con competencias lexislativas, ou outros entes internacionais como a ONU, FAO, UNESCO, UICN, etc.

4.11.2. A paisaxe tradicional.

Se xa o concepto de paisaxe é ambiguo, o de paisaxe tradicional o será máis, xa que as tradicións residenciais e produtivas evolucionan a partir de condicionantes históricos, culturais e xeográficos, polo que existirán tantas visións do concepto como persoas. Algunhas concepcións da paisaxe resultan do eido científico e académico, existindo técnicas e ensaios, ou medios de prospección e escavación para discernir en parte, como foi unha paisaxe pasada.

Outras proveñen de ámbitos profesionais relacionados por exemplo, cos sectores produtivos, agrícola, forestal, gandeiro, etc. e incluso algunhas máis, están relacionadas coa tradición oral ou escrita, e polo tanto, obsérvanse dende unha idealización destas, quizais froito de vivencias persoais e a súa transmisión, podendo ser parciais, equivocadas, ou fantasiosas.

A paisaxe tradicional pode incluír elementos relacionados coa paisaxe natural, produtiva, a arquitectura, etc., transmitíndose xeración a xeración en forma de documentos escritos, imaxes e fotos, pinturas, mapas, que axudan a imaxinar lugares que quizais agora son completamente diferentes, outros que xa non existen, ou ben algún que xamais existiu, e que incluso podería ser parte de contos e lendas, e polo tanto, patrimonio inmaterial. Todas estas paisaxes pasadas, precisarán de decodificación e investigación dende diferentes áreas de coñecemento.

As descricións históricas realizadas das paisaxes galegas inícianse polos poboadores que fixeron os primeiros petróglifos, para continuar coas referencias da ocupación romana e a de Estrabón (63 a.c – 19 d.c.), pasando pola do licenciado Molina (1550), o modo de interpretala de Otero Pedraio, R. (1926-1928), a de Bouhier, A. (1979) dende a xeografía agraria ou a de Pérez Alberti, A. de 1986, entre outros (Ramil Rego, 2009: 175-179),

4.11.3. Normativa e lexislación en materia de paisaxe.

Para o estudo multidisciplinar ou a posta en práctica de accións sobre a paisaxe, ou que afecten a esta, deberanse cumprir as determinacións da normativa e lexislación na materia, ademais de ter en conta as diferentes recomendacións e estudos académicos que podan incluso avogar por outras solucións, a nivel nacional ou internacional. Na actualidade, as competencias en materia de paisaxe recaen nas Administracións Autonómicas, polo que se ben existen directrices ou documentos a nivel europeo e estatal, a intervención sobre esta será fraccionada, alo menos no lexislativo, non obstante estas liñas divisorias entre administracións ou incluso, entre nacións, non existen na natureza, e aínda que en ocasións están relacionadas con accidentes e elementos xeográficos de forma que se podan intuír, non sempre coinciden, polo que xurde así, a necesidade de cooperación entre nacións e administracións para protexer o interese común.

A intervención final sobre a paisaxe, nun ou noutro modo, e sexa esta sobre a paisaxe intervida polo ser humano, ou sobre a menos intervida, prodúcese dende o ámbito municipal, urbano, rural ou industrial. En ocasións e debido á tipoloxía de edificación, plantación, infraestrutura, actividade, etc. que se propoña, estas intervencións precisarán de autorizacións autonómicas que avalíen a afección que se causará ao medio ambiente e á paisaxe, en todo caso, calquera pequena acción con reiteración, causará unha certa afección á contorna próxima, polo que será moi importante o estudo e posta en práctica da lexislación autonómica.

A primeira lei galega relacionada coa paisaxe é a *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*, aprobándose posteriormente a estratexia da paisaxe de Galicia para o desenvolvemento de instrumentos propios previstos no anterior documento. Estes instrumentos, promóvense para outorgar unha adecuada protección, xestión e ordenación ás paisaxes de Galicia a partir de instrumentos como poden ser

os catálogos, as directrices, os estudos de impacto e integración paisaxística, ou os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

Outras leis autonómicas son anteriores á galega, por exemplo no ano 2005 apróbase a *Ley 8/2005, de 8 de junio, de Protección, Gestión y Ordenación del Paisaje de Cataluña*, mentres que do mesmo xeito que algunhas autonomías lexislan nun mesmo documento a ordenación do territorio e o urbanismo, a Comunidade Valenciana xestiona conxuntamente ordenación do territorio e paisaxe coa *Ley 4/2004, de 30 de junio, de Ordenación del Territorio y Protección del Paisaje*, actualizada coa ordenación urbanística a partir da Lei 8/2014, e a súa recente modificación pola "Ley *1/2019, de 5 de febrero, de modificación de la Ley 5/2014, de 25 de julio, de Ordenación del Territorio, Urbanismo y Paisaje de la Comunitat Valenciana*".

Entre estas leis de protección da paisaxe propiamente ditas, existen outras relacionadas con diferentes áreas normativas que sen embargo, terán repercusión directa na paisaxe, como a *Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad*, na que se introducen a nivel estatal termos como *patrimonio natural, patrimonio xeolóxico,* relacionándoos coa función social que desempenan ao servizo das persoas e recoñecendo o deber dos Poderes Públicos de velar pola súa *conservación e utilización racional*. De similar forma, o artigo 10.1,h) da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* define o concepto de *paisaxe cultural*, como:

> *"o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunicade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade".*

Este punto resulta de novo, de vital importancia para este traballo, se ben é posiblemente máis clara a relación entre o patrimonio e a paisaxe en xeral, a anterior definición, presenta ás *paisaxes culturais* como unha mestura do material e o inmaterial, do intervido e o non intervido polo ser humano, é dicir, do conxunto. Dentro deste conxunto ten cabida practicamente todo, incluso a biodiversidade asociada ao *medio natural* e ao medio ambiente en xeral, como outro patrimonio máis a defender e conservar. Considerase importante sinalar o concepto de "*soporte material*" da identidade da comunidade, así como que a visión desta paisaxe, resulta da "*interacción e interpretación*" por parte da mesma comunidade, o que deixa aberto o concepto a unha interpretación ampla.

Sen entrar a realizar unha análise de tódalas comunidades, mencionarase que La Rioja promulga a "*Ley 5/2006, de 2 de mayo, de Ordenación del Territorio y Urbanismo de La Rioja*", coa que asume o cumprimento do Convenio Europeo da Paisaxe do ano 2000. Neste texto, establécese o recoñecemento xurídico das paisaxes dentro dunha directriz denominada "*De protección del Suelo No Urbanizable de La Rioja*", de obrigado cumprimento en tódolos municipios que non dispoñan de instrumento xeral de planificación urbanística, ou que este, non conteña determinacións relativas á protección do medio físico. Esta protección levarase a cabo por medio de medidas de orde urbanístico e territorial que aseguren "*la protección, conservación, catalogación y mejora de los espacios naturales, del paisje y del medio físico rural*" .[148]

Como instrumentos de desenvolvemento dos plans xerais, La Rioja promove diversos plans especiais como os de protección del medio ambiente natural de La Rioja, o do Embalse de González -Lacasa, ou incluso o do Camiño de Santiago, aprobado definitivamente o 10 de agosto de 1998 (*BOR 21 de enero de 1999*). Existen outros instrumentos con incidencia na paisaxe como poden ser os relacionados co medio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[148] Sección 2ª, La Directriz de protección del suelo no urbanizable de La Rioja, artigos 26 a 29.

ambiente, ou estudos para a identificación e caracterización das paisaxes riojanas (Visor das 215 unidades da paisaxe), así como inventarios de paisaxes singulares e sobresaíntes de La Rioja[149].

Outro exemplo de lexislación autonómica en materia de paisaxe, aínda que fóra do itinerario do camiño sería o de Andalucía, que se ben non posúe instrumentos lexislativos que regulen a paisaxe autonómica propiamente dita, si dispón dunha estratexia da paisaxe conxunta coas rexións de Toscana (Italia) e Languedoc-Rousillon (Francia), anterior incluso ao Convenio a Paisaxe de Florencia do 2000, concretamente a *Carta de Sevilla, o Carta del Paisaje Mediterráneo* do 1993. Este documento referendase pola "*XXI Asamblea General de la Conferencia de las Regiones Periféricas y Marítimas*", 14 e 15 de outubro de 1993 en Saint-Malo (Francia) co intención do tratamento conxunto da paisaxe no Mediterráneo. Outros instrumentos existentes na CCAA son a estratexia da paisaxe, os catálogos e as directrices.

No seguinte mapa 30, represéntanse datos sobre a paisaxe e o patrimonio cultural no ámbito da investigación, así como as zonas con algún tipo de protección ambiental ou paisaxística e os posibles impactos ambientais derivados en este caso, de plans e proxectos sectoriais, que as administracións deberán abordar por estaren desenvolvéndose de forma "*negativa para ámbitos da nosa sociedade tan sobranceiros como a cultura e, incluso, a economía, a afectación ás paisaxes, o medio ambiente ou o patrimonio*" (CCG, 2021: 80)[150]. Xa en anteriores pronunciamentos o *Comité Asesor do Consello da Cultura Galega*, efectuou alegacións ao desdobramento dos parques eólicos a efectos de autorización, apoiado por anteriores Sentenzas da Xurisprudencia como a do Tribunal Supremo de 20/04/2006 (RJ/2006/3140), considerando a unidade paisaxística formada polo Camiño de Santiago e demais elementos catalogados, e a grave afección ao aos bens con protección arqueolóxica no ámbito de protección, tanto visual como física (CCG, 2021: 62-65).


Por outra banda, tal e como se argumentou en anteriores liñas co caso das infraccións en materia urbanística e de patrimonio cultural, esta reiteración de pequenas accións afectan finalmente á paisaxe en forma de edificacións residenciais en solos de especial protección, outras inacabadas ou en ruína, ou incluso sen dar cumprimento ás condicións ambientais e de adaptación ao medio, non obstante non teñen a mesma dimensión que os parques eólicos ou a re potenciación dos mesmos con muíños con aínda maior dimensión e que implican unhas vías de comunicación e transporte de pezas de grandes dimensións en paraxes naturais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[149] Gobierno de la Rioja, https://www.larioja.org/territorio/es/ordenacion-territorio-urbanismo/normativa/planes-especiales/plan-especial-proteccion-camino-santiago-rioja.

[150] Informe da Comisión Técnica Temporal sobre enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia, Consello da Cultura Galega (2021), recuperado de: http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437. Consulta en data de febreiro de 2022.

Mapa 30: Impactos ambientais e paisaxísticos no Camiño Francés.



No que respecta ao presente traballo, tratarase de avaliar as distintas paisaxes e as áreas paisaxísticas polas que discorre o itinerario, pero tamén, a heteroxénea paisaxe rexional que engloba a toda a contorna do Camiño Francés en Galicia. Enténdese que existe unha equivalencia entre o modo en que se tratou tempo atrás aos elementos patrimoniais e a tendencia actual de estudo sobre a paisaxe, é dicir, comézase polo estudo do monumento para proseguir interesándose polos centros históricos, os conxuntos históricos, e agora, a rexión histórica, do mesmo xeito, comezouse protexendo pequenos ámbitos naturais delimitados como o solo rústico de especial protección, as zonas de policía de leitos, a fauna e flora, etc., para evolucionar de cara ao concepto de medio, de paisaxe en xeral, heteroxénea a partir de pequenas unidades relacionadas entre elas como os campos de margaridas do gran ser vivo Gaia, teorizado nas obras de Lovelock, J.

4.11.4. Os estudos e investigacións sobre a paisaxe.

A bibliografía ao respecto das paisaxes e o patrimonio é máis recente, pero ampla, estudándose dende múltiples áreas de coñecemento e incorporando temáticas como a etnografía e a identidade, ou a historia. Algúns dos traballos tratan de pequenas áreas xeográficas e a integración do patrimonio coa paisaxe urbana, outros fan énfase na paisaxe histórica, é dicir, na evolución e relacións sociais e culturais entre a sucesión continua, perda e renovación dunha paisaxe efémera, na que sen embargo persisten habitualmente algúns símbolos ou iconas que tamén existen na paisaxe natural, sendo estas últimas permanentes, e que deberán ser obxecto de protección e conservación.

A condición de patrimonio da humanidade de Santiago de Compostela e a do Camiño de Santiago, as converte símbolos dunha identidade propia, apoiada grazas á "*vinculación cultural con objetos, liturgias, ideas e individuos*", podendo relacionar o universal co concreto ou o particular e coa identidade (Monterroso Montero, 2011: 79-80), neste xeito quizais poderían compatibilizarse estes termos nun mundo global de localidades e identidades diversas.

Dende os enfoques relacionados coa arquitectura tradicional, o patrimonio e a paisaxe histórica, pódese entender a cidade como un "*artefacto*" en continua transformación que se adapta continuamente aos cambios xeracionais, producíndose estas transformacións a unha distinta escala e velocidade (Fariña Tojo, 2000: 10), polo que so poderían "*ofrecer un panorama transitorio y pasajero*" de cada momento histórico

(De Terán Troyano, 1994: 577). Dentro doutros enfoques sobre os estudos do urbano, quizais máis centrados nunha visión da realidade xeográfica, deberase ter en conta que a variedade de disciplinas que pode englobar o estudo do "*hecho humano*", son o que explica as múltiples definicións e variacións deste concepto, e expresan a necesidade de definición dos límites entre o rural e o urbano (Barreiro Quintáns et al, 2019: 330-331).

Estes límites non son doados de establecer nestes estes tempos xa que obrigaría á definición de moitísimos conceptos e á posterior interpretación específica de cada caso como poden ser a densidade de poboación, concentración, dispersión, así como ás diferencias político-administrativas entre os distintos asentamentos humanos, aldeas, pobos, vilas, cidades. Tamén cobran importancia os servizos dos que dispoñen e as súas dinámicas sociais e/ou económicas, que poden ser máis ou menos urbanas, ou máis ou menos rurais segundo os tradicionais sectores produtivos.

Todas estas características, non necesariamente establecerían un límite entre o urbano e o rural, ao xulgar polas distintas e cambiantes percepcións destes feitos ao longo do tempo e das culturas. Por outra banda, e tendo en conta a diversidade de actividades económicas que se poden desenvolver hoxe en día no rural, moitas delas a partir das facilidades que aporta a rede de redes, outras, dentro dun amplo catálogo de novas actividades económicas e de novas profesións que xorden cada día, provocan que quizais o criterio baseado na análise da tipoloxía da actividade económica utilizada ata agora para definir a *ruralidade* ou a *urbanidade,* quedara obsoleto ou o faga nun brevísimo espazo de tempo.

Finalmente, existen numerosos estudos que relacionan o rural e o urbano, dende o estudo dos asentamentos de poboación, ou dende outros enfoques relacionados coa paisaxe, o patrimonio, etc., entre outros, pódese falar da análise da paisaxe rural que realiza Bouhier, A. no 1979, así como outros traballos que estudan a paisaxe galega dende a súa creación, pasando pola súa transformación ao longo dos séculos, ata chegar á que herdamos, a partir do estudo da arqueoloxía (Criado Boado et al, 2016).

4.11.5. Protección e xestión administrativa da paisaxe.

A nivel internacional, e dentro dos entes non gobernamentais que velan pola patrimonio e a paisaxe, o *Consejo de Europa* redacta primeiro Convenio Europeo da Paisaxe no ano 2000[151], texto de obrigado cumprimento para os países europeos aprobado en Florencia e suxeito a ratificación, aceptación ou aprobación e ratificándose en España en data de 6 de novembro de 2007. A definición da paisaxe que se realiza no documento relacionase en primeiro momento coa percepción que desta teñen as persoas, e co resultado de accións sobre a paisaxe, sexa a orixe natural ou humana. Defínense outros conceptos importantes como a política en materia de paisaxe, ou as responsabilidades de cada autoridade.

Entre as medidas xerais que se inclúen en este convenio, pódense mencionar o recoñecemento xurídico da paisaxe como "*elemento fundamental del entorno humano*", relacionándoo co patrimonio cultural e natural e o concepto de *identidade*, tendo a intención de que a paisaxe sexa integrada tanto na planificación territorial e urbanística, como nas políticas culturais, medioambientais, agrícolas, sociais e económicas, e calquera outra que teña algún tipo de repercusión sobra esta. Outras específicas, teñen que ver coa sensibilización, formación e educación, a identificación e a cualificación das paisaxes, a definición duns obxectivos de calidade paisaxística e por último, a aplicación de todo o anterior.

En relación co concepto de identidade, resultaría complexo a realización dunha delimitación da paisaxe, en tanto en canto se lle poñan límites ao seu estudo e tratamento por parte da ciencia. Nos anteriores apartados, estes límites estaban claros; *Estado – Comunidade Autónoma – Municipio*, pero a natureza non ten límites. Xorde de novo a dualidade entre o global e o local, entre a xeralización e a reafirmación da

[151] Council of Europe Landscape Convention, (2000), dispoñible en: https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=0900001680080621.

identidade, comprendendo o fenómeno da globalización como "*un proceso de estructuración del conjunto de la economía, sociedades, culturas, ...*", que produce un fenómeno de reafirmación das identidades colectivas como modo de resistencia dende determinados grupos sociais, ao mesmo tempo que prosegue este proceso de globalización (Castells Oliván, 2004: 13-17).

Existen estratexias de seguimento e verificación do cumprimento deste documento, a nivel estatal, o *Observatorio español del Convenio Europeo del Paisaje del Consejo de Europa* asume esta función en base ao *Plan Nacional de Paisaje Cultural*[152]. Se ben o principal documento sobre a paisaxe dentro da CEE é o anteriormente mencionado Convenio de Florencia, é importante mencionar que con anterioridade, a *Convención sobre la protección del patrimonio mundial, cultural y natural* da UNESCO do 1972, introduce un concepto de patrimonio que pode ter orixe cultural ou natural, contemplando en estes últimos aos monumentos naturais (orixe físico ou xeolóxico) polo seus valores estéticos ou científicos, aos conxuntos de construcións, pola súa arquitectura ou integración coa paisaxe con valor excepcional, así como os lugares naturais ou zonas naturais, con especiais valores.

Noutro ámbito de traballo e de competencias, existen numerosas estratexias e guías de boas prácticas nas intervencións sobre o patrimonio, os centros históricos, a paisaxe, etc. Algunhas destas, como as da UNESCO céntranse máis nos distintos patrimonios, as estratexias da ONU pasan pola sostibilidade do planeta e polo tanto da paisaxe, a partir primeiro dos ODM e despois dos ODS, incidindo directa ou non tan directamente na paisaxe, tanto urbana como rural, a industrial, e finalmente no medio ambiente e no patrimonio. Outras intervencións da ONU sobre estas áreas, consisten no deseño de accións divulgativas, reunións sobre a acción climática, restauración de bosques e paisaxes, desenvolvemento rural, etc.

A FAO céntrase en enfoques integrados de desenvolvemento territorial e a paisaxe, a partir da "*Plataforma de Territorios Inteligentes*"[153], mediante accións de promoción, divulgación, etc. sobre a biodiversidade e a necesidade de árbores nas nosas cidades, outras sobre agricultura e gandería sostible, así como as mencións aos "*Sistemas Importantes del Patrimonio Agrícola Mundial*", dos cales existen tres no estado español[154]. A IUCN[155] abarca de forma integral aspectos como cambio climático, dereito ambiental, xénero, auga especies, patrimonio, dispoñendo de case 1300 membros. Entre o seu traballo pódense destacar os congresos internacionais, resolucións con impacto internacional e a súa coñecida lista roxa de especies ameazadas.

A paisaxe tamén pódese entender como a "*parte de un territorio que puede ser observada desde un determinado lugar*", como "*espacio natural admirable por su aspecto artístico*" ou ben como o "*espacio natural que, por sus valores estéticos y culturales, es objeto de protección legal para garantizar su conservación*" unha vez se trate dunha paisaxe protexida (RAE, 2014, def.1, def.2 & def.3). Por outra banda, este elemento pode considerarse como a "*extensión de terreo que se alcanza coa vista, xeralmente considerada no seu aspecto artístico*" (RAG, 08/04/2023, def.1).

Noutro senso, a paisaxe sería a "*unidad espacio-temporal en que los elementos de la naturaleza convergen en una sólida, pero inestable comunión*", entendendo esta como a converxencia múltiple de aspectos naturais, sociais e culturais (Urquijo Torres & Barrera Bassols, 2009: 230). Outras ideas sobre

[152] Aprobado na sesión do "*Consejo de Patrimonio Histórico*" de Madrid, o 4 de outubro de 2012, http://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/paisaje-cultural.html.

[153] Plataforma de territorios intelixentes da FAO, http://www.fao.org/in-action/territorios-inteligentes/es/.

[154] SIPAM: http://www.fao.org/giahs/es/.

[155] IUCN: International Union for Conservation of Nature, Unión de estados soberanos, axencias gobernamentais, e organizacións da socideade civil, creada en 1948, https://www.iucn.org/es.

varios conceptos relacionados coas paisaxes[156] a caracterizan como a síntese de elementos cunha natureza diferente, con aspectos físicos e humanos ao mesmo tempo, podendo tratarse dunha paisaxe agraria, propia do seu ámbito, pero englobando todo o propio da actividade específica de cada rexión, ou ben a paisaxe natural, na que a man do ser humano sería pouco apreciable ou pouco agresiva ao medio (Méndez Martínez, 1990: 307)[157].

Constátase a ampla confluencia de conceptos e dimensións nun termo que semella ser un contedor de diversidade de valores naturais e incluso de determinados bens mobles ou inmobles, con valores a protexer ou non, pero que para ben ou para mal, estarían incluídos en esta. Xa cando se trata unha paisaxe máis delimitada como a urbana, pódese entender como algo abocado á non finalización perpetua por mor dos continuos cambios nos usos do solo e nas edificacións, así como os cambios na planificación (Lorenzo Codesido, 1990: 308)[158], non obstante, esta interpretación pode ser aplicable a cada tipo de paisaxe ou sistema urbano ou rural que podamos imaxinar, é dicir, trataríase dunha "*imaxe"* que lonxe do contido desta, pode conter edificacións, vexetación, patrimonio, etc., sendo susceptible de protección (Fariña Tojo, 2009).

Segundo a "*Ley de Patrimonio Histórico Español de 1985*", pódese considerar como monumento un xardín, conxunto ou sitio histórico, e dentro da diversidade de leis autonómicas sobre o patrimonio cultural, as visións van dende o xardín histórico, ata por exemplo, as zonas patrimoniais que define a "*Ley 14/2007, de 26 de noviembre del patrimonio histórico andaluz*", na que se inclúen determinados bens, que posúan "*en su caso, valores paisajísticos y ambientales*".

Outro sector que está a investigar, e polo tanto, a contribuír co medio ambiente e finalmente coa paisaxe, son os sectores dos profesionais e investigadores, colexios profesionais e escolas, de arquitectura e enxeñería, na procura de materiais de construción máis sostibles e con menor pegada ecolóxica e máis durabilidade. Por outra banda, ademais de tentar reducir a produción de residuos, trabállase no tratamento e valorización, recuperación, reciclase e eliminación.

Residencial e residencial asociado a pequenas explotacións de subsistencia relacionadas co sector primario. Sector terciario: Actividades relacionadas coa hostalaría e o aloxamento na contorna próxima e no propio núcleo.	Equipamento relixioso. Centro social nas proximidades do núcleo. Proximidade á Vila de Melide, onde poden atoparse os servizos, as instalacións, as dotacións e os equipamentos necesarios.	PROTECCIÓN AMBIENTAL: Vila próxima á zona protexida pola rede natura (ZEC) do río furelos. GRAN ÁREA PAISAXÍSTICA: Galicia central. COMARCA PAISAXÍSTICA: Terras de Melide. ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non consta a existencia de prazas, de parques ou de espazos públicos para uso e goce de veciños e veciñas.

POBOACIÓN:	CLASIFICACIÓN DO SOLO:
127 PERSOAS (69 mulleres 58 homes). Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes). Fonte INE.	SOLO DE NÚCLEO RURAL.

PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL: NNSS.	
APROB. DEFINITIVA:	07/04/1994
BOP:	14/05/1994
DOG:	----------


RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG):
Será de aplicación aos planeamentos non adaptados á LOUGA o apartado 2 da disposición transitoria primeira.
Réxime xurídico aplicable ao solo de núcleo rural: Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).

RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Aplicaranse as ordenanzas e a zonificación que contemplan as NNSS e de forma complementaria o Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), en función da modificación do Decreto 92/2019, do 11 de xullo polo que se modifica o RLSG, equiparando ás NNSSMM cos instrumentos de planeamento xeral (art. 90 do RLSG; 49.2 da LSG).

PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE DESENVOLVEMENTO:	ESTADO:
Non se contempla nas NNSS, aínda que si se fai referencia aos requirimentos da lexislación da época en materia de patrimonio cultural, entre os que si estaría, a redacción dun PE de protección do ámbito do Camiño Francés. - **SEN DESENVOLVER -**	

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE:

VOO AMERICANO 1956-1957:



ORTOFOTO PNOA 2005-2007:



ORTOFOTO PNOA 2020:



Compróbase o mantemento case intacto da trama orixinal e a presenza de edificacións en estado asimilable ao da ruína tamén na outra marxe do río. Así mesmo, contémplanse varias intervencións recentes e outras en curso de execución de rehabilitacións integrais e incluso algunha de nova planta, na cal se mantén unha tipoloxía respectuosa coa zona caracterizada polo predominio do bloque de formigóon mesturado con ladrillo cerámico sen revestir.

ELEMENTOS CATALOGADOS:

IGREXA DE SAN XOÁN DE FURELOS:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8901
Catálogo PXOM:	IGREXA	01

A PONTE VELLA OU PONTE DE SAN XOÁN DE FURELOS:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8927
Catálogo PXOM:	ARQ. CIVIL	47

CRUCEIRO DE SAN XOAN DE FURELOS:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN ETNOGRÁFICA	8941
Catálogo PXOM:	-	-

CAPELA DE SANTA CRUZ DE FURELOS:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8878
Catálogo PXOM:	CAPELA	13

PAISAXE URBANA E CONTORNA:

HORREOS (1):



HORREOS (2):



BOAS PRÁCTICAS DE REHABILITACIÓN:



EDIFICACIÓN DE NOVA PLANTA:




EDIFICACIÓNS RUINOSAS:




FICHA:	TIPOLOXÍA: NÚCLEO RURAL CON CARACTERÍSTICAS TRADICIONAIS.	
4.5	**O LEBOREIRO** PARROQUIA: O LEBOREIRO (SANTA MARÍA). CONCELLO: MELIDE. COMARCA: TERRAS DE MELIDE. PROVINCIA: A CORUÑA.	**DESCRICIÓN:** O asentamento de poboación do Leboreiro, situado ao NL do Río Seco e polo que discorre o itinerario do Camiño Francés, clasifícase nas NNSS como solo de núcleo rural e dispón dunha trama tradicional en case todo o núcleo. Porén, tamén se identifica a existencia dunha zona compacta e diferenciada que é a de maior antigüidade e a de interese patrimonial, xusto nas marxes da traza do camiño. Isto pode incrementar o grao de consolidación do núcleo de cara ao exterior do itinerario e sobre todo nos viais que lle dan acceso dende a estrada N-547. A maioría das edificacións dispoñen dun marcado carácter tradicional caracterizado polo uso de muros de cachotería e de cubertas de tella curva. Estes compoñentes, dada á antigüidade do planeamento urbanístico, non se atopan recoñecidos como elementos catalogados individualmente, e no PBA ben non se consideran ou ben o fan como conxunto con interese patrimonial. A antigüidade media das edificacións tradicionais que se conservan na actualidade data de entre principios do século XIX e principios do XX, e atópanse algunhas destas en estado asimilable ao da ruína.


EMPRAZAMENTO:



IMAXE DAS NNSS: PLANO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CENTRO HISTÓRICO:



MAPA SOBRE BASE CARTOGRÁFICA ANO 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL.



POBOACIÓN:
52 PERSOAS (26 mulleres e 26 homes).

Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

USOS DO SOLO:	DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:	MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
Residencial e residencial vinculado a pequenas explotacións ou actividades relacionadas co sector primario, pero en modalidade de subsistencia. Usos relacionados co sector terciario: aloxamento, hostalaría e comercial na contorna próxima.	Equipamento relixioso (Igrexa e cemiterio). Equipamentos, dotacións, instalacións e outros servizos na Vila de Melide, cabeceira de concello situada a uns 6 Km.	PROTECCIÓN AMBIENTAL: Espazo definido no perímetro delimitador da protección da Rede Natura 2000; ZEPVN; ZEC. GRAN ÁREA PAISAXÍSTICA: Galicia central. COMARCA PAISAXÍSTICA: Terras de Melide. ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non consta a existencia de prazas, de parques ou de espazos públicos para uso e goce dos veciños e veciñas.

PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL: NNSS.	
APROB. DEFINITIVA:	07/04/1994
BOP:	14/05/1994
DOG:	----------

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG):
Será de aplicación aos planeamentos non adaptados á LOUGA o apartado 2 da disposición transitoria primeira.
Réxime xurídico aplicable ao solo de núcleo rural: Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).
RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Aplicaranse as ordenanzas e a zonificación que contemplan as NNSS e de forma complementaria o Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), en función da modificación do Decreto 92/2019, do 11 de xullo polo que se modifica o RLSG, equiparando ás NNSSMM cos instrumentos de planeamento xeral (art. 90 do RLSG; 49.2 da LSG).

PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO / ESTADO:	Non se contempla nas NNSS, aínda que si se fai referencia aos requirimentos da lexislación da época en materia de patrimonio cultural, entre os que si estaría, a redacción dun PE de protección do ámbito do Camiño Francés

PAISAXE E ELEMENTOS TRADICIONAIS NO LEBOREIRO:












EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DO NÚCLEO DO LEBOREIRO:

VOO AMERICANO 1956-1957:



ORTOFOTO PNOA 2005-2007:



ORTOFOTO PNOA 2020:



Compróbase o mantemento case intacto da trama orixinal e a presenza de edificacións en estado asimilable ao da ruína, así como algunha intervención recente de rehabilitación integral que non chega a modificar a sensación de estar ante un conxunto (non recoñecido) tratado con pouco agarimo pola veciñanza e as administracións. Con todo, cómpre matizar que resalta no medio un coidado empedrado do chan na propia traza do camiño, que semella pouco para un lugar coa historia e importancia patrimonial coma este situado na contorna inmediata da ponte romana e da calzada medieval.

ELEMENTOS CATALOGADOS:

CRUCEIRO DE SANTA MARÍA DO LEBOREIRO:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN ERNOGRÁFICA	8946
Catálogo PXOM:	-	-

ANTIGO HOSPITAL DE PEREGRINOS:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8893
Catálogo PXOM:	ARQ. CIVIL	31

IGREXA DE SANTA MARÍA DO LEBOREIRO:



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8904
Catálogo PXOM:	IGREXA	06

PONTE ROMANA DO LEBOREIRO: (www.turismo.gal)



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART ARQUITECTÓNICA	8926
Catálogo PXOM:	ARQ. CIVIL	48

PAISAXE URBANA E CONTORNA:

ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN:



ESTADO RUINOSO:



HÓRREOS:





ALPENDRE CON ARCHETE TRADICIONAL:



DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TIPOLOXÍA: POBOACIÓNS EN SOLO RÚSTICO, CON CARACTERÍSTICAS TRADICIONAIS.

FICHA: **5.1**

A CAMPANILLA, A CASANOVA A PONTE CAMPAÑA

PARROQUIAS: OROSA (SANTO ANDRÉ); O MATO (SAN XOAN).


CONCELLO: PALAS DE REI.

COMARCA: A ULLOA.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
As tres poboacións encádranse en solo rústico de especial protección, e non obteñen o recoñecemento de núcleos rurais por parte das determinacións das NNSS. No caso da poboación da Campanilla recoñécense, nas ortofotos do 1956 recoñécense, apenas dúas das actuais edificacións. Pola contra,, nas ditas ortofotos si se identifican tanto a poboación da Casanova como a da Ponte Campaña. Estas poboacións atópanse na propia traza do Camiño Francés, que discorre por viario municipal pavimentado, e as dúas primeiras pertencen á mesma parroquia, mentres que a terceira está intimamente vinculada cos lugares próximos da Campaña e da Pallota, no que se refire á existencia de pequenas poboacións dispersas en zonas dedicadas aos usos agrícolas e gandeiros, e directamente vinculadas a pequenas explotacións.
No que ten que ver coa tipoloxía construtiva de carácter residencial, as características tradicionais non están presentes en todas as edificacións, o que constata que as máis antigas se remontan, segundo os datos do catastro, ás primeiras décadas do século XX, mentres que as máis recentes datan das últimas catro décadas. Isto permite comprobar a existencia de edificacións en desuso ou incluso en estado asimilable ao da ruína. Así, algunhas delas serán de difícil recuperación e outras obxecto de recentes actuacións de rehabilitación integral. Os materiais empregados nas edificacións tradicionais son os muros de cachotería, a estrutura e as fiestras en madeira e, a pesar de estar na provincia de Lugo, o material de cobertura empregado é o de tella curva ou árabe, máis común na provincia de A Coruña.


EMPRAZAMENTO:




A CAMPANILLA:




A CASANOVA:



A PONTE CAMPAÑA:



LENDA NNSS:




MAPAS s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):

A CAMPANILLA:




POBOACIÓN: 16 PERSOAS (8 mulleres e 8 homes).

A CASANOVA:



POBOACIÓN: 5 PERSOAS (4 mulleres e 1 homes).


A PONTE CAMPAÑA:




POBOACIÓN: 9 PERSOAS (5 mulleres e 4 homes).

Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

IMAXES DAS NNSS: PLANOS DE PROTECCIÓNS, nº 8 (7 e 8 de 15),





USOS DO SOLO:
Residencial vinculado a medio agrícola ou forestal.
Usos terciarios de aloxamento e hostalaría, e vinculados ao pequeno comercio dedicado aos peregrinos.
Zona agroforestal de alta capacidade agraria.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Usos terciarios de hostalaría e hospedaxe dedicados aos peregrinos nos tres núcleos.
Os servizos, as instalacións, as dotacións e os equipamentos están dispoñibles no núcleo de Palas de Rei, a unha distancia de entre 8 e 10 km.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non existen.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Zona con edificacións maiormente de tipo unifamiliar con parcelas destinadas a prados e a pastos.
COMARCA/ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo/Chairas e Fosas luguesas.




NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	----------




PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO:
Deberase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo os artigos 331 e 332 das normas).




CLASIFICACIÓN DO SOLO: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGRÍCOLA E FORESTAL; e de patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS).

ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO Á LSG:
O planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG): Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34. Aplicarase o artigo 40 da LSG.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).
RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA): Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA CAMPANIÑA:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA NA CAMPANIÑA:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Constátase un aumento mínimo de edificacións. Algunha das máis recentes emprégase de almacén agrario e poderíase encaixar na morfoloxía de núcleo mononuclear disperso a pequena escala.					

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA CASANOVA:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA NA CASANOVA:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Núcleo con dúas partes ben diferenciadas, e que poden encaixar na morfoloxía de núcleo mononuclear disperso.					

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA PONTE CAMPAÑA:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA NA PONTECAMPAÑA:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Núcleo con dúas partes ben diferenciadas, neste caso por un elemento natural como é o Río Pambre, e que poden encaixar na morfoloxía de núcleo mononuclear disperso.					

TIPOLOXÍA: POBOACIÓNS EN SOLO RÚSTICO (A PALLOTA; A GRAÑA; A TABERNA), E EN NÚCLEO RURAL TRADICIONAL (SAN XIAO DO CAMIÑO)

FICHA: **5.2**

A PALLOTA-A GRAÑA A TABERNA-SAN XIAO

PARROQUIA: OROSA SAN XIAO DO CAMIÑO (SAN XIAO).


CONCELLO: PALAS DE REI.

COMARCA: A ULLOA.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
As dúas primeiras poboacións da Pallota e da Graña atópanse en solo clasificado como rústico, pero non son recoñecidas como núcleo, mentres que a de San Xiao si se recoñece como núcleo rural. Ademais, constátase que todas elas se recoñecen na cartografía dos anos 1956-1957. As vivendas tradicionais e as poucas contemporáneas que existen atópanse na súa maioría vinculadas a actividades agrícolas ou gandeiras de pequeno tamaño, e que na actualidade se mesturan cos do sector terciario como pode ser o de servizo aos peregrinos.
A tipoloxía construtiva caracterízase, por unha banda, pola presenza de edificacións con muros de cachotería, a estrutura e as fiestras en madeira e as cubertas con tella árabe e, por outra, de pequenas edificacións auxiliares repartidas polas parcelas. O catastro sitúa as máis antigas na primeira metade do século XX, e mostra recentes rehabilitacións de carácter integral, así como algunhas vivendas en estado de desuso ou incluso asimilable á ruína.
Os servizos, as instalacións, os equipamentos e as dotacións municipais atópanse na cabeceira do concello, en Palas de Rei, a unha distancia de entre catro e sete Km.


EMPRAZAMENTO:




A PALLOTA + A GRAÑA:



A TABERNA + SAN XIAO:




LENDA NNSS:




MAPAS s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL:

A PALLOTA + A GRAÑA:




A TABERNA + SAN XIAO:




POBOACIÓN EN A PALLOTA:	3 PERSOAS (1 muller e 2 homes).	POBOACIÓN EN A TABERNA:	0 PERSOAS.
POBOACIÓN EN A GRAÑA:	12 PERSOAS (7 mulleres e 5 homes).	POBOACIÓN EN SAN XIAO:	23 PERSOAS (14 mulleres e 9 homes).

Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

IMAXES DAS NNSS: PLANOS DE PROTECCIONES: nº 8 (7 e 12 de 15).





USOS DO SOLO:
Residencial vinculado a uso agrícola ou forestal.
Usos terciarios de hospedaxe, hostalaría, e pequeno comercio dedicado aos peregrinos.
Zona agroforestal de alta capacidade agraria.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Usos terciarios de hostalería e hospedaxe dedicados aos peregrinos, pequeno comercio.
Equipamento relixioso en San Xiao (igrexa e cemiterio).
Os servizos, as instalacións, as dotacións e os equipamentos están dispoñibles no núcleo de Palas de Rei, a unha distancia de 6 km.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non existen.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Zona maiormente con edificacións unifamiliares con parcelas destinadas a prados e a pastos.
COMARCA/ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo/Chairas e Fosas luguesas.




NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	-



PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO:
Debérase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo artigos 331 e 332 das normas).
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Rústico de especial protección agrícola e forestal; e de patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS).


ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO á LSG:
O Planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA, polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG): Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34.
Será de aplicación o artigo 40 da LSG aos terreos incluídos no solo rústico.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).

RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA): Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA PALLOTA E DA GRAÑA:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA NA PALLOTA E NA GRAÑA:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Constátase que dende o ano 1956 o incremento de edificacións é mínimo.					

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA TABERNA E DE SAN XIAO DO CAMIÑO:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA NA TABERNA E EN SAN XIAO DO CAMIÑO:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Núcleo mononuclear compacto situado arredor de viario público municipal polo que discorre o camiño e no que se observa un crecemento do núcleo apenas apreciable dende o ano 1956.					

IGREXA DE SAN XIAO: Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.			VARIOS HÓRREOS EN SAN XIAO: Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.			CONXUNTO HIDRÁULICO EN SAN XIAO: (NON CATALOGADO) Fonte: Fonte: www1.sedecatastro.gob.es.			**A CASTRONELA EN COTÓN:** (Contorna próxima á Taberna - San Xiao). Fonte: www1.sedecatastro.gob.es.		
											
Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:	Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:	Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:	Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICA	24716	Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICA	24740	Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-	Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQ; GA27040026	63362
Catálogo PXOM:	-	-	Catálogo PXOM:	-	-	Catálogo PXOM:	-	-	Catálogo PXOM:	-	-

TIPOLOXÍA: POBOACIÓNS EN SOLO RÚSTICO CON CARACTERISTICAS TRADICIONAIS.


FICHA: **5.3**

A GAIOLA O CARBALLAL


PARROQUIA: O CARBALLAL (SAN SEBASTIÁN).
CONCELLO: PALAS DE REI.
COMARCA: A ULLOA.
PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
Estes núcleos de poboación dispoñen, segundo definen as DOT (2011), dunha tipoloxía asimilable ao modelo de polinuclear, bastante compacta. Están separados pola estrada N-547, e non se catalogan como núcleos rurais polas NNSS, o que constata que non existen delimitacións de núcleo rural posteriores á aprobación das NNSS.
A tipoloxia construtiva é similar á dos anteriores núcleos do concello, caracterizada polo uso de muros de cachotería, a estrutura e as fiestras en madeira e cubertas con tella curva ou árabe. Os usos do solo son o residencial en vivenda unifamiliar e o agrícola de subsistencia vinculado a este. Os núcleos son recoñecibles nun estado moi similar na cartografía dos anos 1956-1957 e, segundo datos do catastro, as edificacións existentes na actualidade datan de entre primeiros e mediados do século XX, e compróbase a existencia tanto de edificacións reformadas ou rehabilitadas de forma integral como doutras en estado de abandono o incluso en estado asimilable ao da ruína.
Os servizos, as instalacións, os equipamentos e as dotacións municipais atópanse na cabeceira do concello, en Palas de Rei, a unha distancia menor de dous Km.


EMPRAZAMENTO:




A GAIOLA:




O CARBALLAL DE ARRIBA:




O CARBALLAL DE ABAIXO:



LENDA NNSS:




MAPA s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):



POBOACIÓN NA GAIOLA:	POBOACIÓN NO CARBALLAL:	**POBOACIÓN NO CARBALLAL DE ABAIXO:**
NON FIGURA COMO NÚCLEO.	2 PERSOAS (2 mulleres e 0 homes).	25 PERSOAS (12 mulleres e 13 homes).

Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

IMAXES DAS NNSS: PLANOS DE PROTECCIONES: nº 8 (12 de 15).



USOS DO SOLO:
Residencial con pequenas edificacións auxiliares para tarefas agrícolas e almacéns.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso no Carballal de Abaixo (Igrexa e cemiterio parroquial).
Os servizos, as instalacións, as dotacións e os equipamentos están dispoñibles no núcleo de Palas de Rei a unha distancia menor de 2 km.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non existen.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Zona maiormente con edificacións unifamiliares con parcelas destinadas a prados e pastos.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo / Chairas e Fosas luguesas.

NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	-

PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO:
Deberase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo artigos 331 e 332 das normas).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Rústico de especial protección do patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS).


ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO Á LSG:
O Planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA, polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG): Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34.
Será de aplicación o artigo 40 da LSG aos terreos incluídos no solo rústico.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).


RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DAS POBOACIÓNS DA GAIOLA, DO CARBALLAL DE ARRIBA E DO CARBALLAL DE ABAIXO:


ORTOFOTO 1956:



PNOA 2005-2007:



PNOA 2020:



TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA TRADICIONAL NA GAIOLA:

Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.





TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA TRADICIONAL NO CARBALLAL DE ARRIBA:





TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA TRADICIONAL NO CARBALLAL DE ABAIXO:






IGREXA DE SAN SEBASTIÁN NO CARBALLAL DE ABAIXO:

Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICA	24720
Catálogo PXOM:	-	-


Fonte: Ficha do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICA	24720
Catálogo PXOM:	-	-

CRUCEIRO NO CARBALLAL DE ABAIXO: (NON CATALOGADO)

Fonte: Base cartográfica 2020 e parcelario do catastro.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo PXOM:	-	-

TIPOLOXÍA: NÚCLEO URBANO DE POBOACIÓN.


FICHA: **5.4**

PALAS DE REI


PARROQUIA: PALAS DE REI (SAN TIRSO).
CONCELLO: PALAS DE REI.
COMARCA: A ULLOA.
PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
Núcleo urbano que actúa como cabeceira de concello e no que se mesturan as antigas edificacións tradicionais unifamiliares coas contemporáneas edificacións de uso residencial colectivo. Isto produce importantes diferencias entre as alturas e os volumes das edificacións acoradas e, polo tanto, no perfil da rúa, xerando medianeiras visibles. Por outra banda, non se detecta un centro histórico definido e compacto, senón que existen restos puntuais e illados doutras épocas. Destes elementos, os máis antigos datan das primeiras décadas do século XX, e obsérvase, de novo, a madeira nas carpintarías exteriores, case eliminada na actualidade.
En canto á tipoloxía construtiva das edificacións tradicionais pódese equiparar coa existente nos núcleos de poboación rurais caracterizada polos muros de cachotería e a madeira (nas fiestras e nas portas) como elementos estruturais. Isto constata a presenza de coberturas formadas por tella curva e plana, así como algunhas mostras de cubertas con lousas ou materiais actuais como poden ser os paneis de tipo sándwich nas edificacións de vivendas colectivas.

EMPRAZAMENTO:



MAPA s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):



POBOACIÓN NO NÚCLEO URBANO DE PALAS DE REI: 857 PERSOAS (438 mulleres e 419 homes).
Datos do nomenclator estatístico de Galicia do ano 2022 a partir datos do padrón municipal de habitantes (INE).


IMAXE DAS NNSS: PLANOS DE PROTECCIÓNS, nº 8 (12 de 15).



IMAXE DAS NNSS: PLANOS DE PROTECCIÓNS, nº 8 (12 de 15).



LENDA NNSS:



USOS DO SOLO:
Residencial, comercial e industrial.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso, deportivo, Casa do Concello, , sanitario, educación, etc.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN, ESPAZOS LIBRES: Prazas públicas, zonas de deporte, etc.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo / Chairas e Fosas luguesas.

NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	-

PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO:
Deberase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo artigos 331 e 332 das normas).


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Rústico de especial protección do patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS).

ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO Á LSG:
O Planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA, polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG):
Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34.
Será de aplicación o artigo 40 da LSG aos terreos incluídos no solo rústico.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).


RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

IMAXE: CARTOGRAFÍA DECRETO DELIMITACIÓN:




EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DA POBOACIÓN DE PALAS DE REI:


ORTOFOTO 1956:



PNOA 2005-2007:



PNOA 2020:



Dende a data na que se realizaron as fotografías do voo aéreo americano compróbase a existencia dun crecemento contido arredor dos viais principais do núcleo, e doutro algo máis intenso ao S.

TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA TRADICIONAL NO CENTRO URBANO DE PALAS DE REI: Fonte: https://www1:sedecatastro.gob.es.













ELEMENTOS CATALOGADOS E OUTROS CON VALORES PATRIMONIAIS:

CASA DO CONCELLO:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQUITECTÓNICA	24674
Catálogo NNSS:	-	-

IGREXA DE SAN TIRSO:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQUITECTÓNICA	24705
Catálogo NNSS:	-	-

HÓRREO EN SAN BREIXO:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETNOGRÁFICA	24739
Catálogo NNSS:	-	-

CASA DE ROUCO:
Fonte: http://mapas.xunta.gal/visores/pba/.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQUITECTÓNICA	24672
Catálogo NNSS:	-	-

CASAS E CRUCEIRO XUNTO Á IGREXA DE SAN TIRSO: (ELEMENTOS NON CATALOGADOS)
Fonte: http://mapas.xunta.gal/visores/pba/.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo NNSS:	-	-

TIPOLOXÍA: NÚCLEOS DE POBOACIÓN EN SOLO RÚSTICO.

FICHA: **5.5**

O ROSARIO, OS VALOS

PARROQUIAS: FONTE CUBERTA (SANTA MARIÑA) E LESTEDO (SANTIAGO).


CONCELLO: PALAS DE REI.

COMARCA: A ULLOA.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
O primeiro núcleo (O Rosario) atópase a ambas as beiras da estrada nacional N-547, mentres que ao segundo (Os Valos) accedese dende viario público municipal que parte da devandita estrada (orientación N). Pódese observar, pois a existencia ao seu arredor de pequenísimos núcleos dispersos situados a poucos metros uns dos outros, case sen poboación e sen que as NNSS contemplen delimitacións de núcleo rural para estas dúas poboacións que, en todo caso, son recoñecibles na cartografía dos anos 1956-1957 (As Lamelas, A Brea, Abenostre, A Mamurria). As vivendas existentes na actualidade datan, segundo os datos do catastro, das primeiras décadas do século XX, o que constata, a través da documentación deste, a existencia de rehabilitacións recentes, granxas e edificacións auxiliares de apoio ás vivendas e pequenas explotacións.
A tipoloxía construtiva das edificacións tradicionais pódese equiparar coa existente nos núcleos de poboación rurais, e caracterízase pola presenza de muros de cachotería e o emprego da madeira ben como elemento estrutural ou ben nas carpintarías exteriores. Estes elementos constatan, ao igual que nos casos anteriores, unha mestura do material de cobertura das edificacións que, no caso destes núcleos, será case na totalidade de tella curva ou árabe nas vivendas; e de pranchas de fibrocemento sen revestir no caso das edificacións auxiliares. Os servizos urbanos, as dotacións e os equipamentos públicos atópanse en dirección ao centro urbano de Palas de Rei, a unha distancia de entre tres e seis Km.
A paisaxe confórmase a partir de solo produtivo, que se dedica ao millo en gran parte, e ao uso gandeiro a pequena escala.


EMPRAZAMENTO:




O ROSARIO:




OS VALOS:




LENDA NNSS:



MAPAS s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS DO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):






POBOACIÓN NO ROSARIO: 18 PERSOAS (7 mulleres e 11 homes).


POBOACIÓN NOS VALOS: 12 PERSOAS (4 mulleres e 8 homes).

Datos do nomenclator estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes (INE).

O ROSARIO: IMAXE DAS NNSS (PLANOS DE PROTECCIÓN: nº 8; 12 de 15).



OS VALOS: IMAXE DAS NNSS (PLANO DE PROTECCIÓNS: nº 8; 13 de 15).



USOS DO SOLO:
Residencial e agrícola ou gandeiro asociado a pequenas explotacións, hostalaría e hostais ou albergues en edificacións illadas entre os dous núcleos.
Zonas de alta capacidade de produción agraria e forestal.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso nas proximidades (núcleos de Lestedo e Palas de Rei).
Equipamentos, dotacións, instalacións e servizos en Palas de Rei a 4 Km.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN, ESPAZOS LIBRES: Non constan.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo / Chairas e Fosas luguesas.

NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	-




PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO:
Deberase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo artigos 331 e 332 das normas).





CLASIFICACIÓN DO SOLO: Rústico de especial protección do patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS)

ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO á LSG:
O Planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA, polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG): Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34.
Será de aplicación o artigo 40 da LSG aos terreos incluídos no solo rústico.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).

RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DO ROSARIO:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA DO ROSARIO:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Constátase un aumento mínimo de edificacións, das cales algunhas das máis recentes son usadas de almacén agrario. Poderíase encaixar na morfoloxía de núcleo mononuclear de pequena escala aínda configurándose en ambas beiras da estrada nacional; Ademais, este como conxunto, está diseminado en unidades que semellan ter orixe familiar dentro dunha sucesión de pequenos núcleos similares dispersos no territorio municipal.					

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DOS VALOS:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA DOS VALOS:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Pequeno núcleo mononuclear, disperso no territorio e incluído dentro dunha serie de núcleos similares que forman un conxunto de maior tamaño. Este último podería asimilarse a unha serie de núcleos que conforman un conxunto con morfoloxía polinuclear laxa.					

ELEMENTOS CATALOGADOS:
Na actualidade non existen elementos catalogados nestes núcleos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TIPOLOXÍA: NÚCLEOS DE POBOACIÓN EN SOLO RÚSTICO.

FICHA: **5.6**

LESTEDO, PORTOS

PARROQUIAS: LESTEDO (SANTIAGO).


CONCELLO: PALAS DE REI.

COMARCA: A ULLOA.

PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
Núcleos de poboación situados a ambas beiras do Rego de Portos en orientación O e L, aos que se accede dende viario público municipal pavimentado dende a estrada nacional N-547, e que virían a ser parte dun conxunto de núcleos acomodados dentro do solo rústico do Concello de Palas. As súas delimitacións non se contemplan nas antigas NNSS, aínda que son recoñecibles nas ortofotos dos anos 1956-1957.
A tipoloxía de ocupación do territorio, así como a construtiva, e a antigüidade das edificacións e os usos do solo son similares aos da contorna próxima e equiparables aos núcleos descritos na anterior ficha.


EMPRAZAMENTO:




LESTEDO:




PORTOS:




LENDA NNSS:



MAPAS s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):






POBOACIÓN EN LESTEDO: 9 PERSOAS (5 mulleres e 4 homes).

POBOACIÓN EN PORTOS: 4 PERSOAS (1 muller e 3 homes).

Datos do nomenclator estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

LESTEDO E PORTOS: IMAXE DAS NNSS (PLANO DE PROTECCIÓNS: nº 8; 13 de 15).



USOS DO SOLO:
Residencial e agrícola ou gandeiro asociado a pequenas explotacións, hostalaría e hostais ou albergues en edificacións illadas entre os dous núcleos.
Zonas de alta capacidade de produción agraria e forestal.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso nas proximidades (núcleos de Lestedo e Palas de Rei).
Equipamentos, dotacións, instalacións e servizos en Palas de Rei, a 4 Km.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN, ESPAZOS LIBRES: Non constan.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo / Chairas e Fosas luguesas.

NNSS:	APROB. DEF:	30/11/1994
	BOP:	09/12/1994
	DOG:	-

PLANEAMENTO DESENVOLVEMENTO:
Deberase redactar un planeamento de desenvolvemento para os solos protexidos, entre eles o do Camiño Francés (franxa de 100 metros segundo artigos 331 e 332 das normas).



CLASIFICACIÓN DO SOLO: Rústico de especial protección do patrimonio (dentro da franxa de 100 m segundo as NNSS)




ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO á LSG:
O Planeamento vixente, do ano 1994, non está adaptado á LSG nin á LOUGA, polo que será de aplicación o punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG):
Ao abeiro do punto 2 da disposición transitoria primeira da LSG será de aplicación o réxime do solo rústico da LSG, así como o do solo rústico de especial protección no caso das afeccións sectoriais sinaladas no artigo 34.
Será de aplicación o artigo 40 da LSG aos terreos incluídos no solo rústico.
Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c).


RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA):
Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DE LESTEDO:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA EN LESTEDO:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
Como no caso dos restantes núcleos, non se observa un crecemento en volume de edificacións, e compróbase a existencia de edificacións en estado de desuso e incluso en estado asimilable á ruína, así como algunhas rehabilitacións de carácter integral.					

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DE PORTOS:			TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA EN PORTOS:		
ORTOFOTO 1956:	PNOA 2005-2007:	PNOA 2020:	Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.		
					
A partir dos datos do catastro observase que das cinco parcelas edificadas no núcleo, unha atópase en estado ruinoso; outra, que se reflicte na cartografía, xa non existe na ortofoto do 2020; outras dúas acoradas semellan habitadas; e a restante está dedicada a usos terciarios. Compróbase que dende os datos do 1956, observables na ortofoto do voo americano, redúcense o número de edificacións, así como o de aquelas construcións que se dedican ao uso residencial de forma similar ao que ocorre en moitos núcleos que se sitúan na traza ou na contorna inmediata ao itinerario do Camiño Francés.					

ELEMENTOS CATALOGADOS E OUTROS CON VALORES PATRIMONIAIS:

IGREXA DE LESTEDO:			PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO NA CONTORNA PRÓXIMA: CASTRO DE XIMONDE; CASTRO DO FERREIRO.			ANTIGA CASA REITORAL DE LESTEDO: (NON CATALOGADA) (*)
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.	Fonte: Ficha do Plan Básico Autonómico.		Fonte: Ficha do Plan Básico Autonómico.	Fonte: Ficha do Plan Básico Autonómico.		Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.
						
Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:	Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:	-
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICA	24697	Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQ, ARQUEOLÓXICA (GA27040044; GA27040116;)	63344; 63343	-
Catálogo NNSS:	PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO / CIVIL / RELIXIOSO	-	Catálogo NNSS:	-	-	-

(*) O documento de delimitación do Camiño Francés en Galicia para o Concello de Palas de Rei recoñece a este elemento como con interese patrimonial. Na actualidade non se atopa catalogado nin polas NNSS nin polo Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Fonte: https://www.cultura.gal/es/delimitacion-camino-frances.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TIPOLOXÍA ASENTAMENTOS: NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS.

FICHA: **6.1**

AIREXE, LIGONDE

PARROQUIA: LIGONDE (SANTIAGO).


CONCELLO: MONTERROSO.

COMARCA: A ULLOA.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
Os asentamentos de poboación de Airexe e Lameiros son eminentemente rurais e, aínda que se dedican aos usos agrícolas e forestais, albergan unha gran contía (para a dimensión dos mesmos) de negocios dedicados ao sector terciario. As NNSS cualifican a ambos os núcleos rurais como de carácter tradicional, e demóstrase que xa se reflicten nas ortofotos do voo americano do 1956-1957. As edificacións existentes na actualidade con máis antigüidade datan, segundo os datos do catastro, de entre a década dos 30s e a dos 50s, e conviven con outras de orixe contemporáneo das últimas tres décadas. Os usos son eminentemente rurais, relacionados coa agricultura e a gandería, así como coa explotación forestal en man común.
O acceso a estes núcleos, que pasan ambos pola traza do Camiño Francés, realizase pola estrada de titularidade autonómica LU-633, situada nun lugar con gran riqueza cultural polo seu patrimonio megalítico. No que respecta ao patrimonio relacionado coa arquitectura residencial, na actualidade é difícil de recoñecer o núcleo tradicional máis compacto destes asentamentos no que mesturan algunhas edificacións de recente construción con outras máis antigas, así como con numerosas edificacións auxiliares desconformes coa paisaxe rural tradicional e executadas a partir de bloque de formigón prefabricado e ladrillo sen revestir, o que demostra que se trata de lugares lindeiros entre a tradición da tella árabe e as lousas, xa que ningún destes dispón dun modelo claro de material maioritario a utilizar na cubrición das cubertas.
As dotacións, os equipamentos e os servizos principais atópanse no núcleo urbano de Monterroso, que constitúe a cabeceira do concello e se sitúaa uns 10 Km de distancia, máis ou menos a mesma á que se atopa o núcleo urbano do veciño Concello de Palas de Rei.

EMPRAZAMENTO:




AIREXE:




LIGONDE:



MAPAS s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, PARCELARIO CATASTRAL E AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL (PBA):





AIRREXE E LIGONDE: IMAXE DOS PLANOS DE ORDENACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS EXISTENTES (FOLLA 5 DE 27) DAS NNSS.



USOS DO SOLO:
Residencial.
Usos terciarios de hospedaxe e hostalaría, dedicados aos peregrinos.
Zona de alta capacidade agraria, con poboacións eminentemente agrícolas e gandeiras. Na contorna próxima a Ligonde obsérvanse explotacións de certa entidade.
Zona con ampla masa forestal de monte veciñal en man común.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Non se contempla.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Non consta a existencia de espazos públicos como prazas, xardíns, campos da festa, etc.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Zona con amplas vistas panorámicas da paisaxe natural e agraria.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Lugo / Chairas e fosas luguesas.

POBOACIÓN:
AIREXE: 21 PERSOAS (13 mulleres e 8 homes).
LIGONDE: 51 PERSOAS (24 mulleres e 27 homes).
Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamentos relixiosos.

NNSS:	ARPOB. DEF:	27/11/1996
	BOP:	06/02/1997
	DOG:	16/09/1997
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO:	NON SE CONTEMPLA.	

ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO Á LSG:
O planeamento vixente (NNSS) non está adaptado á LSG nin á anterior LOUGA.

RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN (LSG):
Ao abeiro da disposición transitoria primeira da LSG para planeamentos non adaptados á LSG nin á LOUGA aplicarase o réxime das NNSS para o solo de núcleo rural, así como o artigo 40 da LSG, e o da LSG para o solo rústico.

RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN (PBA): Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8), Decreto 92/2019, do 11 de xullo.

Na web da Xunta de Galicia consta como "en tramitación" un PXOM do ano 2008, con código 0746/2008 e número de expediente 2010AAE0270.
Realizouse un período de consulta pública entre os anos 2010 e 2011.

TIPOLOXÍA EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS EN AIREXE: Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.








TIPOLOXÍA EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS EN LIGONDE: Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.








EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE DOS NÚCLEOS DE AIREXE E LIGONDE:

AIREXE: VOO AMERICANO 1956-1957



AIREXE: ORTOFOTO PNOA 2005-2007




AIREXE: ORTOFOTO PNOA 2020



Compróbase o crecemento do núcleo en orientación S, non obstante trátase de explotacións agrarias que non repercutirán en grande medida no crecemento da poboación do núcleo, pero si na súa estabilización, mentres que o volume aparente do resto do núcleo mátense en condicións similares.

LIGONDE: VOO AMERICANO 1956-1957



LIGONDE: ORTOFOTO PNOA 2005-2007




LIGONDE: ORTOFOTO PNOA 2020




O crecemento do núcleo nos últimos 66 anos realízase de modo similar ao anterior, o que demostra que este se basea quizais máis en edificacións auxiliares e naves agrícolas, mentres que o tecido residencial tradicional mantense de forma moi similar. Así pois, obsérvase que quizais o reto de manter a pouca poboación da que dispoñen estes núcleos sexa suficiente para evitar a súa desaparición, feito que cómpre ter en conta no momento de planificar.

ELEMENTOS CATALOGADOS:


HOSPITAL E CEMITERIO DE PEREGRRINOS DE LIGONDE: https://www1.sedecatastro.gob.es.






Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQUEOLÓXICA GA27032114	23733 63257
Catálogo PBM:	-	-

OS CASTROS DE LIGONDE (A CAS DAS MOURAS): Fonte: Ficha do Plan Básico Autonómico.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQUEOLÓXICA GA27032032	63256
Catálogo PBM:	-	-

MEDORRAS DAS CRUCES DOS PORTOS: Fonte: Ficha do Plan Básico autonómico.







Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQ, GA27032033 ARQ, GA27032090	63306 63307
Catálogo PBM:	-	-

Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ARQ, GA27032126, GA27032126	63308 63009
Catálogo PBM:		

CRUCEIRO DE LAMEIRO (LIGONDE): Fonte: http://patrimoniogalego.net.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICA	23742
Catálogo PXOM: (	-	-

A tramitación do PXOM non se desenvolveu dende o ano 2011, figurando na páxina web da Xunta de Galicia como “en tramitación”. O cruceiro de Airexe non se cataloga nin polas NNSS nin polo Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, constando neste documento sen desenvolver como elemento C-13-01. O cruceiro de Lameiros (Ligonde) catalógase coa clave 23472 do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (Grao de protección etnográfico).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TIPOLOXÍA ASENTAMENTOS: NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS.

FICHA: **7.1**

VENDAS DE NARÓN, O HOSPITAL

PARROQUIAS: SAN MAMEDE DO RÍO, SANNESPEREIRA (SAN CIBRAO).


CONCELLO: PORTOMARÍN.

COMARCA: LUGO.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
Se ben as NNSS non se definen suficientemente os pequenos núcleos rurais de poboación, ao abeiro do establecido complementariamente polo Plan Básico Autonómico estes núcleos posúen unha tipoloxía construtiva, grao de consolidación e antigüidade que implica que se poidan considerar como núcleos rurais tradicionais. Neles, as edificacións de carácter residencial serían de tipoloxía unifamiliar, o que denota que se está ante unha zona de alta produtividade agraria, ao xulgar polas abundantes edificacións auxiliares que en ocasións son auténticas naves anexas ás vivendas.
Residencial, usos terciarios de hospedaxe e hostalaría, e pequeno comercio (agrícola).
Pequenas explotacións agrícolas e gandeiras, prados, cultivos e especies caducifolias.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Rede natura 2000, Rede Galega de Espazos Protexidos (ZEPVN), ZEC.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Lugares moi pequenos e con poucos habitantes Non constan lugares de reunión, campos da festa, lecer, etc. salvo os de hostalaría.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Zona con amplas vistas panorámicas da paisaxe natural.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Os Ancares-A Fonsagrada / Serras orientais.

POBOACIÓN:
O HOSPITAL DA CONDESA: 21 PERSOAS (10 mulleres e 11 homes).
LIÑARES: 22 PERSOAS (12 mulleres e 10 homes).

Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes). Fonte INE.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso nos dous núcleos.

PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL:

APROB. DEF. PXOM:	03/02/2010
BOP:	30/03/2010
DOG:	17/02/2010

PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO:

O plan xeral contempla o desenvolvemento dun PE de protección en función do artigo 45 da antiga lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia e a antiga delimitación do territorio histórico do 12 de novembro do 1992.
ESTADO: SEN DESENVOLVER.

ADAPTACIÓN Á LSG: PXOM non adaptado á LSG, pero adaptado á LOUGA.
RÉXME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG): En función do ap. 1.c) da disposición transitoria primeira da LSG, "ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG".

TIPOLOXÍA DAS EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS EN LIÑARES: (Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.)






TIPOLOXÍA EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS NO HOSPITAL: (Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.)





EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE NO HOSPITAL DA CONDESA:

VOO AMERICANO 1956-1957:



ORTOFOTO PNOA 2005-2007:




ORTOFOTO PNOA 2020:




Dende o ano 1956 no que o núcleo é recoñecible, constátase un aumento do volume de forma bastante compacta ao O, mentres que ao L increméntase tamén o número de edificacións aínda que nun modo menor. Isto mellora as comunicacións do núcleo a partir da execución dunha nova estrada, agora a LU-633, de forma que o asentamento de poboación queda nunha marxe desta.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE EN LIÑARES:


VOO AMERICANO 1956-1957:



ORTOFOTO PNOA 2005-2007:



ORTOFOTO PNOA 2020:



Aínda que o núcleo de poboación medra lixeiramente, as novas edificacións son, en parte, explotacións asociadas a usos relacionados co sector terciario que se localizan no exterior do núcleo. Polo tanto, o número de vivendas non é moito maior nin tampouco a poboación. Estas edificacións quedan, pois, ao redor da igrexa.


ELEMENTOS CATALOGADOS NOS NÚCELOS DO HOSPITAL DA CONDESA E DE LIÑARES:

IGREXA DE SANTO ESTEVO EN LIÑARES:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICO	25011
Catálogo PXOM:	PATR. ARQ, P-1, PROT. INTEGRAL	253

NÚCLEO DE LIÑARES:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM, nº 266, px.63.




Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25121
Catálogo PXOM:	PATR. ARQ, P-3, PROT. AMBIENTAL	266

IGREXA DO HOSPITAL:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.




Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICO	25010
Catálogo PXOM:	PATR. ARQ, P-1, PROT. INTEGRAL	252

NÚCLEO DO HOSPITAL:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM, nº 267, px. 64.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25120
Catálogo PXOM:	PATR. ARQ, P-3, PROT. AMBIENTAL	267



TIPOLOXÍA: CONXUNTO ETNOGRÁFICO, **BIC.000.383**.

FICHA: **12.3**

O CEBREIRO

PARROQUIA: O CEBREIRO (STA. MARÍA).


CONCELLO: PEDRAFITA DO CEBREIRO.

COMARCA: OS ANCARES.


PROVINCIA: LUGO.

DESCRICIÓN:
O conxunto etnográfico do Alto do Cebreiro, que recentemente foi restaurado cun investimento da Xunta de Galicia de 180.000€, é coñecido polas pallozas e declarado BIC (Decreto 05/09/1962). Este conxunto recoñécese na cartografía e nas ortofotos de 1956 nun estado similar ao actual, con múltiples exemplos de antigas edificacións de carácter residencial, algunha delas reconvertida na actualidade en museo. Así pois, se ben é complexo datar a antigüidade destes singulares (e escasos) elementos arquitectónicos, adoita considerarse que se remontan ao século X.
O acceso ao núcleo realízase dende a estrada autonómica LU-633, e os servizos básicos atópanse a poucos quilómetros, no núcleo de Pedrafita do Cebreiro. Ademais, o feito de que no Alto do Cebreiro apenas reside poboación, permiten comprobar que o núcleo está dedicado ao turismo case na súa totalidade e, ao igual que sucede nos núcleos próximos, é importante destacar a dificultade da orografía e a climatoloxía da zona, lindeira coa Comunidade Autónoma de Castilla y León e localizada a 1300 m. sobre o nivel do mar. Non obstante, a solución a esta situación espacial é acadada polo uso das pallozas, parecidas ás edificacións prerromanas..
Outras formas de referirse a estes elementos poden ser pallota ou pallote.

EMPRAZAMENTO:




IMAXE PXOM: ORDENACIÓN NÚCLEO RURAL, PLANO nº 2.



LENDA PXOM:



MAPA s/BASE CARTOGRÁFICA 2020, AFECCIÓNS SECTORIAIS NO PATRIMONIO CULTURAL E PARCELARIO DO CATASTRO:



USOS DO SOLO:
Residencial.
Uso maioritario terciario de hostalaría e aloxamento.
Pequenas explotacións agrícolas e gandeiras.

DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS:
Equipamento relixioso, museo e área recreativa.

MEDIO AMBIENTE, PAISAXE E ESPAZOS LIBRES:
PROTECCIÓN AMBIENTAL: Área de especial interese paisaxístico, AEIP; PR E_1_83.
Rede Natura 2000 (ZEC; ZEPVN).
Zona de protección avifauna.
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN: Espazos asimilables a pequenas prazas públicas.
ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Especiais valores paisaxísticos e vistas panorámicas.
COMARCA / ÁREA PAISAXÍSTICA: Os Ancares-A Fonsagrada / Serras orientais.

IMAXE CARTOGRAFÍA DECRETO 227/2011:



POBOACIÓN:	**24 PERSOAS** (13 mulleres e 11 homes). Datos do nomenclátor estatístico de Galicia do ano 2022 a partir de datos do padrón municipal de habitantes. Fonte INE.
PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL:	**ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO Á LSG:** PXOM non adaptado á LSG, pero adaptado á LOUGA. CLASIFICACIÓN DO SOLO: Núcleo rural. **RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN (LSG):** Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG (ap. 1,c). **RÉXIME COMPLEMENTARIO DE APLICACIÓN:** Plan Básico Autonómico (art. 7 e 8).
APROB. DEF. PXOM: 03/02/2010	
BOP: 30/03/2010	
DOG: 17/02/2010	
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO:	O plan xeral contempla o desenvolvemento dun PE de protección en función do artigo 45 da antiga lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia e da antiga delimitación do territorio histórico do 12 de novembro do 1992. **ESTADO:** SEN DESENVOLVER.

TIPOLOXÍA DAS EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS: Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.













EVOLUCIÓN HISTÓRICA RECENTE:


VOO AMERICANO 1956-1957:



ORTOFOTO PNOA 2005-2007:



ORTOFOTO PNOA 2020:



Núcleo a media ladeira na parte de máis elevación, á beira da estrada provinvcial LU-633, e no que, ao igual que sucede nos anteriores, non se perciben modificacións dende as datas nas que se retrata a cartografía dos anos 1956-1957.

ELEMENTOS CATALOGADOS:

CRUCEIRO:
Fonte: patrimniogalego.net.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25026
Catálogo PXOM:	ART. INTEGRAL	248

HOSPEDERÍADE SAN XIRALDO:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM px. 19



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICO	25008
Catálogo PXOM:	ART. INTEGRAL	200

SANTUARIO DE SANTA MARÍA A REAL:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM px. 51



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ART, ARQUITECTÓNICO	25022
Catálogo PXOM:	ART. INTEGRAL	250

HÓRREO EN FILANDÓN DO CEBREIRO:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM px. 73



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25037
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	311

PALLOZA DE BRAÑEGO:
Fonte: Ficha do Catálogo do PXOM px. 137



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25125
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	301

PALLOZA DE CAMPELO:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	302

PALLOZA DE GALÁN (MUSEALIZADA):
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	303

PALLOZA:
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	ETN, ETNOGRÁFICO	25123
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	306

PALLOZA DE LÓPEZ QUICO: (MUSEALIZADA)
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	304

PALLOZA DE XAN LOPE (MUSEO ETNOLÓXICO)
Fonte: https://www1.sedecatastro.gob.es.



Documento:	Tipo/Nivel Protección:	Código:
Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia:	-	-
Catálogo PXOM:	ETN. INTEGRAL	305

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. ANÁLISE DE RESULTADOS.

Dada a cantidad7e de áreas de traballo involucradas no ámbito da investigación e os condicionantes derivados de cada disciplina, realizarse a análise dos resultados en función destes eidos que condicionan un territorio único, pero heteroxéneo, vinculado a un fenómeno con séculos de antigüidade.

6.1. Itinerarios, asentamentos de poboación e transmisión cultural.

Tal e como se argumenta no punto 4.3 deste documento, os desprazamentos que os seres humanos realizaron ao longo da historia, provocados por diversos motivos como a procura de alimentos, pastos para o gando, intercambios e comercio ou peregrinaxe, xeraron itinerarios que se converteron progresivamente a base do uso, mantemento e mellora, en verdadeiras vías de comunicación do material e do inmaterial, e propiciaron intercambios culturais e, con estes, a transmisión de coñecemento, tan importante na ciencia e no progreso da humanidade.

Neste senso, os primeiros asentamentos de poboación non permanentes convertéronse pouco a pouco en habituais, mentres que a necesidade de comunicación entre as persoas e o comercio, favoreceu a que os principais camiños se converteran en importantes itinerarios que chegan ao nivel de verdadeiras infraestruturas de comercio (a Ruta da Seda, das Especias, etc.) ou outros fenómenos relacionados coas peregrinacións por motivos relixiosos, como é o caso de estudo.

En ocasións, estas rutas ou itinerarios que facilitaron o progreso, a cultura e o coñecemento, realizaron outras tarefas de transmisión como sucedeu coa *peste negra* ao longo da Ruta da Seda ou como desgraciadamente acabamos de vivir coa transmisión da pandemia do *Sarv Cov 2*. Neste último caso influíron outras rutas como poden ser o transporte aéreo, marítimo, etc.. Isto demostra a importancia de non esquecer o coñecemento transmitido con anterioridade, e a necesidade de continuar coa procura de mellores condicións de vida para as persoas a modo individual, para os asentamentos de poboación a modo colectivo, así como para o planeta dentro dun contexto global.

6.2. Contexto histórico da planificación urbanística e o goberno local, axentes involucrados.

As últimas décadas do século XIX e as primeiras do XX lembraranse por unha sucesión de revolucións industriais, demográficas, dos sistemas de produción, etc., que son causa-efecto dun importante aumento da poboación, da esperanza e da calidade de vida das persoas e que, á súa vez, implican unha maior pegada ambiental sobre o planeta, podendo estudala dende diferentes puntos de vista como o territorial, o demográfico, o das ciencias ambientais, sociais, o clima e a ecoloxía, os recursos enerxéticos, etc.

Ao tempo que aumenta a poboación increméntase a concentración desta por motivos de produción, acceso a servizos, instalacións, comercio, etc. en determinados espazos urbanos, e deixa baleiros os antigos asentamentos, máis respectuosos co medio. Esta concentración de solo residencial e produtivo precisará de orde e planificación a partir de normativa territorial e urbanística, sendo as actuais divisións territoriais as herdeiras do antigo parroquial suevo, similares en grao de fragmentación aos veciños do sur de Europa, Portugal e Francia.

No que respecta aos cambios na normativa urbanística ou territorial, expúxose no marco teórico que as antigas e simples determinacións existentes ata o momento no que se comezan a ordenar os ensanches das grandes cidades do século XIX (Plan Castro en Madrid ou Plan Cerdá en Barcelona), denominadas ordenanzas de policía, apenas se diferenciaban das impostas polos antigos gregos ou romanos (táboa 10). É importante ter en conta cando falemos de planificación urbanística que estas antigas ordenanzas (imaxes 57 e 58) que non eran unha verdadeira planificación pero poñían algo de orde na cidade, chegan ata o mesmo século XX (ordenanzas de policía de 1907 de Santiago de Compostela). Isto denota que a evolución dos instrumentos que poñían orde no territorio foi mínima ao longo de varios séculos, e trataba case sempre

de temas relacionados co ornato público, as alturas das edificacións, servidumes de paso e vistas, etc. foi mínima ata os nosos días. Non obstante, a partir da publicación da primeira lei do solo do 1956, a produción normativa no que respecta ao solo ou ao territorio increméntase dunha forma notable, sobre todo nas primeiras décadas do século XXI, que constitúen un perfecto exemplo da vertixinosa evolución da humanidade nestes últimos anos.

6.3 Os valores patrimoniais dos asentamentos do poboación.

O modo no que os seres humanos se establecen sobre un determinado espazo territorial, tal e como se expresou no ap. 4.9 da investigación, muda co tempo, co lugar e coa superficie dispoñibles para os ámbitos residencial, produtivo, de culto, ou en función das sinerxías económicas e culturais xeradas ao longo dos anos. Neste senso, os tipos de asentamentos de poboación actuais, sexan estes núcleos rurais, vilas, cidades ou áreas metropolitanas, atópanse inmersos en procesos de *transición continua* entre o que foron, o que son, e o que aspiran a ser.

De igual xeito, o patrimonio enténdese de diferente modo segundo cada lugar, cultura ou momento histórico, e obsérvase que é habitual a utilización do termo *centro histórico* dentro dun contexto urbano, é dicir, a parte máis antiga dunha vila ou cidade que é recoñecible como tal dentro dun conxunto de edificacións que a rodean. Pola contra, é probable que non se teñan en conta os pequenos núcleos tradicionais illados ou diseminados, que posiblemente constitúan tamén un legado dentro dun contexto diferente, máis amplo e no que cobra importancia vital o medio natural e a paisaxe que os rodea e da que forman parte.

En ocasións, este legado cultural e arquitectónico que chega ata nos é claro, recoñecible e delimitado, como é o caso dos restos dos antigos centros históricos amurallados, que conservando ou non as antigas protección que farían ás veces de elemento delimitador, adoitan estar perfectamente definidos en estilos, tipoloxía/s construtivas e antigüidade/s. Non obstante, noutras ocasións, atópase diseminado dentro da trama urbana en forma de elementos illados, pequenos conxuntos de edificacións ou incluso barrios tradicionais que sobreviven aos sucesivos períodos de especulación como testemuña dun pasado máis recente e ás veces depreciado, por ser obstáculo para o *crecemento*. Esta situación fai máis complexo o estudo das relacións entre estes pequenos conxuntos e/ou elementos patrimoniais individuais, separados por unha trama máis recente, así como a investigación do papel de cada elemento dentro do conxunto dos ensanches ou dos núcleos rurais actuais.

A pesar da certa indeterminación do termo de *centro histórico*, no ámbito territorial da investigación poderanse considerar como tales, á marxe do de Santiago de Compostela, aos de Arzúa, Melide, en certo modo ao de Portomarín, o de Sarria ou o pequeno núcleo urbano de Samos, por coincidir en algúns dos diferentes requisitos a ter en conta como o maior número de poboación e a súa maior densidade, a antigüidade, ou as relacións de dependencia do resto de poboacións próximas ou parroquias con estes. Algunhas destas poboacións próximas aos nodos centrais, neste estudo de caso na contorna inmediata do itinerario á marxe do planeamento urbanístico, poderían considerarse como núcleos rurais, tradicionais ou comúns, ou sinxelamente, asentamentos de poboación sen delimitar en solo rústico, na maioría de ocasións con base estritamente familiar, arraigada ao longo de varias xeracións (serie de táboas núm. 20 e fichas de resultados).

Como casos peculiares de núcleos, delimitados ou non, pero que se poidan considerar pouco definidos ou incluso diseminados dentro dunha poboación maior, pódese poñer o exemplo do centro histórico delimitado de Arzúa que, non obstante a nivel patrimonial polo menos, gardaría relacións con elementos singulares ou pequenos conxuntos de varias edificacións existentes nas Rúas Ramón Franco ou Padre Pardo, sendo a primeira rúa unha das máis antigas da vila e vía de comunicación ao norte do núcleo fundacional. Algo similar sucedería en Sarria co centro histórico ao redor da actual traza do Camiño Francés, sen delimitar no planeamento urbanístico. Non obstante, estes elementos satélite do intuíble e antigo centro histórico

atoparíanse dentro do perímetro do BIC, polo que dispoñerían dunha protección especial, ao contrario que os mencionados pequenos conxuntos de edificacións no caso de Arzúa.

6.4. As rexións globais, históricas.

O desenvolvemento rexional do ámbito de investigación está intimamente ligado a un itinerario de peregrinaxe con maior antigüidade que a maioría dos actuais asentamentos de poboación e, polo tanto, que foi testemuña da súa fundación, polo que a efectos do seu estudo urbanístico e/ou territorial non é posible separar un concepto do outro. Este ámbito delimitado dispón da consideración de BIC como territorio histórico, mais tamén outros itinerarios terrestres ou marítimos, como o das rutas comerciais dos fenicios ou o dos intercambios comerciais, militares e culturais ao longo das calzadas romanas, artellaron as comunicacións e a transmisión cultural con anterioridade. Estas últimas incluso serviron de base a outras posteriores como ao propio Camiño de Santiago, podendo comprobar, de novo, o proceso de *transición continua* do territorio e os fenómenos de superposición ou reciclaxe entre edificacións de distintas épocas, itinerarios e incluso culturas.

Na actualidade, o primeiro itinerario cultural do COE do ano 1987 é coñecido debido ás continuas tarefas de *marketing territorial* dende o público e o privado, á promoción institucional ou incluso aos importantes patrocinios que recaen puntualmente sobre elementos singulares como o Pórtico da Gloria. Destes non gozan habitualmente outros elementos localizados por exemplo na montaña lucense que son parte do mesmo fenómeno cultural. Con todo, cómpre ter en conta que o obxectivo final do itinerario sería a cidade de Santiago de Compostela. Estes procesos de promoción, tal e como se argumenta no punto 3.8.4, non serían tan recentes como se podería pensar polo que en todo caso, deberase considerar o que, a quen, e como van dirixidas estas promocións, a xulgar pola repercusión que poidan ter sobre o territorio en relación á súa capacidade de carga.

Neste senso, e dado o gran reclamo do itinerario, deberase considerar a posibilidade de que a actividade turística sen control nin planificación pode chegar a ser moi lesiva para o territorio, como demostran numerosos exemplos que rematan con procesos de encarecemento, xentrificación e, finalmente, coa expulsión da poboación habitual, como sucede en Venecia, Madrid e Barcelona. Cómpre lembrar o exemplo do xa nomeado problema xurídico dos pisos turísticos en Santiago de Compostela, que finalmente repercute nos prezos da vivenda e na escaseza de inmobles para o réxime do alugueiro tradicional.

Polo tanto, para a protección do ámbito territorial do Camiño Francés de Santiago, deberase actuar non só dende unha ollada posta no patrimonio arquitectónico, senón tamén no sector económico dentro da marxe de actuación que outorgan os PXOM aos usos do solo, así como á súa zonificación. Deberase considerar que os instrumentos de ordenación do territorio poden poñer certos límites a estes usos e actividades, tal e como o fai o único PTI existente na actualidade (POL), que regula os usos do solo con carácter xeral a partir dos permitidos, compatibles ou incompatibles, construtivos ou non construtivos. Por iso, a falta de planeamento de desenvolvemento dos plans xerais nos concellos do ámbito e os instrumentos de ordenación do territorio son unha ferramenta necesaria para establecer criterios xerais, que se poderán concretar mediante planeamento de desenvolvemento municipal, ou supramunicipal.

6.5. Demografía, economía e desenvolvemento rural.

No marco teórico (punto 4.9) expuxéronse os datos estatísticos xerais que reflicten a situación demográfica tanto a nivel autonómico como local (gráfico 14 e a táboa 18 do punto 3.4 do estado da cuestión). Neles obsérvase que, se ben o descenso da poboación nestes últimos municipios é contido, a tendencia continúa a ser decrecente incluso en concellos como Triacastela, o menor en superficie e número de habitantes e que, non obstante, alberga o maior saldo vexetativo da rexión histórica, iso si, en cifras negativas.

No apartado 4.9.3 achéganse os mapas 22 e 23 coa representación gráfica das poboacións sen habitantes, constatando que destacan os concellos de Palas de Rei e Sarria. Pola contra, os que dispoñerían de menor número de asentamentos de poboación nula serían os de Samos, Triacastela e Pedrafita do Cebreiro,

posiblemente debido aos problemas de establecemento de residencia e actividade económica nestas zonas montañosas e con dificultades climáticas, de comunicacións e transporte, etc., que provocaron que historicamente non existiran máis lugares aptos para ser habitados.

En todo caso, compróbase que aínda nun estado deficiente de conservación recoñécense os antigos núcleos tradicionais case intactos no que á súa tipoloxía e morfoloxía xeral se refire. Non obstante, constátase a existencia de numerosos impactos visuais, como os dos cerramentos e alpendres inacabados ou con materiais sen revestir a pesar da recente iniciativa do IET para a súa corrección, das que apenas se concederon dúas axudas no Pino e en Pedrafita do Cebreiro, botándose en falta outra tipoloxía de medidas máis proactivas que reactivas.

A dureza das accións do vento, da neve, do frío e da calor sobre todas as edificacións é determinante na conservación das mesmas, e aínda máis cando se está a falar de vivendas con certa antigüidade que precisarán da realización de labores de mantemento periódico, de reforma e de rehabilitación para conservar o uso e o valor patrimonial que poidan posuír individualmente ou en conxunto. Por isto, na actualidade emítense os libros do edificio nos que se contemplan unha serie de medidas de coidado, mantemento, etc. sen as cales se reducirá a vida útil da edificación e as súas instalacións.

Neste senso, quizais se deberían contemplar medidas periódicas de conservación, mantemento, etc. para as edificacións tradicionais do rural ou, polo menos, para as que ostenten certo valor patrimonial individual ou como parte dun conxunto. Así pois, na actualidade só sería preceptiva a realización dos IAE nos edificios de vivendas con carácter de residencia colectiva (art. 29.1 do TRLSRU e art. 2.b do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, modificado polo Decreto 34/2022,do 10 de marzo).

Para fomentar e contribuír á rehabilitación das edificacións do rural, ademais das axudas ao desenvolvemento local son importantes as que proceden de organismos como o IDAE, INEGA ou o IGVS a partir das ARI dos Camiños de Santiago (mapa 4), que dispoñen do crédito orzamentario presentado na imaxe 81 inferior, para o ano 2022[167]. Isto permite comprobar que as medidas levadas a cabo no ámbito do Camiño Francés para ese último ano son poucas e de pequena contía, debendo reflexionar sobre a eficacia das mesmas, así como sobre o papel e complexidade que pode xogar a burocracia na súa tramitación/concesión.

ARI Camiños de Santiago	
Proxecto 201800007 FFE	564.317,72 €
Proxecto 20180003 FCA	161.405,47 €
ARI Illas Atlánticas	
Proxecto 20180007-FFE	24.000,00 €
Proxecto 201800003-FCA	8.000,00 €

Imaxe 81: Orzamento das ARI (2022).

A partir dos últimos datos gobernamentais actualizados do *Ministerio de Hacienda y Función Pública* [168], compróbase que as axudas outorgadas na zona xeográfica do ámbito da investigación polo IGVS durante os últimos anos son as seguintes:

[167] Resolución do 23 de decembro de 2021 pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación para o ano 2022 (códigos de procedemento VI408H e VI408N)., páx. 65131.

[168] BDNS, *Sistema Nacional de Publicidad de Subenciones y Ayudas Públicas, Ministerio de Hacienda y Función Pública*, IGAE. Recuperado de: https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/concesiones, (Táboa 24).

Táboa 23: Subvencións no ámbito da investigación outorgadas polo IGVS (2019-2022).

CCAA / Entidade	Convocatoria	Beneficiario	Importe	Instrumento
SANTIAGO DE COMPOSTELA:				
GALICIA, IGVS 31/12/2019	Convocatoria subvencións programas de fomento da mellora da eficacia enerxética e sostibilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021.	C.P. en Santiago de Compostela.	8.835,10 €	Subvención e entrega orzamentaria sen contraprestación.
O PINO:				
-	-	-	-	-
ARZÚA:				
-	-	-	-	-
MELIDE:				
GALICIA, IGVS 23/11/2020	Subvenciones rehabilitación	C.P. en Melide.	25.578,67 €	Subvención e entrega orzamentaria sen contraprestación.
PALAS DE REI:				
-	-	-	-	-
MONTERROSO:				
-	-	-	-	-
PORTOMARÍN:				
-	-	-	-	
PARADELA:				
GALICIA, IGVS 10/06/2021	Convocatoria subvencións para rehabilitar vivendas de titularidade municipal.	Persoa física en Paradela.	96.000,00 €	Subvención e entrega orzamentaria sen contraprestación.
GALICIA, IGVS 15/12/2022	Convocatoria axudas mellora eficiencia enerxética vivendas.	Particular en Paradela.	3.000,00 €	
SARRIA:				
GALICIA, IGVS 10/06/2021	Convocatoria subvencións para rehabilitar vivendas de titularidade municipal.	Persoa física en Sarria.	240.000,00 €	Subvención e entrega orzamentaria sen contraprestación.
SAMOS:				
-	-	-	-	
TRIACASTELA				
-	-	-	-	
PEDRAFITA DO CEBREIRO:				
-	-	-	-	

En canto ás denominacións de áreas REXURBE do IGVS declaradas ata o momento dentro da comunidade autónoma e presentadas anteriormente na táboa 2, débese destacar que non consta ningunha no ámbito do Camiño Francés en Galicia. Non obstante, serán obxecto de axudas os municipios de Pedrafita do Cebreiro e Sarria[169]. Aínda que esta iniciativa afecta tamén aos núcleos rurais, polo menos ata o momento constátase que as áreas declaradas pertencen a centros históricos de certa entidade ou a algúns elementos individuais de especial interese. Así pois, mentres que tras a procura na aplicación web da Xunta de Galicia[170] non se aportan datos de núcleos ou inmobles en venda ou alugamento na zona da rexión histórica, trataríase dunha recente iniciativa á que se lle debe dar tempo e difusión para avaliar os resultados.

[169] Convocatoria axudas da Xunta de Galicia. Fonte: https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/120338/xunta-convoca-ayudas-hasta-15-000-para-comprar-viviendas-los-trece-cascos-historicos?langId=es_ES.

[170] Núcleos rurais en estado de abandono, Xunta de Galicia, IGVS. Fonte: https://vivendasnucleosrurais.xunta.gal/public/procedementoVenda/search. Consulta en data de 19/04/2023.

6.6. Estado da planificación urbanística.

Tal e como se achega no apartado 2.3.6 e se representa nas táboas 3 e 4 sobre o estado da planificación urbanística a nivel autonómico e rexional (concellos incluídos no ámbito da investigación), tan só cinco deles dispoñen de planeamento en vigor adaptado á LOUGA (anterior á vixente LSG), outros catro en distinto modo, adaptados a leis anteriores, mentres que dos dous restantes, Triacastela non dispón de planeamento e Samos tan só dunha DSU e outra DSNR, polo que o Plan Básico Autonómico sería de aplicación directa xa que o territorio municipal non contaría con ningún planeamento urbanístico xeral.

Segundo os datos publicados en abril do 2023, a nivel autonómico non constan plans xerais aprobados nos últimos anos e adaptados á vixente LSG (2016) oito anos despois da súa publicación, constatando que incluso so plans aprobados no 2022 estarían adaptados unicamente á anterior LOUGA do 2002, despois de longuísimos procesos de tramitación, con desacordos, paralizacións temporais e actualizacións de normativas sectoriais. Polo que respecta ao grao de adaptación á LOUGA dos plans xerais da comunidade, representarían un 38,66 % do total, é dicir, menos da metade de concellos de Galicia non estarían adaptados a unha lei cunha antigüidade de 22 anos, sendo esta porcentaxe na rexión histórica do 41,67% (5 dos 12 concellos).

No que respecta á necesidade de cumprimento de normativas actualizadas ás actuais problemáticas urbanísticas e territoriais, é importante mencionar que o PBA dispón de varios graos de aplicación parcial diferenciados, complementarios, ou ben dun terceiro grao que implicaría a aplicación íntegra do PBA, subsidiario ou de aplicación directa, en función da disposición transitoria primeira da LSG e o Decreto 92/2019. Este plan vén a suplir con maior precisión e con cartografía e catalogo propio ás antigas NNSSPP, hoxe derrogadas expresamente pola disposición derrogatoria única do PBA. Non obstante, deberanse ter en conta, ademais doutras lexislacións ou normativas sectoriais en determinadas materias e de preceptiva aplicación, que esta norma terase que cumprimentar coa redacción dos respectivos PBM, do mesmo xeito que sucedía coas NNSSPP e as NNSSMM.

A aplicación do PBA aos municipios con planeamentos urbanísticos non actualizados á lexislación vixente, ou incluso aos que non dispoñen de planeamento urbanístico algún, xera un réxime xurídico de aplicación complexo, ao que se deberá engadir a aplicación das normativas e lexislación sectoriais, coa preceptiva participación dos entes autonómicos con competencias en cada materia, que deberán avaliar e aprobar a idoneidade de cada instrumento de planeamento.

Estes procesos de redacción e desenvolvemento de planeamento urbanístico xeral son longos, como exemplifican dentro do ámbito de traballo os procesos en tramitación dos PXOM dos concellos de Monterroso (2010), Portomarín (2015), Sarria (2009) e Samos (2011), ou os Plans Especiais de protección como o PE-3 de Santiago de Compostela, hoxe en período de alegacións, e o PE-1 de Sarria (2016), mentres que o PE do Pino, o PECA de Arzúa, ou ben o que contemplaba o Concello de Melide para o ámbito de camiño en función da antiga lexislación en patrimonio cultural, nunca comezaron a desenvolverse. Por outra banda, é preciso considerar que estas tramitacións implicarán períodos de suspensión de licenzas de un ou dous anos segundo se establece no artigo 86.1 ou 86.2 do RLSG respectivamente, con repercusión tanto no desenvolvemento urbanístico en xeral como na actividade económica derivada da iniciativa privada.

Cómpre reflexionar sobre a posibilidade de redacción de instrumentos de planificación urbanística xeral ou de desenvolvemento para varios municipios no contexto da rexión histórica que engloben e unifiquen a normativa territorial e urbanística, actualizada aos tempos sobre o ámbito BIC da investigación. No que aos plans urbanísticos para varios municipios se refire, considérase que esta sería unha laboriosa tarefa ao xulgar polos resultados obtidos no pasado nos procesos de tramitación do planeamento municipal para cada concello a modo individual, e polo tanto, será máis complexo coincidir nas determinacións a aplicar a todos os termos municipais.

A planificación a nivel territorial contémplase mediante un PTI ao abeiro do art. 29.2 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e contemplada no desenvolvemento das DOT (Documento 4: determinacións, punto 10.1.2, b), así como no art. 82 da vixente lei en materia de patrimonio cultural que, entre outros requirimentos, esixe a adaptación á Lei 5/2016 dos planeamentos municipais do ámbito (art. 82.6). Este é un proceso complexo a xulgar pola traxectoria da normativa municipal anterior, aínda que se dispoñería de experiencias previas como a tramitación do POL.

No contexto da investigación e dada a circunstancia da existencia de numerosos núcleos rurais tradicionais deberase considerar a necesidade de redacción de instrumentos de planeamento de desenvolvemento municipais como Plans Especiais dedicados á protección (art. 179 do RLSG), á reforma interior (art. 182 do RLSG) ou ben delimitacións de solo de núcleo rural. Non obstante e dada a necesidade de unificación de normativa, cómpre ter en conta a posibilidade de tramitación dun único PE de carácter supramunicipal, que englobe o ámbito do BIC en todos os concellos polos que discorre o itinerario, o cal se presenta como algo incluso máis complexo pola amplitude da rexión e máis, se cabe, por non dispor de experiencias previas a nivel autonómico.

En todo caso, durante o desenvolvemento do presente traballo puxéronse exemplos de centros históricos con planeamentos xerais ou de desenvolvemento antigos e non adaptados á lexislación vixente, que en certo modo, corríxense con boas prácticas, interese e sentido común. Este é o caso de Allariz ou Pontevedra, o que amosa que non só se precisan PXOM avanzados e numerosa produción normativa e lexislativa, senón tamén boas intencións e acerto nas políticas locais no que respecta ao patrimonio en xeral, e aos centros históricos en concreto, apoiados por unha cidadanía preocupada pola súa identidade, capaz de antepoñer o interese xeral ao particular.

6.7. Lexislación, normativa e intervención sobre o patrimonio cultural e os núcleos rurais.

A tendencia lexislativa en diferentes ámbitos é a simplificación dos procedementos para acadar unha maior axilidade de cara aos cidadáns. Isto reflíctese no contido dalgunhas leis que aglutinan distintas temáticas como as de *medidas administrativas*. Estas leis *ómnibus* modifican anualmente os contidos doutros textos lexislativos como a Lei do solo ou a de patrimonio cultural, importantes para o desenvolvemento desta investigación. A *lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* introduciu novidades como o réxime de comunicacións previas e declaracións responsables. Non obstante, ao abeiro do artigo 351, 1, b) do posterior RLSG, a intervención sobre os elementos declarados BIC ou catalogados continuaría suxeita ao réxime de solicitude de licenza municipal, sen precisar o modo de tramitación relacionado coas competencias en materia de patrimonio cultural.

A Lei 1/2019 aporta máis novidades lexislativas relacionadas cos núcleos rurais abandonados e co seu posterior rexistro público (art. 62 e 63). Trátase de medidas a partir das cales se pretende facilitar actuacións integrais de rehabilitación para as que os concellos deberán "*indagar a identidade das persoas propietarias dos inmobles para os efectos de contar coa súa conformidade en prol de ofertalos para a venda*". Segundo se establece no artigo 64, poderanse iniciar de oficio ou por solicitude de persoa interesada, procedementos para a venda ou alugamento de parte dos inmobles incluídos na declaración das mencionadas áreas REXURBE e inscritos de forma voluntaria. Para iso, o IGVS poderá dar difusión a partir dunha plataforma informática (art. 65).

En todo caso, cómpre sinalar que a vixente lexislación en solo (LSG e o seu RLSG) xa contempla intervencións sobre a propiedade privada a través de ordes de execución ou expropiación forzosa. Isto delimita o alcance dos dereitos e deberes dos propietarios de bens inmobles en calquera tipo de solo, dispoñan estes dun valor patrimonial ou non, así como as obrigas relacionadas coas ITE ou os casos nos que se precisará o IAE para acceder a determinadas axudas destinadas á rehabilitación e á accesibilidade universal, sempre claro, con suxeición ao *Código Civil*.

Dada a importancia e a complexidade da Lei 1/2019, as Consellerías de Cultura e Medio Ambiente promoven a publicación da Resolución do 2 de agosto do 2019, pola que se procurará "*superar a situación de deterioración de moitos ámbitos, tanto urbanos coma rurais, loitando contra as causas do abandono, non só dun rico patrimonio cultural senón tamén do núcleo poboacional no cal se insiren*", interpretando a Lei do 1/2019, do 22 de abril. O Capítulo V da lei (táboa 24) regula as intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, e os ámbitos obxecto de planeamento especial de protección mediante as normas de aplicación directa e as posibilidades de actuación segundo cada nivel de protección, a caracterización administrativa da intervención sobre estes bens (autorizacións autonómicas ou licenzas directas municipais), así como a definición do que serán os vindeiros plans especiais de protección, tal e como se regularon anteriormente as normas técnicas de planeamento municipal, nun intento de estandarizar o contido e formato do planeamento municipal.

Táboa 24:Contido novidoso do Capítulo V da Lei 1/2019, do 22 de abril.

Sección	Ap.	Determinacións	Análise
1ª	1	Edificios catalogados ou BIC.	Os planeamentos non adaptados quedan intervidos pola lexislación autonómica no que respecta á definición dos graos de protección e actuacións permitidas. Os concellos deberán adaptar os catálogos de bens.
		Edificios incluídos no interior de perímetros de protección ou zona de amortecemento.	
		Edificios incluídos nun ámbito no que exista obriga de PE.	
	2	Prevalecía da Lei 1/2019 sobre todo tipo de planeamento e catálogos.	
	3	Catálogos municipais sen adaptar á Lei 5/2016, será de aplicación a homoxeneización contemplada na disposición transitoria primeira, que será aprobada mediante resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (a petición dos concellos).	
2ª	1	Aplicable a elementos catalogados, BIC ou dentro dos perímetros de protección. Poden ser obxecto de licenza directa municipal sempre que se trate de actuacións no interior e non afecten aos inmobles especificamente protexidos polo seu valor cultural e sen prexuízo da protección arqueolóxica.	Simplificación normativa, elimina trámite de autorización autonómica en certos casos. Sempre con licenza urbanística ou outra autorización administrativa municipal (CPO) segundo estableza LSG /RLSG.
	2	Contorno de protección e área de amortecemento de BIC ou catalogados, sempre que se trate de actuacións no interior, acabados de fachada, carpintarías, material de cubertas, non afectando aos valores culturais ou a elementos especificamente protexidos.	
	3	Poden ser obxecto de licenza directa municipal, actuacións de mantemento e escasa entidade técnica e construtiva, en casos de ameaza ao elemento, respectando sempre os materiais e sistemas orixinais da edificación.	
3ª	1	Regulamentariamente aprobarase un modelo de plan especial de protección que deberá servir de guía para a redacción dos plans especiais de protección	A Administración Autonómica deberá aprobar regulamentariamente un modelo tipo de plan. O desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2016 non se produciu na marxe de tempo sinalada en esta.
	2	O modelo de plan especial de protección conterá as determinacións básicas que se deberán incluír nos plans especiais que se redacten.	

No que respecta á protección do ámbito do Camiño Francés, débese mencionar que xa a *Lei 3/1996*, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago, recollía no art. 17 a obriga de redacción dun Plan Especial do Camiño, mentres que a posterior (e vixente) Lei 5/2016 contemplaba, dúas décadas despois e sen que se desenvolvera o anterior instrumento, a aprobación do PTI dos Camiños de Santiago no prazo máximo de dous anos dende a súa entrada en vigor (art. 82.1), que deberá contar coas "*liñas xerais para o mantemento e a conservación dos seus valores culturais e para garantir unha ordenación do territorio harmoniosa e integrada con eles*".

Este instrumento debería desenvolverse mediante o "*tipo de documento de planificación urbanística ou de ordenación do territorio que resulte máis axustado para establecer os criterios as condicións e o réxime necesario para a protección dos Camiños de Santiago*" (art. 82.2). Polo tanto, estableceranse primeiro os criterios xerais para logo precisalos co detalle suficiente, aínda que se deixa a porta aberta á posibilidade de desenvolvemento mediante un instrumento de ordenación do territorio, ademais do urbanístico.

Entre outras condicións contempladas no artigo 82, establecese no punto 6 que os concellos deberán adaptarse ao devandito PTI unha vez aprobado. Porén, dadas as actuais tendencias á longa duración de tramitación dos instrumentos de planificación urbanística, cómpre reflexionar sobre de canto tempo dispoñerán estes concellos para a aprobación definitiva destes PXOM, adaptados ao plan territorial, así como ao réxime transitorio. Hai que lembrar que, segundo a disposición transitoria cuarta ap.3) da Lei 5/2016, "*os planeamentos urbanísticos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, considéranse adaptados a esta lei, pero as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42*".

Continuando cos prazos auto impostos pola Lei 5/2016, o punto 2º da disposición adicional establecía que "*no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia elaborará un regulamento no que se fixe o formato do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia*". A día de hoxe, ese desenvolvemento regulamentario non se produciu. Noutro senso e se ben se debe mencionar a excepción parcial de Santiago de Compostela, nos concellos incluídos no ámbito da investigación non se desenvolveron con éxito instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral dedicados aos centros históricos, ao ámbito do camiño, ou á protección de moitos dos núcleos rurais tradicionais.

Tal e como se expón nas liñas superiores e noutros apartados anteriores, os instrumentos obsoletos como plans xerais antigos ou normas subsidiarias, suxeitos á aplicación complementaria ou subsidiaria do Plan Básico Autonómico, as normas de aplicación directa da Lei 1/2019 e o seu réxime de autorizacións, os condicionantes e disposicións transitorias da Lei 5/2016, e incluso as instrucións e as resolucións interpretativas, converten o réxime de intervención sobre os centros históricos e núcleos tradicionais, no ámbito do camiño ou fóra deste, en algo complexo e suxeito a tantas interpretacións como municipios, que se ben xa son complexas para os técnicos urbanísticos e xurídicos municipais, máis o serán para a cidadanía. Ademais, aínda completando a aplicación do réxime de protección do patrimonio arquitectónico no ámbito da investigación, precisarase de desenvolvemento da normativa urbanística e/ou da redacción de PXOM, adaptados ás vixentes leis en solo e patrimonio cultural.

6.8. Estado de conservación do patrimonio arquitectónico no Camiño Francés.

Cando se tratan temáticas relacionadas co patrimonio arquitectónico adoitase reflexionar sobre un concepto de patrimonio moi xeral, que engloba distintos elementos e valores a protexer, e que deberá ser matizado xa que, dentro do ámbito desta investigación e dos valores asociados a un elemento estritamente arquitectónico, poden existir outros relacionados coa historia, a cultura ou a etnografía, a industria ou a tecnoloxía, mesmo en edificacións que non dispoñan de especial interese como pezas arquitectónicas. Noutras ocasións, este valor provén da agrupación dunha serie de elementos e do significado material ou inmaterial que estes poidan posuír, e estaría vinculado a un conxunto de elementos, podendo tamén incluír a contorna próxima, a súa paisaxe ou incluso o medio ambiente.

Por iso, o contexto asociado ao elemento individual ou ao conxunto de individualidades é importante para determinar o valor deste/s. Así pois, non se poden situar na mesma escala, as edificacións singulares como pazos, hospitais, casas consistoriais, conventos ou igrexas etc., co lugar que ocupan as humildes e pequenas edificacións de carácter residencial que se realizaban con menor capacidade técnica e económica e, polo tanto, dispoñerán dunha menor durabilidade, que merecerán algún grao de protección. Neste senso, e dado o contexto da presente investigación, non se pretende avaliar o estado individual de cada elemento catalogado, senón o da rexión histórica, como contedor doutros elementos e conxuntos, e polo tanto, como o gran conxunto patrimonial.

Nas fichas achegadas no ap. 5.4 obsérvase que as notables diferencias entre as poboacións do ámbito da investigación proveñen da provincia na que se localicen, da proximidade aos nodos centrais ou ás vías de comunicacións, e polo tanto, das posibilidades de acceso a servizos, dotacións, equipamentos e instalacións. Ademais, constátase unha maior dispoñibilidade destes servizos na provincia da Coruña, pero tamén o feito de que, aínda que quizais non todos os núcleos rurais tradicionais merezan a catalogación como tales, son

moitos menos os así recoñecidos na provincia da Coruña, podendo nomear os de San Marcos e San Paio en Santiago de Compostela, ou San Xil en Sarria (Lugo). Pola contra, en Pedrafita do Cebreiro catalóganse todos os núcleos existentes na traza do Camiño Francés. Os concellos con maior número de elementos catalogados no ámbito do BIC serían Sarria e Samos, o primeiro planifica o territorio municipal mediante unhas NNSSMM que datan do ano 1986, mentres que o segundo apenas dispón dunha DSU (núcleo de Samos) e dunha DSNR en Vigo do Real, ficando sen planeamento algún o resto do concello, e polo tanto, resultarán de aplicación directa, as determinacións do PBA en todo o territorio municipal.

Outros elementos individuais que se atopan nos núcleos tradicionais como os cruceiros, os petos de ánimas ou os hórreos e nos que se poida probar unha antigüidade anterior ao ano 1901, quedarían sometidos ao réxime xurídico correspondente aos BIC (art. 92 da Lei 5/2016) sen necesidade da tramitación que se establece para estes bens no Título I da lei. Non obstante, nin as antigas NNSSMM nin os PXOM con certa antigüidade, ou algúns incluso máis recentes, reflicten datos ao respecto que son de especial importancia para a súa protección, pero tamén no relacionado coa súa divulgación á cidadanía.

7. DISCUSIÓN DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS FINAIS.

Unha vez achegados e analizados os resultados, preséntanse a continuación as conclusións, mediante a resposta á pregunta da investigación en función dos obxectivos principais e específicos.

7.1. Contexto: Da hipótese de investigación cara ao obxectivo principal.

A hipótese da investigación (punto 1.5.2) contemplaba a posibilidade dunha continua perda do patrimonio cultural que se estaría a producir na actualidade, así como en que grao sería evitable a partir dos instrumentos de planificación e lexislación urbanística. Esta dou lugar ao obxectivo principal do traballo (ap. 1.7.1.) que trataba de realizar a análise e a diagnose de caso que correspondería ao estado actual dos conxuntos históricos no itinerario do Camiño Francés en Galicia. Para comprobar o estado de cada poboación precisaríase avaliar outros ámbitos ou áreas de estudo como a demografía, os usos do solo e as actividades, e outros factores, que se presentan en formato de táboas, gráficos, imaxes e mapas ao longo da investigación, así como de forma xeral no apartado 5.3, ou de forma específica no apartado 5.4 mediante fichas descritivas dos asentamentos de poboación.

7.2. Discusión dos resultados.

Desenvólvense nos seguintes puntos os achados da investigación en puntos diferenciados segundo as temáticas tratadas no desenvolvemento do traballo, para posteriormente emitir unhas conclusións finais sobre o grao de cumprimento dos obxectivos da investigación.

7.2.1. Eficacia da normativa e lexislación urbanística.

No que respecta á normativa urbanística de aplicación, achegáronse os datos sobre o estado do planeamento urbanístico no ámbito da rexión histórica (táboa 3 do punto 2.3.6), constatando a antigüidade destes instrumentos e a pouca adaptación ás necesidades e retos actuais, que se reflicte en determinacións pouco claras e sen detalle, cartografía obsoleta e un escaso recoñecemento de elementos patrimoniais. A vixente lexislación en solo do ano 2016 corrixe en certo modo o réxime de aplicación a estes planeamentos, mais xera unha disparidade normativa considerable entre os concellos do ámbito da investigación, que non contan con ningún PXOM adaptado á actual LSG.

Por outra banda, os planeamentos urbanísticos continúan a non ser instrumentos áxiles na súa tramitación e na súa posterior execución. Isto compróbase no estudo de caso, onde se constata que algúns municipios comezaron procesos de tramitación que aínda hoxe están sen resolver, ou ben non se chegaron a iniciar décadas despois. Consecuencia do anterior é que os catálogos de patrimonio incluídos nos PXOM supéranse pola aparición de novos elementos que se reflectirán no PBA grazas ao recoñecemento actual da normativa en vigor, que amosa unha maior sensibilidade de cara aos valores patrimoniais.

Pódese nomear a cantidade de elementos propostos para catalogación no PBM en tramitación de Triacastela, algúns incluso non contemplados no PBA e que a consellería con competencias na materia deberá avaliar. En todo caso, cómpre mencionar que o PBA é un instrumento complementario ou subsidiario de planeamento, pero que nin delimita solo nin o pode clasificar, polo que se terá que desenvolver mediante os PBM en ausencia de planeamento xeral.

A lexislación vixente en materia de patrimonio cultural outorga unha protección especial aos elementos no ámbito delimitado do BIC, dedicando todo un título da Lei 5/2016 que, en combinación coas estipulacións da Lei 1/2019 sobre rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, e o Plan Básico Autonómico, concreta un réxime de aplicación que aínda que complexo e transitorio, ou incluso sen desenvolver, suple en parte ás antigas NNSS e PXOM obsoletos dalgúns municipios. Estes instrumentos que por falla de acordos ou vontade das AALL non se actualizaron nun tempo adecuado e continúan en vigor dende fai incluso máis de tres décadas provocan que as determinacións a aplicar no eido urbanístico non proveñan da normativa municipal, senón da autonómica. Esta última, ante a inacción das primeiras, actúa de modo complementario ou subsidiario do planeamento, así como dos seus catálogos, graos de protección e intervencións permitidas sobre os elementos catalogados ou BIC a partir da vixente lexislación en patrimonio cultural.

En todo caso, precisarase de desenvolvemento e moito traballo en temáticas como o pretendido *modelo* de Plan Especial de Protección autonómico, así como en todo o relacionado coas incipientes medidas da Lei 1/2019 sobre as ARI, REXURBE, e os rexistros de núcleos e inmobles abandonados para venda ou alugueiro. Con todo, deberase reflexionar sobre as consecuencias de avanzar cara a un *instrumento tipo* único que dende a Administración Autonómica se impoña a diferentes conxuntos, núcleos ou centros históricos, baseado na estandarización destas poboacións ou centros históricos, así como en que grao se poderá adaptar á casuística e ás necesidades individuais de cada elemento e á súa cultura e identidade propia.

7.2.2. Grao de conservación dos centros e conxuntos históricos e viabilidade futura.

Unha vez avaliado o estado de conservación dos antigos centros históricos e núcleos tradicionais e presentados os resultados nas fichas do apartado 5.4 e a análise no punto 6.8, compróbase que o estado de conservación dos centros históricos é dispar en función de en que rúa se estea a falar. Non obstante, cómpre mencionar que moitas das custosas intervencións de rehabilitación do patrimonio edificado non se promoven para a dotación de uso residencial, sexa este en réxime de propiedade ou de alugueiro tradicional, senón que na maioría dos casos se trataría de iniciativas dende o eido turístico, é dicir, hoteis, aloxamentos de todas as tipoloxías, así como na hostalería.

O estado de conservación de Arzúa, Melide e Sarria é bastante aceptable no que a elementos singulares se refire, moitos deles dotados de uso e actividade cotiá. En todo caso, compróbase a existencia doutras edificacións destinadas a uso residencial en estado asimilable ao de ruína ou en total abandono, constatando a dificultade de dotar a estas últimas das condicións mínimas de habitabilidade para desenvolver os usos residencias segundo os estándares actuais.

A actividade local é escasa debido, en parte, á inexistencia de baixos dispoñibles nas edificacións con carácter residencial unifamiliar, mentres que noutras que contan con división horizontal, as plantas baixas atópanse baleiras ou en condicións non aceptables para o emprendemento sen que medie un proceso de reforma, rehabilitación, etc., que as dote dunhas condicións mínimas de altura, superficie e volume, para o exercicio dunha actividade, aínda contemplando as posibilidades de minoración dalgunhas das condicións impostas polo CTE ou a mesma Lei 1/2019 para intervencións en edificacións catalogadas.

En todo caso, os usos que se desenvolven nestes emprazamentos dependen en gran modo do turismo, e dentro deste, do turismo de tempada asociado ao fenómeno do Camiño. Trátase nunha gran porcentaxe de actividades relacionadas co aloxamento nas diversas modalidades e a hostalería, polo que a actividade

económica reducirase de forma importante fóra de tempada ou en anos non considerados como santos. Noutro senso, do mesmo xeito que sucede nos demais centros históricos, a conexión co resto da cidade e incluso dentro dos propios centros históricos é complexa polas condicións de accesibilidade, mobilidade, ou aparcamento. Un exemplo disto é o lugar de Melide, no que as diferencias entre a améndoa central e o resto do casco histórico son significativas, mentres que o de Arzúa dispoñería dunha zonificación difusa á que habería que engadir algúns pequenos conxuntos de edificacións distanciados do asentamento primitivo ao redor da contorna da Igrexa de Santiago.

O centro histórico non delimitado de Sarria, ao sur do gran ensanche da vila co maior crecemento demográfico da rexión histórica, desenvólvese nas marxes da Rúa Maior pola que discorre o itinerario do Camiño Francés, delimitado a modo de protección polo ámbito do BIC e que conta cunha améndoa central que apenas representa un treito de edificacións consolidado e compacto duns 350 metros. No resto do ensanche constan grupos de edificacións con certa idade e tipoloxía de vivenda tradicional de carácter unifamiliar que sen embargo, se mesturan con outras recentes sen tipoloxía definida en relación ás alturas, volumes, ou en modo de residencia unifamiliar ou colectiva, incluso no importante eixo central de comunicacións e comercio que representa a LU-633.

O grao de conservación das edificacións do centro histórico é dispar, aínda que en xeral bastante aceptable, no senso de que se atopan habitadas e aparentemente correctamente conservadas. Este feito constata que a proximidade dun ensanche moi consolidado, con maior cantidade de servizos e comercio, dotacións e equipamentos, favorecería a preservación da poboación. Non obstante, non dispoñería de espazos de aparcamento próximos, pero si de baixos con garaxes particulares. A presenza na mesma Rúa Maior da Casa do Concello e de Protección Civil, e a proximidade a centros de culto, implican o mantemento da vida na rúa e o ambiente urbano.

A peculiar poboación de Samos dispón dunha grande cantidade de elementos catalogados que implican que se atope integramente baixo os perímetros de protección dos mesmos, aos que se debe engadir o perímetro de protección do ámbito do BIC. Esta poboación conta cunha morfoloxía máis relacionada coa dun pequeno núcleo rural que xorde ao redor da estrada LU-633 e das instalacións do mosteiro e que, ademais das edificacións unifamiliares máis comúns nestes núcleos rurais, ten unha gran cantidade de edificacións con uso residencial de vivenda colectiva, máis recentes e sen apenas comercio e actividade económica, máis aló da hostalería e do aloxamento turístico.

Por iso, a pesar da súa condición de cabeceira do concello, sería moi dependente doutras poboacións próximas como a de Sarria ou a maior distancia, da capital provincial. O estado de conservación das edificacións tradicionais é bastante deficiente, tal e como se observa tras a procura das fotografías recentes achegadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, e así se presenta nas fichas do apartado 5.4. No que respecta aos núcleos rurais tradicionais, constátase a dificultade para os usos residenciais na zona de Lugo, pero especialmente en Sarria, Samos, Triacastela e Pedrafita do Cebreiro, pola inexistencia de servizos, comercio, etc., agravado por unhas deficientes comunicacións viarias que implicarán períodos de desprazamento maiores a os doutras poboacións relativamente próximas.

Estas circunstancias que proban a dureza das condicións de vida en esta zona do territorio, influirán nun continuo descenso da poboación que remata finalmente co deterioro da trama residencial tradicional e, con este, o do patrimonio cultural e etnográfico. Na provincia da Coruña con menor cantidade de núcleos rurais tradicionais, a poboación é maior, non obstante, o descenso desta é tamén significativo (serie de táboas 22), constatando un importante problema de perda de poboación no rural que non dan freado as axudas e demais iniciativas a prol deste, ou a maior proximidade a vilas e nodos maiores de poboación, incluso a vías de comunicación de alta capacidade.

7.2.3. Participación e intervención da cidadanía.

Constatada a inobservancia das tarefas, deberes e prazos que se marcan as administracións locais no que respecta ao planeamento urbanístico e ao coidado e protección do patrimonio cultural, a cidadanía non o ten doado. Deste xeito, só podería participar nalgún modo no eido urbanístico, nos procesos de tramitación do planeamento en pequenos períodos de alegacións aos plans, derivados dunha normativa e dunha lexislación que implicarían para calquera cidadán a necesidade dun certo apoio técnico e/ou xurídico. Non obstante, aínda que non consta a existencia de entidades, asociacións ou grupos cidadás preocupados polo urbanismo ou a ordenación do territorio dentro da rexión histórica, comprobouse o interese crecente por áreas como a ecoloxía e o medio ambiente ou o patrimonio cultural, que procuran a protección, valorización e divulgación, así como a consecución de certa influencia nas administracións con competencias en cada materia. Malia isto, a relevancia da opinión da cidadanía continúa a ser mínima fóra da puntual entre cada período de catro anos.

7.2.4. Os actuais e os futuros conxuntos históricos.

Os centros e conxuntos históricos precisan de vida e actividade cotiá para continuar cos seus usos e manter así, o patrimonio arquitectónico, polo que, ademais de actuar sobre a edificación material por medio de intervencións de mantemento, reforma e rehabilitación, deberase actuar sobre o contido destas, para adecualas aos actuais estándares de habitabilidade, así como aos novos usos, sempre e cando sexan respectuosos coas edificacións, pero tamén co conxunto que as contén. Os usos regúlanse en primeira instancia polo planeamento xeral, podendo establecer certos límites nos plans territoriais, non obstante, non se pode intervir en estes dende os plans especiais, polo que a actuación sobre a rexión histórica e os seus pequenos centros históricos e conxuntos, precisará de coordinación entre as distintas administracións, normativa urbanística e territorial.

Noutro senso, os habituais usos e actividades que se desenvolven nos centros históricos urbanos, e que se poden considerar adecuados para estes, non se poden extrapolar aos núcleos rurais, e menos, aos núcleos rurais da provincia de Lugo, cunha climatoloxía e características xeográficas que quizais os convertan en inadecuados ou inviables de facto, dende unha visión empresarial. Compre unha análise da contorna próxima a estes núcleos e as posibilidades de emprendemento en áreas relacionadas co sector primario, sustentables e respectuosas co medio.

7.2.5. A planificación supramunicipal, territorial ou urbanística.

Se ben os plans territoriais aportan unhas posibilidades amplas de intervención sobre o territorio, os Plans Especiais de protección achegarán un maior detalle, polo que serían os instrumentos máis adecuados para a protección da rexión histórica. Non obstante, xa se xustificou que a tramitación deste instrumento sería longa e complexa e por tanto, nestes momentos será unha tarefa para realizar a medio prazo, non obstante, en prol da protección do ámbito da rexión histórica, o comezo da tramitación non se debería demorar máis, se ben precisase un modelo conceptualmente adecuado.

A posición global da rexión histórica é coñecida polo itinerario cultural, mais dada a tipoloxía de poboamento do territorio, amplamente rural e diseminada, deberase contemplar o problema social do abandono do rural que, entre outras circunstancias, estaría directamente relacionado coa protección dos núcleos tradicionais. A sostibilidade futura dos conxuntos históricos depende do mantemento da actividade tradicional, na maioría das ocasións máis sustentables que os actuais, comprobando que a actual economía basease maiormente nun sector turístico, non sempre respectuoso co territorio, polo que deberase actuar sobre o destas actividades en prol de acadar un adecuado desenvolvemento local, tendo en conta a salvagarda do medio ambiente.

USC DE COMPOSTELA

7.2.6. As tarefas de coordinación e colaboración inter-administrativa.

A investigación contemplaba a conveniencia da creación dun ente multidisciplinar no que participen as administracións involucradas para a coordinación da rexión histórica unha vez existan instrumentos de planificación territorial ou urbanística. Tal e como se presenta nos datos sobre o estado do planeamento urbanístico e as diferencias entre provincias e concellos, unha vez posto en práctica algún instrumento de planificación territorial e/ou urbanística na rexión histórica, procedería a creación dun organismo ou comisión de seguimento, que avalíe o cumprimento periódico das determinacións dos plans e procure unha mellora continua destas, en todo caso e tal e como se argumentou no desenvolvemento deste traballo, quizais deberase poñer máis énfase na consecución dunha correcta aplicación do planeamento urbanístico, e dun correcto desenvolvemento do réxime de CPO e licenzas urbanísticas, temas menos estudados e relegados á práctica profesional nas AALL.

Neste senso, a Lei 1/12019 contempla no artigo 67 a creación de *Oficinas de Rehabilitación* municipais en todos os concellos con áreas de protección de forma preceptiva, introducindo tamén a figura das oficinas de rehabilitación supramunicipais (art. 67.3), xestionadas polo IGVS para as REXUBE, que podería contemplarse para a rexión histórica, con ou sen ARI e/ou REXURBE declaradas, nun intento de xestionar o amplo patrimonio da área do BIC. As tarefas de xestión e de coordinación preveranse no planeamento territorial ou urbanístico, máis no caso de que se pretenda a tramitación dun complexo plan especial de protección supramunicipal, iniciativa pioneira, polo menos na nosa comunidade autónoma, e que precisará axuda dende todas as disciplinas, áreas de coñecemento, gobernos, universidade e grupos de investigación, e por suposto, maior participación da sociedade.

7.3. Conclusións e valoración final sobre o cumprimento dos obxectivos da investigación.

7.3.1. Valoracións relacionadas co obxectivo principal.

(1) O obsoleto planeamento urbanístico dos concellos da rexión histórica, non protexe en suficiencia aos territorios municipais nin ao patrimonio arquitectónico. Esta situación súplese so en parte no ámbito do BIC, grazas a instrumentos urbanísticos e lexislación en materia de patrimonio cultural, que emanan doutras escalas da administración.

(2) Polo menos sobre o papel e á espera de comprobar os resultados reais na práctica urbanística, tanto o PBA e os PBM, como a máis recente Lei 1/2019, supoñen unha mellora na aplicación da normativa e lexislación urbanística, que quizais deba avanzar de cara á simplificación administrativa sen a actual perda de eficacia nas labores de inspección e control.

(3) Constátase que a amplísima e complexa produción normativa no eido do urbanismo, finalmente non presta o servizo necesario para a protección do patrimonio arquitectónico, polo que quizais debérase camiñar cara a unha máis resolutiva posta en práctica das determinacións do planeamento urbanístico.

(4) Tanto a tramitación de plans especiais como territoriais, son medidas necesarias e urxentes para a rexión histórica, non podendo demorar máis o inicio da tramitación deste/s instrumentos, non obstante, deberán executarse en paralelo a medidas sobre o ámbito social, económico e demográfico, contemplando medidas orientadas á educación sobre os valores do patrimonio, complementada con información e formación á cidadanía en materia de urbanismo e participación efectiva dende o interese público.

(5) Deberase dar solucións ás situacións de moitos propietarios de vivendas do rural sobre os que pesa o deber de mantemento e que a pesar de axudas e subvencións á rehabilitación, non poden acometer estas custosísimas intervencións sobre as edificacións herdadas xeración a xeración. Non se pode poñer na mesma balanza a estes propietarios e aos grandes fondos de inversión que promoven macro operacións inmobiliarias e turísticas.

(6) Froito do argumentado nos anteriores puntos, considerase que o patrimonio arquitectónico dos núcleos rurais en xeral, así como o do ámbito da investigación, estaría exposto ao proceso sucesivo de abandono, deterioro e finalmente, irremediable perda, non obstante, os pequenos centros históricos das vilas no ámbito da investigación, gozarían dunha mellor situación, que en todo caso, deberase complementar cun novo modelo de instrumentos de planificación territorial e urbanística.

7.3.2. Valoracións relacionadas cos tres obxectivos específicos.

(1) Se ben é importante a protección do que hoxe consideramos como centros históricos, tamén o será a conexión entre a antiga arquitectura e a contemporánea, para desta forma, planificar os futuros conxuntos históricos. Neste senso, non so é importante a conservación, senón tamén, a adaptación aos novos usos e actividades actuais, polo que sería necesaria unha maior flexibilidade do planeamento urbanístico, que do mesmo xeito que o territorio, estaría inmerso en procesos de *transición continua*.

(2) Os retos das rexións globais son moitísimo máis amplos que o omnipresente turismo, polo que para o desenvolvemento rexional deberase xirar a faciana de cara ao interior da comunidade local, na procura dunha actividade económica endóxena e perdurable, máis aló dos períodos de *tempada alta* turística.

(3) O urbanismo cada vez máis é unha disciplina multidisciplinar, no que respecta ás áreas de traballo involucradas, pero tamén ás administracións e colectivos con competencias e aso cales afecta. Deberase contemplar un modo de intervención integral e cooperación entre administracións, aumentado a participación organizada da cidadanía, e reducindo a burocracia.

7.4. Limitacións, recomendacións e próximas investigacións:

A principal limitación da investigación é a necesidade de avaliar o estado de cada poboación mediante a inspección *in situ* en cada emprazamento e a súa contorna, usos e actividades, tradición escrita e oral, redes de comunicacións, etc., que resultaría unha tarefa amplísima, non abarcable neste formato de traballo e que se deberá desenvolver en posteriores investigacións. En todo caso, preséntase unha análise da foto fixa que, aínda que reflicte tendencias, amosa un momento concreto e puntual, que mudará co tempo e sobre o cal se deberá intervir dende o eido académico e científico co fin da mellora normativa e lexislativa, e así, dotar dunha mellor protección o patrimonio cultural.

Outra importante limitación é a gran cantidade de profesionais e académicos que se precisarían para levar a cabo esta tarefa debido aos requirimentos de todas as áreas de coñecemento involucradas, non asumibles por un único perfil de investigador ou profesional, e que implicarían consensos entre distintos grupos de investigación e/ou profesionais multidisciplinares, así como entre distintos niveis de AAPP.

Argumentábase no punto 6.3 a necesidade da procura e delimitación de pequenos conxuntos históricos illados e diseminados dentro de ensanches maiores, así como o estudo do papel que representan dentro da trama urbana ou rural, ou con outros conxuntos tamén illados, centros históricos, etc. A intención é estudar as relacións culturais, históricas, etc. entre estes pequenos conxuntos e o motivo polo que sobreviven ao resto da malla, e a relación xeral co resto do núcleo de poboación, ensanche, etc., procurando unha planificación orientada á consecución dun futuro conxunto histórico único con elementos de distintas épocas, delimitado e con valor patrimonial, unha vez adaptados os espazos intersticiais desconformes.

Para finalizar, considerase que sería necesario o desenvolvemento de BBDD conxuntas con datos actualizados e accesibles para o seguimento dos centros históricos e do núcleos tradicionais, que permitan achegarse a temáticas de vivenda, estado de conservación de edificacións, demografía, usos e actividades, intervencións de rehabitación e rexeneración urbana, etc., e que así poidan servir de axuda a futuras investigacións sobre patrimonio, urbanismo ou outras áreas de traballo involucradas no estudo dos conxuntos históricos, promovidos en conxunto dende o eido académico, o das AAPP, e incluso dende os Colexios Profesionais con competencias nas distintas áreas de investigación involucradas.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

8. REFERENCIAS.

8.1. BIBLIOGRÁFICAS.

Allen, M., & Rothman, M. (2004). Uruk Mesopotamia and its Neighbours: Cross-Cultural Interactions in the Era of State Formation. American Antiquity, 69(1), 149-152.

Aldrey Vázquez, J.A. (2015). El pausado avance de la ordenación del territorio y del planeamiento urbanístico en Galicia. En The overarching issues of the European space: spatial planning and multiple paths to sustainable and inclusive development, Porto: FLUP. 169-18.

Alonso Royano, F. (1997). La ciudad y el ciudadano en Egipto. Espacio, tiempo y forma, Historia Antigua, (10), 35-61.

Álvarez Gómez, J. & Alonso González, A. (2005). Nocións de crecemento e desenvolvemento económico, Revista Galega de Economía, (15)2, 249-258.

Amoedo Souto, C.A. (2017). La desprotección judicial del patrimonio de la Humanidad: el caso del Camino de Santiago, Revista Española de Derecho Administrativo (155), 189-217.

Amunátegui Perelló, C. (2013). Migraciones en la antigüedad. Reflexiones comparativas con su tratamiento jurídico en el presente. Revista Chilena de Derecho, 40(3), 1035-1041.

Antón Burgos, F. J. (2000), Nomadismo ganadero y trashumancia: Balance de una cultura basada en su compatibilidad con el medio ambiente, Revista Anales de Geografía de la Universidad Complutense, número (20), 23-31.

Aparicio Guerrero, A., Serrano Gil, O. & León Irujo, D. (2018). Rehabilitación y reutilización del patrimonio urbano. Los centros históricos de nuevas capitales políticas españolas Patrimonio de la Humanidad. Cuadernos de Turismo (42), 15–45.

Ariño Gil, E. (2013). El hábitat rural en la península Ibérica entre finales del siglo IV y principios del VIII: un ensayo interpretativo, Antiquité Tardive (21), 93-123.

Aristóteles (1988). Política (M. García Valdés, Trans.). Biblioteca Clásica Gredos, Nº. 116. Editorial Gredos S.A. Madrid.

Armas Quintá, F.X., Lois González, R. C. & Macía Arces, X.C. (2017). Los Servicios Avanzados de Internet: Nuevas oportunidades para el desarrollo de los territorios rurales, Estudios e Investigaciones, Anales de Geografía de la Universidad Complutense, (38)2, 271-287.

Balsas, C. (2006). Evolución histórica de la planeación de ciudades en Portugal. EURE (Santiago de Chile), 32(97), 81-95.

Bandi, H-G. (1985). El sistema de tres períodos en la investigación prehistórica, desde los orígenes a la actualidad. Quaderns de prehistória i arqueología de Castelló, (11), 7-16.

Barreiro Quintáns, D., López Rodríguez, R., & Lois González, R.C. (2019). Las villas galegas, concepto y realidad. Eiría, 2019 (3), 329-350.

Barreiro Rivas, J.L. (2002). La función política de los Caminos de Peregrinación en la Europa Medieval (Estudio sobre el Camino de Santiago) [Tesis doctoral]. (Universidade de Santiago de Compostela).

Bassols Coma, M. (2004). La planificación urbanística y su contribución al desarrollo urbanístico sostenible. Derecho del Medio Ambiente y Administración Local, Fundación Democracia y Gobierno Local, 677-709.

Becerra García, J.M. (2017). La conservación de la ciudad patrimonial. El planeamiento urbanístico como instrumento para la protección, La experiencia de dos décadas de tutela en el cambio de siglo en Andalucía (Tesis doctoral). Escuela Técnica Superior de Arquitectura, Universidad de Sevilla.

Benévolo, L. (1963). Historia de la arquitectura moderna [Translation of Storia dell'architettura moderna by Editori Laterza, Bari, (1960) to Spanish by María Castaldi and Jesús Fernández Santos]. Taurus Ediciones, S.A.

Blanco-Romero, A., Pons Buades, G. X., Blazquez Salom, M., Navalón-García, R., & Troitiño Torralba, L. (2020). La sostenibilidad turística a debate. En G. X. Pons, A. Blanco-Romero, R. Navalón-García, L. Troitiño-Torralba y M. Blázquez-Salom (Eds.), Sostenibilidad Turística: overtourism vs undertourism,. Monografías de la Sociedad de Historia Natural de las Baleares (31), 11-20.

Blazquez Martínez, J.M. (1997). El cristianismo, religión oficial, Cuadernos Historia 16, 56-65, año XXI, 1997, publicación do Grupo 16.

Benedictow, O. J. (2011). The black death, 1346-1353: The complete history (J. L. Gil Aristu, Trans.). Ediciones Akal. (Original work Publisher 2004)

Benítez de Lugo, L. (2011). Orígenes, desarrollo y ocaso de la cultura del bronce de la Mancha. Nuevas aportaciones a la interpretación de los procesos de transformación y cambio en el Alto Guadiana durante la prehistoria reciente. Quaderns de Prehistória i arqueoloxía de Castelló, (29) 47-75, La Edad de Bronce en el Mediterráneo Occidental, servei d'Investigacions Arqueològiques i Prehistòriques, Diputació de Castelló.

S. Bettencourt, A. M. (2010). La Edad del Bronce en el Noroeste de la Península Ibérica: un análisis a partir de las prácticas funerarias, Trabajos de prehistoria, (67)1, 139-173.

Boix Domènech, R. (2008), Concepto y delimitación de áreas metropolitanas: una aplicación a las áreas metropolitanas de España, Seminario Las grandes áreas metropolitanas españolas en una perspectiva comparada, Sevilla, 11 de Abril de 2007, Centro de Estudios Andaluces, Consejería de la Presidencia.

Botana, C. (2022). *El espejismo del espacio público*, Revista Crítica Urbana, Espacio público, espacio en conflicto (22), 8-11.

Bravo Bosch, M.J. (2016). Urbanismo y territorio en la antiguedad tardía en Hispania, revista digital de derecho administrativo, (16), 145-19.

Cabanelas de Gracia, J. (2018). Estudio comparativo de la participación ciudadana en el urbanismo de Galicia con dos autonomías: Madrid y País Vasco. Propuesta de una participación en el planeamiento urbanístico. Práctica Urbanística, (153), Wolters Kluwer

Campillo Garrigós, A. (2009). Nómadas cosmopolitas, Fronteras y límites, Cuadernos del Ateneo (28), 11-22.

Capel Saez, H. (2010). El urbanismo, la política y la economía (y viceversa). Una perspectiva comparada, Biblio 3W, revista bibliográfica de geografía y ciencias sociales serie documental Geo Crítica, Cuadernos Críticos de Geografía Humana.

Carballedo Zoreda, L., Arce Sainz, F. & Utrero Agudo, M. (2004). La iglesia de San Torcuato de Santa Comba de Bande (Orense), Arqueología de la arquitectura, AEspA, (77), 273-318.

Carballeira Debasa, A.M. (2013). La ciudad en Al-Andalus: Estructura y funciones del espacio urbano, Asturiensis Regni Territorium, Documentos y estudios sobre el período tardorromano y medieval en el noroeste hispano, (7), 75-93.

Castells Olivan, M. (1974). *La cuestión urbana*, tradución de Oliván, Irene C. e revisión de Castells Oliván, M. Siglo XXI editores S.A. Madrid.

Castells Olivan, M. (2004). *Globalización e identidad*, Quaderns de la Mediterrània, (5), 17-28.

Cernada Ramos, A., Pineda Nebot, C. & Chao Pérez, L. (2013). Democracia local y participación ciudadana. Estudio comparativo de Galicia y La Rioja, Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas (RIPS) (12)1, 175-209. Universidad de Santiago de Compostela / Facultade de Ciencias Políticas e Sociais/ Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.

Chalmeta Geldrón, P. (1987). Acerca del 'amal en Al-Andalus: Algunos casos concretos, Anuario de historia del derecho español, Ministerio de la presidencia, relaciones con las Cortes e Igualdad, Agencia Estatal de BOE, 339-364.

Claramunt, S. (1985). La muerte en la Edad Media, el mundo urbano, Conferencia impartida en la XII semana de Estudios Medievales, dedicada a "la muerte en la Edad Media", Barcelona, del 25 al 29 de junio de 1985.

Cordero del Campillo, M. (2007). Enfermedades en el camino de Santiago, a partir da conferencia impartida no ciclo de actualidade científica da Facultade de Veterinaria de León. Curso 2007-2008.

Coronas González, S. M. (2015). Estudio preliminar, Fuero Juzgo, de Juan de la Reguera Valdelomar, 1798, Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado, Madrid.

Criado Boado, F. (2010). *Cara a un patrimonio público galego: vinte apuntamentos*, Consello da Cultura Galega, CSIC.

Criado Boado, F., Fábregas Valcarce, R. &Vaquero Lastres, X. (1990). Concentraciones de túmulos y vías naturales de acceso al interior de Galicia, Portvgalia, Nova Serie, (11-12), 27–38.

Criado Boado, F., Parcero Oubiña, C., Otero Vilariño, C., Cabrejas Domínguez, E & Rodríguez Paz, A. (2016). *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Edicións Xerais de Galicia, S.A. Vigo.

Curiel Esparza, J., Cantó Perelló, J & Calvo Peña, M.A. (1998). Las ordenanzas municipales en la Edad Media, Actas del Segundo Congreso Nacional de Historia de la construcción: A Coruña. 22-24 de octubre de 1998, 107-110.

Garrote Recarey, M. (2020). Allariz. La puesta en valor del patrimonio natural y cultural como elemento clave en su desarrollo. En ICOMOS España (Ed.), Patrimonio Natural y Cultural: diálogos necesarios para un futuro sostenible, Madrid, 359-366.

Harvey, D. (2008). *El derecho a la ciudad.* New left review, 53(4), pp. 23-39.

David, P. (1947). *Études historiques sur La Galice et Le Portugal*, du VI^{E} au XII^{E} siècle, Coimbra, Portugal.

De Albiol Biosca, G. (1986). Crónicas del Consejo de Europa, Asambleas Parlamentarias I, XXXVII período de sesiones, segunda parte. Revista de Instituciones Europeas (13)1.

De Esteban Alonso, A. (2009). Definición de Área metropolitna, Diccionario crítico de ciencias sociales de la Universidad Complutense, Madrid.

De la Peña Santos, A. & Vázquez Varela, J.M. (1996). Aspectos de la génesis y evolución de la cultura castrexa de Galicia, Revista da UCM, Complutum extra, (6)I, 255-262.

De la Puente Fernández, L. (2010). *El patrimonio rural y su protección*, Actas del XV Coloquio de Geografía Rural: Territorio, paisaje y patrimonio rural : Cáceres, 28 a 30 de abril de 2010.

De Torres Luna, M.P. & Lois González, R.C. (2009). A parroquia en Galicia, pasado, presente e futuro, Proxecto Parroquias de Galicia, Xunta de Galicia.

Díaz, P.C. (2000). El reino suevo de Hispania y su sede en Brácara. Memorias de la Real Academia de Buenas Letras de Barcelona, (25), 403-423.

D´ors Rovira & Pérez-Peix, A. J. (1984). La Ley flavia municipal, Anuario de historia del derecho español, (54), 535-574.

De Terán Troyano, F. (1994). Arquitectura y Urbanismo. En la Edad de Plata de la cultura española (1898-1936). Historia de España Menéndez Pidal, vol. XXXIX. Madrid: Espasa Calpe.

Olmo Enciso, L. (1998). Consideraciones sobre la ciudad en época visigoda, Arqueología y territorio medieval, (5), 109-118.

Espósito-Galarce, F. & Coutinho M. Da Silva, R. (2016), Apropiación, uso y abandono de los espacios residuales provocados por el teleférico del Complexo do Alemão, Río de Janeiro, Arquitetura Revista (12)1, 11-23.

Fariña Tojo, J. (1980). *Los asentamientos rurales en Galicia*, Instituto de Estudios de la Administración Local, Taravilla, Madrid.

Fariña Tojo, J. (2000). *La protección del patrimonio histórico instrumentos normativos*. Akal Ediciones S.A., Madrid.

Fernández Calo, M. (2016). *Plinio, o Parroquial Suevo, e a evolución estrutural do poder local galaico na Antigüidade*, Gallaecia, número (34), 175-207.

Fernández Romero, I. (2003). Tabvlarium: El archivo en época romana, Revista Anales de documentación, Universidad de Murcia, (6), 59-70.

Fernández Salinas, V. & Satyro Maia, D. (2015). Definición de centro histórico, Diccionario de Geografía aplicada y profesional, terminología de análisis, planificación y gestión del territorio. Servicio de Publicaciones de la Universidad de León.

Ferrás Sexto, C. & Lois González, R.C. (1993). Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago. ¿Un área metropolitana en proceso de formación?. Papeles de Geografía (19), 115-124.

Fontenla San Juán, C. (1995), La protección del patrimonio histórico, sus precedentes. Cuadernos de estudios gallegos, Editorial CSIC, (42), 431-441.

Franco Sánchez, F. (2005). La caminería en al-Andalus (ss. VIII-XV J.C.): Consideraciones metodológicas, históricas y administrativas para su estudio. Revista Transportes, servicios y telecomunicaciones, TsT, (9), 34-64.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Franco Sánchez, F. (1993). Aportaciones al estudio de las vías de época islámica en la meseta norte, Proyección histórica de España en sus tres culturas: Castilla y León, América y el Mediterráneo, Valladolid: Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Turismo,(1), 73-87.

Gabardón de la Banda, J.F. (2014). La regulación del Patrimonio Arqueológico como dominio público a raíz de la promulgación de la ley de 1911: Un antecedente de la Ley 16/1985. Anuario Jurídico y Económico, Escurialense, XLVII, 263-284.

García Falcón R.J. & Larenas Cortez, M. (2016). Los albores del Derecho penal: la regulación del poder punitivo en los códigos sumerios, acadios y semitas, Derecho Penal y Criminología (Revista del Instituto de Ciencias Penales y Criminológicas), (37)102, 69-82.

García Sanjuán, A. (1997). La organización de los oficios en Al-Andalus a través de los manuales de hisba. Historia. Instituciones. Documentos, (24), 201-233.

Garfinkle, S.J. & Johnson, J.C. (2008). The grouth of an early state in Mesopotamia: Studies in Ur III Administration, Proceedings of the first and second UR III Workshops at the 49TH an 51ST rencontre assyriologuique internationale, London july 10, 2003 and Chivago july 19, 2005. Consejo Superior de Investigaciones científicas, Madrid (2008).

Gasull, J & Sanahuja, M.E (1980). La obsidiana: fuente del poderio de Catal Hüyük, Memorias de Historia Antigua Oviedo, (4), 7-11.

Gómez López, A., González Pérez X.M. & Vilaseco Vázquez, X.I. (1995). Los planes especiales de protección de los conjuntos históricos de Galicia. Planteamientos teóricos y resultados reales, II Jornadas de Geografía urbana : Recuperación de centros históricos, utopía, negocio o necesidad social ; La Geografía de la Percepción como instrumento de planeamiento urbano y ordenación ; Las fachadas urbanas, marítimas y fluviales / Grupo de Trabajo de Geografía Urbana de la Asociación de Geógrafos Españoles; Antonio Ramos Hidalgo, Gabino Ponce Herrero, Juan Manuel Dávila Linares (editores), 141-150.

Gifreu I Font, J. (2009). Problemas actuales del derecho urbanístico en inglaterra. especial referencia al derecho a la vivienda, la cohesión social y el medio ambiente, Revista catalana de dret públic, (38), 1-18.

Goerlich Gisbert, F.J. & Pinilla Pallejà, R. (2006). Esperanza de vida en España a lo largo del siglo XX. Las tablas de mortalidad del Instituto Nacional de Estadística, Fundación BBVA, Bilbao.

González Paz, C.A. (2004). Sarracenos, moros, mudejares y moriscos en la Galicia medieval, Revista Cuaderno de Estudios Gallegos, CSIC, Tomo LI, fascículo 117, Santiago, 281-312.

González-Varas Ibañez, A. (2002). *La proteccion juridico-canonica y secular de los peregrinos en la Edad Media: origen y motivos,* Anuario de historia del derecho español, (72), 503-542.

Gutiérrez González, J.A. (2010). *La disgregación del mundo tardoantiguo y los nuevos espacios de ocupación,* Actas Coloquio Internacional "Patrimonio Cultural y Territorio en el Valle del Duero", 167-179.

Gutiérrez González, J.A. (2014). Fortificaciones romanas tardoantiguas y visigodas en el norte peninsular (ss. V-VIII), Las fortificaciones en la tardoantiguedad: Élites y articulación del territorio (siglos V–VIII d.C.), 191-214, Ediciones La Ergástula S.L., Madrid.

Gutierrez González, J.A. (2018). Las villae y la génesis del poblamiento medieval, IV coloquio internacional de arqueología de Gijón, Ediciones Trea S.L. Gijón, Asturias, 215-238.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Hernández Aja, A., Matesanz Parellada, A., Rodríguez Suárez, I. & García Madruga, C. (2015). Evolución de las políticas de rehabilitación en Áreas de Rehabilitación Integrada en España (1978-2012). Revista Informes de la construcción (67)Ex.1, m024, 1-15.

Jaraiz Arroyo, G. (2004). Desarrollo local, barrios desfavorecidos y cohesión urbana. La necesidad de un nuevo marco de actuaciones en línea inclusiva, Documentación social, (133), 127-152.

Jiménez Aleixandre, M.P. (2009). *Terras de Compostela*, A Nosa Terra, D.L., Vigo.

Jiménez Schlegl, D. (2022). ¿Que corrupción en urbanismo?, revista Crítica Urbana (25), 5-6.

Inês Vaz, João L. (2011). *A arquitectura paleocristã da Lusitânia norte*, Máthesis, (20), 99-128.

José M. Gómez & VERDÚ, M. (2016). Network theory may explain the vulnerability of medieval human settlements to the Black Death pandemic. Revista Scientific Reports, 1-7.

Jurado Almonte, J.M. (2010). El «vilipendiado» urbanismo: una visión desde la experiencia en la gestión pública. Cuadernos Geográficos, (47), 275-295.

Grande Rodríguez, M. (2008). Los castros de la Gallaecia interior: Arqueología, poblamiento y sociedad, Herakleion, revista interdisciplinar de historia e arqueoloxía do Mediterráneo (1), 85-119.

Pérez Jiménez, A., & Martínez Diez, A. (1978). *Obras y fragmentos: Tegonía, Trabajos y días*, Escudo, Fragmentos certamen Hesíodo. Editorial Gredos. Madrid.

Igual Luís, D. (2015). Comunicación y transporte en la Europa medieval: valoraciones, sectores, evolución, Una nueva visión de la edad media: Legado y renovación XXVI semana de estudios medievales, Actas, Nájera, do 27 ao 31 de xullo de 2015, 69-98.

Igual Luís, D. (2016). Comunicación y transporte en la Europa medieval: Valoraciones, sectores, evolución, Una nueva visión de la Edad Media: legado y renovación/ XXVI Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 27 al 31 de julio de 2015; Esther López de Ojeda (coordinadora de la edición); organizador Asociación "Amigos de la Historia Najerillense". Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, 69-98.

Ling, J., Hjärthner-Holdar B, E., Grandinb, L., Stos-Galea, Z., Kristiansena, K., Lene, A., Artioli, G., Angelini, I., Krause, R. & Conovaro, C. (2019). Moving metals IV: Swords, metal sources and trade networks in Bronze Age Europe, Journal of Archaeological Science: Reports, Elsevier -Ltd., (26), 1-34.

Lois González, R.C., López, L. & Piñeiro Antelo. M.A. (2018). Análise territorial no xiro espacial do coñecemento, SÉMATA, Ciencias sociais e humanidades, (30), 15-38.

López Alsina, F. (2009). *A parroquia en Galicia, presente, pasado e futuro*. Proxecto Parroquias de Galicia, Xunta de Galicia.

López Bonet, J.F. (2008), Para una historia fiscal de la Mallorca cristiana, (Siglos XIII-XIV). Anuario de estudios medievales, (38)1, 101-184.

López Trigal, L. (2015). Definición de área metropolitana, Diccionario de geografía aplicada y profesional, Terminologia de analisis, planificacion y gestion del territorio, Servicio de Publicaciones de la Universidad de León.

López-Davalillo Larrea, J. (2012). Portugal, ¿qué regionalización? un recorrido por la geografía política de Portugal a lo largo del tiempo, Revista Espacio, Tiempo y Forma. Serie VI, Nueva época. Geografía, (3), 27-52.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lorenzo Codesido, M.P. (1990). Definición de Paisaxe Urbana, Dicionario Galego de Xeografía, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, Santiago.

Llagostera Cuenca, E. (2004). La seda china y la ruta de la seda, Boletín de la Asociación Española de orientalistas, Bilioteca Nacional Miguel de Cervantes, (40), 243-265.

Llagostera Cuenca, E. (2008). Historia y leyendas de la seda China: la ruta de la seda, Revista Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, Historia Antigua, UNED t. (21), 13-38.

Llull Peñalba, J. (2005). Evolución del concepto y de la significación social del patrimonio cultural Readings images and methodologies in art education, Arte, individuo y sociedad, (17), 175-204, Universidad Complutense de Madrid.

Martínez López, M. (2001). A investigación social participativa e o urbanismo de rehabilitación no centro histórico de Vigo, Monografías da Universidade de Vigo, Humanidades e Ciencias Sociais, servizo de publicacións da Universidade de Vigo.

Martínez Martínez, F. (2003). Introducción. Antología de textos forales del Antiguo Reino de Galicia, (Siglos XII-XIV), Cuadernos de Historia del Derecho, (10)m 257-343.

Menéndez, J.L. (1997). Las fuentes antiguas sobre el urbanismo de Hipódamo de Mileto, revista D´Art (revistes Catalanes amb accés obert, RACO), (23), 183-203.

Méndez Fernández, F. (1994). La domesticación del paisaje durante la edad del Bronce gallego, Cuadernos de prehistoria, (51)1, 74-94.

